6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:35 Página

Sarmiento

Anuario Galego de Historia da Educación

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:35 Página 2

Comité de redacción

Herminio Barreiro Rodríguez, *Universidade de Santiago (director)*
Carmen Benso Calvo, *Universidade de Vigo*
Narciso de Gabriel, *Universidade da Coruña*
J. Luis Iglesias Salvado *Universidade da Coruña (secretario)*

Consello editor

Herminio Barreiro Rodríguez, *Universidade de Santiago*
Carmen Benso Calvo, *Universidade de Vigo*
Mª Dolores Cotelo Guerra, *Universidade da Coruña*
Xosé Manuel Cid Fernández, *Universidade de Vigo*
Antón Costa Rico, *Universidade de Santiago*
Narciso de Gabriel, *Universidade da Coruña*
Eugenio Otero Urtaza, *Universidade de Santiago*
Carmen Pereira Domínguez, *Universidade de Vigo*
Angel S. Porto Ucha, *Universidade de Santiago*
Vicente Peña Saavedra, *Universidade de Santiago*
José Luis Iglesias Salvado, *Universidade da Coruña*
Sabela Rivas Barrós, *Universidade da Coruña*
José Mª Sánchez Pernas, *Universidade da Coruña*

Consello asesor

Denice B. Catani, *Universidade de São Paulo (Brasil)*
Héctor Rubén Cucuzza, *Universidade de Luján (Arxentina)*
David Hamilton, *Umeå University (Suecia)*
Agustín Escolano Benito, *Universidade de Valladolid*
Giovanni Genovesi, *Universidade de Parma (Italia)*
José María Hernández Díaz, *Universidade de Salamanca*
Dominique Julia, *ESHESS (Francia)*
Antonio Nóvoa, *Universidade de Lisboa (Portugal)*
Julio Ruiz Berrio, *Universidade Complutense (Madrid)*
Frank Simon, *Universidade de Gent (Bélxica)*
Mercedes Vico Monteoliva, *Universidade de Málaga*
Antonio Viñao Frago, *Universidade de Murcia*

Este volume publícase cunha subvención da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia.

Sarmiento. Nº 10. Outono, 2006

Edición Técnica: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.

Editan: Servicios de Publicacións das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela.

SARMIENTO inclúese sistematicamente, entre outras bases de datos, en CIRBIRC (CSIC), ISOC, FRANCIS e REBIUN.

ISSN: 1138 - 5863
D.L.G.: C XXXXXXX
Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:35 Página

Sarmiento

Anuario Galego de Historia da Educación
Número 10, 2006

ESTUDOS

***O fío da memoria: unha escola daquel tempo** **9**
Herminio Barreiro Rodríguez

***Usos y dimensión moral de la memoria y el olvido en la historia de la educación** **25**
Juan Manuel Fernández Soria

***La depuración franquista del profesorado en los Institutos de Segunda Enseñanza de España (1937-1943). Estudio cuantitativo para Galicia** ... **59**
Olegario Negrín Fajardo

***A Escola de Doloriñas: presencia, latexo e memoria dun tempo escolar** **101**
Gena Borrajo

***Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica** **113**
Anxo S. Porto Ucha; J. Luis Iglesias Salvado

***A participación das mulleres ourensás no ensino secundario (1900-1930)** **147**
Carmen Benso Calvo; Rosa Mª Cid Galante

***Pedro Álvarez, mestre en Compostela: pequena historia da Academia Comercial** **187**
Isabel Álvarez García

***Asociacionismo de base e concellos: unha lectura diacrónica (1964-2005)** **193**
Manuel Pérez Rúa; Hector M. Pose Porto

***Quen habita aos educadores sociais? Escenografías dos profesionais da axuda** **207**
Pablo Montero Souto

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:35 Página 4

DOCUMENTOS

***Mestres de España (III)** **219**

Victor M. Juan Borroy; J.Luis Iglesias Salvado

***Jose Ramón Fernádez-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por duas escolas galegas** **271**

Carmen Benso Calvo; Xosé Fernández Fernández

***A "legalidade" dos franquistas: os procesos de depuración. O caso do mestre Victor Fráiz Villanueva** **289**

Antón Costa Rico

NOVAS **297**

* I Xornadas da Sociedade Española para o estudo do patrimonio historico-educativo (*Vicente Peña Saavedra*)
* Notas de actualidade (*Antón Costa Rico*)
* Notas de lectura (*Antón Costa Rico*)
* Reseñas: A. COSTA RICO: Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX). Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo.(*Narciso de Gabriel*); A. ESCOLANO BENITO: Historia ilustrada de la escuela en España. Dos siglos de perspectiva histórica.(*Vicente Peña Saavedra*); X. TORRES SANTOMÉ: La desmotivación del profesorado.(*Sabela Rivas Barrós*); J.J. ROUSSEEAU: Emilio ou da educación.(*Antón Costa Rico*); F. TILDEN: La interpretación de nuestro patrimonio. (*Araceli Serantes*); N.DE GABRIEL: Ler e escribir en Galicia.(*A. S. Porto Ucha*)

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:35 Página 5

Dez anos do Anuario Sarmiento

Nos días da conmemoración do tricentenario do nacemento do Padre Sarmiento (1995) e nos momentos en que a Universidade de Santiago viña de celebrar as súas orixes históricas, o Grupo Galego de Historiadores da Educación decidimos poñer en marcha unha publicación galega e universitaria especializada e referida ao campo dos estudos históricos de educación, acolléndonos á venerable figura de Sarmiento

Pretendiamos poñer en pé un instrumento de comunicación histórico-educativa, atento aos debates historiográficos, espacio de impulso da historia da educación en Galicia, favorable á normalización lingüística e cultural, medio de intercambio académico e científico hispano e internacional, e tamén soporte adecuado e reflexo da construción do coñecemento especializado.

Hoxe chegamos ao *número dez* do anuario, sempre presente desde o seu primeiro número correspondente a 1997. E naturalmente botamos unha ollada e revisamos o que son os froitos dos obxectivos pretendidos. Sen dúbida, construímos un instrumento de comunicación cun positivo balance. Tanto a través das súas páxinas monográficas, que foron ofrecendo perspectivas temáticas que responden ao noso tempo historiográfico (alfabetización, a educación das mulleres, o tempo republicano…), como a través dos estudos e achegas de diverso tipo e enfoque, e mesmo mediante as reseñas de libros e notas de actualidade. O anuario *Sarmiento* ven contribuíndo, así, ao desenvolvemento e á sensibilización social e académica en derredor do coñecemento histórico-educativo, e non só en e desde Galicia. En efecto, nas súas páxinas viñeron aparecendo contribucións procedentes doutras Comunidades españolas, como tamén de Portugal e do Brasil, en particular. Este diálogo cultural seguirá marcando a vida futura desta publicación da mesma forma que o ten marcado ate o de agora.

Os proxectos de futuro, asentados sobre esta experiencia próxima pasada, situámolos, agora, na preocupación pola calidade das contribucións de estudo, na atención esixente aos discursos e debates historiográficos, na intensificación do diálogo cultural desde Galicia con outras comunidades e terras e na mellora da capacidade informativa coa incorporación de soportes virtuais e a indexación electrónica.

Non é este mal momento para agradecer a acollida cálida dos lectores en Galicia e no exterior, o acompañamento que nos brindaron os destacados profesores que compoñen o Consello Asesor editorial, a comprensión e apoio aportados polos Servizos de Publicacións das tres Universidades Galegas (A Coruña, Santiago e Vigo, responsable, este último, da edición de revista), a atención constante do persoal técnico destes servicios, como tamén do das casas impresoras colaboradoras, e mesmo os apoios institucionais recibidos da Xunta de Galicia.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:35 Página 6

Chegamos ao *número dez* no ano que a nivel institucional se ten declarado como *Ano da Memoria Histórica*, en relación co 70 Aniversario da ruptura da legalidade constitucional da IIª República, a través do golpe de estado e subseguinte Dictadura franquista. *Sarmiento* non podía quedar á marxe desta celebración. As consecuencias políticas, sociais, culturais e educativas obrígannos a facer memoria no nome de todos nós. Con esta consciencia, agora que chegamos os dez anos de presencia, queremos realizar unha, ben que modesta, contribución ao coñecemento e interpretación do que o tempo da IIª República e o franquismo significaron no eido educativo e social.

O Comité de Redacción

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:35 Página

Estudos

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 6

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 9

ISSN: 1138 - 5863

*O fío da memoria: unha escola daquel tempo**

Taking up the thread of memory: a school of yesteryear

Herminio BARREIRO RODRÍGUEZ

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Este artigo é unha evocación memorialista dunha escola unitaria de montaña galega, nos anos da inmediata posguerra. O fio da memoria lévanos ás dramáticas circunstancias vividas naqueles anos, á psicoloxía infantil do rural galego, á metodoloxía didáctica das vellas escolas unitarias, á cuestión da lingua e, en definitiva, á memoria escolar persoal do autor.

PALABRAS CHAVE: Escola rural, escola unitaria, Comenio, depuración, franquismo, método único, diglosia, bilingüismo, coeducación, Bell e Lancaster,Galicia,

ABSTRACT: This article conjures up the memory of a one-room schoolhouse tucked away in the hills of Galicia, during the immediate post civil war period. By taking up the thread of memory, the author invites us to relive those dramatic times, the child psychology of the Galician rural world, the teaching methods of the old schoolhouses, the language issue, -in short, the author's personal remembrance.

KEY WORDS: Rural school, one-room schoolhouse, Comenio, purges, Franco's regime, single method, dysglossia, Bilingualism, co-education, Bell and Lancaster, Galicia,

A lembranza incesante

Sempre levaréi comigo aquela lembranza. A lembranza da miña escola no fío da memoria. Unha escola daquel tempo. Aquela escola dos primeiros 40, na inmediatísima posguerra. Experiencia intensa e verdadeira sempre. Experiencia sempre con certa carga dramática... No meu caso, o drama estaba no entorno. O drama acababa de pasar e estaba pasando. Por iso eu o sinto así, sen saber moi ben por qué. Con nostalxia e como con moita dor. Con unha certa tristeza na mirada cara esa lembranza, tal e como se estivese a palpar moito sufrimento arredor...

---

* Este artigo é unha recreación parcial ampliada dun traballo publicado en español na revista *Vela Mayor*, en 1997.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 10

Penso que son poucas, moi poucas, as cousas do vivir de cada día que se escapan á sensibilidade infantil. Os nenos teñen unha intuición especial para percibir todos os sentimentos e todas as emocións que aboian no seu entorno. Son parte desas cualidades xa vistas por Rousseau –o neno como neno- e que darían lugar ao rapidísimo desenvolvemento ulterior da psicoloxía evolutiva ou da paidoloxía en tanto que ciencia cun ouxeto único e propio. En definitiva, os nenos veñen de Rousseau, aquel pai "desnaturalizado" que mandóu os seus fillos a un orfanato. ¿Será o *Emilio* –entre outras cousas- un denso, longo e penosísimo descargo de conciencia por ese feito? De tódolos xeitos, non sería xusto xulgar a Rousseau dende os valores actuais. Pasaron maís de douscentos anos e pasaron moitas cousas na historia da familia e na historia dos sentimentos. Aquela decisión do máis célebre pedagogo de tódolos tempos non pode nin debe ser descontextualizada.

Tería eu catro anos –1941- cando cheguéi a Meilide, unha aldeíña de Cerdedo, en Terra de Montes, entre Pontevedra e Ourense (e que se prepara para ser atravesada pola nova autovía Lugo-Pontevedra e pola ruta do AVE Vigo-Ourense -¿caberán todos ises novos camiños no lombo daquela montaña tan querida por min e polos veciños que aínda quedan alí?¿Non arrasarán para sempre aquela aldea case sen xente xa?–). ¡Meilide!... (Nada que ver con Melide, a grande vila da "Terra" de Melide, entre Santiago e Lugo, aínda que con nomes tan parellos...).

Eu quero hoxe facer memoria. Quero recuperar a memoria histórica dunha escola unitaria dos anos 40 na montaña galega. Quero falar da miña escola. Necesito contar, ao fío da memoria e no fío da memoria, aquela experiencia escolar tan singular. Non aparecerá aquí ningún dato macroeducativo sobre a escola galega como tal. Para iso están xa os estudios tan relevantes de Antón Costa, de Narciso de Gabriel, de Anxo Porto e de tantos e tantos amigos que saben diso moito máis ca min.

Eu hoxe quero ir ao caso único como posible síntoma do estado da cuestión. Quero falar dunha pequena escola de aldea que pode resumir a conciencia educativa dunha época e o peso decisivo do rural na historia máis recente de Galicia. Que parece que se acaba, pero que se quere salvar. Hai unha preocupación de novo tipo a propósito da agricultura e o solo. Mesmo ven de levarse a cabo unha reestructuración das consellerías da Xunta de Galicia, na que se contempla a nova estratexia do Bloque Nacional Galego e do Partido Socialista para remodelar o rural e para facer revivir, en fin, aquela vida aínda viva de moitas das nosas aldeas e a recuperación da vida en moitas aldeas mortas dende hai tempo.

O lugar, aquel lugar, ten xa a súa propia historia. Alí está o pazo da "Raposeira" onde parece que pernoctóu un día o Padre Sarmiento nunha das súas idas e voltas a Madrid. Por alí pasaron máis recentemente Graham Greene e Leopoldo Durán, nas súas correrías por terras galegas. En fin, lugar de paso e lugar de descanso. Encrucillada de camiños. Encrucillada tamén dalgúns destinos...

¿De ónde saían as escolas rurais unitarias daquel tempo? Saían da desfeita da guerra civil. Da morte por fusilamento da vibrante escola republicana. Saían da emigración forzosa do campo á cidade ou do traballo temporeiro lonxe da casa. Saían da pobreza e da fame –en non poucos casos-.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 11

E aquela escola unitaria rural de Meilide, en Cerdedo, foi a miña escola. A miña primeira escola. Unha escola típica de posguerra, entre 1941 e 1946. Xa sei que Antonio Molero, Agustín Escolano e outros colegas teñen estudiado ben ese tipo de escola allures**.** E mesmo a seguen a estudiar. Escolano acaba de publicar, por certo, unha historia ilustrada da escola que debe ter moito interés. Pero esta experiencia persoal é quizáis a mellor maneira de coñecer *por dentro* a escola galega rural daquel tempo. Neste intento de tirar conclusións histórico-educativas ou histórico-pedagóxicas dun caso singular, é imprescindible o testemuño persoal. Terán pois que disculparme se, para facer a pequena historia daquela escola, lles falo de min...

Unha escola rural

Esaxerando un chisco, teño que dicir que eu nacín para a vida naquela escola. A miña primeira e máis remota memoria persoal comeza naquela casa-escola de Meilide (son as servidumes de ser fillo de mestres). Unha casa-escola da montaña galega, nun segundo andar e sobor dun almacén repleto de ferramentas do campo e dos oficios. A habitación –única-, con retrete, nun extremo da casa, e no outro extremo, a cociña –con un balcón que miraba a unha encrucillada de camiños e a unha fonte un pouco máis aló; e no medio e medio, o *templo escolar*: unha sucesión de mesas e bancos fixos, un corredor central, tres ventás dun lado e unha do outro, a mesa da mestra, un reló, os mapas, a gran pizarra e os retratos de Franco e a Purísima Concepción. E a bandeira *rojigualda* un pouco apartada.

Lémbrome ben. Nada maís levantarme da cama, atravesaba correndo a escola para ir á cociña tomar o almorzo: leite de vaca fresca con pan de millo e un pouco de zucre (toda a miña vida ficaría xa prendado do leite como alimento habitual; nunca me canséi dil). Saía coma un lóstrego á rúa para xogar coas miñas compañeiras e os meus compañeiros que me agardaban nos campos próximos. (Alí non había estradas, nin coches, nin luz eléctrica. Só había candiles, velas e luz de carburo o día da festa ou dalgún convite).

¡Escola maravillosamente mixta forzada pola necesidade, pola pobreza e polas circunstancias! ¡Coeducación auténtica, pletórica e espontánea! ¡Convivencia de nenos e nenas dentro e fóra da escola! Pero seguramente tamén –teño algunhas lembranzas diso- a presencia do machismo moitas veces brutal que dominaba tódalas relacións entre nenos e nenas.

Despois, subiamos todos xuntos armando gran escandalera cos duros e resistentes zocos con chatolas, petando con forza nas escaleiras de madeira. Comezaba así a sesión da mañá. ¡Pero non para min! Aínda tiña cinco anos e non estaba en idade escolar (anque a escola estivera na miña casa). A verdade é que me quedaba alí enredando un pouco, xogando como que escribía ao ditado, paseando por todas partes. En fin, un mal exemplo de fillo da mestra. Parece que non tiña presa por aprender a ler. Os estímulos e o ambiente levábanme por outro lado. Prefería o campo, a liberdade, os xogos ao aire libre, ir coas xentes que me levaban ás leiras, chamar as vacas, tornar a auga nos distintos campos e campelos, apañar cereixas, amorotes ou patacas, correr polas corredoiras, escoitar os paxaros ou coller bolboretas.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 12

Parada para comer –na cociña da casa-escola ou na casa dalgún veciño- e volta a empezar. ¡As comidas en casas alleas!¡Que privilexio ser o fillo da mestra! ¡Canta emoción me suscita aínda o recordo intenso do caldo renovado, dese particular pastel de carnaval que era a bica –ou bincha, como dicían alí-, das castañas asadas na lareira ou do fígado con patacas e as filloas de sangue o día da matanza! E ¡que espectáculo a matanza! ¡Que partidos de fútbol coa vexiga do porco ben inflada que axudaba a limpar os zocos!

Nos meus anos que poderíamos chamar preescolares, agardaba fóra da escola o final da sesión da tarde –máis curta- dos meus compañeiros e compañeiras e comezaban os xogos da tarde no monte, no val ou xunto ao río (o Piñoa, un afluente do Lérez que se xuntan alí mesmo, en Cerdedo, e onde por certo merendaban de cando en vez Graham Greene, o célebre novelista inglés que paraba case tódolos veráns no mosteiro de Oseira e Leopoldo Durán, o crego "especialista" na literatura e no entrambilicado mundo relixioso do autor de *O poder e a gloria* ou *O factor humano*). Xogos longos, infinitos, con esa pasmosa elasticidade do tempo infantil. Xogos máxicos permanentemente recordados aínda hoxe mesmo.

Pola noite, despois de cear, atravesaba de novo o espacio escolar-familiar, xa máis a modo, marchaba cara a habitación e deitábame rendido. Miña nai, a mestra, dormía nunha cama ancha. Eu, nun catre máis pequecho. Meu pai, seguía na cadea. A partir de 1943, nun pequeno berce aos pés da cama dos meus pais (incorporárase meu pai á vida familiar en febreiro do 42), dormía a miña irmá, que viña de nacer.

Así vivín durante varios anos, inmerso naquel olor acre e penetrante da escola. Un aroma que xa non me abandonaría nunca e no que, dalgunha maneira, sigo a estar envolto. Rememorar esa experiencia supón entrar moi a fondo na memoria da escola galega rural, que foi, non o esquezamos, o tipo dominante de escola, a escola típica de Galicia –no interior e na costa, na Galicia profunda e na máis "cosmopolita"- ata tempos moi recentes.

Os escolinos

Así lle chaman por exemplo no Caurel aos alumnos da escola infantil e primaria: escolinos. Debéu ser aló polo 1943 ou 1944 –máis ben aos sete que aos seis anos- cando me chegóu o momento de sentarme con máis seriedade naqueles bancos escolares, nos que estabamos de dous en dous. Homes nunha ringleira e mulleres noutra. Nenos con nenos e nenas con nenas, pero perto uns dos outros. ¿Cántos e quénes eramos os escolinos daquela unitaria? Entre 40 e 50. Os máis pequenos, sentados en bancos corridos, nos laterais das paredes da escola. E os maiores -ou os que "sabían" máis-, nos bancos centrais, por parellas (había unha certa competencia entre os distintos bancos e entre nenos e nenas). Pero, ¿quénes eran aqueles escolinos da posguerra e da montaña galega?¿Quénes eran aqueles críos da Galicia "triste y pura como la lluvia, salada para siempre por las lágrimas", como dixera un día Pablo Neruda?

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 13

Eran fillos de labregos na súa inmensa maioría. De labregos e tamén de traballadores dos oficios –carpinteiros, ferreiros...-. De nais campesiñas e de pais emigrados (traballadores do ferrocarril, traballadores nas faenas temporeiras dos campos de Castilla, nas minas de León ou Asturias, en América, en fin). Salvo escasísimas excepcións, reinanban alí, a partes iguais, a pobreza e a emigración...

Era, por tanto, aquela, unha escola que loitaba denodadamente contra esas lacras sociais, tan lacerantes, tan esgazadoras, tan crueis. Unha escola que se batía cada día para atemperar eses dous mananciais de inxustizas e desigualdades. Unha escola que pugnaba e pelexaba, contra vento e marea, por alfabetizar ao máximo aquel contexto socioeconómicamente deprimido, políticamente derrotado por unha guerra civil criminal e culturalmente humillado pola persecución sistemática da lingua propia, da lingua galega. Isto é, un contexto desculturizado e profundamente desmoralizado. A pelea era, pois, contra todo e contra todos –incluídos os inspectores e inspectoras do franquismo–. ¿Unha tarea imposible? Pois digamos que case ao fío do imposible…

Lembrando hoxe, nos comezos do século XXI, aqueles anos no noso país, á forza teño que pensar no que está a pasar neste intre mesmo en Bolivia, na Latinoamética profunda, nas terras do Altiplano andino, nos países das linguas indíxenas, ata agora mesmo sen voz e sen alfabetización. Pero alí é unha democracia popular triunfadora agora mesmo a que está a dicir a última palabra.

En moi pouco tempo –se é que o novo líder Evo Morales e o seu goberno contan con el- erradicarán o analfabetismo. Como acaban de facer na Venezuela renovada e reformada do *poder social* (e do *poder electoral* máis típicamente “rousseauniano”, como ben di Hugo Chávez), nesa gran *performance* política e cultural de “Barrio Adentro”. Ou como fixeron un día –nos primeiros 60- os revolucionarios cubanos capitaneados por Fidel Castro, na gran campaña de alfabetización dos primeiros 60 –aínda que daquela con moitos menos medios e sen poder ir tan apresa–.

Hoxe, en cambio, Cuba leva acumulado un enorme *capital humano*. Unha vez que conseguíu recuperarse das consecuencias do repentino desmoronamento da URSS a principios dos anos 90 (pero ¡cantos milagros pode facer a conciencia política revolucionaria!¡Que exemplo a Cuba socialista, capaz de alcanzar tales cotas sociais partindo de case nada!), Cuba axuda nestre intre a moitos países do mundo dunha maneira práctica e concreta. E faino con elementos do seu rico *capital humano*: alfabetizadores, educadores e médicos que, no contexto da “batalla de ideas” que se está a librar no país dende o ano 2000, están a ser decisivos para moitos países do Terceiro Mundo, non só de toda América Latina senón de Africa e de Asia; países todos eles víctimas do subdesenvolvemento ou de catástrofes naturais. En fin, unha lección permanente de ética, de solidaridade e de racionalidade social.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 14

Algo semellante (e, dende o punto de vista da territorialidade, nunha escala xigantesca) foi a gran tarea educadora acometida pola revolución socialista china a partir de 1949. Experiencia continental, máis que nacional. E algo semellante, en fin (e dende un punto de vista que habería que medir tamén probablemente en termos de *calidade revolucionaria*), viñeron sendo as experiencias escolares levadas a cabo en España precisamente durante os cinco anos que durou a IIª República: de 1931 a 1936. Por suposto, o mesmo poderíamos dicir de tódalas experiencias de *educación popular* e de *innovación educativa* (Makarenko, Pistrack, etc.) levadas a cabo despois da Revolución de Outubro de 1917 na inmensa Unión Soviética..

En fin, así era o ambiente social daquela escola de Meilide. Ese era o contexto. Ese era o desafío. Mais, a pesares de todo iso, a vida seguía viva na escola. A vida manifestábase alí con toda a súa tenacidade e con toda a súa forza. Os escolinos aprendían. Si que aprendían. Aprendían a aprender. E aprenderon de cara ao seu futuro. Souberon investir en educación e convertir todo o seu traballo en cualificación e revalorización. Algúns mesmo conseguiron saír da pobreza. Aínda que á maior parte non lle quedara máis remedio que emigrar. A veces, para ben. Outras –as máis-, para mal. Sobre pobreza, emigración. Sobre emigración, fracaso...

A cuestión da lingua

Estabamos permanentemente instalados no bilingüismo diglósico. Na rúa, en galego. Na escola, en español. Nas relacións interpersoais, en galego. Nas intervencións públicas "curriculares" ou "académicas", en español. As leccións, aprendiámolas en español. As dúbidas eran resoltas en galego. Pola miña parte, teño que recoñecer que era un privilexiado...

Procedente, por parte da miña nai, dunha familia vilega típicamente pequenoburguesa, de Sanxenxo, a miña lingua primeira foi o español. Na miña casa falábase español habitualmente. Pero, por parte do meu pai, herdaba unha liña diferente: meu pai e os seus catro irmáns, de Sisán, en Ribadumia, no val do Salnés, eran fillos dun emigrante a Arxentina, que os abandonaría sendo todos aínda moi pequenos –debéu ser aló polo 1911 ou 1912- e non retornaría ¡ata 1959!, cando xa contaba con máis de 80 anos ("¡hay que joderse, dejé unos niños y me encuentro unos viejos!", dixo, nada máis desembarcar na Coruña e ao ver a todos os seus fillos xa co pelo branco, agardándoo–en fin, unha desas historias duras da emigración...).

A súa nai, de familia entre labrega e artesana, debéu crialos a todos co seu único esforzo de "viuva de vivo" e, mesmo facéndoo desde dentro da cultura galega máis rural e maís enxebre, a miña aboa paterna insistía nesa labor de "promoción social" que era a aprendizaxe do español por parte dos seus fillos. Dous dos irmáns estudiaron maxisterio –meu pai o o seu irmán maior- e os outros dous –a única irmá morrería nova- chegaron a ser labregos con bastantes terras. Todos eles falaban con idéntica soltura o galego e o español. Meu pai sempre empregóu o galego en determinadas situacións e ten un bó coñecemento do léxico campesiño da zona, pero a lingua habitual que el empregaba na miña casa era (e segue a ser -aínda que cada vez fala máis e máis en galego-) o español.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 15

Como se pode deducir, eu falaba en español na casa, pero fóra, nas rúas e cos amigos, sempre en galego. En Meilide, no galego da montaña. Nos veráns ou nos períodos de vacacións, no galego mariñeiro de Raxó ou de Dorrón, onde vivían os meus abós maternos e os meus tíos e tías (e onde eu viviría moi feliz entre os nove e os quince anos), para trasladarme máis tarde a Cambados e vivir despois, xa sempre, entre Dorrón e Raxó –que nunca abandonaría por completo-, Sisán –moi perto de Cambados e Madrid –onde paséi vinte anos, pero sempre con viaxes frecuentes a Galicia-, con residencia agora mesmo en Compostela e a casa paterna aberta en Sisán-Ribadumia.

A miña fala é pois un producto característico dunha situación bilingüe, pero non sei si subconscientemente diglósica. En todo caso, eu sempre me sentín cómodamente instalado nas dúas linguas, pero con moita inclinación circunstancial ao español, non só por razóns estrictamente profesionais, senón por razóns de residencia –Madrid, por exemplo, ou a miña propia casa actual, con unha compañeira de orixe burgalesa e madrileña- e naturalmente, moitas veces, pola consabida presión do entorno e das circunstancias.

En clase

Pero, volvamos ás vellas lembranzas daquela escola montañesa e inesquecible, daquela escola que aínda hoxe me axuda a vivir e a comprender, a traballar e a sentir. Era o noso un sociograma típico dunha unitaria rural. Estabamos sentados por idades e graos, cunha especie de disposición "de seguridade", como xa dixen: nenos con nenos e nenas con nenas, os pequenos cos pequenos e os maiores cos maiores. Os pequenos, en bancos corridos ou nas últimas mesas e os maiores, de dous en dous e nas meses de diante.

Alí estabamos todos, os 40 ou 50, manipulando aquellas vellas ou vellísimas enciclopedias –grao *elemental*, grao *medio* e, en contadísimos casos, grao *superior*- os primeiros da clase. (Hoxe hai un *revival* moi de moda: as enciclopedias *Alvarez* ou mesmo as memorias daquela escola en libros moi vendidos, como *El florido pensil* e outros). Pero a maioría da clase non pasaba do famoso *Rayas* ou quedábase nas *Lecciones de cosas*. Hoxe vexo todo aquilo como unha especie de "reencarnación" xa "dexenerada" e sobre todo convertida en pura retórica, do célebre principio escolar comeniano: *texto único*, *método único* e *mestre único*.

Ese eslogan de Jon Amós Comenio estaba metodolóxicamente vivo, pero perdera o sentido orixinal do momento histórico en que nacéu. O mundo xa era outra cousa, é certo. Pero na España da posguerra –e aínda máis en Galicia- tíñase dado de novo un salto atrás. Toda a modernización ganada coa República, perdíase día a día. Era un retorno material ao Antigo Réxime e ao tardofeudalismo, que caeran de facto no período republicano –polo menos, na conciencia social da xente-. Pero, malia todo -e como moi ben sabemos-, aquela vida nova chea de pulo e de creatividade dos anos 30 seguía correndo coma un río soterrado e torrencial...

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 18

Comenio, sempre nos primeiros lugares do "santoral" pedagóxico. Comenio, como unha "anunciación" do capitalismo máis vangardista do século XVII. Comenio, seguramente no número dous do podio dos mellores da historia da educación. Porque o número un parece que debe estar reservado non se sabe por canto tempo para J.J.Rousseau. E, hoxe, no número tres deberíamos poñer sen moita discusión –pola súa valía, pola súa implantación social e pola contribución prestada á mellora da educación infantil- a María Montessori.

Si, na escola de Meilide, Comenio seguía ritualmente "vivo" nas enciclopedias. O *texto único* co que il soñara para unificar, recoller e resumir o saber último da súa época e contrarrestar así os erros e supersticións medievais a base do racionalismo máis estricto e cartesiano. El, ¡un clérigo protestante!, dubidando de todo para demostralo todo, tal e como quería Descartes.

Ese racionalismo sistemático era o alicerce do seu *método único*. E para impoñer todo iso, a figura do mestre ou da mestra. Velaí o *mestre único* do que el nos fala. O mestre como guía e como modelo. O mestre ou a mestra como referentes. Pero onde quizáis estivera máis vivo e fose máis actual o pedagogo checo era nas ilustracións das *leccións de cousas* ("as cousas e non as palabras, que son a sombra das cousas", dicía) e nos mapas (recordemos as súas ilustracións maravillosas do seu *Orbis pictus*, ¡o mundo ilustrado!, o comic por excelencia do seu tempo, o mundo das cores na escola, a alegría das cousas mesmas, aínda que señan pintadas...).

Ás veces, os maiores "tomábanlle"a lección aos máis pequenos –primeiros deletreos, primeiros balbuceos da escolaridade tradicional-, remedando así, case espontáneamente, os métodos do sistema monitorial. Escenificando, en definitiva, en pequena escala, os procedementos das escolas mutuas de Bell e Lancaster. Unha repetición, en fin, da experiencia da escola da revolución industrial –nas grandes urbes e en grandes espacios-, pero, esta vez, no rural...

¡Andrew Bell e Joseph Lancaster! Os pioneiros da alfabetización e a escolarización de masas no século XIX. Recordemos a Simón Bolívar, tan preocupado sempre pola *educacación popular*. Pouco antes de morrer, Bolívar deixará anotada a súa débeda salarial con Lancaster, a propósito do traballo do clérigo inglés na alfabetización de certos barrios populares de Caracas, tal e como evoca para nós Gabriel García Márquez en *El general en su laberinto*, espléndida biografía novelada do gran líder do independentismo americano. ¡Que curioso! Idéntica preocupación a de Bolívar á que hoxe amosa precisamente a revolución bolivariana dirixida por Hugo Chávez, nas masivas e eficientísimas campañas alfabetizadoras que acaban de convertir a Venezuela en "territorio libre de analfabetismo".

Así pois, na escola de Meilide, en Cerdedo, actividade, rebulicio, tensión...Lectura en voz alta, case sempre; e mesmo, ás veces, lectura a puro berro. Lectura rítmica e acompasada, de dous en dous. Exercicio permanente de declamación e memorización. Mirando o libro e sen mirar o libro. Lendo e cantando como beben e cantan as galiñas. Mistura de traballo físico e intelectual, de xogo e traballo.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 17

Iso é o que di Jorge Plejanov nas súas inesquecibles *Cartas sin dirección*, nesa fronteira tan difusa que a veces se da entre o traballo e o xogo, non só dende un punto de vista ontoxenético, no desenvolvemento da vida misma do individuo, senón tamén filoxenéticamente, a partires da evolución da nosa especie; ou o que é o mesmo, históricamente, tal e como nacéu e tal e como se foi facendo, nos albores da humanidade. Hai que afinar moito para saber en que momento falamos do home que traballa, do home que sae en busca dos seus alimentos e que trata de satisfacer as súas necesidades ou do *homo ludens* como tal. Aínda hoxe, é moi difícil determinar moitas veces, sobre todo en certos contextos, cando se xoga ou cando se traballa, onde remata o traballo e onde comeza o xogo.

Todo iso, en fin, que despois será a ficción e tamén a recreación e a acción das artes. Traballo, xogo, arte. Sobre a aparición histórica destas actividades humás esenciais e sobre o seu porqué diserta Plejanov, o famoso marxista, tan citado e respetado como teórico por parte de Vladimir Ilich Lenin, na súa famosa obra *El arte y la vida social*. E todo iso lévanos tamén as expresivas cartas entrecruzadas entre León Felipe e Ernesto Che Guevara a propósito do que son o do que deberan ser as relacións entre xogo e traballo. Cando o traballo seña doce coma un xogo. Cando o xogo seña a mellor aprendizaxe social...

Naquela escola, na escola daquel tempo noso, aprendiamos, si, e ben que aprendiamos... Pero, ¡que dura é a nosa conciencia! Recordando aqueles días, véñenme á memoria as miñas conversas madrileñas co meu amigo Antonio Colodrón, o gran psiquiatra materialista e pavloviano, autor de libros tan interesantes e innovadores como *La acción humana*. Colodrón poñía sempre como o mellor exemplo desa dureza metálica da nosa mente, a forte resistencia que a nosa conciencia foi capaz de ofrecer en todo momento á represión franquista e a todo tipo de torturas.

¿E como se facía o que poderiamos chamar a “división do traballo” na escola? Volvía a saír Comenio ao escenario. Comenio e os horarios propostos por Comenio aparecían de novo, unha vez máis, no traballo escolar de cada día, nese “educatorio común da mocedade” que ven sendo a escola. Máis de douscentos anos despois da súa existencia, o horario matutino na pequena escola de Meilide, era a mellor homenaxe ao pedagogo checo: os luns, gramática; os martes, aritmética; os mércores, historia natural; os xoves, xeografía; os venres, xeometría; e os sábados (tiñamos libres os xoves pola tarde), historia sagrada.

E despois de “dar” a lección, ¡a tabla! A tabla de multiplicar. Cantabamos a tabla –seguiamos a cantar, como se ve; o canto é sempre fundamental na aprendizaxe infantil-. E cantabamos tódolos números. Pero sentiamos predilección polos máis fáciles. Sobre todo, polo 2 e polo 5. ¡Que ben nos saía! ¡Que rítmicos eran o 2 e o 5! ¡Que fáciles! En ocasións, os cánticos iban acompañados de percusión (petando nas mesas ou no chan). ¡Cantas evocacións literarias se teñen feito co cantareo infantil das escolas!...

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 18

¡E o mapa!... "Saír" ao mapa en grupo e "cantar" (¡outra vez cantar!), agora en voz baixiña, a xeografía física da Península Ibérica: os límites, os montes, os ríos, as provincias... Con unha vara que era coma un bimbio (ás veces faciamos furados no mapa, todo hai que dicilo) e en grupos pequenos: "España limita al Norte con el mar Cantábrico y los montes Pirineos que la separan de Francia...". Efectivamente, en poucos momentos da historia estivemos tan separados de Francia coma neses anos de posguerra. Cantabamos tal cousa con moita forza e a demasiada velocidade. Miña nai pedíanos ir máis a modo.

Os montes...Os montes e os seus picachos: o Aneto, o Mulhacén, o Teide. Pero non facía falta ir tan lonxe. Alí mesmo, na Galgareta ou no Castro, en pleno corazón da Terra de Montes xustamente, podíase ver a neve no inverno, sentir o canto dos carros subindo o vello camiño da montaña e mollando o eixo na fervenza de Covaladróns, escoitar pola noite o oubear dos lobos alí mesmo. ¡Aquilo si que era emocionante!

Os ríos. O millor, o Miño, o noso, o pai Miño, que nacía daquela na Fonmiñá, pero hoxe –os nosos xeógrafos xa o determinaron hai tempo, tal e como nos conta Estro Montaña no seu fermosísimo libro *Polos vieiros do vello Miño*- arranca xa do Pedregal de Irimia, no alto da Serra de Meira. ¿Non haberá aquí, ademáis da opinión dos xeógrafos, un pique entre alcaldes? Iso me contaba o outro día Fernando Villapol, escultor de orixe asturiana, pero afincado dende hai anos no corazón mesmo da Galicia de Maeloc, na Bretoña evocada recentemente pola gaita de Carlos Núñez nas súas *Voces de Fisterra*. E digo todo esto porque a auga clara e silandeira que abrolla na Fonmiñá é tan plena e cristaíña, tan rotunda, tan fonda, que alí deben estar sen dúbida os máis ricos mananciais que fan do Miño o rei dos nosos ríos.

E, naquil cantareo imparable, ¡as provincias!: "Extremadura dos, Cáceres y Badajoz". ¡Badajoz! A cidade dunha das grandes masacres do exército fascista de Franco na guerra civil. A cidade do "ceo tan alto" de Castelao no desterro... Galicia, catro: "Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra", diciamos nós naquela escola tan férreamente españolizada. Anos despois, cos meus amigos de "Brais Pinto" en Madrid, cantabamos aquelo de "Viva Coruña, viva Lugo, viva Ourense e Pontevedra, viva a nosa nai Galicia, viva sempre a nosa terra". Patiño metíalle moita marcha á canción e dáballe unha énfase inconfundible.

Pero para énfase a daquela outra que dicía: "Ay, Armórica, Cornubria e Cambriá, Escocia, Eirín, Galicia e mais a Illa de Man; son as sete nacións celtas, fillas do pai Breogán; para ti, miña terra, nos beizos un cantar, nos peitos a ledicia da nosa mocedá". A Reimundo Patiño gustáballe introducir unha variante: despois de Galicia, engadía Valonia e falaba entón das "oito nacións celtas". (Hai poucos meses, nunha homenaxe a Ramón Valenzuela, nas súas terras do Deza, cantóu esta canción con moito garbo, como unha canción dos seus tempos, Avelino Pousa Antelo). Hoxe, Ferrín e moitos máis estaríamos dispostos a liquidar as lindes provinciais e a construir a patria das bisbarras.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 19

A verdade é que aquela escola era todo un espectáculo... Era, a un tempo, teatro e aprendizaxe. Aprendizaxe coral, colectiva, solidaria. Non había sitio material para a individualización nin moito menos para a aprendizaxe solitaria. Porque eramos moitos e estabamos moi apretados alí. E a soedade non era posible. Corpo con corpo, mente con mente. Mirar e mirarse nos outros. Sentir e palpar ás veces o mimo e o coidado das casas da aldea nas roupas e nos peiteados dos seus pequechos e as súas pequechas. Pero sentir e palpar moitas máis a miseria e as necesidades máis elementais dos meus amiguiños e as miñas amiguiñas. Alá ficaron, colgados no tempo inmemorial, a miña queridíaima Maruxiña, as miñas admiradas Carmiña, María, Élida, Juliña. Alá quedóu Pepiño. E alá quedaron Xerardo, Luis, José, Monsito e tantos e tantos outros.

Porque aquela escola no era só unha escola do rural. Era o rural ¡no tempo terrible da represión e da posguerra! Terror sobre miseria. Miseria sobre humillación. Tempos aqueles de tanta zozobra que eu aínda tremo recordando as caras de pavor das xentes en moitas circunstancias vividas.

Lembro un día no autobús (¡aqueles autobuses con gasóxeno e lentísima marcha!) que nos levaba de Pontevedra a Cerdedo, parando nun descampado fronte aos fusís da guardia civil, en busca de guerrilleiros. No medio da néboa. Case de noite. Lembro hoxe aquela escena como se fora unha imaxe de guerra das moitísimas películas bélicas que vería anos despois.

As tardes

Así eran as sesións da mañá. Cos cánticos continuos das lecciónns de gramática, xeografía, historia natural ou aritmética. Aprendizaxe en voz moi alta. E con paradas de cando en vez, para saír ao encerado de un en un, mentres os demáis permanecían expectantes, tensos e en zozobra, por si lles tocaba. Mañáns de chuvia e frío moitas veces. Sen calefacción, claro. Había un braseiro no medio, onde se quentaban os que viñan de lonxe, ateridos ou mollados, con pouca roupa moitas veces ou cos calcetíns rotos e os zocos vellos e enlamados. Os que viñan de Abelaíndo (¡que nome!). Ou os que viñan de perto de Cavenca ou da Revolta. ¿Onde andarán aqueles amiguiños e aquelas amiguiñas da miña alma?

Pola tarde –todo máis repousado-, lectura en círculo (O *Quixote*, xeralmente), catecismo (memorización dos máis abstrusos e profundos misterios, distorsión ao máximo entre o concepto e a palabra, antoloxía do disparate en voz alta), debuxo libre ou dirixido (¡que pracer e que remanso!) e himnos patrióticos políticos ou relixiosos (eu aínda recordo a letra dunha das variantes da “Marcha Real”. Coido que é de Marquina, un mal autor de teatro e peor poeta: “Triunfa España, alzad los brazos hijos del pueblo español, que vuelve a resurgir, gloria a la patria que supo seguir sobre el azul del mar y el caminar del sol”... E algo máis polo estilo).

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 20

Miña nai, a mestra, non tiña máis remedio que ser respetuosa coa situación. As inspecciónes eran frecuentes e temibles. Ela xa tiña sufrido en carne propia a represión: estivo catro anos sancionada e suspendida de empleo e soldo e con sanción gubernativa. Meu pai, na cadea dende 1938 –sairía en 1942-, tiña sido apartado do Maxisterio con carácter case definitivo, acusado de socialista, masón, sindicalista e ata de ¡rebelión armada! Pero foi reposto pouco antes da súa xubilación: ¡en 1973! Eu sempre sentín arredor de min e moi preto a esgazadura da experiencia republicana e a crueldade da guerra civil. E os meus pais viviron plenamente e con todas as súas consecuencias esa experiencia.

Teño moi presente a imaxe do meu pai no vello cárcere de Pontevedra, en Campolongo. Iba a velo coa miña nai de vez en cando...Pero iso foi antes de ir para Meilide e antes de que repuxeran á miña nai no seu posto. Debéu ser no 40 ou no 41. Estivemos unha temporada vivindo en Pontevedra, nun chalé de Campolongo, perto do meu pai, para poder levarlle comida e para poder ir a velo ao cárcere os días de visita. E conservo moi viva na miña memoria a lembranza dun día que paséi alí, ¡dentro da cadea!, cousa que me permitiron seguramente porque era un neno.

Así pois, foi a miña primeira e precoz estancia na prisión. As veces que estiven despois, en plena represión franquista, foron por moi pouco tempo, só por días... Pero aquela vez eu fun a estrela da prisión. Regaláronme todo tipo de xoguetes e xoguéi con tódolos presos. Comín o rancho e me parece que durmín unha sesta. Como despedida, regaláronme unha gatiña que me acompañaría sempre, en todas partes, ata que fun un mozo.

¡As tardes mornas e lentas da escola de Meilide!¡Aquelas lecturas en círculo das andanzas de D. Quijote e Sancho Panza! ¡Que aventura ler entre todos aquelas aventuras! Había os típicos tropezóns, os erros. Quen se trabucaba, quen lía con gracia. Perdéndonos ás veces, pero estando sempre atentos para saber cando lle tocaba a cada un...E Doña Concha, alterando a orde de lectura para cacharnos nas patacas.

O catecismo inefable. O catecismo do P. Astete. O "Pastete" como dicía alguén. "Por la señal de la santa cruz"...Dicía eu: ¿pero que quererá dicir "porla"?... Como si fora unha palabra sola...¡Que abstracciónes!¡Que cousas tan abstrusas!..."En las entrañas de la Virgen María...". O misterio da Encarnación. Ou o misterio da Santísima Trinidad. Dios pode ser un e trino, pero a Patria, non, como di El Roto. Poucos anos máis tarde, estudiando relixión en todos e cada un dos sete anos daquel "Bachillerato –Plan de 1938 en Burgos-", atoparíame máis dunha vez con ese misterio do un e trino sobre o que ¿ironizaba? Agustín de Hipona, a propósito das posibilidades que podía ter un cativo de achicar a auga do mar...

En fin, tardes de inverno na escola, coa neve fóra. Pero tardes de abril e maio, dando clase no campo, á sombra dunha vella e inmensa cerdeira. Aquela árbore era unha metáfora da árbore da que falaba Manuel Bartolomé Cossío citando a Rousseau: "el mejor lugar para una escuela es la sombra de un árbol"...

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 21

Lavando aquelas maravillosas pìzarras de man na fonte ou afiando o pizarrín nunha pedra de seixo. Momentos únicos en que si era posible evadirse do entorno e a sempre presente "presión" ambiental (en Galicia os nenos empezan a ser explotados nada máis botar a andar, conta en *¡Basta!*, nas súas memorias, Enrique Líster) e soñar na soedade do campo, á sombra dunha cerdeira, en primavera. Ten razón Cossío ao citar a Rousseau: o mellor lugar para unha escola é a sombra dunha árbore. Porque alí está o aire, alí está a auga e alí está toda a luz...

¿Cantas escolas?

¿Cantas escolas coma esta había en Galicia por aqueles anos? ¿Cantos nenos e cantas nenas circulaban polos seus vellos camiños e polas súas corredoiras da montaña, do val ou da costa, mal vestidos, mal alimentados e mal coidados para chegar a elas? Eran así sen dúbida –ou moi parecidas- a maioría das escolas do noso país ¿E cántas escolas máis houberan sido precisas? Posiblemente, case tantas coma as que había.. Pero, en todo caso, mellores, moito mellores. Porque, aparte a nosa propensión natural como pedagogos a idealizar a infancia –e a pesares do que poida dicir Antonio Gala de que "a infancia é un paraíso perdido que nunca existíu"-, sabemos hoxe –e sabémolo ben- que o proceso de modernización escolar emprendido pola República quedóu brutalmente interrumpido polo fascismo durante moitos anos, prácticamente ata 1970, coa innovadora Ley tardofranquista de Villar Palasí.

Se falamos en termos das "tres modernizacións" –parafraseando un pouco o eslogan tan coñecido da etapa política de Deng Siao Ping en China, nos primeiros 70-, isto é, da modernización económica, da política e da pedagóxica, as tres se inician coa IIª República. Pero, ao mesmo tempo, quedan incompletas e aprazadas por falta material de tempo para poder cumplilas.

Tres modernizacións que haberá que rebautizar despois como "rupturas". Así, a "ruptura política" da España moderna co Antigo Réxime tivo lugar dun xeito irreversible o 14 de abril de 1931. Ese día caeron os últimos restos do feudalismo. Ese día caeu o Antigo Réxime. A partires dese intre, xa non habería marcha atrás. Os pobos de España negáronse a seguir sendo servos e proclamaron a súa insumisión permanente, a pesar de todo o terror franquista. Nin Franco, con todo o seu poder, foi capaz de borrar da conciencia do pobo ese estado de ánimo colectivo triunfador e definitivo.

A "ruptura económica" non chegaría ata 1959, co Plan de Estabilización e a incorporación de España ao tren do capitalismo europeo. Todo empezóu coa emigración masiva a Europa dos anos 60. E a "ruptura pedagóxica" tería lugar xustamente coa Ley Villar de 1970. É ese o momento en que se pode empezar a falar de escolarización total ou case total. Ou, o que é o mesmo, dun sistema educativo público case xeral. É verdade que continuóu –e continúa- a batalla entre o ensino público e o ensino privado, pero cada vez hai máis conciencia de que a educación é un dereito; por tanto, unha obligación do Estado. Como a sanidade. E éstes deben ser dos tesouros sociais intocables.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 22

Non esquezamos que o dereito á saúde, o dereito á educación e o dereito ao traballo son os piares fundamentais sobre os que se alza o edificio enteiro dos dereitos humanos. Sin eles, non se pode falar propiamente de dereitos humanos respectados. E ¿que países do mundo coidan vostedes que teñen hoxe unha maior consideración coa saúde –condición primeira para a vida-, coa educación –que é a que nos convirte en persoas- e co traballo –que é o que nos fai humanos-?. Respóndanse vostedes mesmos.

Por tanto, o "desarrollismo" dos 60 e as construccións escolares que chegaron despois, fixérono xa coa nosa cultura tradicional en pleno proceso de desmantelamento e con un rápido desenvolvemento urbano, pero desestructurado e salvaxe. Máis que desenvolvemento urbano sería mellor dicir "urbanícola", se reparamos minimamente no que poderíamos chamar a trama da especulación inmobiliaria; un exemplo fóra de toda ética e un roubo sen paliativos do sistema capitalista no que vivimos a toda a sociedade.

Así, as novas vilas –e as vellas cidades- foron medrando e foron refacéndose da maneira máis anárquica e incontrolada. Non había nin o menor indicio de ordenación do territorio, nin o menor sinal de planificación racional. ¿Cambiará as cousas a precupación do actual goberno galego polo problema vital e impostergable do solo? A ver se por fin rompemos coa tan citada e desgraciada idea de que quen ten unha leira, ten un solar. Dise xeito comezará a poder arranxarse un pouco o mapa escolar de Galicia...

Encontrámonos agora na aula da República. Unha bandeira tricolor –vermello, amarelo e morado–, a ausencia de símbolos relixiosos e a imaxe dunha muller cos ollos vendados e unha balanza na man sitúannos rapidamente. Antonio López fai memoria e cre lembrar que a primeira escola pública da zona de Lourenzá aparece cara ao ano 38, en plena Guerra Civil. Como ocorreu en toda a xeografía galega, as escolas de ferrado perviviron moito tempo ao lado das públicas. Antonio di que daquela ían á escola de Doloriñas ata os oito anos. A partir dese momento, uns abandonaban definitivamente a súa formación para ocuparse de pequenos labores do campo, como levar as vacas ao monte ou saír a

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 106

buscar leña, e outros coma el continuaban os seus estudos na pública. O ambiente alí era moi diferente. "Eramos uns cen alumnos, entre nenos e nenas, e a disciplina era bastante rigorosa". Lembra que o profesor lles daba coa vara aos que chegaban tarde. "Colocábase detrás da porta e, segundo iamos pasando, dábanos o que el consideraba o noso merecido". "Resultaba difícil despistalo porque iamos á escola con zocas" e o ruído alertábao de que un impuntual se acercaba. No seu rostro debúxase un sorriso un tanto picaresco e engade: "Aprendemos a pasar tan rápido que algunha vez conseguiamos librarnos do lategazo". Antonio di que cando avanzaban os nacionais o mestre poñíase moi contento, pero se eran os republicanos os que conseguían impoñerse ás tropas nacionais enfadábase moito e a disciplina volvíase máis implacable, se cabe. Pouco a pouco, a guerra pasou a formar parte das actividades lúdicas. "Xogabamos a roxos e nacionais e librabamos a batalla a pedradas". "Aínda que pareza incrible, non tiñamos demasiados contratempos". Todos están de acordo en que o campo lles proporcionaba un ambiente excelente para aprender a sobrevivir e a autoprotexerse. "A min –di Antonio– só me alcanzou unha pedra nunha ocasión. Foi na cabeza e sangrei bastante, pero o accidente non tivo maiores consecuencias". Daquela asistía a unha escola da República, semellante á que José Luis Moar nos mostra na visita.

Educar na ditadura

"Só as nosas virtudes e traballo farán a España poderosa". Esta é a consigna que reza no taboleiro doutra das aulas históricas. Unha pista certeira, é a aula dos profesores, pais e avós actuais. Para máis sinais de identidade: un crucifixo, unha fotografía de Franco e outra de José Antonio Primo de Rivera, o líder do único partido permitido. Na vitrina amoréanse enciclopedias, catecismos, bordados realizados polas nenas e cartillas de escolaridade, de cor azul para os nenos e rosa para as nenas. Sobre un dos pupitres, un caderno de rotación. "Cada día, un dos alumnos escribía nel todas as tarefas realizadas na clase", explica José Luis Moar. "Deste xeito, o inspector sabía que se facía na clase cada día e a cada hora". Estamos na aula do franquismo. Corenta anos de dificultades para estudar e para ensinar. As historias de vida de nove mestres e oito mestras recollidas ata o momento polo museo así o testemuñan. Rezos e cantos patrióticos ao entrar e ao saír, os nenos nunha aula e as nenas noutra, e moitísimas mestras e mestres entregados en corpo e alma a superar o atraso das zonas máis afastadas das cidades. "Entón no rural non había posibilidades de proseguir estudos" –conta o mestre Francisco Moisés Rivera Casás–. En 1934, chega a San Cibrao –un pequeno porto situado na costa de Lugo–, e alí traballa ata a súa xubilación en 1982. "Sempre me sentín atraído polo mar. Lembro as miñas viaxes de Viveiro –o seu lugar de nacemento– a Ribadeo". Case a metade de camiño encóntrase "esta península, cuxas vistas me namoraron". Naqueles tempos de dificultades o mestre era o principal referente cultural e, en moitos casos, o impulsor de promoción social. "Sempre intentei inculcar nos meus alumnos o desexo de autosuperación" –dixo nunha longa entrevista concedida ao museo–. No ano 1942, consegue levar a San Cibrao unha Escola de Orientación Marítimo-Pesqueira. "Nela formáronse traballadores do mar, patróns de barco, capitáns da mariña mercante e mecánicos navais". Esta escola tivo un papel moi relevante nunha comarca de gran tradición mariñeira. Hoxe, aos seus 93

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 107

anos, o mestre Rivera Casás pasea pola beira do mar que abrazou na súa xuventude e lembra sen nostalxia aqueles tempos nos que, polas súas clases na Escola de Orientación Marítima, cobraba 166,66 pesetas mensuais. "Isto, sumado ao meu escaso soldo de mestre, permitíame vivir con maior folgura". Tamén daba clases particulares e cobráballe 5 pesetas ao mes a cada alumno. "Sei que era moi pouco, pero as familias non podían pagar máis, e eu non me arrepinto de traballar por pouco diñeiro". "A tranquilidade de conciencia tamén é unha riqueza e, sobre todo, cando un é maior". Miles de recordos e anécdotas que nos permiten asomarnos á escola rural galega e imaxinar estes homes e mulleres empeñados en cambiar o seu pequeno e difícil mundo. Celso Currás López recorda na súa historia de vida o lamentable estado no que se encontrou a escola de Trabada, no interior de Lugo, en 1943. "Mesas de piñeiro totalmente encouzadas, e tantos nenos que non me quedaba máis remedio ca agrupalos por seccións e, mesmo, facer subgrupos dentro de cada sección". En Trabada, exerceu como mestre na escola unitaria de nenos. A de nenas era atendida pola súa esposa, tamén mestra. Na parte superior estaba a vivenda, pero el pasaba o día na escola. "Houbo temporadas nas que ía durmir ás tres da madrugada", dicía pouco antes de morrer. Hoxe na aula do franquismo hai un curioso moble para gardar os mapas que Currás lle mandou facer a un carpinteiro do lugar. Trátase dun armario que, a modo de libro, permite organizar e desprazar os mapas para uso dos alumnos. "Con este mecanismo podían consultar a un tempo o mapa físico e o político" –explícalles José Luis Moar aos visitantes–. "Por outra parte, a súa conservación é óptima ao estar colgados e resgardados do po e da humidade". Mentres o mostra, Moar refírese ao debate que, noutros tempos, se suscitou no seo dos Centros de Colaboración Pedagóxica –lugares de encontro dos mestres da época e orixe dos actuais centros de profesores–. "O debate xiraba arredor de dúas ideas contrapostas: se era mellor manter os mapas gardados e non mostrárllelos aos alumnos ata que tocaba xeografía e historia para espertar máis interese ante a novidade, ou, pola contra, se era preferible telos expostos permanentemente para que os nenos se familiarizasen con eles". Parece que é cuestión de teorías e que, aínda hoxe, o debate segue aberto.

As escolas do éxodo

Galicia foi tradicionalmente terra de emigrantes. "A emigración supuxo, en principio, unha ruptura traumática co contorno vivencial" –explica Vicente Peña –. "Non obstante –continúa– afianzou nexos simbólicos e contribuíu decisivamente ao desenvolvemento e á prosperidade de Galicia".Con estas escolas chegan a Galicia metodoloxías innovadoras."A fonte de inspiración foi moi diversa. Os movementos da escola nova, a escola racionalista, ou mesmo o movemento sarmientino de Arxentina, foron algúns dos idearios nos que beberon os nosos emigrantes. Pero tal vez a maior renovación fose a galeguización do ensino". Son estas escolas "as primeiras que tratan de impoñer materias relacionadas con Galicia: lingua galega, gramática galega, xeografía galega, etc. Tamén tentan inculcar un ensino laico".

Estamos na primeira planta ante unha escola das chamadas de indianos. Tamén se coñecen como escolas de emigrantes e algunhas denomínanse habaneras, por estar sufragadas por emigrantes galegos na Habana. Seguimos da man de Vicente Peña,

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 108

que é quen máis investigou sobre o tema. Explícanos como moitos dos galegos ausentes se organizaban en asociacións, estudaban as necesidades das súas zonas de orixe e, a través de cotas e doazóns, mandaban construír escolas, zonas de recreo e bibliotecas. Neste contexto tamén impulsaron movementos sociais destinados a mellorar o nivel instrutivo e cultural dos seus compatriotas. Nunha pantalla situada na zona de paso, o visitante pode localizar todos estes centros no mapa de Galicia. Os monitores están distribuídos polo museo e proporciónanlles aos máis curiosos datos de interese sobre cada un dos temas expostos. Mentres observamos a vitrina dedicada ás escolas de emigrantes, José Luis Moar sinala como curiosidade un obxecto. "Este libro levouno unha nena á Habana e, despois de moitos anos, regresou a Galicia para engrosar os nosos fondos".

Vicente Peña condúcenos ata un espazo contiguo. "É unha recreación do lugar de reunións no que estes filántropos estudaban e discutían a maneira de lles axudar aos seus conveciños". Das paredes colgan retratos dalgúns destes benfeitores, como os irmáns García Naveira, Pedro Murias ou Fernando Blanco de Lema. Aos irmáns Naveira –oriúndos de Betanzos– débeselles, entre outras, "a construción dun refuxio para nenas fisicamente discapacitadas, un grupo escolar e o gran parque enciclopédico, que contén mostras de diversas culturas que traían das súas viaxes: réplicas de estatuas e murais de obras de arte recoñecidas mundialmente, escenas da vida cotiá, costumes doutros pobos, etc. Pedro Murias apostou pola riqueza agrícola de Galicia e impulsou a formación agropecuaria mediante a creación da Escola Agraria que leva o seu nome, en Vilaframil, no Concello de Ribadeo. Fernando Blanco de Lema contribuíu "con toda a súa fortuna" a sufragar a construción dunha escola de nenas e un modélico colexio de primaria, secundaria e formación profesional na vila coruñesa de Cee. Á grandiosidade do Colexio Fernando Blanco hai que engadirlle o impresionante xardín botánico que o rodea, así como a dotación de instrumental científico e didáctico, a gran biblioteca e unha importante colección de pintura. O seu programa combinaba unha formación humanista e científica con materias prácticas para o desenvolvemento económico da comarca. José Luis Moar esboza un sorriso cheo de ironía. "Xogaba con vantaxe, porque era solteiro". As doazóns non estaban exentas de sa rivalidade. Cada un quería o mellor para a súa comarca e facían verdadeiros esforzos por superarse uns a outros.

Con rivalidade ou non, o certo é que as investigacións levadas a cabo ata o momento polo profesor Vicente Peña permítenlle afirmar que "as sociedades galegas de instrución radicadas en América implantaron ou promoveron a creación dun total de 235 colexios, provistos de 336 aulas e uns 184 edificios de nova construción". "A estes datos habería que engadir recadacións en metálico destinadas á compra de útiles escolares, dotacións de premios para alumnos, subvención de actividades, etc." O propio mestre Rivera Casás conta que de neno foi a unha destas escolas, concretamente á de Santa María de Magazos, promovida pola *Sociedad de Instrucción Vivero y su Comarca* (A Habana, 1914) e recoñece que foi "un privilexiado". "Dispoñiamos de máquina de escribir e tiñamos dous armarios cheos de libros, ademais de cuarto de baño e auga corrente". O que a principios do século XX non era habitual.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 109

Unha idea convertida en realidade

"Son mestre, fillo de mestres e irmán de mestres". "Crecín en Trabada, onde o meu pai e a miña nai exerceron toda a súa vida". "Lémbroos sempre dando clase e a miña vocación foise fraguando nese ambiente". Con estas palabras, Celso Currás Fernández –fillo do mestre Celso Currás López, exconselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e impulsor do Mupega– trata de sintetizar as razóns que o levaron a apostar por un museo que se abría ao público o 21 de outubro de 2004. Atrás quedaba un arduo traballo que comeza cando a Consellería lle encarga ao Centro de Investigación Ramón Piñeiro un estudo de viabilidade e encoméndalle a Vicente Peña a realización de sondaxes para coñecer o estado da museoloxía no eido internacional. Aínda que o decreto de creación é do 2 de novembro de 2000, a recollida de material comeza en 2001. "En cada provincia había colaboradores que percorrían as escolas, sobre todo as rurais". "Organizáronse campañas para a busca de doazóns de particulares e de colectivos". Implicáronse desde o principio aos alumnos a través de certames, "queremos que o alumnado participe das actividades e sinta o museo como seu" –matiza o profesor Peña–. Paralelamente, ponse en marcha a rehabilitación e remodelación integral dun edificio xa existente, a restauración e clasificación de parte dos seus materiais e a recollida de historias de vida. "Había historias moi interesantes que non se podían dilatar no tempo, debido á avanzada idade dos seus protagonistas. De feito, unha destas mestras, xa centenaria, falecía aos poucos días de ser recollido o seu testemuño". Son precisamente estas voces, coas súas experiencias cargadas de dificultades e emoción, as que nos aproximan a unha realidade que, por afastada, nos resultaría difícil comprender doutro xeito. A visita chega á súa fin. Percorremos salas, vimos obxectos e escoitamos historias. Aínda así, ímonos coa impresión de que nos quedan moitas cousas por descubrir. Por iso, facemos nosas as palabras dos seus responsables: "Ademais de ideas, púxose moita alma e moito corazón neste proxecto". Iso é precisamente o que se percibe. Tras cada obxecto e cada espazo hai experiencias vividas ou contadas que nos fan palpitar ao ritmo da historia.

Datos de identificación do MUPEGA:

Museo Pedagóxico de Galicia

San Lázaro, 107

15781 Santiago de Compostela

Tel. 981 540 155

Fax 981 540 156

Páxina web: www.edu.xunta.es/mupega

Un centro documental de referencia

"Galicia é un exemplo de sensibilidade". Con estas palabras, Julio Ruiz Berrio, presidente da SEPHE (*Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico Educativo*) iniciaba o seu discurso con motivo das primeiras xornadas celebradas no Museo

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 110

Pedagóxico de Galicia (Mupega), un acto que Vicente Peña cualificaba como punto de arranque das actividades científicas previstas". Ao longo de todo o seu discurso, o profesor Berrio animou aos participantes, chegados desde diferentes universidades do país, a ver neste museo "o irmán maior que debe guiarnos".

Un dos centros máis emblemáticos de Santiago é o CEIP Apóstol Santiago, cuxa maqueta suscita o interese destes rapaces.

En principio, o Mupega non nace con pretensións de ser exemplo de ninguén, pero abriga a esperanza de se converter en centro documental de referencia en Galicia. Ata o momento, máis de 45.000 pezas constitúen o seu acervo cultural. Delas, arredor dun 20% están expostas. Conta con exposicións permanentes e temporais. "Queremos que o visitante encontre sempre algo novo que ver" –di Vicente Peña–. Por outra parte, estase poñendo en marcha a rede Mupega, integrada por cinco institutos históricos da Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra. Todos contan con patrimonio educativo propio, que merece ser coñecido e apreciado pola cidadanía. Neste momento, están restaurando os seus fondos e adecuando as súas instalacións para abrir as súas salas, que actuarán como extensións do Museo Pedagóxico de Galicia.

Educadores, non mestres

Un niño entró en la escuela [...]. El maestro le preguntó "¿No traes tus libros, hijo mío?". "Señor –respondió temblando—esquecéronme"; y todos los demás niños se echaron a reír [...]. Pero el maestro [...] les dijo: Hijos míos ¿cuál es la falta de este inocente

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 111

para que os burléis de él? No sabe castellano y habla en el dulce lenguaje de su tierra nativa [...]. Sabed, niños que el dialecto gallego, cuyas armoniosas palabras excitan vuestra risa [...] es la fuente de donde salió el idioma español [...] es un dialecto en que pueden expresarse con más dulzura [...] todos los pensamientos y todas las ideas; que en él hablaron nuestros padres, y que nosotros nada debemos [...] sino amarlo, venerarlo como a preciosa herencia que nos han legado nuestros antepasados. Amad el lenguaje en que hablamos todavía; el pueblo que olvida y escarnece su idioma, ese pueblo dice al resto del mundo que ha perdido su dignidad".

Murguía, Manuel (1859/1868): *La primera luz*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000.

Con este fragmento, o ilustre historiador réndelle homenaxe a un idioma que durante moitos anos sufriu o afastamento dos centros educativos. Hoxe Manuel Murguía, ao lado de galegos ilustres, coma Vicente Risco ou Emilia Pardo Bazán, comparte espazo e recoñecemento. Ningún é pedagogo, pero todos contribuíron a mellorar a educación en Galicia.

O visitante pode velos na planta baixa, na primeira parada unha vez pasado o vestíbulo.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 112

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 113

ISSN: 1138 - 5863

Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica[1]

Two educational models, two diametrically opposed schools: the Republican school and the National Catholic school

Anxo S. PORTO UCHA

Universidade de Santiago de Compostela

J. Luis IGLESIAS SALVADO

Universidade da Coruña

RESUMO: Neste traballo tentamos achegarnos ós dous modelos educativos –representados nas súas correspondentes escolas- que máis teñen influido nas políticas educativas recentes e mesmo na memoria colectiva de boa parte da sociedade española. Alleos e radicalmente enfrontados representan, de xeito máis que evidente, unha dobre realidade social e educativa. Así, mentras a IIª Republica apostaba no seu momento por unha escola única, activa e sobre todo anovada, como posible solución ós problemas do país, o franquismo, impoñía, ó tempo que rexeitaba, negaba e perseguía á outra, o modelo ideolóxico do nacional-catolicismo –visceralmente enfrontado ó modelo republicano- que afastaba da escola calquera asomo de progreso, mentres a sometía a un proceso de depuración infausto e a sumía no abandono material e humano.

PALABRAS CHAVE: Escola única, escola activa, represión, depuración, nacional-catolicismo, franquismo, maxisterio, formación, control idelóxico, escola primaria.

ABSTRACT: This article approaches the two educational models –represented in their respective schools- that have had the greatest impact on recent educational policies as well as on the collective memory of a good part of the Spanish society. Isolated and diametrically opposed, these two schools represent – in a way that is more than evident-, a double standard in

[1] Unha primeira redacción deste traballo foi presentada como ponencia no marco do curso da UNED que co título *La recuperación de la memoria histórica de la educación durante el franquismo: la depuración del profesorado*, veu de celebrarse en Avila entre o 3 e o 7 de xullo de 2006. O texto que agora presentamos é unha versión revisada e actualizada daquel.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 114

terms of the social and educational reality. Hence, while at the time, the Second Republic was betting on a single, active, and above all, innovative school as a possible solution to the country's problems, Franco's regime, which rejected, refused and persecuted the former, imposed an ideological model of national Catholicism – at odds with the Republican model – driving out of the school the slightest hint of progress, while subjecting it to an unfortunate process of purging and plunging it into abandonment –both in terns of material and human resources.

KEY WORDS: One-room schoolhouse, active school, repression, purge, National-Catholicism, Franco's regime, teaching, training, ideological control, primary school.

Introdución

Borja de Riquer, na Presentación ao libro de Morente Valero, *La depuración del Magisterio Nacional*[2], afirma que cando Franco anunciou que a guerra civil acabara, faltou descaradamente á verdade. Durante moitos anos máis o réxime franquista apostou pola continuación da guerra en moitas frontes, utilizando, claro está, outros procedementos. Así, por exemplo, no período de postguerra máis de 50000 mestres foron depurados. Pero houbo, ademais, como dicía no seu día Ramón Carande[3], "demasiados retrocesos" en todas as ordes da vida da maioría dos españois.

Na súa orixe o sentido da depuración era destruír o labor escolar republicano, acabar co laicismo, coa coeducación, coa democratización do ensino e con toda innovación pedagóxica. Sen embargo a intención prístina do novo réxime non era unicamente, como cabería pensar, retroceder aos anos anteriores a 1931, senón poñer en marcha un proceso de involución moito máis profundo, reaccionario, ultra-católico e antiliberal; é dicir, tiñan a pretensión de establecer un absurdo e, sobre todo, doloroso proceso co que pretendían desandar a historia e volver moitos séculos atrás.

O represión non foi, pois, estrictamente punitiva, foi sobre todo preventiva. Había que castigar non tanto polo que supostamente fixera o Maxisterio en xeral, como polo que podería facer no futuro. O proceso resultou, como era de esperar, excepcionalmente eficaz. Había que pacificar á Escola, erradicar todo o que se considerase representativo da chamada "anti-España". Había que construír algo novo. E para facelo, os modelos a imitar foron os réximes fascistas. Nese sentido, a revisión dos estreitos e frecuentes contactos que o franquismo mantivo, o mesmo co fascismo italiano que co alemán, son fundamentais. A isto hai que engadir a colaboración interesada e nada disimulada da Igrexa na tarefa da "nova cristianización de España".

O que fóra Xefe do Servizo Nacional de Primeiro Ensino, Romualdo de Toledo, dirixíase en 1939 ao primeiro Ministro franquista de Educación Nacional, Pedro Sáinz Rodríguez, nestes termos: "En un Estado autoritario, jerárquico, antidemocrático y anti-

[2] Vid. Borja de Riquer i Peñamanyer, "Presentación" en Francisco Morente Valero, *La Escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*, Valladolid, Ámbito, 1997, pp.13-22.

[3] Nunha consulta no BOE do ano 1937, en relación coas nosas pescudas sobre a depuración, encontramos a Ramón Carande Thovar, Catedrático de Economía e Facenda (Decano da Universidade de Sevilla) coa sanción de separación definitiva (BOE, 28-9-1937).

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 115

liberal, como el que España está forjando (...) todos los individuos [referíase ao perigo que podería significar unha Asociación Profesional de Mestres] (...) han de estar previamente depurados"[4].

Polo tanto, para comprender a complexidade, amplitude e dureza do proceso de depuración posto en marcha polo franquismo, hai que achegarse necesariamente aos proxectos de reforma pedagóxica[5] postos en marcha pola Segunda República e, por suposto, ao rexeitamento que tales proxectos xeraron nos sectores máis reaccionarios da dereita española. Á escola da Segunda República dedicaremos pois, un primeiro momento. Referirémonos despois á escola do Nacional-Catolicismo característica dos primeiros tempos do franquismo, para finalizar cunhas reflexións xerais sobre o tema a modo de conclusión.

1. A escola republicana

A Segunda República naceu nun momento nada propicio para convulsións políticas, debido ás consecuencias negativas que para a orde económica mundial tivo a depresión de 1929. Historicamente, sen embargo, intentouse explicar a chegada da Segunda República española, naquelas circunstancias, a partir da consideración de determinados feitos que pasamos a referir de maneira sucinta:

a) O triunfo da II República debeuse máis ao afundimento dunha Monarquía obsoleta e mal concibida que á súa propia proxección

b) Foi proverbial e nada favorable para os seus intereses o feito de que as forzas republicanas estivesen divididas entre si, mentras durou o seu tempo e, aínda, durante a guerra civil.

c) Moitos dos que contribuíran á chegada do novo réxime fixérano para servirse da República como instrumento para os seus fins particulares.

A teor do sinalado, sería fácil concluír que coas forzas sociais e políticas divididas era imposible gobernar. Situación que resulta, se cabe, máis evidente se temos en conta os 19 gobernos que houbo nos pouco máis de cinco anos previos á guerra civil. Sen embargo, entendemos, que algunha das afirmacións anteriores necesitaría unha maior matización dadas as profundas contradicións que acompañaron á IIª República a partires do momento mesmo da súa proclamación, o 14 de abril de 1931.

Se ben, coa chegada da Segunda República faise visible con mediana claridade a conciencia ideolóxica da burguesía liberal española, cuxos antecedentes hai que buscar nos numerosos avatares políticos do século XIX (liberalismo), mesturada agora cun socialismo de carácter humanista, o certo é que non conseguiu atraerse á totalidade da clase obreira, na súa maioría militante nas filas anarquistas e sindicalistas. Ao tempo foron

[4] *Opus cit.*, p. 19. No mesmo documento se propoñía incluso a depuración do sindicato Falanxista de mestres, o SEM.

[5] Xunto ós proxectos de reforma pedagóxica, houbo durante o curto período republicano outros non menos importantes, que non analizaremos aquí.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 116

emerxendo, a partir da periferia, os movementos reivindicativos de carácter nacionalista. Xa que logo, a partir do primeiro momento fíxose patente que a situación non era nin moito menos favorable. En calquera caso é a marxe de outras consideracións, parece innegable que no relativo aos aspectos didácticos e metodolóxicos, estes teñen as súas raíces no pensamento da Institución Libre de Ensino. Pero tamén hai que entender que para falar da política educativa que se desenvolve ou tentou desenvolverse durante o periodo republicano temos que referirnos necesariamente ás ideais que atopamos condensados no pensamento de Lorenzo Luzuriaga[6], ao que volveremos máis adiante.

1.1. As distintas etapas da Segunda República. Avances e retrocesos

No curto pero intenso período que representa a Segunda República pódense observar distintos momentos de impulsión das políticas educativas[7] que aquí intentaremos esbozar brevemente. Ademais dun primeiro momento que denominaremos etapa dos "gobernos provisionais" (ata a proclamación da nova Constitución republicana), aparecen con claridade dous bienios, o azañista (1931-1933) e o radical cedista (1934-35), para chegar despois ao breve espazo que cobre á Fronte Popular (1936). Un quinto período ocupao o desenvolvemento dos proxectos republicanos durante a guerra civil nos territorios non ocupados polo denominado "bando nacional" (1936-39). Analizaremos brevemente eses períodos para poder considerar os avances e retrocesos republicanos en materia de política xeral e educativa en particular.

a) A etapa dos "gobernos provisionais"

Antes de que se tivese aprobado a Constitución de 1931, unha serie de disposicións legais cambiarán sustancialmente os principios nos que se sustentaba o ensino. Estas disposicións adiantaban xa claramente o programa educativo que se define arredor da implantación da escola única, da mán do seu principal impulsor e defensor Lorenzo Luzuriaga**:**

> Os dous conceptos básicos da educación do noso tempo, son os que poden expresarse coas palabras "escola activa" e "escola única". Aquela refírese ao contido, á vida interna das institucións educativas; a última afecta máis ben á forma, á organización exterior destas. A "escola activa" é ante todo unha concepción pedagóxico-psicolóxica; a "escola única", é fundamentalmente unha inspiración pedagóxico-social[8].

---

[6] A figura e o pensamento de Lorenzo Luzuriaga ten sido obxecto de amplia atención ao longo de estes anos por parte de Herminio Barreiro, hoxe profesor emérito da USC. Da súa dona, Mª Luisa Navarro Margati, vense ocupando Mª Dolores Cotelo, na súa Tese Doutoral.

[7] Para a análise de esta época, son xa clásicos, entre outros, os estudos de M. Pérez Galán (1975), M. Samaniego Boneu (1977) o M. de Puelles Benítez (1980). Na serie "Breviarios de Educación", contamos coa *Historia de la Educación en España IV. La Educación durante la Segunda República y la Guerra Civil (1931-1939)*, con un estudo Preliminar, preparación e seleción de textos e documentos, e notas, a cargo de Antonio Molero Pintado (MEC, 1991). De José Manuel Fernández Soria destacamos *Educación y cultura en la Guerra Civil (España 1936-39),* Barcelona, NAU Llibres, 1984. Cabe citar tamén o texto de A. Tiana Ferrer, *Educación libertaria y revolución social en España (1936-1939)*, Madrid, UNED, 1987.

[8] Vid. Lorenzo Luzuriaga, *La escuela única*, Edición de Herminio Barreiro Rodríguez, Madrid, Biblioteca Nueva, p.46. A traducción é nosa.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 117

O propio Luzuriaga, sen embargo, era máis partidario do concepto "escola unificada". En calquera caso os debates desde o principio mesmo do tempo republicano anunciaron, á marxe do tipo de escola definido, os posicionamentos encontrados das distintas forzas políticas. Ainda que se algo se pode destacar como fundamental en todos os casos é o que se refire ó principio de socialización.

Os primeiros meses da etapa dos "gobernos provisionais", presididos por Niceto Alcalá Zamora (14/4/1931 – 14/10/1931) e Manuel Azaña (14/10/1931 –16/12/1931), con Marcelino Domingo Sanjuán (mestre) no Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes e Rodolfo Llopis (formado como moitos dos seus compañeiros na Institución Libre de Ensino) na dirección Xeral de Instrución Pública, foron os de maior impulso e esforzo, orientados, sen dúbida ningunha, a construir unha nova Constitución republicana. Os Decretos sobre bilingüismo catalán, creación das Misións Pedagóxicas, o ensino da relixión -tan de actualidade sempre-, a reorganización do Consello de Instrución Pública, a reforma das Escolas Normais, a creación de Consellos de Protección Escolar, a supresión das oposicións e a organización de "cursos" de selección profesional, as condicións para o exercicio da docencia, as medidas encamiñadas a mellorar as condicións económicas do profesorado, publicacións de libros para os diversos graos de ensino, creación da Xunta de Intercambio e Adquisición de Libros, organización do ensino de Xordomudos, creación da Inspección profesional de Ensino Primario, e outros sobre o réxime de coeducación, escolas preparatorias, internados, etc, xunto á Lei do Plano Quinquenal que anunciaba a creación de 27151 escolas (7000 no primeiro ano e 5000 cada ano posterior), foron recibidos con grande expectación en xeral, pero principalmente polo Maxisterio.

Hai que ter en conta, desde o punto de vista da política xeral, que este tempo, desde 1931, está marcado pola presencia de Niceto Alcalá Zamora na Presidencia da República, desde que fora aprobada a Constitución, e que non sería relevado ata o ano 1936, sendo substituido entonces por Manuel Azaña.

Pasamos a referir aquí, para unha mellor comprensión das iniciativas republicanas en termos de educación, as disposicións legais con contido educativo que foron promulgadas durante o período dos gobernos provisionais

- Decreto sobre bilingüismo catalán (29/4/1931)
- Decreto creación Misións Pedagóxicas (29/5/1931). Nomeamento do Padroado (6/8/1931)
- Decreto sobre ensino relixión (6/5/1931). Circular de Llopis (13/5/1931)
- Decreto sobre reorganización do Consello de Instrución Pública (4/5/1931)
- Decreto sobre creación de Consellos de Primeiro Ensino (9/6/1931)
- Decreto sobre reforma de Escolas Normais (29/9/1931)
- Decreto sobre supresión das Oposicións e organización de cursos (3/7/1931)
- Decretos sobre condicións para o exercicio da docencia

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 118

- Decreto sobre condicións económicas do profesorado (7/8/1931)
- Lei Plano Quinquenal do M.I.P. e B.A.
- Decreto sobre publicacións de libros para os diversos graos de ensino
- Decreto creación Xunta de Intercambio e Adquisición de Libros
- Decreto organización do ensino Colexio de Xordomudos
- Decreto creación da Inspección Profesional de Ensino Primario
- Decreto sobre derogación de plans anteriores de Ensino Secundaria (13/5/1931)
- Decretos sobre guía de profesores, réxime de coeducación, escolas preparatorias, internados....

b) A coalición republicana-socialista (bienio azañista)

Comprende o bienio que vai a partir do 16/12/1931 ao 12/9/1933, con dous gobernos de Azaña nos que serán ministros de Instrución Pública, Fernando de los Ríos (socialista) e Francisco Barnés (Esquerda Republicana), os dous da Institución Libre de Ensino. O Director Xeral de Instrución Pública será neste período Rodolfo Llopis. Continúase coa política anterior, cunha Constitución baseada na de Weimer (Alemaña, 1919). A característica principal deste bienio foi a preocupación pola escolarización primaria e a formación do profesorado. O plano de crear 5000 escolas anuais limitouse en 1932 a 2580. Daquela Julián Besteiro era o presidente das Cortes. En 1933 creáronse 4000 prazas. Nesta empresa intentouse implicar aos municipios (Decreto de 5/1/1933) con resultados moi desiguais.

Mentres tanto creouse a Sección de Pedagoxía da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid. Quedaba así suprimida a Escola Superior do Maxisterio. O obxectivo desta sección era, ademais do cultivo da ciencia pedagóxica, a formación do profesorado de Ensino Secundario, Normais, Inspección e Escolas Graduadas.

A Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas, aprobada polas Cortes o 17 de maio de 1933 e asinada polo Presidente da República o 2 de xuño (*Gaceta* do 3) apartaba a aquelas do ensino. Para compensar, na medida do posible, a supresión do ensino nas ordes relixiosas, créanse novos institutos. Este foi un dos argumentos máis socorridos pola dereita española para atacar á República. Sen embargo como toda cuestión esencial necesita ser matizada e interpretada á luz dos feitos e a realidade cotiá

Neste tempo tamén se crea a Inspección Xeral de Ensino Secundario e elabórase un Proxecto de Lei de Reforma Universitaria, presentado nas Cortes o 17 de marzo de 1933.

As disposicións legais durante o bienio azañista foron as que seguen:

- Decreto creación Sección de Pedagoxía (27/1/1932)
- Decreto sobre acceso de mestres á Sección de Pedagoxía (20/1/1932)
- Decreto sobre revisión de libros escolares polo Consello Nacional de Cultura (23/5/1932).

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 119

• Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas sobre supresión do dereito (17/5/1933)

• Decreto sobre inspección (2/12/1933)

• Decreto creación de Institutos (26/8/1933)

• Decreto de creación Inspección Xeral de Ensino Secundario (30/12/1933)

c) O bienio radical cedista

Doce gobernos se suceden neste período. Ábrese unha fase de inestabilidade. Coa Revolución de outubro de 1934, como resposta da chegada da CEDA ao poder, comenza a crise da República e o declive cara a que logo foi guerra civil.

Renace durante esta etapa a clásica postura dos conservadores españois de considerar a educación como arma político-relixiosa para a defensa da unidade e a orde social. Os melquiadistas foron anticlericais. Os radicais mostráronse favorables á postura da Igrexa ou da CEDA.

Durante este período diminuíron os presupostos de Ensino primario e os da Xunta para Ampliación de Estudos, e desapareceu a partida para as Misións Pedagóxicas.

Disposicións legais durante o bienio radical-cedista:

• Decretos de disolución da Inspección Central de Primeiro Ensino

• Orde sobre prohibición da coeducación (1/8/1934)

• Plano de Estudos de Ensino Secundario (29/8/1934)

• Decreto sobre probas de capacidade para acceso a Facultades (7/11/1934)

d) A Fronte Popular (febreiro-xullo, 1936)

Neste período, breve por mor da sublevación militar de xullo de 1936, intentouse relanzar o "optimismo educativo" que definira o primeiro bienio republicano. Volven Marcelino Domingo e Francisco Barnés ao Ministerio de Instrución Pública.

e) Os proxectos republicanos durante a guerra civil (1936-39)

Sinala Fernández Soria[9] que, ata 1936, a IIª República era a forma de Estado dun réxime burgués; pero a partir do inicio da guerra ponse en marcha un proceso revolucionario que afecta tamén á política educativa, de tal maneira que "non serán Pablo Iglesias nin Francisco Giner de los Ríos os piares básicos sobre os que se erga o entramado educativo". Os presupostos educativos da Institución Libre de Ensino e doutros pedagogos socialistas como Lorenzo Luzuriaga xa non eran suficientes. A escola como axente socia-

[9] Vid. Juan M. Fernández Soria, "La educación en la España republicana durante la guerra civil. Ideología y praxis", en *Primeras Jornadas de educación Lorenzo Luzuriaga y la política educativa de su tiempo/Ponencias*, Ciudad Real, Diputación de Ciudad Real, 1986, p. 56 (citado por F. Morente Valero, en *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*, Valladolid, Ámbito, 1997.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 120

lizador acadaría a súa plenitude durante os anos da guerra civil. Sen embargo este non é o propósito deste trabllo e por iso non imos a extendernos neste apartado[10].

1.2. Política escolar da Segunda República

a) O ensino na Constitución

A nova Constitución, aprobada o 8 de decembro de 1931 e promulgada ao día seguinte, consta de 125 artigos e dúas disposicións transitorias. No Título III, Cap. II, no seu artículo 48 sobre "Familia, economía e cultura", sinálase:

> "O servizo da cultura é atribución esencial do Estado, e prestarao mediante institucións educativas enlazadas polo sistema de escola unificada. O ensino primario será gratuíto e obrigatorio. Os mestres, profesores e catedráticos do ensino oficial son funcionarios públicos. A liberdade de cátedra queda recoñecida e garantida. A República lexislará no sentido de facilitar aos españois economicamente necesitados o acceso a todos os graos de ensino, a fin de que non se ache condicionado máis que pola aptitude e a vocación. O ensino será laico, fará do traballo o eixe da súa actividade metodolóxica e inspirarase en ideais de solidariedade humana. Recoñécese ás Igrexas o dereito, suxeito a inspección do Estado, de ensinar as súas respectivas doutrinas nos seus propios establecementos"[11].

Pola súa banda, o artículo 49 determinaba de xeito ben claro que:

> "A expedición de títulos académicos e profesionais corresponde exclusivamente ao Estado, que establecerá as probas e requisitos necesarios para obtelos aínda nos casos en que os certificados de estudos procedan de centros de ensino das rexións autónomas. Unha Lei de Instrución pública determinará a idade escolar para cada grao, a duración dos períodos de escolaridade, o contido dos plans pedagóxicos e as condicións en que se poderá autorizar o ensino nos establecementos privados".

Mentres que no artículo 50 se dispoñía que

> "as rexións autónomas poderán organizar o ensino nas súas linguas respectivas, de acordo coas facultades que se concedan nos seus Estatutos. É obrigatorio o estudo da lingua castelá, e esta usarase tamén como instrumento de ensino en todos os Centros de instrución primaria e secundaria nas rexións autónomas".

Como xa temos apuntado, antes de proclamarse a Constitución de 1931 unha serie de disposicións cambiaban sustancialmente os principios nos que se sustentaba o ensino. Estas disposicións adiantaban claramente o programa educativo da República. Encargóullese a Lorenzo Luzuriaga a determinación das bases dun proxecto de lei de Instrución pública que non vería a luz. O artículo 48 da Constitución facía referencia á "escola unificada"[12], asunto que como temos comentado rematou por se converter nun

---

[10] Remitimos, en todo caso, ao libro de J.M. Fernández Soria, *Educación y cultura en la Guerra Civil*, *op. cit.*, pp. 21-180, na parte adicada a "La España Republicana", con documentados capítulos sobre a loita contra o analfabetismo, cultura popular y outros intentos de extensión cultural, educación anarquista, asistencia cultural dos intelectuais, difusión cultural dos "mass-media", etc, durante o período bélico.

[11] Citamos por *Constituciones Españolas*, Madrid, Edición conxunta do Congreso dos Diputados e o Boletín Oficial do Estado, 2001, p.325. A traducción é nosa.

[12] Para á análise do debate entre a escola única e a escola unificada, remitimos ó texto más reciente de Lorenzo Luzuriaga, *La escuela única*. *Op.cit.*

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 121

elemento de controversia esencial. A *Revista de Pedagoxía*[13] recollía puntualmente as ideas principais de Luzuriaga ao respecto:

- A educación pública é esencialmente función do Estado
- A educación pública é gratuíta
- A educación pública é laica ou extraconfesional
- A educación pública ten un carácter activo e creador
- A educación pública ten un carácter social
- A educación pública atende por igual aos sexos
- A instrución pública constitúe unha unidade organizada:

Primeiro grao: 4-6 anos. Voluntaria

6-12 anos. Obrigatoria (escola clásica)

Segundo grao:12-15 anos. Obrigatoria (polo menos en cidades)

15-18 anos. Voluntaria (tecnolóxica, científica e humanista)

Terceiro grao: E. Superior. Rigorosa selección por aptitude.

b) A cuestión relixiosa e a educación

Durante a IIª República, a Escola, por imperativo do artículo 48 da Constitución, sería laica[14]. Inhibiríase nos problemas relixiosos e non ostentaría signo algún que implicase confesionalidade[15] . Nas Escolas Normais, prohibiuse incluso ás profesoras vivir en conventos, residencias, colexios e institucións privadas, onde se hospedasen ou preparasen as alumnas que cursaban os seus estudos na Normal[16.] Nesa liña, fixéronse esforzos para crear residencias oficiais onde poder ofrecer un ambiente de fogar e cultura[17.]

Coa promulgación da Constitución de 1931, enfróntanse dúas concepcións abismalmente diferentes da educación. Aprobada a Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas o 17 de maio de 1933, o 2 de xuño o Episcopado español sacaba unha declaración colectiva, recomendando aos católicos obrigas categóricas:

1) Deben os pais de familia mandar aos seus fillos unicamente a escolas católicas.

---

[13] *Revista de Pedagogía*, 117 (1931), pp.417 y ss.

[14] Véxase a Orde de 12 de xaneiro de 1932 sobre a escola laica.

[15] Véxase a Orde de 12 de xaneiro de 1932 (*Gaceta* do 14) sobre a Escola laica (tomado de *Historia de la Educación en España. IV. La Educación durante la Segunda República y la Guerra Civil (1931-1939), Op. cit*, pp.163-165).

[16] Véxase a Orde da D.G. de 1 de outubro de 1932 (*Gaceta* do 4/19).

[17] En Pontevedra, por exemplo, destacou a Residencia de Estudiantes, que comenzou a funcionar en 1934, para alumnos do Instituto e tamén do Plan Profesional da Escola Normal. No verán utilizábase para organizar cursos de formación para mestres nacionais da provincia.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 122

2) Prohíbese severamente a asistencia ás escolas acatólicas.

3) Cando o Ordinario tolere o anterior (...) os pais e titores gardarán unha serie de cautelas (...).

4) Exhórtase ós fieis a prestar auxilio moral e material para a fundación e mantemento de escolas católicas.

O enfrontamento entre os seguidores dunha escola confesional e unha escola laica tivo o seu punto culminante coa intervención da Santa Sede, coa Encíclica *Dilectissima nobis* (3/6/1933). Por primeira vez na historia de España, a educación enfrontaba ao Goberno e ao Estado Español coa Igrexa romana.

Hai que ter en conta sen embargo que, secularizados e reagrupados en sociedades cívicas, moitos dos membros das congregacións relixiosas, sobre todo as congregacións laicas, mantiveron abertos os seus colexios e escolas, aínda cambiando os nomes para borrar deles reminiscencias relixiosas. Pola súa banda, novas institucións de orientación católica, como as fundadas por Escrivá de Balaguer ou Pedro Poveda, desenvolveron unha nova estratexia, ao recomendar aos seus membros o acceso aos corpos docentes oficiais.

A Compañía de Xesús foi a primeira en disolverse, ocasionando non poucos problemas ao Goberno, ao ter aquel un importante número de centros que tiveron que pasar ao Estado. Por Decreto de 28 de xaneiro de 1932, especificábase que os directores dos Institutos a quen encomendábase a dirección destes centros, podían tomar medidas especiais. Pero o problema agudizouse ao promulgarse a Lei de Confesións. Segundo Fernando de los Ríos, nun discurso nas Cortes (11/5/1933), existían un total de 351937 alumnos de primeiro ensino en Centros rexidos por relixiosos e 17098 en ensino secundario, aínda que el mesmo recoñecía que esta cifra era deficiente.

Coa chegada da CEDA, o coñecido como “bienio negro”, lévanse a cabo unha serie de actuacións que viñan a dar resposta ás campañas promovidas pola dereita católica, entre elas a prohibición da coeducación nas escolas primarias. Retornaba así a clásica postura dos conservadores españois de considerar á educación como arma político-relixiosa para a defensa da unidade e orde social. Entre outras cuestións, durante este bienio, disolveuse a Inspección Central de Primeiro Ensino, diminuíron os presupostos en ensino primario, da Xunta para Ampliación de Estudos e das Misións Pedagóxicas, prohibiuse a coeducación e tentouse facer o mesmo nas Escolas Normais.

c) Os presupostos de instrución pública

Os presupostos da República tiveron gran impuntualidade na súa presentación. Debido en boa medida a circunstancias políticas e parlamentarias. O de 1931 tivo que ser aplicado ao primeiro trimestre de 1932. Só o de 1933 foi aprobado con regularidade. O de 1933 prolongou a súa vixencia durante o primeiro semestre de 1934 e o de 1934 prorrogou a súa vixencia dous trimestres de 1935. O de 1935 foi prorrogado 6 meses en 1936. Os dous primeiros foron asinados por Julián Besteiro no Congreso e os dous últimos por Santiago Alba, presidente, así mesmo, da Cámara.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 123

O aumento dos orzamentos foi permanente, se ben máis notorio nos primeiros anos. Tales aumentos presupostarios corresponderon fundamentalmente ao primeiro ensino. Así, pásase dun orzamento, en millóns de pesetas, para o ano 1931, de 131.551.000 a 171.854.223,75 en 1932[18]. O maior peso nesta partida correspondía a persoal de escolas nacionais de primeiro ensino, que aumentaran de 36680 mestres en 1931 a 51593 en 1935. Respecto ás novas prazas, creáronse 7000 en 1931; 2580, en 1932; 4000, en 1933; 1333, en 1934; 1242, en 1935 e 5300 en 1936.

Respecto á situación económica do Maxisterio, o Decreto de 29 de setembro de 1931 establecía para os mestres que rematasen estudos polo novo plano un salario mínimo de 4000 pesetas anuais. Isto obrigou a que as prazas creadas en 1935 tivesen ese soldo anual, ao egresar a primeira fornada de alumnos.

Hai que ter en conta que segundo o orzamento de 1931 existían 7 categorías de profesionais, nas que a maioría dos mestres e mestras ocupaban (na primeira escala) a sétima categoría, cun soldo anual de 3000 ptas. Pero existía, ademais, unha segunda escala, con tres categorías cos seguintes soldos: 3000 ptas (8ª categoría; 3100 mestres), 2500 ptas (9ª categoría; 1800 mestres) e 2000 ptas (10ª categoría; 5033 mestres). A República unificou en 1931 (Decreto de 7/8) as categorías 9ª e 10ª, que pasaron á 8ª, cun soldo único de 3000 ptas. Ademais, como xa sinalamos, para os do novo plano que comezou a rexer en 1935, estableceuse o soldo de 4000 ptas. Todo isto foi recibido con xúbilo polo Maxisterio. Aínda así, as posturas dos sindicatos estiveron divididas entre a FETE por unha parte, que defendía elevar os salarios máis baixos, e a Asociación Nacional do Maxisterio por outra, que prefería distribuír os cartos entre todas as categorías.

Respecto da Inspección de Primeiro Ensino, creáronse 100 novas prazas en decembro de 1932, cun soldo de entrada de 5000 ptas e outras 10 máis de inspectores mestres que se cubriron en 1933. O número de prazas aumentouse en 55 ao ano seguinte. O salario medio do Corpo de Inspectores era de 7224 ptas para 1933. No profesorado de Escolas Normais, que diminuíu ao unificarse os centros masculinos e femininos, ao crearse as Escolas Normais do Maxisterio Primario en 1931, os soldos oscilaban como os de Inspección.

En Ensino Secundario tamén aumentou o número de centros: 21 Institutos Elementais en 1932 e 20 Institutos Locais (nova denominación dos anteriores) no curso 1932-33. O alumnado experimentou un gran incremento, debido á substitución das ordes relixiosas. En 1931 existían 685 catedráticos, que sumaban 839, en 1935. Existía, ademais, un alto índice de persoal contratado, se ben a tendencia foi a que adquirise o status de numerario.

d) Os Consellos de Instrución e Cultura

Con data 31 de agosto de 1931 Marcelino Domingo dirixía a Miguel de Unamuno, presidente do Consello de Instrución Pública, unha carta sobre o encargo a Lorenzo Luzuriaga da elaboración das bases do anteproxecto de Lei, inspirado na escola única como eixe do sistema educativo[19]. O Consello de Instrución Pública tiña sido obxecto

[18] Seguimos a M. Pérez Galán, *La enseñanza en España durante la II República*, Madrid, Cuadernos para el Diálogo, 1975, pp. 329 y ss.
[19] Manuel de Puelles Benítez, *Educación e ideología en la España Contemporánea*, Barcelona, Labor, 1980, p. 323.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 124

dunha ampla transformación coa chegada da República. Atrás quedaban os tempos máis ou menos escuros desde a súa creación en 1834. Suprimido e reorganizado moitas veces. Pero sempre coa presenza das forzas conservadoras. Logo, despois do período bélico, viría as súa estructuración como Consello de Educación Nacional (1940).

O Decreto de 4/5/1931 entendíao non só como a clave dun complicado sistema técnico e administrativo, senón como "o órgano máis eficaz da renovación creadora que a educación nacional esixe para incorporarse rapidamente aos progresos do noso tempo". O Consello, cuxa presidencia se encomendaba a Unamuno, estruturábase en catro seccións: Primeiro Ensino; Ensino Secundario, Escolas de Comercio e outras especialidades; Belas Artes e Escolas de Artes e Oficios; Universidades e Escolas de Veterinaria.

Dentro do conxunto da administración educativa republicana, e relacionados co Consello de I.P., estaban os consellos de primeiro ensino, creados por Decreto de 9 de xuño de 1931 (universitarios, provinciais, locais e escolares), que viñan a suprimir as anteriores Xuntas (locais, provinciais), nas que se concentraba o problema do caciquismo escolar, principalmente instalado nas xuntas locais. Por medio de este Decreto convertíanse en "Consellos de Protección Escolar". Cos consellos universitarios implicábase á Universidade na difusión da cultura popular e na afirmación do sentido social da escola pública. Integraban os devanditos consellos o reitor ou persoa en quen delegase, un catedrático de letras e outro de ciencias, un catedrático de instituto, un profesor normal, un inspector de primeiro ensino e un mestre e unha mestra.

Os consellos provinciais estaban compostos polos inspectores de primeiro ensino da provincia, un profesor e unha profesora da Normal, o xefe administrativo de primeiro ensino, un mestre e unha mestra nacionais, un mestre da privada, un pai e unha nai de familia. Os consellos locais compoñíanse dun representante do concello, un mestre e unha mestra nacionais, un médico inspector de sanidade, un pai e unha nai de familia. Os consellos escolares estaban integrados por un representante do municipio, dous pais e duas nais de alumnos da escola e o director da mesma.

Hai que ter en conta que durante a IIª República chegouse á plenitude dun movemento intelectual. As Cortes Constituíntes estaban integradas en boa parte por universitarios. Besteiro ocupou o cargo de presidente dos Cortes, no proxecto de Constitución participaron Ossorio e Baril e Adolfo Posada. A obra definitiva foi do catedrático Luis Jiménez Asúa. Cando se discutíu o problema da lingua nacional, participaron Unamuno e Ovejero entre outros. A esta pléiade poderían engadirse os nomes de Ortega y Gasset, Marañón, Sánchez Albornoz, a chamada Xeración do 98 case completa e a do 27 en total ascensión.

Estes feitos xustifican que por Decreto de 27 de agosto de 1932, o Consello de Instrución Pública se transforma en Consello Nacional de Cultura. A partir de entonces, ademais de continuar coa comisión encargada ao anterior organismo, apareceron novas actividades. Así, créase unha sección de "cultura popular", na que se subliña a importancia do cine e a radio para cumplir os seus fins[20]. Por un Decreto de 23 de maio de 1932

[20] Vid. Eugenio Otero Urtaza, "El Patronato de Misiones Pedagógicas y los nuevos medios de comunicación social", *Bordón*, 252 (1984), p. 201. Este número de Bordón estivo adicado o tempo da Segunda República.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 125

xa se confiara ao Consello Nacional de Cultura a revisión dos libros escolares[21]. É importante destacar que tanto desde Cultura como desde Instrución pública mantívose sempre o espíritu da reforma educativa propugnada pola ILE.

1.3. As reformas do ensino

As reformas do ensino foron un dos grandes cometidos dos gobernos republicanos. Entre as súas realizacións estivo a reforma das escolas normais, o impulso ao ensino primario, a secundaria, a creación da Inspección profesional e as innovacións en educación popular. A algunha destas realizacións imos dedicar un breve apartado.

a) A reforma das Escolas Normais

Unha das declaracións máis logradas, do que a Segunda República pretendía coa escola, atopámola no Decreto orgánico de 29 de setembro de 1931, polo que se reformaban as Escolas Normais. O texto legal, coa sinatura de Niceto Alcalá Zamora, Presidente do Goberno, e de Marcelino Domingo Sanjuán, Ministro de Instrución Pública e Belas Artes, afirmaba que esta Escola "será xardín e taller; convivencia de todas as clases sociais e todas as confesións; principio dunha selección que posibilitará o voo da intelixencia ás cimas do saber e o poder".

Para iso, convertíase ó Mestre no artífice desta nova Escola. E, nese senso, sinálase nas consideracións do Decreto:

> "urxía crear escolas, pero urxía máis crear Mestres; urxía dotar ás Escolas de medios para que cumprisen a función social que lles estaba encomendada, pero urxía máis capacitar ó Mestre para convertelo en sacerdote desta función; urxía elevar a xerarquía da Escola, pero urxía igualmente dar ó Mestre da nova sociedade democrática a xerarquía que merece e merecerá facéndolle merecedor dela".

Segundo o novo Decreto, a preparación do maxisterio primario comprendería tres períodos: cultura xeral, formación profesional e práctica docente. As Escolas Normais constituíanse, así, en verdadeiras institucións profesionais. O primeiro período realizábase nos Institutos, o segundo nas Normais e o terceiro nas Escolas primarias. O ingreso facíase mediante concurso-oposición para un número limitado de prazas, 16 anos de idade e ter o bacharelato. Os estudos para mestre adquirían, tamén así, categoría universitaria.

b) O impulso ao ensino primario e ensino secundario

No primeiro ensino desenvolveuse o plano quinquenal de aumento de centros escolares, co fin de erradicar o alto grao de analfabetismo que aínda tiña o Estado español. Para iso foi necesario tamén transformar os xa comentados estudos do Maxisterio. Cando entrou en vigor o novo Plano (o tan lembrado "Plano Profesional"), subsistíanse dous planos para os formación dos mestres e mestras: o de 1914, que debían seguir os que tiñan aprobado o ingreso e algunha asignatura do devandito plano, e o Plano de cultura complementaria (de tres anos), para os que só tiñan aprobado o ingreso.

[21] M. Samaniego Boneu, *Op. cit.*, p. 191.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 126

Mentres non entrou en vigor o novo plano, os mestres foron seleccionados, segundo decreto de 3/7/1931, por un novo procedemento. Substituíronse as oposicións por uns cursos de selección profesional que constaban de tres partes: clases, prácticas e lecciónsde orientación pedagóxica, con eliminación progresiva (selección dos idóneos). Por este sistema foron seleccionados durante aqueles anos (os célebres "cursillistas") os mestres que tiñan cursado estudos polo plano de 1914. A eles sumáronse en 1935 os que seguiran o plano de cultura xeral, que en 1934, mediante un ano máis de estudo, obtiveron o título de mestre.

Creada a Sección de Pedagoxía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid (Decreto de 27/1/1932), suprimíuse a Escola de Estudos Superiores do Maxisterio (así denominada desde 1911). Entre os seus cometidos estaba a formación do profesorado de Ensino Secundario, escolas normais, inspección e directores de graduadas. Concedíanse nela tres clases de títulos: Certificados de Estudos Pedagóxicos, Licenciados en Pedagoxía e Doutores.

Respecto ao ensino secundario (o termo ensino medio é utilizado a nivel legal ao comezo do período franquista), por Decreto de 13/5/1931 derogáronse os planos anteriores, volvendo provisionalmente ao de 1903. Este Decreto afectou tamén á universidade. O novo Plano de Bacharelato (Plano de 29/8/1934) constaba de sete cursos, dividido en dous ciclos. Ao finalizar os tres primeiros cursos, había un exame de conxunto. O segundo ciclo tiña dous graos. Fronte á contemplación de dous bacharelatos de Ciencias e Letras (Plano Calella de 1926), aparece un só Bacharelato universitario. Ao final do mesmo, un exame de reválida.

Respecto ás Facultades universitarias, segundo o referido decreto era necesario ser bacharel ou mestre de Primeiro Ensino e aprobar un exame de ingreso ou seguir un curso preparatorio para ter acceso ás mesmas.

c) A inspección profesional

A escola da segunda república creou a Inspección profesional. Con ela, o inspector convértese nun orientador e colaborador profesional, fronte ao carácter meramente técnico e aínda político de datas anteriores. Como complemento á súa actuación, créanse os Centros de Colaboración Pedagóxica nos que, grupos de profesores co correspondente inspector da zona, desenvolven sesións de traballo[22].

Aínda que a Inspección foi creada xa nos que denominamos "Gobernos provisionais", sería un decreto de 2/12/1932 o que sistematizaría o realizado. Entre as innovacións, cabe sinalar:

• Inmobilidade do inspector (sufrirá alteracións no bienio "negro")

[22] No decurso das nosas investigacións sobre a depuración do maxisterio, tivemos a oportunidade de comprobar algunhas experiencias moi significativas que os inspectores desenvolveron cos mestres a través destes centros de colaboración, especialmente en relación coa celebración de misións pedagóxicas. Estes mestres e os seus inspectores respectivos convirtieronse co tempo, e sen pretendelo, en especial centro de atención das autoridades do "Estado novo".

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 127

• Autonomía na súa zona

• Suprímense zonas masculinas e femininas

• Créase a Xunta de Inspectores, unificando criterios da Inspección Central

• Estrutúrase a Inspección Central

Entre as súas funcións habería que sinalar entre outras as seguintes:

• Organizar cursos

• Propoñer escolas de ensaio

• Fomentar Centros de Colaboración Pedagóxica

Para ingresar no Corpo de Inspectores Profesionais de Primeiro Ensino había dúas fórmulas: mediante oposición (para mestres nacionais con menos de 45 anos, con 5 anos de "bos servizos en propiedade", Graduados de Pedagoxía na Facultade, Mestres Normais da Escola Superior do Maxisterio) ou ben por concurso restrinxido entre mestres nacionais con máis de 15 anos de "servizos excelentes" no ensino oficial. Así significados profesionais do mundo do maxisterio son ganados para a historia da inspección grazas a este sistema de acceso.

d) Innovacións en educación popular: As Misións Pedagóxicas

Dentro do apartado da educación popular está a realización das Misións Pedagóxicas. Por educación popular entendemos unha serie de accións non regulamentadas, non integradas nos niveis educativos establecidos polo sistema vixente. Durante o período republicano, ademais da corrente inspirada nos movementos obreiros, coa experiencia das universidades populares (por exemplo, "A Carraca", de García Lorca), cabe destacar principalmente a iniciativa inspirada na ILE, que se materializa na idea das Misións Pedagóxicas.

Cando o 14 de abril de 1931 quedaba proclamada a Segunda República, coméntanos Otero Urtaza[23] como as cidades se mostraran republicanas, pero o mundo rural e os pobos pequenos, con intereses e formas de vida tradicionais, ofrecera notables resistencias. Interesaba, polo tanto, elevar o nivel cultural deste sector, para a súa integración no novo marco social.

Durante a Segunda República, as Misións Pedagóxicas convertéronse na experiencia máis xenuína de educación popular. Esta institución, de carácter socio-educativo e cultural, estaba orientada a reducir a desigualdade entre o campo e a cidade. Non se trataba de organizar un ensino sistemático, senón de complementar o labor da escola. O que se pretendía era unha modalidade de educación, onde o que asistise ás Misións fóra acadando un nova herdanza de coñecementos a través do espectáculo ao aire libre, da conver-

[23] Vid. Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1982, p. 13.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 128

sa directa, das conferencias, etc. Era a plasmación do vello ideal institucionista da extensión universitaria.

Os iniciadores das Misións recibiran a súa inspiración da doutrina exposta por Manuel Bartolomé Cossío a partir dos seus primeiros anos de acción educadora. E, aínda que desde unha perspectiva distinta, de outro profesor da ILE e membro da primeira Xunta Directiva, José de Caso, quen utilizara o termo "misión pedagóxica", nun traballo produto dunha visita xirada a Galicia na década de 1880[24].

Cossío pensara con frecuencia na posibilidade de levar ás aldeas e lugares apartados o azo da cultura, reivindicando o ocio e a contemplación estética como valores educativos, convencido de que o gozo no estudo e na beleza da arte era tan importante para un labrego como para un intelectual. Esta preocupación por chegar ao corazón do mundo labrego xa a expresara no primeiro Congreso Nacional Pedagóxico de 1882. En 1934, escribía no Boletín da Institución Libre de Ensino:

> "As Misións pedagóxicas que, sen equívoco, sería, tal vez, máis acertado chamar Misións aos pobos ou aldeás, non se orixinaron abstractamente, senón diante do feito doloroso e innegable do abismo que na vida espiritual, máis aínda que na económica, existe no noso país entre a cidade e a aldea. Cidadáns son todos os españois da mesma nación e con idénticos dereitos, pero mentres que a uns o mesto ambiente da cultura regálalles a cada paso estímulos espirituais para o saber e para o gozo, aos outros o illamento súmelles na máis fonda miseria de todas as súas potencias. O illamento, xa que illamento privativo, cerrazón significa a terrible palabra con que o último límite da penuria espiritual exprésase. Se a sociedade busca afanosa, e como seu máis urxente problema, medios para diminuír, polo menos, o abismo que nela existe no que fai ao gozo da riqueza e isto pídese como obra de xustiza, non hai motivos para que por xustiza social igualmente non se esixa que chegue aos últimos recunchos das chozas, alí onde a escuridade ten o seu asento, un refacho sequera das abundantes loces espirituais de que tan fácil e comodamente gozan as urbes. Por isto, como obra de xustiza social han de fundamentarse as Misións. E cando o illamento desaparecese perderían a xustificación da súa existencia"[25].

O Padroado de Misións Pedagóxicas foi creado por un Decreto de 29 de maio de 1931 (*Gaceta* do 30/5). Constituíndose tres meses despois. Marcelino Domingo, o Ministro que subscribía o Decreto, sostiña que era necesario e urxente ensaiar novas formas de influencia educativa no pobo, non soamente coa letra impresa, senón coa palabra e o espírito que a animaba:

> "Trátase de levar ás xentes, con preferencia ás que habitan en localidades rurais, o azo do progreso e os medios de participar nel, nos seus estímulos morais e nos exemplos do avance universal, de modo que os pobos todos de España, aínda os apartados, participen nas vantaxes e gozos nobres reservados hoxe aos centros urbanos.
>
> (...)

[24] Vid. José de Caso, "Una misión pedagógica", *Revista de España*, Madrid, Tip. de "El Correo", 1885.

[25] Manuel Bartolomé Cossío, "Las Misiones Pedagógicas", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, LVIII (1934), pp. 97-104. Este artículo sirve de Introducción ó volumen do Padroado das Misións Pedagóxicas, *Misiones Pedagógicas (Septiembre de 1931, Diciembre de 1934)*, Madrid, Aguirre, 1934. A traducción é nosa.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 129

> A República estima que é chegada a hora de que o pobo se senta partícipe nos bens que o Estado ten nas súas mans e deben chegar a todos por igual, cesando aquel abandono inxusto e procurando suscitar os estímulos máis elevados. Desta sorte poderá abreviarse a obra sempre lenta que a educación pública vai logrando mediante a aplicación de recursos coñecidos, cuxo influxo se irá acentuando cada día"[26].

O 6 de agosto de 1931 (*Gaceta* do 13/8) saía á luz outro Decreto que nomeaba aos membros da Comisión Central: Manuel B. Cossío (Presidente), Domingo Barnés (Vicepresidente), Luis Álvarez Santullano (Secretario) e catorce vocais: Rodolfo Llopis, Marcelino Pascua, Francisco Barnés, Antonio Machado, Lucio Martínez, Luis Bello, Pedro Salinas, Enrique Rioja, Juan Uña, Oscar Esplá, Ángel Llorca, José Ballester, Amparo Cebrián e María Luisa Navarro.

O Decreto de Misións, impulsado pola corrente institucionista, sinala tres grandes apartados nos que vai centrar a súa actividade: a) fomento da cultura xeral, mediante o establecemento de bibliotecas populares, fixas e circulantes, organización de lecturas e conferencias públicas, audicións e exposicións; b) orientación pedagóxica, con visitas a escolas e celebración de Semanas ou Quincenas pedagóxicas; c) educación cidadá, con reunións onde afírmense os principios democráticos, acompañadas de conferencias e lecturas nas que se explique ao pobo diversas cuestións relacionadas coa estructura do Estado, participación política, etc.

Un dos servizos máis importantes do Padroado de Misións constituíuno a creación de Bibliotecas. O labor cultural das bibliotecas complementábase cos outros servizos do Padroado: coleccións de gramófonos e discos; o cinematógrafo e as proxeccións fixas, dous dos auxiliares máis poderosos da actuación misioneira, onde salientou José Val del Omar[27]; o Coro e o Teatro da Vila, encargados de espertar a sensibilidade artística (con Eduardo Martínez Torner e Alejandro Casona, respectivamente); o Retablo de Fantoches; os cursos para mestres, e, finalmente, o Museo da Vila, con reproducións de cadros, especialmente do Museo do Prado.

O clima creado polos gobernos da CEDA reduciu case completamente o campo de actuación das Misións Pedagóxicas. E a sublevación contra a República interrompeu totalmente este proceso. No goberno da República, en outubro de 1936, creouse unha Sección de Propaganda Cultural dentro do Padroado de Misións Pedagóxicas. En 1937 organizáronse na zona republicana as Misións de Cultura, polas que mestres e profesores foron enviados para ensinar aos combatentes. Logo, nos primeiros anos do Franquismo leváronse a cabo algunhas Misións Pedagóxicas, se ben cun carácter radicalmente distinto.

As Misións Pedagóxicas foron cualificadas por algúns de "utopismo educacional", argumentando que as necesidades da xente eran outras; tamén, de experiencia burguesa e de

---

[26] Vid. Ángel Porto Ucha, "Decreto de organización del Patronato de Misiones Pedagógicas. 29 de mayo de 1931", en Olegario Negrín Fajardo (Dir.), *Historia de la educación en España. Autores, textos y documentos*, Madrid, UNED, 2004, pp. 565-570. A traducción é nosa.

[27] Vid. *Val del Omar y las Misiones Pedagógicas*, Madrid, Publicaciones de la Residencia de Estudiantes, 2003.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 130

intento de colonización do campo pola cidade. De aí algunhas das súas contradicións. Cumpriron, non obstante, con medras, os fins para os que foron deseñadas.

2. A escola nacional-católica

2.1. A involución escolar na España do franquismo

Todo o sinalado ata agora, respecto ao modelo educativo da escola republicana, cambiou coa chegada do "Estado Novo"[28]. Vexamos algunhas das súas características e, sobre todo, os cambios tracendentais que en materia educativa se van producir de xeito inmediato e calculado. Tratábase, en definitiva, non só de substituir senon de aldraxar, de perseguir ata a eliminación e procurar o esquencemento.

a) A chegada da guerra civil. A escola do "Estado Novo"

Como sinalabamos ao principio, para construír un novo sistema educativo, era necesaria unha purga. De aí o represión a partir dos primeiros días do alzamento militar. Había que construír unha nova escola. A escola do "Estado Novo". Este novo Estado había que dotalo de legalidade e de lexitimidade. Alicia Alted[29], indica que o medio privilexiado para esa lexitimación era fixar na memoria da sociedade uns principios que encarnaran a esencia do novo réxime. Había que eliminar todo o que lembrase á República, someter o pasado inmediato ao esquecemento, substituíndoo por outro pasado máis afastado que se proxectase cara ao futuro. Había que institucionalizar a memoria. A nova rotulación das rúas, xunto a outras cuestións máis ou menos importantes seguiron un proceso idéntico. Como sinala A. Mayordomo,

> "néganse e rexeítanse con inflexibilidade absoluta o ideario da Institución Libre de Ensino e os postulados pedagóxicos da República; e búscase dar firmeza e seguridade na etapa fundacional do Réxime, poñendo freo, mediante un novo modelo educativo, a todo aquilo que se contemplaba como falsidade, anarquía e libertinaxe"[30].

Coa chegada da Guerra Civil, unha guerra que foi cualificada de relixiosa, de "Cruzada", segundo os gobernantes e ideólogos da época, desaparece o laicismo. Estamos nunha época que, polo menos ata comezos de 1960, Navarro Sandalinas[31] cualifica como "a longa noite da escola franquista", a escola "de himnos e de rezos", "de crucifixos, de Franco e José Antonio", escola de "copias" e "contas", de memorismo e medo. Decláranse obrigatorias as ensinanzas da Relixión e Historia Sagrada[32]. Se rescatan tradicións do culto como o exercicio do mes de María ou a salutación "Ave María Purísima".

---

[28] Véxase Pedro Sáinz Rodríguez, *La escuela y el Estado Nuevo*, Burgos, Hijos de Santiago Rodríguez, 1938.
[29] Vid. Alicia Alted Vigil, (Coord.), *Entre el pasado y el presente. Historia y memoria*, Madrid, UNED, 1996.
[30] Vid. Alejandro Mayordomo, "Aproximación a enfoques y tiempos de la política educativa", en A. Mayordomo, (Coord.) et alii., *Estudios sobre la política educativa durante el Franquismo*, Universitat de València, Dpto. de Educación Comparada e Historia de la Educación, 1999. A traducción é nosa.
[31] Véxase Ramón Navarro Sandalinas, *La enseñanza primaria durante el franquismo (1936-1975)*, Barcelona, PPU, 1990, pp.142 y ss.
[32] O. de 21 de septiembre de 1936.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 131

b) Os principios educativos do "Novo Réxime"

En termos de desenvolvemento institucional podemos sinalar entre outros aqueles que se constituen en si mesmos en elementos definitorios da nova situación política e social que escomenzaba a se crear.

- Xunta de Defensa Nacional, presidida polo xeneral Cabanellas (24/7/1936)
- Xunta Técnica do Estado, creada por Franco (1/10/1936)
- Decreto de Unificación de abril de 1937: Falanxe Española Tradicionalista das J.O.N.S.
- Foro do Traballo (Decreto de 9/3/1938)
- Creación das Cortes Españolas (Lei de 17/7/1942)
- Foro dos Españois e a Lei Municipal (1945)
- Nova estructura das Cortes: Democracia orgánica (17/7/1946)
- Lei do Referendo Nacional (22/10/1945)
- Lei de Sucesión na Xefatura do Estado (1947)
- Lei Fundamental (17/7/1958)

Ao finalizar a guerra civil atopámonos cun panorama material e cultural desolador. Os principios educativos do novo réxime aparecen xa definidos na Lei de Ensino Medio de 20/9/1938:

- Primacía do espiritual e a tradición
- Cultura clásica e humanística
- Sólida base relixiosa e patriótica
- Uniformidade de contidos
- Inspección
- Exaltación carismática do Xefe do Estado
- Lexitimidade moral do alzamento
- Recuperación do papel da Igrexa na educación

c) Depuración de institucións, profesores, libros e ensinanzas

Fracasada a sublevación militar do 17 de xullo, comezou a guerra. O 24 de xullo constituíuse unha Xunta militar, a Xunta de Defensa Nacional, que sería substituída despois pola denominada Xunta Técnica do Estado, que se artellou en sete Comisións. Educación quedou en mans da "Comisión de Cultura e Ensino", presidida polo escritor José Mª Pemán. Se ben JavierTusell concreta: "(...) en realidade, nesta comisión é moi posible que

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 132

o papel esencial lle correspondese ao vicepresidente, Enrique Súñer"[33]. Así, pois, o presidente "de facto" era Suñer, un auténtico extremista obsesionado polo tema da ILE, á que lle "dedicou" *Los intelectuales y la tragedia española (1937).*

A depuración comezou de forma un tanto desordenada, coa finalidade de separar aos que se significasen durante a etapa republicana. Unha Orde de 19/8/1936 establecía que os alcaldes debían informar aos reitores antes do 30 de agosto sobre a conduta político-social e sobre a educación moral dos mestres da localidade. Os reitores poderían destituír aos que desenvolveran "un labor perturbador das conciencias infantís". Frecuentemente, as destitucións foron ordenadas polos gobernadores civís. O feito desta precipitación inicial tivo como consecuencia que algúns foron posteriormente depurados sen ningún tipo de sanción.

Diante da envergadura do proceso, comezouse cunha segunda fase, que abarcaría xa a todo o período bélico. Segundo un Decreto de 8/11/1936 (BOE, 11/11), creábanse catro tipos de Comisións: A), para persoal Universitario; B), para Escolas de Enxeñeiros e Arquitectos; C), para Ensino Medio, Inspectores, Profesores de Escolas Normais e Persoal das Seccións Administrativas; D), para o Maxisterio Primario. Para as letras A e B, eran comisións únicas; para C) e D), unha por provincia. Por unha Orden de 10/11/1936, determináronse as normas de funcionamento, as sancións a aplicar e os prazos dos traballos (en principio, 3 meses). Se reiniciaba, así, todo ou proceso. Outra Orden de 17/2/1937 ampliaba a anterior, respecto ás sancións a impoñer. O obxectivo final era que ninguén puidese exercer a docencia (pública ou privada) sen ser sometido a expediente de depuración[34]. A aparición da Lei de Responsabilidades Políticas[35] contribuíu de xeito notable a agravar o problema na maioría dos casos.

Así, pois, o control ideolóxico do novo Estado sobre ensino concretouse en sancionar, mediante as célebres comisións depuradoras provinciais a todo o persoal docente de ensino Primario e Medio, así como de Universidade e escolas especiais, a todos aqueles profesionais do ensino que tiñan colaborado ou simplemente simpatizado co Goberno da República. Negábase todo o que fixese referencia a tendencias laicistas, renovadoras ou europeizantes (España, salvagarda da tradición). Respecto ás acusacións, lémbranos Gervilla Castillo[36] o caso de Unamuno que recibía informes da Comisión provincial, en calidade de Reitor da Universidade de Salamanca, nos que os curas poñían á marxe anotacións facendo constar que a Mestre non asistía a Misa: "Eu tampouco", dicía Unamuno; ou tamén unha mestra, tachada de comunista simplemente por ensinar aos nenos a canción "Asturias, patria querida", se cadra intentando relacionala coa Revolución comunista de 1934.

Segundo unha Orde de 4 de setembro de 1936, a Xunta de Defensa Nacional,

---

[33] Javier Tusell, *Franco en la guerra civil, Op. cit.*, p. 60.

[34] Para iso se dictaron distintas disposicións: O. de 3/3/1937 e 21/7/1937, ampliando a depuración ás fundacións benéfico-docentes; O. de 29/4/1937, para alumnos de Escolas Normais; O. de 14/5/1938, para mestres de colexios privados.

[35] Ley de 9 de febrero de 1939.

[36] Véxase Enrique Gervilla Castillo, *La Escuela del Nacional-Catolicismo. Ideología y educación religiosa.* Granada, Impredisur, 1990, p. 105.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 133

> "considerando que a xestión do Ministerio de Instrución Pública e especialmente a Dirección Xeral de Primeiro Ensino, non puido ser máis perturbadora para a infancia (...) dispón procédase á incautación e destrución de cantas obras de matiz socialista ou comunista se achen nas bibliotecas circulantes para nenos".

Neste clima de ruptura co réxime anterior, Martín-Sánchez Juliá, ao falar das Misións Pedagóxicas, di que foron

> "verdadeiro apostolado do diaño, corruptor de pobos enardecedores de revolucionarios do rego e da estepa. Repartíndose 'bibliotecas populares' cuxos libros comprados en masa por sectarios antiespañois do Ministerio de Instrución Pública eran manuais de anarquismo (...) cos que se 'ilustróu' a pobres labregos que só sabían ler ou a mozos obreiros con ambicións políticas (...)"[37].

Unha Circular sobre depuracións en instrución Pública, asinada polo Presidente de Cultura e Ensino, José María Pemán, en 1936, propón a separación inexorable das súas funcións maxistrais de cantos directa ou indirectamente contribuíran a soster e propagar os partidos, ideario e institucións do chamado "Fronte Popular". O escrito engade:

> "Os individuos que integran esas hordas revolucionarias, cuxas demasías tanto espanto causan, son sinxelamente os fillos espirituais de catedráticos e profesores que, a través de institucións como a chamada 'Libre de Ensino', forxaron xeracións incrédulas e anárquicas"[38].

Nesta liña, outra Orde Circular da Comisión de Cultura e Ensino da Xunta Técnica do Estado, de 1937, é significativa no tema da ILE:

> "As forzas secretas da Revolución que se tiñan apoderado por completo estes últimos anos do Ministerio de Instrución Pública, levaron a cabo a obra de deformación espiritual do Maxisterio español; iniciado xa, moito antes, pola ILE, executora daquela 'espantosa liquidación do pasado', que anunciou Menéndez Pelayo, seducindo co espelliño dunha falsa e postiza Cultura á mocidade en vez de adiestrala no "cultivo do seu propio espírito', que é o único que ennoblece e redime ás razas"[39].

Máis ataques sobre a ILE figuran nas Ordes Ministeriais de 20/4/1939 e 21/2/1940. A súa disolución aparece no BOE de 28/5/1940. Ese mesmo ano aparece publicado o libro *Una poderosa fuerza secreta. La Institución Libre de Enseñanza*. Este texto, xunto ao de Suñer, *Los intelectuales y la guerra española*, son duas obras fundamentais para darnos conta da concepción do franquismo respecto á ILE. Referíndose á primeira, na que aparecen desacreditados relevantes personalidades institucionistas, sinala Negrín Fajardo que "este tipo de afirmacións só revela incultura e odio porque estábanse referindo con tales termos insultantes a eminentes políticos, intelectuais e profesores universitarios"[40]. O profesor Negrín puntualiza ademais:

---

[37] Vid. Varios, *Una poderosa fuerza secreta. La Institución Libre de Enseñanza*, San Sebastián, Editorial Española, 1940. A traducción é nosa.
[38] Circular de 7/12/1936. A traducción é nosa.
[39] Orden Circular de 17/7/1937. A traducción é nosa.
[40] Olegario Negrín Fajardo, "Prólogo", en Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia (1876-1936)*, Sada- A Coruña, Ediciós do Castro, 2005, p.14. A traducción é nosa.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:36 Página 134

"(...) Fai moito tempo que sabemos que as afirmacións que aparecen transcritas non se manteñen en pé, pero durante moito tempo foron, por desgraza, palabra sagrada para a maioría dos españois". Na Historia de los heterodoxos españoles, o autor recolle tamén unha cita de Menéndez Pelayo, "un dos escritores que máis contribuíu a desacreditar á Institución, ás súas obras e aos seus homes"[41].

2.2. O camiño ata 1945. A época da nacional-sindicalismo

Ao cabo da guerra, en 1939, estaba practicamente concluída a victoria sobre as armas, pero non a victoria ideolóxica e cultural. Ao triunfo das armas tiña que se unir a recuperación da relixión e cultura cristiá. Por esta época, chamada do "nacionalsindicalismo", a Igrexa desconfía do monopolio falanxista e rexeita a antirrelixiosa ideoloxía do nazismo, se ben estamos no denominado Estado totalitario de signo católico, que acusou trazos fascistizantes[42]. Ramiro Ledesma, o rebelde fracasado, na súa análise acerca da experiencia republicana, recollida nos textos *Discurso a las juventudes de España* e *¿Fascismo en España?* contesta que non existía en España fascismo. "Existían fascistizados: o Bloque Nacional de Calvo Sotelo, a CEDA de Gil Robles, a propia Falanxe, un sector do exército"[43]. Claro, que isto dicíao o fundador das JONS en 1935, consciente do final da súa experiencia política. Máis tarde, mentres a formación político-cívica de signo falanxista se foi facendo cada vez máis rutineira, as prácticas relixiosas e a ambientación católica foron gañando importancia, coincidindo coa caída do Eixe. A modo de exemplo baste recordar o que poñía nas moedas da época: "Francisco Franco, Caudillo de España, por la gracia de Dios".

José Ibáñez Martín, que relevou no cargo ao autodenominado "ministro da guerra" en Instrución Pública, Pedro Sáinz Rodríguez –que demitiu ao cabo da contenda, marchando a Portugal como conselleiro do pretendente ao trono de España Juan de Borbón-, acelerou o proceso de depuracións, iniciando unha dinámica contrarreformista, en relación á actuación do goberno da II República. Para o 30 de xaneiro de 1942, practicamente concluíra este proceso. Procédese entón e con toda celeridade a cambiar o nome dos centros (tamén das rúas), recorrendo agora a homes como "José Antonio", "Calvo Sotelo", "Xeneral Mola", "Xeneral Sanjurjo", "Padre Poveda", etc., "como lembranza imperecedoira para os mártires da Pedagoxía Católica que ofreceron a súa vida en defensa da Escola Católica e Española que o Novo Estado propugna"[44]. Comeza así o proceso de "inculcación ideoloxizante", no sentido de "repetición con empeño", "imbuir", "infundir con afán", calculada obstinación, en resumo. Aos párrocos –lémbranos Gervilla Castillo- pedíaselles que inculcaran "ás mulleres que leven vestido que respire e sirva de ornato e resgardo da virtude". O mesmo autor sinala que os bispos neses anos da postguerra multiplicaron as súas Pastorais sobre o pudor e a decencia. Así se manifestaba por entonces o Bispo de Pamplona:

---

[41] *Ibidem*, p.16. A traducción é nosa.

[42] Véxase Manuel de Puelles Benítez, "La educación autoritaria del Nuevo Estado", en *Educación e Ideología en la España Contemporánea*. Madrid, Tecnos, 1999, cap. XII.

[43] Vid. Fernando García de Cortázar, *Los perdedores de la Historia de España*, Madrid, Planeta, 2006, p. 474.

[44] Orden de 20 de abril de 1939 (BOE, del 26 de abril).

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 135

> "¿Que non dirían deses bailes en que se zugan os alentos, se enlazan, se soban, estreítanse e asoballan os corpos, con miradas e palabras de paixón, e aos acordes dunha música enteiramente disposta para o estalido da máis baixa de todas elas...?"[45].

a) Importancia e enfoque do ensino medio na nova sociedade

Baixo o mandato do ministro de Educación Nacional, Pedro Sáinz Rodríguez (1938), acométese a reforma lexislativa do ensino. A Lei de 20/9/1938 corresponde á reforma do bacharelato. O criterio que se aplica neste nivel educativo vai posibilitar unha rápida transformación da sociedade española[46]. Trátase dunha consideración elitista deste nivel educativo, fronte á tradición liberal que ve no bacharelato unha prolongación do ensino primario. Este novo Bacharelato é basicamente un nivel preparatorio para a Universidade. A formación que van recibir as futuras clases directoras será a cultura humanística e clásica, un contido eminentemente católico e patriótico. Hai un amplo lugar para a lingua latina e a grega, a relixión e o idioma (ademais do inglés e o alemán, o italiano e o portugués). Fronte ao descenso do ensino estatal aparece un claro fortalecemento da privada, especialmente das ordes relixiosas.

O termo "Ensino Medio" aparece formalmente coa Lei de 1938 e será utilizado por moito tempo, ainda despois da aparición do Libro Branco (1969), e a posterior chegada do BUP (Bacharelato Unificado Polivalente). Na redacción da Lei, ademais de Sáinz Rodríguez, interviñeron García Valdecasas (Subsecretario do novo Ministerio de Educación Nacional), e Pemartín (Xefe do Servizo Nacional de Ensino Superior e Media). Ademais dos xa mencionados principios educativos (primacía do espiritual e a tradición, exaltación carismática do Xefe do Estado, lexitimidade moral do alzamento...), os principios pedagóxicos propoñen unha cultura clásica e humanística, uniformidade dos contidos, sistema cíclico e supresión de exames por materias. Establécense sete cursos, co ingreso á idade de dez anos. Ao final do sétimo ano de escolaridade, tiña lugar o temible "exame de Estado" diante dun tribunal descoñecido para o alumnado, a cargo da Universidade. A Lei foi contestada polo seu fracaso.

En 1939 houbo cambios no Ministerio. Aparece como novo ministro de Educación Nacional Ibáñez Martín, que ocupará esa carteira ata 1951. Sería o seu subsecretario Jesús Rubio García-Mina -que foi ministro no período 1956-62, despois de Ruiz Giménez (1951-56)- o que levaría as iniciativas dos novos ensinos do anteproxecto de 1947. Daquela as propostas iban na liña de organización do ensino nun só ciclo de 5 cursos e a creación do Bacharelato Laboral Superior de dous anos de duración.

Acorde cunha nova situación histórica, a Lei de Ordenación do Ensino Medio de 1953, co equipo de Ruiz Jiménez á fronte do Ministerio de Educación, divide o ensino medio en dous graos, elemental (4 anos) e superior (2 cursos), coas súas respectivas reválidas. Engadíase, ademais, un curso preuniversitario. Como resultado, producíuse unha elevada masificación do grao de bacharel elemental, que viña a encher as necesidades de amplos

[45] Véxase Gervilla, *Op. Cit.*, pp. 252-53.
[46] Vid. Manuel de Puelles Benítez, *Op. cit*, p. 370.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 136

sectores da sociedade. Sería o equipo ministerial seguinte (Lora Tamayo e González Álvarez, a partir de 1962) o que crearía as seccións delegadas de Instituto e a aparición do novo Ministerio de Educación e Ciencia (1966). Ao lado do bacharelato habería que referirse neste período ao ensino profesional. A nivel lexislativo, unicamente reseñamos:

- Lei de Bases de Ensino Medio e Profesional (16/7/1949). Créanse os Institutos Laborais.
- Lei de Formación Profesional Industrial (20/7/1955)
- Creación das Universidades Laborais (1955)
- Creación da Formación Profesional Acelerada (1957)
- Lei de Ordenación do Ensino técnico superior (1957)
- Plano Nacional do P.P.O. (1964)
- Planteis do Servizo de Extensión Agraria (1964)

b) Os plans acelerados para a formación de mestres

Ao finalizar a guerra, os mestres con carreira rematada tiveron que realizar os "Cursos de Formación do Maxisterio", onde aparecían como núcleos de contidos, en primeiro lugar, Relixión, seguida de Patria, Home e Mestre. A Revista *Razón y Fe*, 448-449 (1938) referíase ás prácticas relixiosas escolares, desde a idea de facer da Escola un "verdadeiro templo". Tamén no "Curso de orientacións nacionais de Ensino Primario" de 1938, Romualdo de Toledo falaba de substituír unha pedagoxía por outra pedagoxía; "Pedagoxía quente, cargada de Patriotismo e Fe". Igualmente o Bispo de Madrid-Alcalá, o vigués Leopoldo Eijo Garay (1878-1963), chamaba ós mestres "apóstolos da luz e o ben", afirmando que a súa profesión "é a máis parecida á do sacerdocio".

Finalizada a guerra, logo de dar oportunidade aos alumnos-mestres do Plano Profesional para rematar os seus estudos (polo menos, a algúns, os que non caeran no camiño ou non tiñan fuxido ao estranxeiro), establecéronse os planos Bacharel (1940), que restablecía os artículos 38 e 40 do Plano de 1914 na súa modalidade de Bachareles Mestres, e o Provisional (1942), no que se esixía de entrada, só a cultura primaria. Por estes planos estudaron unha boa parte dos mestres e mestras dos anos posteriores.

c) A situación da Universidade española

Durante o curto, pero intenso período de Sáinz Rodríguez no Ministerio, producíuse o desmantelamento do sistema educativo republicano: supresión do laicismo, prohibición da coeducación, derrogación dos órganos educativos da Generalitat e do País Vasco, exclusión do bilingüismo, censura dos libros de texto, depuración do persoal docente... Sen embargo a nova filosofía ideolóxica, e non só en termos educativos, que o novo Estado Nacional preconizaba desenvolveríase basicamente durante o longo período de Ibáñez Martín.

Á Lei de Ordenación de Ensino Medio (1938) seguíulle a de ordenación do ensino superior. Apenas iniciada a xestión de Ibáñez Martín, publícase a creación do CSIC, subs-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 137

tituíndo nese labor á JAE que tiña máis que evidentes resoancias institucionistas, segundo a opinión das novas autoridades educativas.

A Lei de 29/7/1943 foi "cecais, o máximo expoñente da exaltación ideolóxica en materia educativa"[47]. Por ela restaúrase a Universidade das cruzadas e as catedrais. Fortalécense as vellas fundacións universitarias e a acomodación dos ensinos ás do dogma e moral católicos, así como aos principios políticos e ideolóxicos. Puelles Benítez, recolle a cita de Damián Traverso, no sentido de cualificala de "delirio legal". Vólvese á universidade da "nosa tradición", aos vellos valores afogados pola "corrente extranxerizante, laica, fría, krausista e masónica da ILE".

A nova Lei de Universidades de 1943 foi de claro predominio falanxista, así como a de Educación Primaria de 1945 suporía o triunfo da Igrexa. Aínda que o xefe da Universidade é o Reitor, o seu mandato "deberá recaer nun catedrático numerario de Universidade e militante da FET e das JONS". Os profesores deberán de estar en posesión dunha certificación da secretaría Xeral do Movemento.

Sinalamos aquí un resumo das medidas lexislativas establecidas neste período de tempo:

- Restauración dos Colexios Maiores
- Creación do Secretariado de Publicacións, Intercambio Científico e Extensión Cultural
- Obrigatoriedade do ensino da relixión
- Obrigatoriedade da educación física e a formación política
- Os profesores quedan encuadrados no servizo da F.E.T. e das JONS, e os estudantes no SEU (Sindicato Español Universitario)

É verdade que tanto o ensino da formación relixiosa como a da educación física e formación política acabaron por non tomarse en serio e remataron por ser recoñecidas como "as tres Marías". Sen embargo, os doce anos de política de Ibáñez Martín poden cualificarse a nivel universitario de política católica e española. Cando Ruiz Giménez accede ao Ministerio, comezaría unha nova época de talante máis liberal, aínda que tamén é verdade que se tomaron medidas restritivas, como o fortalecemento do SEU. Terminado o seu mandato, o seu sucesor, Jesús Rubio García-Mina, iniciaría unha xestión máis pacificadora. Coa chegada da Lei de Ordenación Universitaria de 1965, de Lora Tamayo, fixeron aparición os movementos de contestación estudiantil, cuxas medidas represivas (presenza da policía armada nos campus universitarios, entre outras.) non foron eficaces. Cunha universidade convulsionada, presaxio de novos tempos, cesa Lora Tamayo en maio do 68 (o célebre maio francés), dando paso ao equipo de Villar Palasí, xestor e impulsor da LXE (1970).

[47] *Ibidem* p. 375.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 138

2.1. O nacional-catolicismo e a escola

a) A nova Lei de 17 de xullo de 1945

Sabemos que, a partir de 1936, quedaba en suspenso a Constitución de 1931. Catro Leis Fundamentais, previas ao Concordato de 1953 (Foro do Traballo, Lei das Cortes, Foro dos Españois (onde hai un apartado importante para o ensino) e Lei de Sucesión) sustentaban o Réxime. Coa Lei de 1945, o modelo de escola católica atopaba a súa normalización, confirmada logo no Concordato de 1953, que "volvía a recoñecer a relixión católica como 'a única' da nación española"[48]. Diría posteriormente o Ministro de Educación Nacional. "Non haberá lexislación escolar algunha de cantas dictáronse nos países civilizados durante os últimos cen anos que avantaxe pola súa fidelidade á doutrina católica"[49].

A escola debía, pois, ser perante todo católica. Sabemos que o elemento relixioso xa viña de atrás, cunha guerra que fora sinalada como "Cruzada". Escribía o Bispo de Ourense nunha pastoral en *Ecclesia*: "É necesario que o ensino todo estea como saturado de relixión e cristiandade, que a relixión o embeba e anímeo todo, constitúa o ambiente da escola"[50].

O 17 de xullo de 1945 aparecía a nova Lei de Educación Primaria. Comeza así a época da Nacional-Catolicismo. A Lei de 1945 comezou a xestarse en 1943 (sábese que incluso antes, a partir de 1939), coa participación do Primado da Igrexa, Plá e Deniel. A lei poñía a escola enteiramente ao servizo da Igrexa Católica. Fuxiu do sincretismo da de 1943, sobre Universidades, no que fai á presenza Falanxe-Igrexa, a favor da segunda. Recolleu plenamente a doutrina canónica da Igrexa e o contido das encíclicas, singularmente da *Divini Illius Magistri* de Pio XI (31/12/1929). A elaboración formal iniciábase, pois, en 1943, no pontificado de Pio XII (Papa desde 1939). No contexto deste clima, o Estado asinaría co Vaticano uns acordos (1946) "que favoreceron extraordinariamente o desenvolvemento dos seminarios e universidades e proporciona á Igrexa garantías sociais e políticas (...)"[51].

Por esta Lei a escola chegaba a ser un instrumento de apostolado ao servizo directo da Igrexa e, xa que logo, do Goberno, á vista da concepción e o modelo de formación cristiá do Mestre. No seu articulado sinalábase, entre os instrumentos pedagóxicos para a formación do Mestre, unha capela[52], que garantía, ademais da instrución, as prácticas relixiosas.

---

[48] García Regidor, "Iglesia y Estado ante la Educación", en B. Delgado, *Historia de la Educación en España y América*, Madrid, Morata, 1994, p. 861.

[49] Véxase Gervilla, *Op. Cit.*, p. 189.

[50] Véxase *Ecclesia*, 189 (1945), p. 19. Tomado de Mayordomo Pérez, A.: Estudio preliminar a *Historia de la Educación en España. Textos y Documentos. V. Nacional-Catolicismo y Educación en la España de posguerra (I)*. Madrid, MEC, 1990.

[51] Vid. T. García Regidor, *Op. cit.*, p. 861.

[52] Sobre esta cuestión temos presentado a comunicación "Elementos [materiales] para el culto en la formación de las maestras. La Escuela del Magisterio 'Santa Teresa de Jesús' de Pontevedra (1945-1964)", en XII Coloquio Nacional de Historia de la Educación, sobre *Etnohistoria de la Escuela*, Universidad de Burgos, SEDHE, 2003, pp. 429-436.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 139

A Lei de 17 de xullo de 1945 sobre Educación Primaria (BOE, 18/7)[53] divide as ensinanzas (de carácter cíclico) segundo a seguinte clasificación: a) instrumentais, b) formativas (onde aparece en primeiro lugar a relixión) e c) complementarias.

A Lei sinala no Capítilo I do Título IV, dedicado ao mestre, que, entre os seus deberes e dereitos, está o de cooperar coa familia, a Igrexa e as institucións do Estado. Coa Igrexa, "mediante o respeto filial á mesma, a condución dos nenos á misa da Parroquia os días de precepto e unha perfecta intelixencia co Párroco que permita o seu eficaz acción apostólica nos escolares feligreses". Estimular a súa vocación como servizo debido a Dios e á Patria.

O ensino da Relixión na Escola Primaria, segundo se contemplaba na lei, era irrealizable sen a precisa preparación dos mestres nas Escolas Normais. Hai que ter en conta que no novo marco que seguiu á guerra civil, dentro dunha sociedade dividida en vencedores e vencidos, se lle encomenda especialmente á muller a misión de transmitir a ideoloxía da nacional-catolicismo: "Mulleres para Dios, para a Patria e para o Fogar"[54].

a) A formación de mestres e mestras: As escolas do maxisterio

Nun Discurso pronunciado diante das Cortes Españolas na sesión do 14 de xullo de 1945, en relación coa que ia ser a nova Lei de 17 de xullo de 1945 sobre Educación Primaria, o Ministro de Educación Nacional, José Ibáñez Martín, referíndose á formación dos mestres e mestras, afirmaba:

> "Desaparecen así da nosa vista as vellas Normais, unha de tantas fracasadas creacións do enciclopedismo liberal, para converterse nas novas Escolas do Maxisterio, que son como seminarios pedagóxicos vivos onde o futuro mestre vai a educarse fundamentalmente na difícil profesión de ensinar. Ampliación cultural dalgunhas disciplinas; intensificación da doutrina e das prácticas relixiosas e metodoloxía da Relixión; formación sólida nos principios que inspiraron a historia nacional (...)"[55].

En 1945, coa nova Lei de Educación Primaria, as Escolas Normais do Maxisterio Primario deixan de ser un centro único, pasando a denominarse Escolas do Maxisterio.

O Capítulo II da Lei está dedicado á "formación do Mestre". Nel de xeito ben patente indícase que as Escolas do Maxisterio son institucións docentes dedicadas á formación do maxisterio público e privado. Que "cun ambiente espacial e con unha metodoloxía apropiadas están chamadas a espertar e vigorizar as dotes vocacionais dos alumnos e o sentimento relixioso e humano...". Sinala os seguintes tipos de Escolas: Públicas do Estado, da Igrexa e privadas. As da Igrexa concederán títulos para o exercicio da docencia nas

[53] Ademais dos citados traballos de Navarro Sandalinas e Gervilla Castillo, para o análise da Lei, vid. Gregorio Cámara Villar, *Nacional-Catolicismo y Escuela. La Socialización Política del Franquismo (1936-1951)*, Madrid, Hesperia, 1984.

[54] Vid. María del Carmen Agulló Díaz, "Mujeres para Dios, para la Patria y para el Hogar" (La educación de la mujer en los años 40), *Mujer y Educación en España 1868-1975*. VI Coloquio de Historia de la Educación. Universidad de Santiago, 1990, pp. 17-26.

[55] José Ibáñez Martín, "En torno a la nueva Ley de Enseñanza Primaria", *Revista Nacional de Educación*, 55 (1945), pp.11-34. A traducción é nosa.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 140

Escolas primarias da mesma Igrexa e nas de Padroado de carácter relixioso. Para exercer nas primarias nacionais débese aprobar un exercicio de conxunto diante dun Tribunal. Así, pois, recoñécese á Igrexa (art. 3º) o dereito á creación de escolas do Maxisterio. É neste contexto no que se sitúa o nacemento de Escolas do Maxisterio da Igrexa. Para Galicia, por exemplo, Cámara Villar sinala unicamente a Escola "Luis Vives" de Tui, ata 1951[56]. No A.H.U.S. constatamos a partir de esa data a aparición das Escolas do Maxisterio da Igrexa, "María Sedes Sapientiae" (Vigo), "A nosa Dona dos Remedios" (Santiago de Compostela), "Sagrado Corazón de Xesús" (Ferrol) e "Xesús Maestro" (Ourense)[57].

Lembremos neste sentido o que sinala o artículo 60 da Lei de 17 de xullo de 1945:

> "Advocación e nome.- As Escolas poñeranse baixo a mesma advocación que para as Escolas Primarias determina o artigo 16 [art. 16.- Advocación.- Todas as Escolas se colocan baixo a advocación de Xesús, Mestre e modelo de educación]. Cada Escola será titulada co nome dunha figura ilustre da Pedagoxía nacional, principalmente de fundadores de institucións ou métodos de orixinalidade española".

De acordo con estas orientacións, temos rexistradas para Galicia as Escolas de Maxisterio de Pontevedra, denominadas "Santa Teresa de Xesús" (mestras) e "Concepción Arenal" (mestres); en Ourense, "Pai Feijoo (mestres) e "Concepción Arenal" (mestras); en Santiago, "López Ferreiro" (mestres) e "Isabel A Católica" (mestras); na Coruña, "María Pita" (mestras); en Lugo, "Bispo Odoario" (mestres) e "Santa María" (mestras). O crucifixo e unha imaxe da Virxe presidirían as dependencias dos Centros. En cada aula habería, ademais, un retrato do Xefe do Estado.

Na organización interna das Escolas do Maxisterio (art. 64), sinálase que se regulamentarán as condicións que deberán reunir os instrumentos pedagóxicos da formación do Mestre, como libros, material funxible escolar, material permanente e mobiliario, edificio, capela, etc. Á parte das horas lectivas, caberán as actividades dirixidas a formar na orde relixiosa, patriótica, social e física. Unha O.M. de 9 de outubro de 1945 concretaba as normas de funcionamento dos cursos.

A Lei de 1945 indica que as escolas mixtas serían rexentadas por mestras. Debido a esta circunstancia, descendeu o alumnado masculino nas Escolas Normais. De aí que os anos 50 caracterizáronse pola presenza dun maxisterio feminizado; as mesmas Escolas do Maxisterio serán, desde o punto de vista do profesorado, centros nos que constata unha presenza feminina importante en relación a outros centros onde se necesitaba parecida ou igual titulación.

O Plano de estudos aparece regulado por OO.MM. de 14 e 16 de outubro de 1946. En calquera caso, en 1950 aparece un novo Plano de Estudos. O Regulamento de Escolas do Maxisterio, publicado segundo Decreto de 7 de xullo de 1950, que co Plano de Estudos

---

[56] A Escola "Luis Vives", dos HH. Maristas de Tui foi creada o 30 de xuño de 1951 (véxase G. Cámara Villar, *Op. cit*, pp. 276-77, onde figura a relación de Escolas del Maxisterio da Iglesia hasta 1951.

[57] Destas Escolas temos atopado algunha documentación no Arquivo Histórico Universitario de Santiago (A.H.U.S.).

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 141

dese ano introducía unha certa flexibilización, concedendo maior importancia aos contidos científico-pedagóxicos e profesionais dos mestres e mestras, aínda que sen grandes cambios, sinala no seu artículo 4º que "en cada Escola do Maxisterio haberá unha Capela que estará a cargo do Capelán do Centro, o que coidará da dirección espiritual dos alumnos. De acordo co Director, disporá os actos de Culto. Os gastos que se orixinen serán satisfeitos con cargo a consignación especial". Á igual que no Plano de 1945, quedaba sempre a salvo a separación de sexos.

O Plano de Estudos que se deriva da Lei de 1945, foi, despois do de 1914, o de maior duración para a formación do maxisterio. Xunto á presenza fiscalizadora da Igrexa, coa colaboración en moitos casos dos curas das respectivas parroquias, e á vixiancia da Inspección, deu cobertura legal e obrigou a ir nunha dirección determinada a moitos mestres e mestras naqueles anos duros do Franquismo. Moitos deles, para poder sobrevivir, tiveron necesariamente quee refuxiarse no que vimos en denominar "exilio interior"[58].

CONCLUSIÓNS

Intentamos presentar ao longo destas páxinas algunhas das características de dous modelos educativos enfrontados: o da escola republicana e o da escola nacional-católica. En medio, a depuración do profesorado e os primeiros anos do franquismo despois da guerra, coa loita entre a Falanxe e a Igrexa, que se resolveu a favor da segunda, sen apartarse demasiado do modelo de escola que se pretendía implantar.

Sinalabamos na introdución a este traballo que, para entender a complexidade, amplitude e dureza do proceso de depuración posto en marcha polo franquismo, hai que atender aos proxectos de reforma pedagóxica postos en marcha pola Segunda República e ao rexeitamento co que aqueles proxectos foron recibidos pola ideoloxía da dereita. Este rexeitamento fíxose xa visible, como puxemos de manifesto, durante o curto período da experiencia republicana. Despois viría a actuación represiva do "Estado novo", fronte ás ideas defendidas pola "perversa anti-España" (liberalismo, democracia, socialismo). Pero non foron as represalias o peor, senón a montaxe dun plano implacable por parte do réxime para desmontar todo o que se tiña acadado ata entón.

O laicismo, a coeducación, a organización democrática do ensino foron algunhas das conquistas do fugaz lampo republicano. O ruído enxordecedor e tráxico do fracasado golpe de Estado e a posterior contenda civil desbotaron aquel proxecto de ilusión e de esperanza. A represión que se puxo en marcha tivo como finalidade destruír o labor escolar republicano, acabar co laicismo, coa coeducación, coa democratización do ensino e con toda innovación pedagóxica, defendidos tamén pola ILE, centro de atención e rancor das "autoridades" do novo réxime.

[58] Vid. A.S. Porto Ucha, "De rexeitados a esquecidos. O exilio interior dos mestres e mestras galegos depurados polo franquismo", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 9 (2005), pp. 15-36.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 142

Sinalaba Víctor Juan Borroy, con motivo da aparición do libro *La institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*[59], que máis que a compoñente técnico-pedagóxica, os principios didácticos ou as innovacións metodolóxicas, "o esencial é, sen ningún xénero de dúbida, o proxecto emancipador que a pedagoxía da Institución Libre de Ensino encerraba. A liberdade, o laicismo, a educación entendida como un dereito irrenunciable de todos, o respecto á conciencia do mestre e do neno...". Tales principios atopaban, xa preto da desaparición da ILE, o campo cuitado para a súa fructificación, a partir da Constitución de 1931. Non puido ser. Lémbranos Fernández Soria en *Educación e cultura durante a guerra civil* como, fronte a esta concepción, baseada no respeto á conciencia do neno e do mestre, rexéitase o naturalismo roussoniano; fronte á consideración positiva do ser humano, renace de novo a postura de que o home é malo por natureza e necesita da graza, da autoridade e da disciplina, do tradicional autoritarismo pedagóxico. Esa volta á tradición no ámbito educativo alimentarase dos contidos da España gloriosa e imperial. Se repudia a Ilustración do século XVIII, as Cortes de Cádiz e a ILE. Será o século XVI ao que se volvan as miradas, o sistema de repetición, o método xesuítico ou as Escolas Pias.

Xa o mesmo Morente Valero sinala nas conclusións de *La depuración del Magisterio Nacional* que a depuración, ademais de castigar as condutas, serviu para axustar o perfil ideolóxico do profesorado á nova escola que se pretendía implantar. Ademais, entendíase que a sorte do novo réxime (tamén o fóra anteriormente para os do modelo republicano) dependía en boa maneira da escola. De aí o seu papel como axente de socialización e a coidada atención á formación e á selección do profesorado. Na lexislación da época quedan ben determinados os rasgos da escola franquista: relixosidade exacerbada e ritualista, nacionalismo excluínte, homoxeneizador e imperialista, identificación relixión católica-nación española.

En "A consolidación do 'Estado católico' (1939-1953)", do citado texto de García Regidor recóllese este privilexio para a identificación entre catolicismo e educación española, que aparece manifesto na *Ley de Educación primaria de 1945*, na que se acentúa o carácter católico como principio fundamental: recoñécese á Igrexa ao dereito á creación de escolas primarias e de escolas do Maxisterio, o dereito á vixiancia e inspección de todo ensino, en canto teña relación coa fe e os costumes. Establécese que a educación primaria, inspirándose no catolicismo, consustancial coa tradición española, debe axustarse aos principios do dogma e moral católicos. Foron anos de afianzamento do "espírito nacional" xurdido da "cruzada" e, polo menos en aparencia (promovidos intencionalmente, pero de forma artificiosa), a coincidencia cos plans de estudo foi total.

Apunta tamén Morente Valero que a contrarrevolución na escola do franquismo non se limitou ao plano ideolóxico, tamén ao abandono de toda innovación modernizadora na educación: tradición no pedagóxico (non hai máis que fixarse nas figuras da historia da educación seleccionadas como referente), abandono da coeducación, establecemento

[59] Vid. "Novas", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 9 (2005), pp. 197-199.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 143

dun modelo de organización escolar non democrática nin participativa, fortemente xerarquizada, autoritaria, fiscalizadora para os docentes, cun evidente abandono das responsabilidades do Estado en materia educativa. Afectou a aspectos fundamentais do novo sistema educativo, co abandono da escola única ou unificada, no seu dobre significado como novo concepto de organización escolar e como movemento social, que posibilitara o ascenso dos estudantes e a carreira profesional; a situación de vía morta para a educación primaria, os programas de educación popular (as Misións Pedagóxicas de raíz institucionista, non as do franquismo), o ensino medio como propedéutico para unha universidade ideoloxizada, a desconsideración da formación profesional (só tivera algún eco no Fuero do Traballo), as disposicións sobre construcións escolares, a formación dos docentes, as retribucións dignas, a entrega ao sector privado, etc. Á parte dos incipientes signos de apertura que alborean arredor da LXE, non sería ata moito máis tarde, no 1985 coa LODE, cando se retoman algunhas destas iniciativas.

Como se puxo de manifesto con anterioridade, a relixión e a moral ocuparon un lugar central no novo modelo de escola nacional-católica a construír. De aí a atención a aspectos tales como o matrimonio e as relacións afectivas, penalizándose condutas e ideas contrarias ás que se impoñían sen máis criterio que a autoridade mal entendida e sempre desmedida e o terror. En consonancia co sinalado anteriormente, tamén se castigou aos que se tiñan distinguido pola defensa na aplicación de novas tendencias pedagóxicas, de carácter neutral, racional e activo. Como apunta Morente Valero, a quen seguimos, había a pretensión de volver a unha pedagoxía arcaizante, que, como sinalara Romualdo de Toledo, tiña nas ordes monásticas o seu “máis preclaro modelo”. Como consecuencia de todo isto, o maxisterio converteuse nun colectivo que, durante moitos anos, dificilmente ía asumir a innovación e a modernización educativa.

Diante de tal panorama, a moitos profesionais do ensino, que sobreviviron á traxedia da guerra [in]civil, o sector máis preparado e máis comprometido co movemento innovador republicano, non lles quedou máis saída que sumirse no seu particular e angurioso “exilio interior”. Certamente, unha das modalidades máis frecuentes de exilio interior foi o cárcere. Outra variedade foi a de agocharse. Houbo exilio da familia, do ocio e dos amigos. A clandestinidade política. O silencio e o esquecemento. O rexeitamento dos demais. A culpabilidade, a espera, a penuria económica, a non posibilidade de acceso á escola.

O traslado converteuse en moitos casos en auténtico desterro, especialmente para os que tiveron que abandonar o país. Debido a que algúns optaron por esta última saída, o maxisterio viuse privado de elementos moi valiosos. Ademais de medo, houbo moito desengano e decepción, distintos comportamentos e vías de fuga. Non é fácil xeralizar. Fronte á ilusión da época republicana, houbo que soportar moitas cousas. Uns estiveron dispostos a facelo. Outros, non tan facilmente. Xorde, así, outra variedade de exilio interior máis difícil de delimitar nas súas manifestacións, xa que se debía actuar con prudencia: o exilio como resistencia. Está relacionado coa non renuncia a vivir os acontecementos, a pesar do amordazamiento a que se está sometido.

Outra cuestión foi a preparación científico-cultural, que afectou ao que poderíamos denominar exilio interior da cultura. Relacionada con iso estivo o feito de que moitos pro-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 144

fesionais, que recibiran unha formación axeitada durante a Segunda República, outra forma de entender a educación, tiveron que convivir cos seleccionados atendendo a criterios ideolóxicos, aos formados, de maneira "acelerada" polos novos planos de estudo: Plano Provisional de 1940, Plano de Cultura Xeral de 1942 e seguintes (Plano de 1945 e Plano de 1950).

En todo caso, o franquismo beneficiouse tamén do exilio interior dos mestres e mestras, que continuaron desenvolvendo o seu labor, aínda en circunstancias extraordinariamente difíciles.

BIBLIOGRAFÍA

AA. VV. (1940): *Una poderosa fuerza secreta. La Institución Libre de Enseñanza*, San Sebastián, Editorial Española.

AGULLÓ DÍAZ, C. (1990): "Mujeres para Dios, para la Patria y para el Hogar" (La educación de la mujer en los años 40), *Mujer y Educación en España 1868-1975*. VI Coloquio de Historia de la Educación, Universidad de Santiago de Compostela, pp. 17-26.

ALTED VIGIL, A. (Coord.) (1996): *Entre el pasado y el presente. Historia y memoria*, Madrid, UNED.

CAMARA VILLAR, G. (1984): *Nacional-Catolicismo y Escuela*, Jaén, Hesperia.

CASO J. de (1885): "Unha misión pedagóxica", *Revista de España*, Madrid, Tip. de "O Correo".

Constituciones Españolas, Madrid, Edición conjunta del Congreso de los diputados y el Boletín Oficial do Estado, 2001.

COSSÍO, M. B. (1934): "Las Misiones Pedagógicas", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, LVIII, pp. 97-104.

FERNÁNDEZ SORIA, J.M. (1984): *Educación y cultura en la Guerra Civil (España 1936-39)*, Barcelona, NAU Llibres, 1984.

FERNÁNDEZ SORIA, J. M. (1986): "A educación na España republicana durante a guerra civil. Ideoloxía e praxis", en *Primeras Jornadas de educación, "Lorenzo Luzuriaga" y la política educativa de su tempo/Ponencias*, Ciudad Real, Diputación de Ciudad Real.

GARCÍA DE CORTÁZAR, F. (2006): *Los perdedores de la Historia de España*, Madrid, Planeta.

GARCÍA REGIDOR, T. (1994): "Igrexa e Estado diante da Educación", en DELGADO, B.: *Historia de la Educación en España y América*, Madrid, Morata, t. 3, pp. p. 861.

GERVILLA CASTELO, E. (1990): *La Escuela del Nacional-Catolicismo. Ideología y educación religiosa*, Granada, Impredisur.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 145

HISTORIA DE LA EDUCACIÓN EN ESPAÑA. IV. LA EDUCACIÓN DURANTE LA SEGUNDA REPÚBLICA y LA GUERRA CIVIL (1931-1939). Estudio preliminar y selección de textos y documentos, por Antonio Molero Pintado, Madrid, MEC, 1991.

IBÁÑEZ MARTÍN, J. (1945): "En torno a la nueva Ley de Enseñanza Primaria", *Revista Nacional de Educación*, 55, pp. 11-34.

LUZURIAGA, L. (2001): *La escuela única*, Edición y estudio introductorio de Hermino Barreiro Rodríguez, Madrid, Biblioteca Nueva.

MAYORDOMO, A.(1999): "Aproximación a enfoques y tempos de política educativa", en MAYORDOMO, A. (Coord.) et alii., *Estudios sobre la política educativa durante el Franquismo*, Universitat de València, Dpto. de Educación Comparada e Historia da Educación, pp. 7-39.

MENÉNDEZ PELAYO, M. (1913-1932): *Historia de los heterodoxos españoles*, Madrid, Victoriano Suárez.

MORENTE VALERO, F. (1997): *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacio*nal (1936-1943), Valladolid, Ámbito.

NAVARRO SANDALINAS, R. (1990): *La enseñanza primaria durante el franquismo (1936-1975*), Barcelona, PPU.

NEGRÍN FAJARDO, O. (2005): "Prólogo", en PORTO UCHA, A.S., *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia (1876-1936*), Sada- A Coruña, Ediciós do Castro, pp. 9-25.

OTERO URTAZA, E. (1984): "El Patronato de Misiones Pedagógicas y los nuevos medios de comunicación social", *Bordón,* 252. Monográfico dedicado a la segunda república.

OTERO URTAZA, E. (1982): *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, Sada - A Coruña, Ediciós do Castro.

PATRONATO DE MISIONES PEDAGÓGICAS (1934): *Misiones Pedagógicas* (Setembro de 1931, Decembro de 1934), Madrid, Aguirre.

PÉREZ GALÁN, M. (1975): *La enseñanza en España durante la II República*, Madrid, Cuadernos para el Diálogo.

PORTO UCHA, A.S. (2003): "Elementos [materiais] para o culto na formación das mestras. A Escola do Maxisterio 'Santa Teresa de Jesús' de Pontevedra (1945-1964)", XII Coloquio Nacional de Historia de la Educación sobre *Etnohistoria de la Escuela*, Universidade de Burgos, SEDHE, pp. 429-436.

PORTO UCHA, A. (2004): "Decreto de organización del Patronato de Misiones Pedagógicas. 29 de mayo de 1931", en Olegario NEGRÍN FAJARDO (Dir.), *Historia de la educación en España. Autores, textos y documentos*, Madrid, UNED, pp. 565-570.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 146

PORTO UCHA, A.S. (2005): "De rexeitados a esquecidos. O exilio interior dos mestres e mestras galegos depurados polo franquismo",*Sarmiento. Anuario Galego de Historia dá Educación*, 9, pp. 15-36.

PUBLICACIONES DE LA RESIDENCIA DE ESTUDANTES (2003): *Val del Omar y las Misiones Pedagógica*s, Madrid.

PUELLES BENÍTEZ, M. de (1980): *Educación e ideología en la España contemporánea*, Barcelona, Labor.

REVAQUE, J. (2005): *Periodismo educativo de un maestro republicano*, Estudo preliminar de Vicente González Rucandio, Santander, Servizo de Publicacións da Universidade de Cantabria.

SÁINZ RODRÍGUEZ, P. (1938): *La escuela y el Estado Nuevo*, Burgos, Fillos de Santiago Rodríguez.

SAMANIEGO BONEU, M. 1977): *La política educativa de la segunda república*, Madrid, CSIC.

SÚÑER, E. (1937): *Los intelectuales y la tragedia española*, San Sebastián, Editorial Española.

TIANA FERRER, A. (1987): *Educación libertaria y revolución social. España (1936-1939)*, Madrid, UNED.

TUSELL, J. (1992): *Franco en la guerra civil*, Barcelona, Tusquets.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 147

ISSN: 1138 - 5863

A participación das mulleres ourensás no ensino secundario (1900-1930)

The participation of women from Ourense in secondary schools (1900-1930)

Carmen BENSO CALVO

Rosa María CID GALANTE

Universidade de Vigo

RESUMO: Neste texto analízase a evolución da incorporación da muller ourensá nos estudos secundarios no contexto galego e español, e mesmo cal era o pefil sociolóxico destas primeiras pioneiras así como o seu rendimento académico. Todo elo permitirá achegarmonos a derterminar cal era o interese que as move a realizar estudos sabendo que a mentalidade da época lles era adversa.

PALABRAS CHAVE: Educación feminina, ensino secundario, segregación cultural, clase social, Ourense, rendemento académico, legalidade.

ABSTRACT: This text analyzes the evolution of the incorporation of women from Ourense into secondary schools in Galicia and on a national level, focusing on the sociological profile of these early pioneers and on their academic performance. This has enabled us to speculate on what drove them to carry out these studies, even though they were well-aware that the mentality at that time was against them.

KEY WORDS: Woman's education, secondary education, cultural segregation, social class, Ourense, academic performance, legality.

1.-Da exclusión á coinstrución: a lenta incorporación das mulleres no bacharelato en España

Se difícil foi admitir o dereito da muller en España a incorporarse ao sistema educativo nacional deseñado polo liberalismo moderado, de ningún xeito podía pensarse que esta quixese ir máis alá da aprendizaxe acadada no ensino primario, pois a educación secundaria pensábase para unha minoría de privilexiados chamada a formar parte das clases dirixentes, prototipo onde non tiña cabida a muller. Por tal motivo, existía un baleiro legal

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 148

ao respecto, aínda que como ben di Consuelo Flecha, grande coñecedora do tema, lexislar non significa resolver o problema [1].

Na consideración que se tiña da muller a mediados do século XIX —momento en que se configura a ensinanza secundaria moderna— e no papel asignado a ela por parte dunha sociedade de réxime patriarcal non se contemplaba que esta aspirara a unha maior formación educativa que a adquirida no ensino primario pois non ía exercer nin unha profesión liberal nin dedicarse a actividades industriais, mercantís, profesionais, etc., para as que habilitaba unha maior instrución —na ensinanza media e superior. A lexislación escolar decimonónica nin sequera regulaba o acceso das alumnas ao ensino secundario nin universitario, pero tampouco o inhibía, de aí a incerteza que se viviu nos centros ante as primeiras solicitudes de ingreso[2].

As primeiras irrupcións da alumnas nos institutos comezaron a producirse no Sexenio Revolucionario e provocan a consabida axitación e asombro no persoal do establecemento. A falta de previsión fixo que os centros elevaran a consulta á Administración, que polo baleiro legal do momento e á espera de dar unha solución definitiva ao problema que se suscitaba, determinou que as mulleres puideran matricularse e examinarse pero non asistir ás clases. Non se producía, polo tanto, un ingreso automático, pois debían realizar os estudos de forma doméstica ou privadamente para evitar a coeducación no centro. Pero a situación foi cobrando cada vez maior complexidade cando algunhas comezaron a solicitar o título de grao, o que aumentou o desgusto do persoal do centro e a propia Administración, que de novo debía enfrontarse a algo imprevisto. As instancias políticas ditarán a Orde do 22 de xullo de 1878, que lles outorgaba ás alumnas o dereito de expedirlles dita titulación, pero coa aclaración de que esta non levaba consigo ningunha capacitación profesional, tratándose simplemente dun certificado de estudos "tan necesarios para elevar o nivel intelectual da muller" [3].

Esta traxectoria vaise ver truncada no curso 1882-83 ao decidirse que o ensino secundario quedaba vetado ás mulleres por consideralo innecesario e inútil para estas. Por fortuna esta medida tivo unha curta duración, pois o 23 de setembro de 1883 unha Real Orde autorizaría de novo ás mulleres cursar o bacharelato. Non obstante, existía outro obstáculo que minguaría, sen dúbida, o interese de moitas a realizar os estudos secundarios, tratábase da prohibición da admisión de mulleres na Universidade decretada no RD de marzo de 1882 e que permanecería vixente ata 1885[4].

---

[1] Consuelo Flecha García, "Profesoras y alumnas en los Institutos de Segunda Enseñanza (1910-1940)", *Revista de Educación*, número extraordinario, 2000, p. 270.

[2] Antonio Viñao Frago, "Espacios masculinos, espacios femeninos. El acceso de la mujer en el bachillerato", *Mujer y educación en España 1868-1975,* VI Coloquio de la Historia de la Educación, Santiago de Compostela, Departamento de Teoría e Historia de la Educación, 1990, pp. 570-574.

[3] Vid.: Antonio Viñao Frago,"La crisis del bachillerato tradicional y la génesis de la educación secundaria. ¿Necesidad o virtud", *Pasado, presente y futuro de la Educación Secundaria en España* en Nieves Gómez García (ed), Sevilla, Kronos, 1996, p. 140; "Espacios masculinos, espacios femeninos...", *Op. cit.,* p. 568-569.

[4] Vid: Consuelo Flecha García, "La incorporación de las mujeres a los Institutos de Segunda Enseñanza en España.", *Historia de la Educación. Revista interuniversitaria*, 17, 1998, pp. 172-173; Las primeras Universitarias en España, 1872-1910, Madrid, Narcea, 1996, pp. 89 e 90.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 149

Entre tanto suscitárase un intenso debate —paralelo ao que se estaba a producir por aquel entón sobre a perspectiva que debía adoptar o bacharelato en xeral— acerca de se as alumnas accedían á secundaria para unha simple ampliación de saberes ou como paso previo á universidade. A impresión de Benito Pérez Galdós era que estes estudos estaban destinados a señoritas da clase media e superior co obxectivo de adquirir un saber relixioso, catro regras de aritmética, historia sagrada, piano, francés, etc.[5]. Non se decantaba nin a favor nin en contra desta nova achega pero reflectía unha realidade da época. Non obstante, expertos autores en educación como Pedro de Alcántara García, profesor da Escola Normal de Mestras, membro da Asociación para o ensino da muller e abandeirado da renovación educativa en España, e os propios Conselleiros de Instrución Pública, manifestaban de forma clara a súa opinión ao respecto. Sostiña o citado pedagogo que o ensino secundario para a muller valía tanto como dicir cultura ou educación xeral, debendo adaptarse estes estudos á natureza —distinta e inferior á do home, por suposto— e destino da muller para que formaran boas esposas e nais máis cultas e sempre evitando que se convertera en "bacharel" sabia. Se fose necesario, poderíase estimar a posibilidade de configurar unha segunda ensinanza específica para a muller cun currículo e establecementos propios, como estaban facendo algúns países europeos na época[6]. Polo tanto, a opinión dominante nas últimas décadas do século XIX respecto á educación das mulleres era a de admitir unha maior formación cultural que a proporcionada pola escola primaria adaptada ás súas necesidades e nunca cunha intención de acceder á Universidade nin de exercer as profesións para as que habilitaban os estudos superiores. Deste modo concibíanse as ensinanzas do bacharelato —disciplinas illadas ou cursos completos— como auténtico "pasatempo", cunha función similar á tradicional "ensinanza de adorno" que recibían as mulleres burguesas da época.

Unha vez que se permitiu ás primeiras mulleres acceder a estes estudos continuará a obrigada separación académica-institucional de alumnos por oficial e alumnas pola ensinanza doméstica reflectida nunha Real Orden do 11 de xuño de 1888 con carácter xeral[7]. Idea da que era partidaria Concepción Arenal manifestando no Congreso Pedagóxico de 1892 que o ambiente que reinaba nos Institutos era pouco recomendable para as mulleres[8]. Igualmente os estudos poderíanse facer de forma oficial se a Administración, tras a preceptiva consulta elevada á superioridade, resolvíao favorablemente. Temos constancia da remisión favorable dada polo Reitor de Santiago Don Romero Blanco en marzo de 1893 a unhas alumnas que querían cursar estudos no Instituto de Ourense:

> "El Ilmo. Director General de Instrucción Pública con fecha 27 del actual me dice lo siguiente: En 20 de Septiembre último se comunicó a ese Rectorado la orden siguiente. Vistas las instancias elevadas por Doña Inés Hernández San Martín y Doña María de la Luz Rodríguez Salgado en

[5] Benito Pérez Galdós, "La revolución de julio", *Episodios Nacionales*, Madrid, Aguilar, 1971, tomo III, p. 849.

[6] Pedro Alcántara García, "Caracteres, sentido y dirección de la educación fundamental de la mujer", *Revista de España*, tomo CIV, maio-xuño 1885, pp. 210-213, cit. por Consuelo Flecha García., "La incorporación de las mujeres...", Op.cit., 161.

[7] P. Ferrer y Rivero, *Tratado de la Legislación de Primera Enseñanza*, Madrid, Librería de los Sucesores de Hernando, 1915, p. 77.

[8] Vid.: Raquel Vázquez Ramil, *La Institución Libre de Enseñanza y su aportación a la Educación de la Mujer Española: la Residencia de Señoritas (1915-1936)*, Betanzos, Lugami, 2001, p. 57.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 150

> solicitud de matrícula en Segunda Enseñanza esta Dirección General se ha servido declarar que autorizada la mayor por las disposiciones vigentes para hacer los estudios del Bachillerato no necesitan autorización para efectuar las matrículas a que se refieren en las que pueden ser inscritas desde luego. Lo que traslado a VI. para su conocimiento y demás efectos".[9]

Dito proceso consultivo mantívose vixente ata a Real Orden de 8 de marzo de 1910 cando se derrogou a RO de 11 de xuño de 1888 e se admitiron as inscricións femininas sen limitacións e sen distinción por razón de sexos no ensino oficial e non oficial. É a partir de entón cando os centros tiveron que facer fronte a unha maior achega de mulleres que querían cursar estudos de bacharelato. Moitas delas xa accedían aos Institutos para dar cumprimento a obxectivos máis pretensiosos entre eles o acceso á Universidade ou a un traballo cualificado[10]. Pero un dos asuntos cruciais e de difícil resolución foi o tema da coinstrucción. A normativa de 1910, que autorizou a matrícula de mulleres no ensino secundario, non indicaba como debía facerse a organización espacial; polo tanto cada centro adoptou as medidas que consideraba máis oportunas, que eran similares en case todos Estas estratexias tiñan como finalidade evitar a xuntanza de alumnos e alumnas; por iso, nas aulas as mulleres adoitaban a permanecer xunto ao profesor se eran poucas, se o seu número aumentaba estarían apartadas nunha fila ou ao final da clase. No resto do edificio, durante os tempos de lecer era habitual dispensarlles diferentes espazos[11].. Evitar a educación mixta nas aulas, impedir o achegamento dos compañeiros e compañeiras, procurar que non se interferiran, etc., era cuestión de moralidade, aínda que en moitos foros —como por exemplo no Congreso de Luxemburgo de 1922— se manifestou que a coeducación, que existía nalgúns centros escolares españois, non estaba sendo en absoluto prexudicial para ningún dos dous sexos nin para o discorrer da vida do centro. Non obstante, a Reforma do Bacharelato de 1926 preocupouse de levar adiante as denominadas permanencias nos institutos, de forma que non coincidiran alumnos e alumnas nelas[12].

---

[9] AIOP, *Libro de Rexistro de Entrada*, caixa 137.1.

[10] Rosa María Capel Martínez, *El trabajo y la educación de la mujer en España (1900-1930)*, Madrid, Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer, 1986, pp. 414-415.

[11] Antonio Viñao Frago, "Espacios masculinos, espacios femeninos.... *Op.cit.*, p. 570-574. No Instituto Provincial de Lugo ao rexistrarse en 1909 unha muller no centro, o claustro tivo que tratar este punto. Considerábase que esta non debía estar no claustro da planta baixa entre os seus compañeiros e tampouco na sala de profesores; pensouse na biblioteca, pero creuse que se trataba dunha condena á quietude e ao silencio. Finalmente chegouse á conclusión de que había que deixala en liberdade para que ela mesma escollese o lugar que máis lle agradase. Vid.: Luciano Fernández Penado, *Historia viva del Instituto de Lugo*, Lugo, Deputación Provincial, 1987, pp. 120-121.

[12] Vid.: Consuelo Flecha García, "La coeducación un quehacer ético: memoria y presente", *Cuestiones Pedagógicas*, nº. 10-11, 1993-74, pp. 233; "la Educación de las mujeres después del 98" en, J. Ruiz Berrio et al. (ed), *La educación en España a examen (1898-1998), Jornadas Nacionales en conmemoración del centenario del Noventayocho*, Volume II, Zaragoza, Excma. Diputación de Zaragoza, 1999, p. 335; Antonio Viñao Frago,"·Espacios masculinos, espacios femeninos. El acceso de la mujer al bachillerato..."*Op. cit.*; "La crisis del bachillerato tradicional y la génesis de la educación secundaria... *Op.cit.*, p. 140; Patricia Delgado Granados, "La formación profesional en la mujer: 1900-1928" en Consuelo Flecha e Marina Núñez (eds), *La educación de las mujeres: nuevas perspectivas*, Sevilla, Universidad de Sevilla, 2001, pp. 70-71.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 151

A medida que medraba o interese das mozas por incorporarse aos estudos secundarios volveu pensarse na necesidade de concibir centros específicos de ensino secundario, tal como se debatera no Congreso Pedagóxico-Hispano-Portugués-Americano de 1892. En Galiza un dos defensores desta idea foi J. Vicente Viqueira López-Cortón, quen, nunha conferencia pronunciada en 1918, reclamaba a creación de institutos para a muller, pois indicaba que neles se lle ofrecería á muller a mellor educación xeral posible e unha preparación para cantas profesións puidera desempeñar[13]. Sen dúbida, significaría un importante incentivo para que houbese unha maior achega feminina nestes estudos, pero dita empresa requiría contar cunha demanda avultada de mulleres que fixera posible o seu sostemento, algo que non se conquistaría ata avanzado o primeiro terzo de século, que, tras a experiencia da creación dunha sección feminina nun instituto de bacharelato en 1911 e o funcionamento de dúas secciones separadas,—masculina e feminina— no Instituto-Escola, será en 1929 cando se instauran os primeiros institutos femininos en Madrid e Barcelona, inicialmente cun carácter local e posteriormente elevados á categoría de nacionais, onde se impartirían todas as ensinanzas de bacharelato vixente[14]. No mesmo ano, no Congreso Internacional de Segunda Ensinanza que se celebrou en Bucarest tratouse de cuestións relativas a espazos, profesorado, currículo, obxectivos e finalidade en relación á segunda ensinanza para as mozas, cuestións que suscitaron un acalorado debate entre o profesorado; nas conclusións recolleuse que a ensinanza secundaria debería comprender a mesma formación para os dous sexos, nas mesmas condicións e co mesmo profesorado, asuntos que suscitaban igualmente intensas disputas en España[15]. Debates que se deixaban traslucir a través da prensa ourensá, como o seguinte artigo asinado por Salvador Padilla quen se mostraba favorable á coeducación como un medio beneficioso para ambos os dous sexos:

> "Las Normales, los Institutos, las Escuelas de Comercio, las Universidades han de estar a la Orden del día para hombres y mujeres, abandonando los soñados peligros de la coeducación de los dos sexos...Lo que yo he visto es que esta coeducación ha sido beneficiosa para ambos sexos. El varón por instinto mide más sus palabras, se estimula por una noble emulación, establece una fraternidad casta con las compañeras; estas aconsejan como futuras madrecitas, evitan por pudor que los malos lo sean delante de ellas, interceden por ellos cuando se hacen acreedores a castigo, sacan dulcemente los colores a la cara a los desaplicados..."[16]

---

[13] Vid.: Johan Viqueira, "Conferencia" en *A Nosa Terra,* A Coruña, nº. 115, 20 de marzo de 1920, p. 6 en Mª Xosé Rodríguez Galdo (coord.) *Textos para a Historia das mulleres en Galicia,* Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999, pp. 535-536.

[14] Vid.: *Diccionario de Pedagogía Labor.* Voz "Institutos femeninos de segunda enseñanza", tomo segundo, Barcelona-Madrid-Buenos Aires-Río de Janeiro, Editorial Labor, 1936; Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera. Institutos y Universidades, II,* Valencia, Universidad de Valencia, 1994, pp. 145-147; Consuelo Flecha García, "La educación de las mujeres después del 98...", *Op. cit.,* pp. 336-337.

[15] Benso Calvo, Carmen "El debate en torno a la segunda enseñanza en el contexto internacional de principios del siglo XX: coeducación, formación pedagógica del profesorado y renovación de la práctica docente", *Revista Española de Educación Comparada* (en prensa)

[16] Salvador Padilla, "La mujer debe estudiar", *La Región,* 13-6-1930, p. 1

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 152

¿Que interese animaba ás mulleres a cursar este nivel educativo? Para algunhas, como dicía Pérez Galdós, o bacharelato dirixíase a ampliar sen máis a súa formación sen afastarse moito do modelo das ensinanzas de adorno. Para outras, as menos, o interese centrábase en conseguir a credencial para acceder á Universidade. Nada mellor para coñecer con precisión los intereses femininos no ensino secundario que facer un seguimento das alumnas que accederon ao bacharelato, ver a súa traxectoria académica e conxecturar acerca das motivacións que as animaron a realizalos.

Xa a comezos do século pasado, se queremos saber cales eran as pretensións das mulleres que accedían ao bacharelato debemos ter en conta que certas normativas puideron servir de motores para esa decisión; por exemplo, cando se permitiu validar os estudos de bacharelato cos de maxisterio —carreira moi demandada polas mulleres— e viceversa, cando despois de estudar algúns cursos de secundaria poderíase exercer como profesor/a nunha escola incompleta; cando os estudos de maxisterio se trasladaron aos institutos; cando o grao elemental do Plan Callejo se estipulou suficiente para acceder á carreira de Matronas, Institutriz, Taquígrafa ou Enfermeira e os superiores para a Universidade e o Maxisterio, etc.[17]. En definitiva, todos eles podían supor un incremento de mulleres, sobre todo pertencentes ás clases medias, nos institutos, pero iso si, tomándose as medidas pertinentes para paliar a presenza conxunta[18]. Mentres tanto tamén serviría de filtro para aqueles, tanto homes como mulleres, que simplemente pretendían conseguir unha cultura maior.

2.-A evolución do alumnado feminino no Instituto ourensán no primeiro terzo de século

Cunha sociedade manifestamente en contra de que a muller accedera a unha formación completa e de rigor e unha vontade política, expresada na lexislación, pouco decidida a estimular o seu ingreso no bacharelato, era previsible que se producise unha incorporación lenta e tardía. Así mesmo, a existencia dun só instituto de carácter público na provincia, pensado maiormente para unha demanda masculina porque estaba destinado a ocupar postos de relevancia na sociedade, forzaría a moitas a deixar a súa casa para trasladarse á capital para ver cumpridos os seus obxectivos —de tal forma que preferían a ensinanza doméstica ou privada. Así, debemos imaxinar denodadas inquedanzas naquelas primeiras mulleres que xa a finais do século XIX fixeron a súa incursión no Instituto provincial, entre as que teriamos que citar a Rafaela Rodríguez, primeira muller matriculada no centro, natural de San Eusebio da Peroxa, que ingresou no centro no curso 1880-1881 aos doce anos e no 1885 examinouse de grao de bacharelato obtendo uns brillantes resul-

[17] Vid.: Manuel Puellez Benitez, *Educación e ideología en la España Contemporánea,* Barcelona, Labor, 1986, p. 273; Emilio Díez de la Guardia, *Evolución y desarrollo de la enseñanza media en España de 1875 a 1930. Un conflicto socio-pedagógico,* Madrid, CIDE, 1988, pp. 379-381; Ministerio de Educación y Ciencia, *Historia de la Educación en España de la Restauración a la II República*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1989, pp. 123-132, 179-182, 218-227; Consuelo Flecha García, "Profesoras y alumnas en los Institutos de Segunda enseñanza...", *Op.cit.,* pp. 276-283.

[18] Consuelo Flecha García, "La educación de las mujeres después del 98".... *Op.cit.,* p. 328-329.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 153

tados[19]. Outra das pioneiras foi Carmen Martínez Hernández, nacida en Pontevedra en 1866, que realiza o exame de ingreso no 1884 pero opta pola ensinanza doméstica. Nas materias nas que se inscribiu conseguiría uns excelentes resultados. Finalmente, expedíuselle un certificado para a Escola Normal da capital[20]. Xa a finais do século, en 1891, o instituto contaba coa inscrición por libre de Dona Elisa Carnicero del Río, nacida en 1864 e natural de Vilardevós, que se examinou a unha idade bastante avanzada, aos 27 anos, das disciplinas nas que se inscribiu acadando o título de Grao en Bacharel en 1892[21].

Nin que dicir ten, que a partir dos anos oitenta, aínda que a presencia de mulleres sexa simplemente testemuñal, o Instituto converteríase nun centro mixto. Por iso, habería que pensar na estupefacción que se viviría no establecemento e, aínda que non temos documentos que nos describan as primeiras reaccións, é de supoñer que serían similares ás que se produciron noutros establecementos de secundaria dentro e fóra de Galiza[22]. Véxase a continuación como foi evolucionando a matrícula masculina e feminina no instituto ourensán.

Tomando como fonte base os rexistros de matrícula que se atopan no Arquivo do actual Instituto Otero Pedrayo púidose elaborar a táboa da evolución do alumnado por tipo de matrícula. Trátase dunha información de primeira orde a través da cal podemos saber o nome dos matriculados, a natureza, a idade e as materias nas que se inscribiron. Pero, ao non poder ter datos de toda a serie, houbo que recorrer a outras fontes como os anuarios estatísticos e as memorias de instituto, que, a pesar de seren fontes oficiais, deben considerarase con certos receos, ao non ser raro atopar diferentes datos para o mesmo ano[23]. A dificultade aumentou cando, ao botar man das memorias, estas presentaban as cifras totais do alumnado sen discriminar por sexo, polo que nos vimos na obriga de realizar un cálculo aproximado das alumnas, efectuando a diferenza entre o total que indicaban as memorias e o número de matriculadas entresacadas dos expedientes académicos[24]. Os resultados recóllense no cadro 1.

---

[19] No AIOP non figura o expediente académico desta muller, da que si hai constancia nos libros de rexistro. Por tal motivo, a información sobre a súa traxectoria escolar foi extraída de Consuelo Flecha. Vid.: Consuelo Flecha García, *Textos y documentos sobre educación de las mujeres... Op.cit,* p. 248.

[20] Esta muller matricúlase entre os anos 1884 e 1886 nas disciplinas de Latín e Castelán, Xeografía, Segundo de Latín e Historia de España. No curso 1886-1887 está inscrita en Aritmética e Álxebra, Retórica e Poética e primeiro de Francés, pero non tivo dereito a exame por non aboar as taxas. AIOP, *Expedientes académicos.* caixa 219.

[21] Esta alumna matricúlase por libre de Latín, Xeografía, segundo Latín e Castelán, Historia de España, Historia Universal, primeiro de Francés, Retórica e Poética, Aritmética e Álxebra, Psicoloxía e Ética, Xeometría e Trigonometría, segundo de Francés, Física e Química, Historia natural e Agricultura. AIOP., *Expedientes Académicos,* caixa 350.

[22] Vid.: Luciano Fernández Penado, *Historia viva del Instituto de Lugo... Op.cit.,* pp. 120-121.

[23] Como exemplo, temos o caso dos datos ofrecidos polo Anuario Estatístico de Instrucción Pública do ano 1909-1910, que non coinciden cos ofrecidos polas memorias do Instituto. O primeiro indica un total de 333 alumnos matriculados e o segundo, 463.

[24] Como só contaba para estes anos co total de alumnos/as matriculados/as foi necesario recorrer aos expedientes académicos onde se nos ofrecía información do ano de ingreso das matriculadas.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 154

Cadro 1.- Evolución da matrícula no instituto ourensán (1900-1930)

Cursos	Homes				Mulleres				
	Oficial	Libre	Colexiada	Total	Oficial	Libre	Colexiada	Total	Total
1900-01	98	46	71	215	0	0	0	0	215
1901-02	149	50	32	231	0	0	0	0	231
1902-03	137	69	31	237	0	0	0	0	237
1903-04	147	74	21	242	0	0	0	0	242
1904-05	194	95	27	316	1	1	0	2	318
1905-06	202	129		331	3	4	0	7	338
1906-07*	182	113		295	8	6	0	14	309
1908-09**	221	239	53	513	0	2	0	2	515
1909-10**	194	199	52	445	9	0	0	9	454
1910-11**	197	235	47	479	0	6	0	6	485
1911-12**	205	248	45	498	0	7	0	7	505
1912-13**	195	216	47	458	2	25	0	30	485
1913-14**	177	289	48	514	5	16	0	21	535
1914-15	162	220	52	434	8	18	0	26	460
1915-16	159	247	69	475	3	16	0	19	494
1916-17	145	273	73	491	11	35	0	46	537
1917-18	131	300	66	497	23	51	0	74	571
1918-19	158	266	54	478	36	47	0	83	561
1919-20	138	333	28	499	46	68	0	114	613
1920-21	163	325		488	61	90	0	151	639
1921-22	188	312	38	538	65	123	0	188	726
1922-23	196	416	42	654	75	171	0	246	900
1923-24	198	462	54	714	73	169	0	242	956
1924-25	182	515	56	753	83	183	0	266	1019
1925-26	207	677		884	96	298	0	394	1278
1926-27	246	671	36	953	97	250	0	347	1300
1927-28	134	401	35	570	73	133	0	206	776
1929-30				697				237	934
1930-31	113	436	70	619	43	128	0	171	790
1931-32	190	760	62	1012	103	293	0	396	1408
1932-33	244	766	46	1056	183	362	0	545	1601

(Fonte: AIOP., *Registros de Matrículas do curso 1900-1901 a 1930-31*, Caixas 345, 346, 347, 141.2. Os datos que presentan dobre asterisco foron extraídos de: Instituto Otero Pedrayo, *Memoria del curso académico de 1908 a 1909*; *Memoria del curso académico de 1909 a 1910; Memoria del curso académico de 1910 a 1911; Memoria del curso académico de 1911 a 1912; Memoria del curso académico de 1912 a 1913, Memoria del curso académico de 1913 a 1914;* Órense, La Popular, aos que se lle restou do total –pois estes non especificaban a matrícula por sexo– o número de inscricións femininas que figuraban nos libros de rexistro. Polo tanto, no referente ao sexo feminino son datos aproximados. Os que teñen un asterisco son datos do Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, *Anuarios de Instrucción Pública correspondiente al curso 1906 y 1907 extendido al de 1907 y 1908,* Madrid, Imprenta de la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico, 1908.)

Vistos os datos da táboa, o que podemos indicar é que a finais do século XIX a presenza das primeiras alumnas supuña unha escasa pero testemuñal representación na matrícula dos institutos. A comezos do século XX éntrase nunha nova fase na que cada vez vai sendo máis normal a inscrición de mulleres nos establecementos de secundaria en xeral e no de Ourense en particular.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 155

No discorrer destes trinta anos apréciase un grande aumento da matrícula total no Instituto; se a comezos de século apenas pasaba do centenar de alumnos, cara a finais deste primeiro terzo, no curso 1926-1927, chegou ao seu máximo apoxeo a partir do cal comezou un descenso acusado atribuíble ao novo plan de estudos que se implantou nestas datas[25]. Este espectacular incremento de matrícula non cabe dúbida de que viña sendo impulsado polo proceso modernizador que comezaba a experimentarse en toda a provincia, pero especialmente na capital. Dito proceso tenta elevar o nivel de vida de certos sectores sociais que considerarán a educación como un ben de consumo e como un ben de investimento. Particularmente, na incorporación da muller xogan outros factores: os cambios de mentalidade que comezan a emerxer no ambiente do momento, a afloración de maiores aspiracións educativas e profesionais por parte do colectivo feminino[26] e, sobre todo, a nova normativa de 1910 que lles abría legalmente ás mulleres as portas dos institutos e das universidades sen ningunha restrición.

Observando a evolución do rexistro de alumnos no instituto ourensano podemos establecer diferentes etapas:

• *Primeira etapa*: tras a crise agraria finisecular, que no bacharelato ocasionara un brusco descenso de matrícula, dende inicios de século ata 1910 vai medrando moi lentamente. Arrinca a centuria sen presenza feminina no Instituto e cando esta xorde é pouco notoria. É un período no que a matrícula masculina oficial supera á libre —situación que se inverte a partir de 1908—, feito que se pode asociar ao endurecemento dos exames para o alumnado libre que establece Romanones en 1901.

• *Segunda etapa*: de ralentización dende 1910 a 1920, momento no que se duplica a matrícula e se mantén nunha media de medio millar de alumnos, aínda que no curso 1914-1915 hai un leve descenso, coincidente co proceso bélico que se estaba a vivir en Europa e que en certa medida prexudicaría o ánimo da sociedade do momento, e unha pequena oscilación en 1918-1919 producida pola incidencia na poboación escolar da epidemia da gripe. Pero a partir de entón seguiu incrementándose a matrícula, sobre todo de mulleres, chegando a exceder neste decenio o centenar de matriculadas. A modalidade de matrícula en ambos os dous sexos era preferentemente libre. No caso das mulleres pódese entender, á parte doutros aspectos, pola aínda incerteza da convivencia nun mesmo centro de homes e mulleres. No caso dos homes hai que ter en conta que cada vez son máis os colexios privados que se crean na capital e vilas importantes que teñen internado, o que supón un atractivo para eles. Este fenómeno non era illado, xa que tamén se producía no resto de España, tal como viña manifestando Eloy Luís André, que fora catedrático do Instituto de segunda ensinanza e ilustre intelectual da época[27]. Para André o auxe da matrícula libre e o gran desnivel con respecto á ofi-

[25] Tal descenso tamén foi apreciable noutros establecementos da xeografía española remitindo ás causas de conxuntura social e económica do momento. Vid: Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera…Op.cit.,* pp. 127-131

[26] Carmen Benso Calvo, "Los inicios de la crisis del bachillerato tradicional en Galicia (1900-1930)" en *Historia de la Educación,* nº. 17, 1998, pp. 136-137.

[27] Eloy Luís André naceu en Mourazos, Verín, en 1876 e pertenceu á xeración de importantes galegos, como Basilio Álvarez, Cabanillas, Portela Valladares, etc. Cursou estudos no colexio dos Escolapios de Celanova e no

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 156

cial era debido a dous motivos principais: un, á escaseza dos centros oficiais de ensino secundario, que non chegaban a cubrir a crecente demanda social polos estudos secundarios, polo que habería que instalar en cada vila, polo menos, un centro de segunda ensinanza e, dous, porque o feito de realizar os estudos por libre, preferentemente sen saír da casa dos pais evitando os gastos do colexio privado, era unha forma de librarse da disciplina académica e os traballos da vida do centro. Todo iso, segundo el, obedecía ao falso concepto que en España se tiña da educación e da cultura en xeral crendo que o título de Bacharel era un mero precedente que tiña máis de burocrático que de académico para ingresar na Universidade[28].

• *Terceira etapa*: a partir de 1922 ata 1927, cando o volume de matriculados rexistrou cifras que superaron o millar. O alumnado masculino chegou ao seu punto culminante en 1926 con 953 inscricións e o feminino no 1925, con 394. Isto viña motivado tanto pola política económica primorriverista como pola incentivación cultural da época, poñendo especial interese na superación do analfabetismo cultural da sociedade española. Exemplo disto foi o notable esforzo por ampliar a rede de centros oficiais de segunda ensinanza, que, xunto á facilidade dos exames e á redución de disciplinas, vai supor un aumento do número de matriculados de forma máis notable que en épocas precedentes[29].

• *Cuarta etapa*: a partir de 1927, cando hai uns descensos tan drásticos que o Instituto chega a perder 526 alumnos no cómputo xeral. O rexistro de matrícula perde 385 alumnos e 141 alumnas. Así, despois de alcanzar as cifras máis elevadas en 1926, prodúcese un forte descenso, fenómeno que se aprecia en todo o conxunto español, debido ao descontento e incomodidade que sofren as familias pola entrada en vigor da reforma[30]. Ademais disto, tamén incidiron no número de inscricións factores de índole político e económico, como foi a depresión de 1929 e os cambios políticos do momento.

Paralelamente a estas matrículas formalizadas no centro provincial existía a ensinanza colexiada, que era aquela que se realizaba nos diversos centros privados da capital e da provincia, ligados a maioría deles a ordes relixiosas, e algúns podían estar asimilados

---

Instituto de Ourense. Fixo estudos superiores nas Universidades de Santiago de Compostela, Salamanca e Madrid. Becado pola Universidade de Salamanca foi en 1899-1900 a Lovaina, Bruselas e París. En 1904 ocupou a cátedra do Instituto de Soria, pasando de alí a Ourense e en 1909-1910 sería pensionado polo Estado en Leipzig e Jena. Foi autor de numerosos ensaios de temática diversa, de artigos periodísticos, etc. Interesouse tamén pola cuestión e problemática de Galicia centrándose en aspectos da vida política, social e económica. Era unha persoa aberta de ideas democráticas, pero sempre actuou dende a independencia. Sobre este ilustre personaxe, vid.: Enrique Bande Rodríguez, *Teoría política de Eloy Luís André,* Ourense, (s.n.), 1987; Ramón López Vázquez *Eloy Luís Andrés,* A Coruña, Baía, 2002; Enciclopedia Gallega, *Voz André, Eloy Luís,* Tomo 2, Gijón, Silverio Cañada, 1986, p. 90.

[28] Sobre as apreciacións que realiza Eloy Luís André acerca do Ensino Secundario é de sumo interés o seu libro, Vid.: Eloy Luís André, *Educación de la adolescencia*, Madrid, Imprenta de "alrededor del mundo", 1916, pp. 29-32.

[29] Vid.: Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera…Op.cit.,* pp. 126-130; Carmen Benso Calvo, "Los inicios de la crisis del Bachillerato tradicional en Galicia ... *Op.cit.,* p. 139.

[30] Vid: Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera…Op.cit.,* pp. 127-131.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 157

ao Instituto referente. Ditos centros non tiñan potestade para realizar exames de curso nin de grao e por iso debían revalidar os seus estudos realizando as probas no instituto oficial. Como pode observarse no cadro 1, a matrícula colexiada representada nos homes —o que constata que nesta época non existían colexios de secundaria para mulleres— vai perfilar unha serie de oscilacións e o novo século arrinca cun número moi escaso de matrícula colexiada, porque había poucos centros na provincia e porque a política de Romanones incentivaba o ensino público co endurecemento dos requisitos esixidos aos establecementos privados. Non obstante o anterior, conforme avanzan os anos prodúcense máis fundacións de centros, o que fai incrementar a matrícula colexiada, que chega ao seu máximo no curso 1916-1917 e, despois duns anos de leve descenso de matrícula, de novo nos anos vinte recupérase grazas á política favorecedora de Primo de Rivera cara ás ordes relixiosas[31].

Establecendo comparacións coa matrícula media de Galicia e España (cadro 2) poderiamos dicir que a do Instituto ourensán cobra máis impulso que a global destas, pero esta aceleración ten máis que ver coas baixas taxas de partida que cunha situación de privilexio desta provincia respecto ao conxunto galego. Con respecto aos demais institutos galegos, o de Ourense é no que máis evoluciona a matrícula, concretamente aumenta entre 1915 e 1929 un 89%. E neste incremento adquire protagonismo a matrícula feminina, que, como pode observarse na táboa, presenta uns índices de crecemento moi superiores aos masculinos, que tenden a manterse ao longo dos anos.

Cadro 2.- Evolución porcentual da matrícula total do bacharelato nos institutos de Galicia e España (1915-1930)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Galicia	España
1915-16	100	100	100	100	100	100	100
1916-17	101,5	123,2	108,7	114,1	109,6	110,3	107,6
1917-18	101,8	128,4	115,5	120,2	109,7	114,4	108,6
1918-19	97,5	144,7	113,5	132,8	106,4	116,6	107,2
1919-20	105,1	158,3	124	143,5	104,2	124,5	108,5
1920-21	93,2	156,5	129,3	181,2	95,7	128,1	108,2
1921-22	94,1	150,1	146,9	184,7	97,1	128,7	113,02
1922-23	108,5	162,9	182,1	164,5	100,8	138,6	119,3
1923-24	112,7	175,5	193,5	173,8	107,8	147,06	130,5
1924-25	138,4	200	206,2	220,9	121,3	170,5	142,6
1925-26	189,4	208,7	258,7	206,6	130,2	190,3	153,7
1927-28	109,1	151,3	157,08	137,6	119,5	156,1	131,2
1929-30	224,9	155,2	189,06	174,7	105,3	167,7	
media	123,01	159,5	160,3	162,6	108,9	141,07	120,9

(Fonte. elaboración propia a partir Ministerio e Instrucción Pública y Bellas Artes, *Anuario Estadístico de España de 1912*, Madrid, Imprenta de los Sobrinos de la Sucesora de M.Minuesa de los Ríos,1913; *Anuario Estadístico de España de 1915*,

[31] Trátase dunha etapa na que se engaden aos institutos provinciais de España unha gran cantidade de colexios incorporados, de tal forma que chegando a 1927-28 había 12.708 alumnos españois en colexios privados o que supuña un 20% da matrícula total. Vid.: Ramón López Martín, *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera... Op.cit.,* pp. 133-135.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 158

Imprenta de los Sobrinos de la Sucesora de M.Minuesa de los Ríos, Madrid, 1916; *Anuario Estadístico de España de 1916*, Dirección del Instituto Geográfico y Estadístico, Imprenta de los Sobrinos de la Sucesora de M.Minuesa de los Ríos, Madrid, 1917; *Anuario Estadístico de España de 1918,* Imprenta de los Sobrinos de la Sucesora de M.Minuesa de los Ríos, Madrid, 1920; *Anuario Estadístico de España de 1919,* Imprenta de los Sobrinos de la Sucesora de M. Minuesa de los Ríos, Madrid, 1921;, *Anuario Estadístico de España de 1920*, Imprenta de los Sobrino de la Sucesora de M. Minuesa de los Ríos, Madrid, 1921; Ministerio de Trabajo, Comercio e Industria, *Anuario Estadístico de España de 1922-1923*, Establecimiento Tipográfico "Sucesores de Ribadeneyra", Madrid, 1924; *Anuario Estadístico de España de 1923-1924*, Establecimiento Tipográfico "Sucesores de Ribadeneyra", Madrid, 1925; *Anuario Estadístico de España de 1925-1926*, Establecimiento tipográfico Sucesores de Rivadeneyra, Madrid, 1927; *Anuario Estadístico de España de 1930,* Establecimiento Tipográfico "Sucesores de Rivadeneyra", Madrid, 1932).

Neste momento son os datos referentes ás mulleres os que requiren a nosa atención e, se observamos os datos ofrecidos no cadro 3, as inscricións femininas arrincan neste século en 1904 para despuntar no ano 1912, cando se chega á trintena. Logo, tras unha breve paréntese de inapreciables descensos, principiarán a partir de 1916 os progresivos ascensos, de tal xeito que no curso 1919-1920 se excede a barreira das cen alumnas, chegando ao seu cénit no curso 1925-1926.

Cadro 3.- Evolución do alumnado feminino de secundaria nas cidades galegas e índice de evolución (1900-1930)

	A Coruña	Evolución	Lugo	Evolución	Ourense	Evolución	Pontevedra	Evolución	Santiago	Evolución
1900*	3	20	0	0	0	0	0	0	0	0
1906*	3	20	0	0	14	60,86	0	0	0	0
1909*	2	13,3	0	0	9	39,1	0	0	6	24
1910*	2	13,3	0	0	6	26,08	0	0	0	0
1915-1916	15	100	23	100	23	100	8	100	25	100
1916-1917	44	293,3	53	230,4	46	200	16	200	39	156
1917-1918	46	306,6	53	230,4	74	321,7	32	400	45	180
1918-1919	56	373,3	71	308,6	83	378,2	30	375	65	282,6
1919-1920	69	460	100	434,7	115	500	56	700	87	348
1920-1921	96	640	128	556,52	151	656,5	97	1212,5	101	404
1921-1922	98	653,3	147	639,13	188	817,3	131	1637,5	115	460
1922-1923	101	673,3	162	704,3	246	1069,5	121	1512,5	166	664
1923-1924	92	613,3	185	804,3	242	1052,1	130	1625	155	620
1924-1925	107	713,3	200	869,5	266	1156,5	189	2362,5	145	580
1925-1926	164	1093,3	228	991,3	394	1713,04	221	2762,5	177	708
1927-1928	155	1033,3	158	686,9	206	895,6	114	1425	164	656
1929-1930	296	1976,3	167	726,08	237	1030,4	172	2150	156	624

(Fonte: Anuarios estadísticos de España, anos 1916 a 1926. Os datos con asterisco foron extraídos de Anuario Estadístico de Instrucción Pública correspondente aos anos 1900-01; 1906-07 e 1909-10, os datos de 1910 hai que miralos con reserva pois indica para Ourense 0 mulleres matriculadas pero nós sabemos polos rexistros que si había mozas cursando estes estudos)

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 159

A primeira muller que se inscribiu a comezos de século de forma oficial foi Vicenta Lamas Barreiro, que en 1904 ingresou no centro con dez anos. Naceu en 1893 en Ourense dentro dunha familia de clase media-baixa, pois o seu pai era carpinteiro. Matriculouse simplemente nun curso e tan só en catro disciplinas: Lingua Castelá, Xeografía Xeral de Europa, Nocións de Aritmética e Xeometría e Caligrafía, e pese aos éxitos académicos conseguidos, non continuou os estudos[32]. Por libre constaba no rexistro Deogracias Vega Vegas, que realizou o exame de ingreso no 1904 con quince anos. Era natural da Peroxa, filla de propietarios, e realizou cinco cursos en convocatorias de xuño e setembro conseguindo unha nota media de notable pero tampouco finalizou os estudos[33]. Posteriormente no curso 1905-1906 contamos coa presenza de tres mulleres que accederon por oficial aos estudos secundarios: a primeira sería María Paz Leonato, nacida en Ourense e filla dun médico, que fixo o ingreso con once anos e completou os estudos obtendo unha cualificación media de notable e o grao de Bacharel[34]. Camila Trulock Bertolini, parente de Camilo José Cela, nacida en Santiago e filla dun xerente de ferrocarril, realizou o exame de ingreso aos dez anos e inscribiuse en catro cursos por libre conseguindo unha cualificación media de notable[35]. Neste mesmo curso ingresou, aos trece anos, Blanca Vázquez Agudín, natural de Santiago e filla dun profesor da Normal. Realizou cinco cursos nos que tivo como media a brillante nota de sobresaliente, pero non rematou os estudos neste centro, pois consta que solicitou un certificado de traslado ao Instituto de Oviedo[36].

3. As alumnas de bacharelato en Ourense no contexto galego da época

Agora ben, ¿Qué panorama presentaba a matrícula feminina ourensá en relación ás restantes provincias galegas? Aproveitamos o cadro 3, que complementamos co cadro 4, que reflicten estes datos extraídos dos Anuarios estatísticos[37].

Constátase que a comezos de século as mulleres galegas, como as españolas (de 1900 a 1910 había un total de 646 alumnas matriculadas nos institutos en España), non demandaban estes estudos, pois, como xa se indicou no inicio deste apartado, este desexo ou inquedanza víase freado por unha mentalidade adversa a que a muller tivera maiores pretensións profesionais e formativas que as orientadas ao ámbito doméstico. Por tal motivo, en 1900 apenas había presenza feminina nestes establecementos e figuraban só tres na provincia da Coruña. Transcorridos uns anos, en 1906, aínda non podemos falar

[32] AIOP, *Expedientes académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, caixa 350/2.
[33] AIOP, *Expedientes académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, caixa 309/2-32.
[34] AIOP, *Expedientes académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, caixa 244.
[35] AIOP, *Expedientes académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, caixa 300-308.
[36] AIOP, *Expedientes académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, caixa 309/2-327.
[37] Debemos considerar con certa reticencia os datos que nos ofrecen os Anuarios Estatísticos, pois, aínda que son fontes de carácter oficial, non quere dicir que estean exentos de erros. Dicimos isto porque nos Anuarios Estatísticos de Instrucción Pública indícase que en 1910-1911 non había ningunha muller ourensá inscrita no instituto, pero nos rexistros de matrícula de dito centro si consta a presenza de polo menos 6 mulleres que fixeron o exame de ingreso e se matricularon no establecemento.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 160

de normalización da situación, pois unicamente se rexistraron unhas cantas mulleres nos institutos da Coruña e Ourense —que é a que ostentaba xa por estas datas un total de catorce alumnas—, mentres que Lugo, Pontevedra e Santiago non se estrearan aínda. En canto ao incremento porcentual de rexistros femininos nos diferentes establecementos, cabe destacar o de Pontevedra, debido a que partía en 1915 de cifras máis baixas.

Cadro 4.- Evolución da matrícula feminina nos institutos en Galicia e España (1900-1930)

	Galicia		España	
	Matrícula	Evolución	Matrícula	Evolución
1900-01	3	17,6	44	14,5
1906-07	17	100	302	100
1909-10	11	64,7	340	112,5
1915-16	94	552,9	1936	641
1916-17	198	1164,7	2808	929
1917-18	246	1447	3433	1136,7
1918-19	304	1788,2	3730	1235
1919-20	427	2511,7	4409	1459,9
1920-21	572	3364,7	5067	1677,8
1921-22	679	3994,1	5899	1953,3
1922-23	789	4641,1	6566	2174,1
1923-24	811	4770,5	7212	2388
1924-25	906	5329,4	7995	2647,3
1925-26	1153	6782,3	9357	3098,3
1927-28	797	4688,2	8399	2781,1
1929-30	1028	6047	10507	3479,1

(Fonte: elaboración propia a partir dos anuarios estatísticos)

En conxunto debemos apreciar as mesmas etapas que se estableceron ao falar da matrícula do Instituto ourensán, é dicir, tras un momento de vacilacións no primeiro decenio experimentarase un auténtico despegue nos centros galegos e españois (cadro 4) a partir de 1910 pola promulgación da Real Orden do 8 de marzo na que se derrogaba a RO de 1888 que obrigaba ás mulleres a consultar á Superioridade para cursar estudos secundarios e universitarios[38].

No que atinxe a número de matriculadas, Ourense adquire un rango preeminente ante as demais provincias. Esta supremacía iníciase de forma temperán cando o Instituto da provincia tiña no rexistro de 1906 a 14 alumnas. Pero será especialmente a partir de 1918 cando tome a dianteira e permaneza nesta posición ao longo dos anos.

É necesario comprobar se nos cómputos netos tamén se exhibía unha maior taxa de escolarización (cadro 5).

[38] Vid.: P. Ferrer Y Rivero, *Tratado de La Legislación de Primera Enseñanza... Op.cit.*, p. 77.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 161

Cadro 5.- Alumnas de bacharelato por cada dez mil mulleres de máis de dez anos (1920-1930)

	1900	1910	1920	1930
A Coruña	0,10	0,06	2,1	8,8
Lugo	-	-	4,9	8,5
Ourense	-	0,34	6,2	12,9
Pontevedra	-	-	2,2	6,7
Galicia	0,03	0,12	6	10,6
España	1,08	0,42	5,8	11,6

(Fonte: elaboración propia a partir dos censos de poboación e anuarios estatísticos)

O que observamos é que aínda nos anos vinte había unha taxa neta de escolarización bastante baixa, pois só constan entre dúas mulleres —como é no caso de Pontevedra— e seis matriculadas nos institutos por cada dez mil mulleres maiores de dez anos. Agora ben, o salto cuantitativo foi notorio chegados a 1930, cando nalgúns casos se duplicaron ou triplicaron as cifras do anterior decenio. Agora ben, sexa nun caso ou noutro, a provincia de Ourense é das que conta con maior número de matriculadas, superando incluso nos dous decenios a media nacional.

As estatísticas oficiais evidencian un aceleramento da incorporación das mulleres ao ensino secundario, apoiadas tamén por unha lexislación que as obstaculizaba cada vez menos. Pero non deixa de ser moi sorprendente a vantaxe da matrícula feminina ourensá sobre a estatal, duplicándoa ao longo dos anos e diferenciándose principalmente a partir de 1920.

Feitos todos estes cruces estatísticos e atendendo aos resultados obtidos, é o momento de que nos preguntemos, ¿que circunstancias fan que a muller ourensá se aventure a estes estudos de forma máis palmar que o resto do territorio galego e español cando estamos a falar dunha provincia con problemas culturais, escaseza e deterioro escolar e ambiente socioeconómico case medieval? e ¿a que obedece esta situación? ¿Pode tratarse dun fenómeno accidental ou casual?

É difícil aventurarse a dar explicación a este fenómeno, aínda que tampouco cremos que sexa casual ou accidental. Logo así —coa debida reserva e agardando extraer conclusións máis concisas ao facer o estudo sociolóxico das mulleres ourensás rexistradas no instituto provincial— pensamos que entre as posibles causas puidera estar a cuestión sociolaboral, é dicir, sabemos que os estudos de secundaria estaban encamiñados orixinariamente ás clases máis selectas, aquelas que empregarían estes estudos como símbolo de distinción social ou de clase. Con toda probabilidade as mulleres que accederon a estes estudos fixérono cun intento de adaptarse ás inquedanzas das clases medias galegas, que primeiro enviaron os fillos e agora empurraban as mulleres —nesta cuestión non diferiría ningunha das provincias e territorios españois. Non obstante, cando o bacharelato tradicional comeza a declinar para dar paso a un novo perfil sociolóxico do alumnado procedente doutras categorías sociolaborais (en maior medida a burguesía media de

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 162

comerciantes e funcionarios e empregados e en menor medida os campesiños, artesáns, obreiros, etc.) que antes non previran a utilidade da educación secundaria[39], podemos pensar na hipótese —agardando os resultados que se saquen ao facer o estudo das alumnas do Instituto— de que parte das fillas destes grupos menos favorecidos, ante a escaseza de alternativas industriais ou actividade doutra índole favorable á man de obra feminina na provincia ourensá, ao contrario do que acontecía en Pontevedra e A Coruña onde as mulleres poderían ter acceso á industria téxtil, conserveira, pesqueira, tabaqueira, etc., accedían aos estudos secundarios como medio ou tránsito aos estudos de maxisterio ou outras diplomaturas como matrona, comercio, institutriz, etc. En situación similar estaría a provincia de Lugo, de condicións económicas análogas ás de Ourense, onde, por certo, se rexistraba o segundo maior volume de alumnas despois de Ourense. Se isto se confirmase, estariamos falando de que a provincia comezaba a apuntar a tendencia de formar unha clase media con dedicación ao sector servizos (funcionarios, comerciantes, empregados, etc.), aínda que isto é aínda moi prematuro de confirmar.

3.- Perfil sociolóxico das alumnas do Instituto ourensán do primeiro terzo de século

A análise sociolóxica do alumnado feminino no instituto ourensán permitiranos coñecer o perfil das bachareis e os obxectivos que perseguían, o que nos facilitará desentrañar aquelas cuestións que antes quedaron pendentes acerca de cal podía ser o motivo de que en Ourense se producira unha maior incorporación de mulleres a estes estudos. Para iso contamos cunha fonte de primeira magnitude, como son os expedientes persoais das alumnas que formalizaron a matrícula en dito establecemento[40].

3.1¿Cando se incorporan as nosas alumnas?

Con anterioridade analizamos pormenorizadamente como foi o proceso de incorporación da muller ourensá, xunto coa galega e a española, á ensinanza secundaria. Observamos etapas, detectamos diferenzas interprovinciais así como grandes distancias entre a matrícula masculina e feminina. Pero agora a nosa intención é empregar a nosa fonte de estudo para concretar a entrada máis ou menos real por decenios.

A gráfica que se insire a continuación é bastante explícito (gráfica 1). Nel podemos observar que, se o ritmo de incorporación da muller foi lento no primeiro decenio, no segundo a entrada das mozas no instituto fíxose evidente e notorio, pois vén acompañada, sobre

[39] Vid.: Carmen Benso Calvo, "Los inicios de la crisis del Bachillerato... *Op.cit.,* p. 140; "Los destinatarios del Bachillerato en Galicia. Estudio geográfico y social del alumnado orensano (1850-1910)", *Revista de Educación*, nº. 305, 1994, pp. 321-352.

[40] Tras ter a relación nominal das alumnas inscritas nos libros de rexistro dos correspondentes anos, foron consultados un total de 871 expedientes, dos que, aproximadamente, 172 non figuraban ou estaban incompletos. Estes cartapacios, que se atopan no Arquivo do centro, comprendían unha serie de documentos requiridos para formalizar a matrícula, como a partida de nacemento, o certificado médico de gozar de boa saúde, o pago das taxas, expediente académico, etc. A través deles púidose extraer unha suntuosa información adxacente, como o ano e lugar de nacemento, a profesión dos proxenitores, o ano de ingreso, os cursos realizados, as cualificacións obtidas, a titulación acadada e as certificacións solicitadas.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 163

todo, pola publicación de dúas reais ordes que recoñecen ás mulleres uns dereitos negados. Ditas reais ordes son, como xa indicamos, a do 8 de marzo de 1910, cando se lles eximía as futuras alumnas de consultar á Superioridade e a do 2 de setembro, que permitía a posesión dos títulos que habilitaban para o exercicio de profesións. Grazas a esta normativa pasou a ser normal o que ata entón era extraordinario e produciuse un aceleramento nas inscricións no instituto e, como veremos, con posterioridade na Universidade.

Gráfica 1.- Porcentaxe de ingreso por decenios das alumnas matriculadas no instituto provincial (1900-1930)



(Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes académicos. AIOP., *Expedientes Académicos*, ordenados alfabeticamente, caixas 350/1, sig. 1,2-22; 350/2, sig. 23-35; 350/3; 352/2, 352/3; 161-189/1; 191-192/1-2; 193/2-3-196/1; 196/2-197; 198-214/3; 216-231; 234-239; 240-243/1; 240-243/1; 244-268; 270/4-273/1; 273/ 2-3-296; 353/3; 300-308/1; 308/2-309/1; 309/2-327; 328)

A maior achega producirase no terceiro decenio, pero como se reflicte na gráfica, hai dous momentos: ata 1926 cunha tendencia alcista. A partir de entón un descenso nas inscricións polas causas anteriormente comentadas para o xeral da matrícula do instituto. A situación é análoga no resto de Galicia, aínda que en España, como se traduce da seguinte representación (gráfica 2) o descenso, aínda que se produce, foi menos acentuado.

Gráfica 2.- Porcentaxe de matriculadas por decenios no total de España (1900-1930)



(Fonte: elaboración propia a partir dos anuarios estatísticos)

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 164

3.2-Modo e idade de ingreso nos centros

Dende a posta en marcha do proceso de creación da ensinanza secundaria pública víñanse contemplando dous requisitos para poder acceder a ela —de carácter administrativo-académico—, como a idade mínima e o exame de ingreso. Dos expedientes consultados podemos indicar que a proba de ingreso era doada, pois só unha mínima porcentaxe de alumnas, o 0,9%, non a superaron aínda que estas nun segundo intento aprobarían. Case a totalidade das mulleres rexistradas conseguiu a nota mínima, o aprobado, e o 1,2% conseguiu o premio ou sobresaliente[41]. Neste aspecto cabe salientar, aínda que volvamos sobre iso ao falar das cualificacións e exames finais, que aínda que os alumnos procedían das escolas primarias cunha pésima formación era rarísimo que se suspendera o exame de ingreso.

En canto á idade mínima de ingreso estableceuse nos dez anos, pero observemos se as mulleres ourensás se matriculaban de forma inmediata ao cumprir esa idade ou máis ben a decisión foi sopesada, o que atrasaría a súa incorporación a estes estudos. Partimos da idea de que o feito de que se produza ou non unha demora pode estar suxerindo comportamentos diversos das familias á hora de tomar unha decisión. Nalgúns casos púidose tomar con certa antelación, porque o camiño de acomodarse ás inquedanzas das clases medias ourensás xa fora aberto polos homes da familia e agora empurrábase as mulleres. Noutros casos as vacilacións escrupulosas redundaron nun atraso da incorporación das fillas a estes estudos, porque o proceso non estaba de todo normalizado e precisábase un tempo de asimilación.

Tendo en conta isto, procedamos a ver a que idades se viñan incorporando as ourensás a estes estudos (gráfica 3).

Gráfica 3.- Idade na que ingresan as matriculadas no instituto ourensán (1900-1930)



(Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes académicos)

[41] Das que acadan o Premio temos a Albina Ventúns Lorenzo, Remedios Rodríguez Durán, Concepción Ojea Bóveda, Manuela Novo Rodríguez, Dolores Martínez Rey, Dolores Fernández Rodríguez e Filomena García Solá. As que conseguen o sobresaliente son Blanca Vázquez Agudín, Marta Valencia Novoa, Vicenta Lamas Barreiro e Felisa García Núñez.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 165

Como pode observarse, un 19% do total de matriculadas teñen de dez a once anos[42], mentres que o 57% teñen entre doce e quince anos —das que son maioría as de trece—, e o resto superan os dezaseis e incluso os vinte anos. Isto fai que reflexionemos sobre o porqué da diferenza entre as matriculadas e conxecturemos que pode subxacer nas mentes e intencións das familias e das matriculadas. Está claro que a incorporación das ourensás a ensinanza secundaria se produciu cunha demora que superaba os tres anos, o que dá mostras de certa vacilación nas familias que finalmente decidiron que as súas fillas cursaran os estudos. ¿A que se debía esa vacilación? Sendo cautelosos poderiamos xulgar que todo era froito da incerteza con que se estaba a asumir este proceso, aínda que sería máis tolerable se se trataba de facer os estudos para un enriquecemento cultural e menos se se pretendía acceder ao mundo universitario.

3.3-Modalidade de matrícula

Non podemos esquecer que, ante unha actitude reticente por parte da sociedade pola incorporación da muller á educación máis alá das básicas de primaria, así como os perigos morais que supuña a convivencia con compañeiros de distinto sexo, maioritarios nos centros de secundaria, a resposta das mulleres fora acollerse a dito ensino de forma libre, presentándose só aos exames e reservándose de acudir ás aulas xunto co resto dos seus compañeiros. Tampouco podía ser doutro xeito na primeira década do século, xustamente ata a RO de 1910. Por tal motivo, as aínda escasas alumnas estudaban en academias ou eran preparadas por medio de preceptores particulares, moitos deles clérigos —por entón e durante todo o primeiro terzo de século non existía a ensinanza colexiada para mulleres. Pero esta situación apenas vai variar coa nova lei. Estas dificultades seguían para os estudos superiores e sobre todo para o exercicio profesional ao que estaban abocados as carreiras, o que propiciaría que as mulleres ampliaran os estudos primarios nas Escolas Normais de Mestras, máxime cando había escasas expectativas laborais [43].

Cando se autorizou a matrícula de mulleres nos institutos, non vai diminuír, como xa se viu anteriormente, a matrícula libre, pois non se trataba só dun asunto legal nin de moralidade, evitando a coeducación, senón que había outras razóns de peso como era a existencia dun só centro de secundaria de carácter público na provincia afincado na capital, o que supuña gastos para as familias que residían fóra no caso de que os fillos se trasladaran á capital en réxime de pensión. Pero non só a distancia física do centro, senón tamén a afectiva, e por iso se prefería que os fillos estudaran na casa a cargo dun titor ou preceptor, achegado á familia, máxime ao tratarse das fillas.

As fontes manexadas permítennos saber cales eran as opcións das alumnas ourensás así como observar a tendencia ao longo deste terzo de século.

---

[42] Están incluídas tres mulleres que segundo as fontes tiñan nove anos cando ingresaron, pero que ao longo do curso cumpririan os dez anos.

[43] Vid: Consuelo Flecha García, "La incorporación de las mujeres a los..." *Op.cit.*, pp. 172-173; *Las primeras universitarias... Op.cit.*, p. 175.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 166

Nos expedientes Académicos do alumnado feminino rexistrado nestes anos no instituto imos estudar a porcentaxe que realiza os estudos por unha modalidade ou outra, os cambios que se aprecian ao longo dos anos e a relación da opción escollida coa procedencia das alumnas cos resultados obtidos.

En primeiro lugar, a distribución do alumnado feminino por modalidade de matrícula represéntase na gráfica 4, onde pode observarse como entre vinteunha e vintedúas alumnas de cada cen fan os estudos de forma oficial e combinada, respectivamente, e as restantes, maioritarias, rexístranse na ensinanza non oficial. Agora ben, na opción combinada hai unha tendencia a realizar os primeiros de forma libre e os segundos de maneira oficial, cun predominio desta última, o cal é indicativo de que estas mozas se van integrando paulatinamente no ambiente do centro e van tendo un maior coñecemento da súa vida interna, o que as fai máis confiadas para formalizar unha matrícula oficial.

Gráfica 4.- Modalidade de matrícula das mulleres ourensás no instituto provincial(1900-1930)



Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes académicos)

Pero a esta situación non hai que atribuírlle un carácter sexista, pois os seus homólogos viñan a ter un mesmo comportamento, de tal xeito que a porcentaxe de mozos matriculados por oficial durante este terzo era dun 25,2%, libre un 41,5%, combinada un 26,5% (con predominio da oficial sobre a libre) e colexiada un 6,9%[44]. Polo tanto, as cifras de matriculados totais no instituto pola modalidade oficial van ser inferiores ás libres —exceptuando o primeiro lustro de século—, o que pon de manifesto que para o crecente número de clientes provenientes cada vez máis dos núcleos de poboación rurais da provincia, o centro viña a ser insuficiente, e buscaban outros recursos para formarse, como academias, colexios privados, preceptores, etc. Tamén a fórmula de realizalos de forma combinada viña a ser unha maneira de resolver as cuestións tanto económicas como académicas[45].

[44] Carmen Benso Calvo, "Los inicios de la crisis del Bachillerato ... *Op. cit.,* p. 138

[45] Estes aspectos están moi ben traballados no estudo de Carmen Benso sobre o alumnado do Instituto, ao que nos remitiremos en moitas ocasións para establecer as comparacións pertinentes. Vid.: Carmen Benso Calvo, "Los inicios de la crisis del Bachillerato ...*Op. cit.*

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 167

En definitiva, ao longo do primeiro terzo de século o alumnado feminino, e tamén masculino, vai preferir a matrícula libre á oficial, debido á maior preferencia dos pais a que os seus fillos se preparen privadamente (con máis razón no caso das fillas), e porque o aumento do alumnado nestes estudos non vai parello á creación de novos establecementos públicos, polo que os excedentes de matrícula se van destinar aos privados, que si comezan a implantarse, aínda que estes supoñan uns esforzos económicos maiores para as familias. Debemos agardar á chegada da República para que a implantación de novos establecementos estatais permita unha maior achega de alumnos que se rexistren de forma oficial

3.4-Procedencia xeográfica das alumnas

A estimulación cultural e o desenvolvemento da educación non veñen só da man das lexislacións ditadas polas instancias políticas que teñen un imporante papel á hora de querer levar adiante un programa formativo para o ben da súa comunidade. Factores como a procedencia xeográfica e social das persoas están na base das repercusións das normativas e programas formativos que se dirixen dende as instancias administrativas. Pero, como ben é sabido, cando se regulan aspectos educativos non sempre se teñen en conta as peculiaridades físico-xeográficas de cada zona, e tampouco as súas características socioeconómicas. Polo tanto, aquela non adoita ser garante ou panacea para as conquistas culturais que se pretendían[46].

Gráfica 5.- Procedencia natural das alumnas do instituto provincial (1900-1930)



(Fonte: AIOP, Registros de Matrículas do curso 1900-1901 a 1930-31, Caixas 345, 346, 347, 141.2)

Ao instituto comezaron a acudir mulleres procedentes de distintas partes da xeografía da provincia de Ourense, establecidas nas seguintes categorías: capital, vilas (cabezas de partido), aldeas, outras provincias de Galicia, España e estranxeiro. Feita esta clasifi-

[46] Temos o exemplo da Lei Moyano que, para dar cumprimento ao seu artigo 102 en Galicia, tivo que ser readaptada promulgándose a RO do 18 de outubro de 1859. Vid.: V.F. Ascarza, *Diccionario de Legislación de la Primera Enseñanza,* Madrid, Magisterio Español, 1923, pp. 343-344; Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres... Op.cit.,* p. 58.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 168

cación vexamos cal é a porcentaxe de cada grupo. A gráfica 5 permite indicar que a achega máis salientable de mulleres ao instituto procede de entidades poboacionais rurais pequenas e diversas, un 35%, das cales o 20% corresponde a aldeas próximas á capital e o 15% a núcleos afastados. Tal diferenciación ten como pretensión coñecer o radio de acción do Instituto da capital, é dicir, ver o grao de influencia que exercía dita entidade en función da súa localización. Seguido destes, a capital está representada por un destacado 22% e as vilas por un 17%. O resto das matriculadas procede de fóra da provincia.

Aclaremos un pouco máis as razóns destas porcentaxes.

1)Entidades xeográficas da provincia Ourensá

a) *A capital*: a cidade vai cambiando paulatinamente a súa morfoloxía, mellorando as súas infraestruturas e enriquecendo as súas comunicacións conforme evoluciona demograficamente. Un importante continxente de poboación de dentro da provincia e de fóra vaise ver atraído por ela, aínda que a medra económica sexa aínda moi lenta. Non obstante, é moi importante destacar a renovación social que se está a producir, pois da antiga fidalguía pásase a unha burguesía comercial que rexentará un importante número de comercios, coa consecuente aparición dun grupo de asalariados con certo poder adquisitivo. Neste ambiente, cada vez máis dinámico, vanse dar os ingredientes necesarios para que floreza o interese cultural (con especial relevancia destacamos a Xeración Nós, onde ilustres escritores e intelectuais, seducidos polo compromiso cultural, deixaron a súa pegada[47]). Con todas estas premisas, obviamente a capital favorecería que os mozos e mozas, a maioría descendentes desta incipiente burguesía e daquela fidalguía, agora urbana, deran continuidade aos seus estudos.

As mozas, fillas de pais comerciantes, avogados, veterinarios, médicos, etc. que teñen acceso a dito establecemento non só gozan da vantaxe de residir preto del senón que ademais deleitábanse dun ambiente moito máis propicio e tolerante que comezaba a ver normal a súa incorporación aos estudos secundarios, os que sen dúbida lles reportarían uns beneficios substanciosos para acceder á Universidade ou a outros estudos e tamén para ocupar postos laborais que comezaban a proliferar na capital.

Estas mozas veríanse en gran vantaxe con respecto a outras que, por non residir na capital, poderían quedar privadas de fornecer a súa cultura. A achega deste nutrido grupo

[47] Sobre o Ourense de comezos de século, a súa evolución e transformación existe un nutrido número de publicacións dos que podemos citar: Ramón Otero Pedrayo, *Temas ourensáns*, escolma de traballos de Otero Pedrayo preparados por Alfonso V.Monxardín e Xoán. C.Rivas Fernández, Ourense, Caixa Galicia, 1996*;* Fernando Fulgosio, *Crónica de la provincia de Ourense,* Valladolid, Maxtor, 2002; José Adrio Menéndez, *Del Orense antiguo (1830-1900)*, La Popular, Orense, 1935; Vicente Risco, *Geografía General del Reino de Galicia,,* (dir.: F. Carreras y Candi), Tomo XI, Orense, tomo 2º, La Coruña, Ediciones Gallegas, 1980; María Teresa González, *Evolución demográfica de la provincia de Orense, 1900-1970;* Universidad de Santiago, Facultade de Filosofía e Letras, Santiago, Departamento de Historia, 1973; Enrique Bande Rodríguez e Madarnás, *Ourense no século* XIX*,* Ourense, Deputación provincial de Ourense, 1995; Marcos Valcárcel, *A cidade da xeración Nós,,* Ourense, Caixa Galicia, 1995; VVAA. (dir.: Jesús de Juana e Fco. Xavier Castro)., *VIII Xornadas de Historia de Galicia: aspectos Históricos de Ourense,* Ourense, Deputación Provincial, 1995; Alberto Pascual Carballo, *Más de 100 años en la vida de Ourense. Escuela Provincial de Artes y Oficios,* Ourense, Deputación Provincial, 1996; Domingo Rodríguez Teijeiro, "Ourense contemporáneo" en *Historia de Ourense... Op.cit.*

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 169

de clientes orixinarios ou residentes na capital é moi elevada, dun 22%, en comparación cos outros territorios que tiñan potencialmente máis adolescentes que podían acceder ao Instituto. Polo tanto, o bacharelato en Ourense, tal como acontecía no resto de España, era un fenómeno fundamentalmente urbano.

b) *Cabezas de Partido*: Cabezas de partido: o ambiente semiurbano —vilas—, por ser unha entidade a medio camiño entre o mundo urbano e rural, goza por unha banda do nacemento dunha sociedade máis dinámica —pois xorden actividades que comparten coas cidades, aínda que en menor contía—, pero por outra banda aínda se sente vinculado ao espazo rural, co que comparte moitos aspectos e que intrinsecamente adoita continuar á rémora dunha mentalidade irredenta coa tradición. Esta dupla característica non impedirá que comecen a participar as mulleres de forma interesante neste proceso educativo, pero cunha proporción baixa en relación coas súas potencialidades.

Destas entidades proviñan mulleres a cursar os estudos de secundaria, como así o testemuñan os rexistros de matrícula e expedientes académicos. Existe representación de todas, aínda que a participación é dispar e é a vila do Carballiño a que máis mulleres incorpora a estes estudos, exactamente vinteúnha, seguida de Verín con dezanove, Allariz con dezaseis, Xinzo de Limia con nove, Celanova e Ribadavia con sete, Viana do Bolo con seis, Bande con catro e O Barco de Valdeorras con dúas. A priori non observamos que esta distribución teña que ver coa proximidade ou afastamento ao centro, pois hai vilas afastadas, como a de Verín, que teñen maior cota de mulleres que outras máis próximas.

c) *Partidos xudiciais*: recollemos agora información sobre a procedencia das alumnas por partidos xudiciais. A gráfica 6 amosa que é o de Ourense o que achega maior alumnado, seguido do Carballiño, Verín e Allariz. Máis atrasados son os demais partidos xudiciais.

Das mulleres da provincia que se matricularon en secundaria, unha maior porcentaxe procedía do partido xudicial de Ourense, quedando os demais cunha exigua representación. Aínda así podemos distinguir diferentes áreas de participación: unha zona de maior influencia e atracción por parte do instituto que comprende a capital e o seu contorno próximo, que achega o 50% do alumnado, unha zona de mediana influencia nos partidos do Carballiño, Verín, Allariz e Xinzo de Limia con distinto grao de contribución, que vai do 10% do Carballiño ao 5% de Xinzo de Limia, e unha terceira, menos representativa, que comprendería os partidos de Viana do Bolo, O Barco de Valdeorras, Ribadavia, Celanova, A Pobra de Trives e Bande, que achega entre o 4% e o 3%.

Entre os diferentes factores que poden dar explicación a este reparto[48] estaría, por un lado, a proximidade ao instituto, e polo tanto, da residencia familiar pois, obviamente, o afastamento destes provocaría un maior custo para o alumnado ao ter que sufra-

[48] En anteriores estudos mencionamos os factores que explicarían os niveis de influencia do Instituto nas distintas zonas xeográficas de Ourense que serían: a proximidade da zona ao centro educativo, número de escolas primarias desta, poboación e alfabetización. Vid.: Carmen Benso Calvo, "Los destinatarios del bachillerato en Galicia. Estudio geográfico y social del alumnado orensano (1850-1910), *Revista de Educación,* nº. 305, 1994, pp. 338-340.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 170

gar os gastos de manutención. Por iso é comprensible que sexan as da capital as que máis se matriculen.

Gráfica 6.- Procedencia das alumnas por partidos xudiciais de Ourense (1900-1930)



(Fonte: AIOP., Rexistros de Matrículas do curso 1900-1901 a 1930-31, caixas 345, 346, 347, 141.2)

d) *As entidades pequenas ou aldeas*: que o ámbito rural é o que achega o maior número de alumnas é obvio, pois pensemos que a provincia de Ourense era eminentemente rural. Pode observarse nas fontes consultadas que son un elevado número de aldeas ourensás as que contribúen a engrosar as matrículas do instituto, pero tamén é certo que existe unha gran cantidade deles que non saen á luz. Van ser en gran medida os máis próximos á capital os que fagan a achega máis dilatada[49]. Sen dúbida temos que ver nisto a atracción que exerce o centro sobre estas aldeas limítrofes, así como un maior coñecemento ou vinculación coa cidade por parte das familias que envían as súas fillas ao instituto. Son os máis representativos porque fan unha achega maior de mulleres ao instituto os seguintes (ordenados en orde crecente): Amoeiro, Cudeiro, Gustei, Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Ambía, Punxín, Cea, Maceda, Maside, San Cibrao e Canedo.

A medida que nos afastamos da capital o influxo do instituto será menor pois a relación destas aldeas coa cidade sería menos intensa[50]. Non obstante, hai unha importante

[49] Consideráronse aldeas próximas aquelas que se atopan nun radio inferior a 30-40 km da capital e entre as que citariamos: A Rabaza, Alongos, Amoeiro, Armariz, Barra de Miño, Barbantes, Cambeo, Canedo, Cartelle, Casardomato, Castrelo do Miño, Cea, Coles, Cudeiro, Esgos, Gustei, Luintra, Liñares, Maceda, Maside, Os Peares, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Punxín, Sandiás, San Cibrao de Viñas, San Amaro, A Valenzá, Vilamarín, Xunqueira de Ambía e de Espadanedo, Xuvencos.

[50] Consideráronse núcleos poboacionais afastados os que se atopan a un radio superior a 40-50 km, entre os que citariamos: A Veiga, A Bola, A Rúa, Albarellos, Baños de Molgas, Baltar, Os Blancos, Boborás, Brués (Boborás), Castro Caldelas, Calvos de Randín, Castrelo Val, Entrimo, Feces de Abaixo, Ganade (Xinzo), Humoso (Viana do Bolo), Lobeira, Lovios, A Mezquita, Mixós, Montederramo, Muíños, O Bolo, Oímbra, Padrenda, Parada do Sil, Pazos (Verín), Petín, Porqueira, Pixeiros (Viana), Queizás (Verín), Rairiz de Veiga, Ramirás, Reádegos, Riós, Riocaldo, Santa Cristina, San Esteban, Sarreaus, Trado, Trasmiras, Vences (Verín), Ventas da Barreira, Vilamartín de Valdeorras, Vilariño, Vilardevós, Xagoaza.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 171

representatividade de núcleos rurais do leste e sueste provincial, algúns deles, como é o caso da Veiga, sorprende polo número de mulleres matriculadas no instituto e que son naturais desa zona. As aldeas que con máis frecuencia figuran son (en orde crecente): Castro Caldelas, Muíños, Albarellos, Castrelo do Val, A Gudiña, Riós, A Rúa, Calvos de Randín e A Veiga.

2) Resto de Galicia

Tamén hai alumnas procedentes do resto de Galicia, o 13%. Desta porcentaxe o 53,7% provén de Pontevedra e trátase da provincia que fai unha maior contribución de mulleres ao Instituto, que proceden da Cañiza, Forcarei, Lalín, Ponteareas, A Ramallosa, Ribadumia, Silleda, Tui, Vigo, Vilagarcía, Caldas de Reis, Cambados, Moaña, etc. As outras provincias galegas tamén aparecen representadas por un número considerable de mulleres; temos A Coruña cun 24,5%, que proveñen de Santiago, Ferrol, Ortigueira, Corcubión, etc., e Lugo que achega o 21,6%, que provén sobre todo de Chantada, aínda que tamén hai algunha de Monforte, Pantón, Quiroga, Sarria, Sober, etc.

Estas mulleres virían realizar os estudos neste instituto nalgúns casos de forma ex profesa e noutros porque se atopan afincadas na cidade debido a que os seus pais veñen trasladados á capital por razóns de traballo (as ocupacións fundamentais son a profesión liberal, funcionarios e empregados).

3) Resto de España

Que a capital nestes anos gozaba dun certo dinamismo vese reflectido pola procedencia de xentes de diversos lugares de España. As razóns son fundamentalmente sociolaborais, pois a maioría dedícase a profesións liberais, son militares trasladados, funcionarios, empregados, etc. As fillas destas familias van supoñer un 7% do total de inscritas. Hai representación de varias provincias estatais[51], pero son especialmente aquelas que se atopan máis próximas as que fan unha achega maior. Do 7% do total das que proceden do Estado, as de León supoñen o 17,24%, de Oviedo son o 12,06%, de Zamora, igual que Madrid, o 8,6%, de Barcelona o 6,8% e de Burgos, Valladolid e Salamanca son un 5,1% respectivamente. Das provincias restantes a achega é exigua, simplemente dun 1,7%.

4) Estranxeiro

Tamén contamos no instituto con mulleres procedentes de fóra das nosas fronteiras, fenómeno normal no centro. Trátanse de emigrantes retornados que proceden daqueles destinos a onde acudiran para poder mellorar a súa economía. Cando regresan, a ocupación principal será a de comerciante —se observamos a gráfica final pódese observar como o 50% dos pais das mulleres que se rexistran nestes anos no instituto se dedican ao comercio. Unha delas procede de Odessa (Rusia) e trátase de Ilia Zibarsky, nacida en 1905, pero non sabemos máis nada dela por falta de documentación.

[51] Álava, Alacante, Baleares, Barcelona, Burgos, Córdoba, León, Logroño, Madrid, Navarra, Oviedo, Palencia, Salamanca, Santander, Sevilla, Soria, Tarragona, Toledo, Valencia, Valladolid e Zamora.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 172

Estas mulleres supoñen o 6% do total de matriculadas e son oriúndas de Arxentina o 40%, de Cuba o 35,5%, de Brasil o 13,3% e de Costa Rica, Chile, México, Brasil e URSS o 2,2% cada un.

Visto todo o anterior cabe preguntarnos ¿que carácter adopta o bacharelato ourensán con relación á procedencia do alumnado feminino? Grosso modo poderiamos dicir que o instituto, dado que se ve nutrido maiormente por unha poboación feminina rural, vai ter prioritariamente ese carácter. Pero non nos levemos a engano, pois isto é unha circunstancia do peso porcentual que ten o ámbito rural sobre o urbano na provincia de Ourense destes anos (cadro 6).

Cadro 6.- Evolución e porcentaxe da poboación na provincia por entidades

	1900	*1930*	*Porcentaxe das matriculadas por procedencia en relación co total da provincia (en base á media calculada de 1900, 1910, 1920 e 1930). Por cada 10.000 habitantes*
Rural	*315.489 (80,2)*	*329.898 (77,9)*	*9*
Urbana	*15.194 (3,8)*	*21.579 (5,09)*	*110*
Semiurbana	*62.402 (15,8)*	*71.911 (16,9)*	*16*

(Fonte: elaboración propia a partir dos censos de poboación, Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, Censo de la población de España de 1900, Madrid, Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico, 1902; Censo de la población de España de 1930, Dirección General de Estadística. Madrid, 1931; e os Expedientes Académicos)

Estes datos confirman a natureza eminentemente rural da provincia ourensá, aspecto que apenas se vai modificar durante o primeiro terzo de século. Isto podería facer pensar que o noso instituto gozara de certa singularidade e resultará paradoxal con respecto ao resto dos establecementos de España nos que o paradigma era o aspecto urbano, pero non é así. Tamén o instituto ourensán tiña ese carácter, pois hai que considerar que a capital e as vilas supuñan entre o 19,6% e o 21,9% respectivo do total da poboación ourensá e que fixeron unha achega da matrícula feminina ao bacharelato entre o 37% e o 36%. Pola contra, a poboación rural supuña entre un 80% e un 77,9% ourensán e participou na matrícula entre o 29,6 e o 38,2%.

3.5- Nivel socioeconómico das alumnas

O desenvolvemento económico da provincia era moi limitado, cun predominio de poboación rural, maiormente agrícola. Inherentes a estas características estarían, como xa se comentou, unha mentalidade aferrada ao pasado e uns costumes moi arraigados na tradición, que en moitos aspectos suporán atrancos para a incorporación da muller ao ensino secundario. Fronte a esta maioría afloraban na provincia grupos sociais minoritarios máis selectos que xa animaran os seus fillos homes a realizar estudos de bacharelato e que agora incitarían as fillas.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 173

Atendendo a estas premisas vexamos cal era a orixe social das mulleres matriculadas no Instituto provincial. De novo, os expedientes das alumnas e en concreto a partida de nacemento (ou de bautismo) permite coñecer a profesión paterna e ás veces a materna das alumnas do instituto. De toda a mostra estudada (un total de 871 expedientes) nun 63% de expedientes figuraba a información desexada. Baseándonos nesta información realizouse unha agrupación en categorías sociolaborais —tal como establecemos no primeiro capítulo desta investigación—, que dá idea, aínda que de forma simplificada, da estrutura social da provincia e de cales son as categorías que en maior contía incitan as súas fillas a realizar estudos de secundaria[52].

Vexamos agora cal é o índice de representatividade de cada unha delas no alumnado feminino do Instituto (cadro 7).

Cadro 7.- Profesión dos pais das alumnas ourensás matriculadas no instituto (1900-1930)



(Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes académicos)

A simple vista reflíctese a presenza dun amplo espectro de categorías sociais, aínda que en diferente volume. Sobresaen sobre todo as profesións máis emerxentes e máis favorecidas economicamente (de procedencia urbana), como son as profesións liberais (como médicos, avogados, veterinarios, farmacéuticos, etc.), comerciantes, xentes da banca e funcionarios de grupos elevados (profesores da Normal, catedráticos, etc..). Outras categorías de certa solvencia económica, como empregados (no comercio, traballadores de banca, etc.) e, en menor medida, os funcionarios (profesores, administración pública, correos, ferrocarril, etc.) tamén concorren nos rexistros de matrícula feminina. Logo hai unha contribución do mundo rural, non desprezable e moi destacable: son as

[52] Seguimos as pautas doutros estudos anteriores. Vid. Carmen Benso Calvo, "Los destinatarios del bachillerato en Galicia. Estudio geográfico... *Op.cit.,* p. 342; "Educación y sociedad en Ourense a mediados del siglo XIX. La puesta en marcha del nuevo Instituto Provincial", *Revista Historia de la Educación,* nº 9, 1990, Isaura Varela, *La Universidad de Santiago 1900-1936. Reforma universitaria y conflicto estudiantil,* A Coruña, Edicións do Castro, 1989.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 174

fillas de propietarios e de labradores, que supoñen o 16% e o 15% respectivamente do total de matriculadas —logo veremos se esta porcentaxe é representativa no conxunto provincial—. Finalmente as descendentes de artesáns, as fillas de industriais (moi escasos na provincia) e as dos militares son os grupos que teñen unha menor representatividade neste conxunto.

Agora ben, ¿que porcentaxe supón cada unha destas categorías en relación co volume provincial? Temos que ver que as porcentaxes que reflicte a gráfica son sobre a mostra do alumnado feminino inscrito no instituto, pero debemos comprobar o seu peso relativo e específico en relación co conxunto provincial. A gráfica 7 permítenos ver cal era o total provincial de cada categoría socioprofesional en 1920[53]; e é máis preciso. Analicemos cada unha das categorías.

Gráfica 7.- Porcentaxe de matriculadas por categorías en relación ao volume provincial de cada grupo en 1920

	Poboación total na provincia por categorías en 1920	Porcentaxe en relación co total provincial	Porcentaxe en tantos por cen de matriculadas por cada categoría en relación co total provincial	Porcentaxe en tantos por 1000
Propietario	69.086	16,7	0,10	1
Profesión liberal	732	0,17	9,8	98
Comerciante	1.444	0,35	4,01	40
Funcionario	1.568	0,38	2,4	24
Empregado	245	0,05	19,1	191
Artesán	6.044	1,46	0,62	6
Labrador e xornaleiro	53.339	13,41	0,11	1
Militar	771	0,18	3,8	38
Industrial	2.036	0,49	0,88	8
Poboación improdutiva ou inactiva	274.241	66,48		
Total	412.460	100		

(Fonte: elaboración propia a partir do censo de poboación de 1920 e os expedientes académicos do alumnado feminino do instituto)

• *Propietarios*: é difícil concretar que se entende por esta categoría. Estudos diversos[54] incitan a pensar que fai referencia a unha actividade centrada na terra e estariamos a falar de donos dunha explotación que non traballan directamente senón que as subcontratan, arrendan, etc., obtendo polas rendas os seus ingresos. Pero ten un carácter bastante

[53] Escolleuse este ano, porque, dado que a mostra do alumnado feminino abarcaba o primeiro terzo de século, pode ser o que mellor represente a situación de toda a época estudada.

[54] Vid.: Isaura Varela, *La Universidad de Santiago 1900-1936...Op.cit,* p. 191; Carmen Benso Calvo, "Los destinatarios del bachillerato... *Op.cit.,* p. 344.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 175

heteroxéneo, pois van ter cabida antigos propietarios arrendatarios, así como campesiños redimidos dos foros, aínda que moitos destes últimos se encadren mellor na categoría de labradores ou campesiños. Na provincia ourensá, en 1920, podemos dicir que, de aproximadamente 69.086 propietarios en toda a provincia, o 97,4% (que serían 67.446) estaban ligados ao campo, é dicir, son propietarios de terras.

Pero tamén se podería incluír nesta categoría a aqueles que viven principalmente do produto de locación dos seus inmobles e que na provincia ourensá serían aproximadamente en 1920 uns 1.582 máis 58 arrendatarios (formarían o 2,6% restante do total da porcentaxe provincial deste grupo).

No instituto o 16% das alumnas bachareis son fillas de propietarios. Aínda que se poida pensar que estamos ante unha achega importante, só supón o 0,10% do seu grupo (ou o que é o mesmo, só un de cada mil propietarios). Polo tanto, atopámonos ante unha exigua representación deste grupo na matrícula feminina do instituto. Hai que pensar que moitos deles serían campesiños reconvertidos a propietarios que non teñen o poder adquisitivo suficiente como para enviar as súas fillas a estudar bacharelato, pois o máis prioritario é extraer o beneficio da súa recente pertenza.

• *Profesión liberal*: non podía faltar este grupo de titulados universitarios; neste caso falamos de veterinarios, médicos, avogados, notarios, enxeñeiros, arquitectos, procuradores, peritos, dentistas, etc., que representan o 16%. Son os que emerxen na capital e provincia, con certa relevancia, a medida que transcorren os anos e adoitan ser ocupacións da burguesía alta, da fidalguía que accede á capital, das clases aristocráticas tradicionais, etc. En 1920 había cerca de 732 persoas con profesión liberal, o que supuña o 0,17% do total da poboación. Por iso, a representación no instituto adquire un gran peso específico, dado que 98 persoas de cada mil que exercen a profesión liberal envían as súas fillas ao instituto. As súas posibilidades económicas, así como a súa formación cultural, permiten un recoñecemento dos estudos secundarios como medio de perpetuarse na escala social. Ao mesmo tempo, ao seren categorías instruídas e supostamente informadas, estarán máis embebidas das novas ideas renovadoras que ven á muller con capacidade suficiente para acadar niveis sociais elevados ou pretenden darlle unha educación esmerada e refinada propia da súa clase e do seu rango. Un gran número deles son orixinarios de Galicia e do resto de España. Xa na provincia adoitan proceder das vilas e da capital.

• *Labradores*: Coñécense por tales a aqueles que cultivan directamente unha terra propia ou allea. A heteroxeneidade é propia desta categoría social, pois hainos caseiros, arrendatarios, propietarios e xornaleiros. Eran un grupo moi numeroso na provincia; non en van supuñan o 13,41% da poboación total (uns 55.339), pois a economía ourensá apoiábase fundamentalmente na agricultura.

O 15% das alumnas matriculadas no instituto procede desta categoría, o que pode conducir a engano ao parecer que se trata dunha representación elevada do mundo rural e agrícola na matrícula feminina do instituto. Pero nada máis lonxe da realidade, pois o peso específico desta representación é moi exiguo, tan só do 0,11%, o que indica que tan só un campesiño de cada mil inscribe a súa filla no instituto. Proceden a maioría deles principalmente das vilas e aldeas da provincia, tanto afastadas como próximas á capital, pero

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 176

tamén os hai que veñen doutras rexións de España limítrofes e próximas a Galicia como son Zamora, León, Palencia, etc.

• *Comerciantes*: nas partidas de nacemento figuran con esta connotación xeneralizada, pero enténdese que comprende os predominantes na provincia, como son os alimentarios, hostaleiros, libreiros e papeleiros, téxtil, almacenistas, banqueiros, drogueiros, etc. Recoñecen que os estudos supoñen unha mellora social e, cunha mentalidade máis de acordo coa época, animan as súas fillas a proseguir os estudos. Ocupan o cuarto lugar co 13% de mulleres inscritas no Instituto. Trátanse, na maioría dos casos, de comerciantes afincados en Ourense capital ou cabezas de partido, que contan cunha certa solvencia económica dentro do que é o panorama xeral ourensán. Na provincia representaban en 1920 o 0,35% da poboación, o que indica que non era un grupo moi numeroso aínda. Por iso é moi importante a contribución deste grupo á matrícula feminina do instituto, pois corenta comerciantes de cada mil alentan as súas fillas a estudar bacharelato.

• *Empregados*: forman o quinto grupo máis numeroso, co 11%, e é que o xurdimento dunha rede comercial e administrativa cada vez máis densa na provincia e capital abriu as expectativas a unha parte da sociedade. O seu peso específico é o máis elevado de todas as categorías e sitúase no 19,1% o que quere dicir que 191 empregados de cada mil envían as súas fillas a estudar bacharelato. O seu número vai medrando na capital e vilas, aínda que lentamente, en función da creación dunha rede comercial, industrial e de servizos na provincia e, por iso, en 1920 contabilizábanse tan só aproximadamente 254 empregados, o que supón o 0,06% da poboación total provincial. Estes empregados traballan en distintos sectores, como a banca, comercios varios, hostalería, transportes, etc., afincados maiormente nun ambiente urbano e semiurbano. Estes, como clase media, quizais queiran emular os grupos privilexiados, pero, sobre todo, como contan cun certo poder adquisitivo máis ou menos seguro, permítense proporcionar ás súas fillas unha cultura maior.

• *Artesáns*: na cidade e resto da provincia o oficio de artesán contaba cunha longa traxectoria histórica ao ser un medio de vida que aseguraba un traballo continuo por ofrecer produtos moi demandados. Contabilizábanse na provincia aproximadamente 6.044 obreiros artesáns. Son forneiro, zapateiro, tintureiro, albardeiro, follateiro, xastre, prateiro, ebanista, reloxeiro, muñidor, etc. Normalmente son obradoiros pequenos e familiares ao cargo do mestre, que adoita ser o pai de familia e cuxos coñecementos se suceden de proxenitores a fillos, chegando a darse o caso de que a muller continúe co taller unha vez que morra o home. En todo caso, quizais por tal motivo, non adoita ser o grupo que máis achega faga no alumnado feminino do instituto, pero si vai haber unha gran diferenza con respecto aos homes, dado que os fillos de artesáns son os menos representados nos rexistros de matrícula, polo que todo fai pensar que os proxenitores lles reservaban para eles a profesión manual ou os estudos de Artes e Oficios. En relación co seu grupo, só seis artesáns de cada mil fan a inscrición das fillas no instituto.

• *Funcionarios*: este grupo pode ser un tanto heteroxéneo, pois nel hai que aludir a funcionarios de rango superior, medio e inferior. Nos expedientes atopáronse referencias a funcionarios de cadros inferiores, como escribentes, de correos, da administración, pericial de aduanas, capataz de obras públicas, telegrafistas, xefes de estación. En menor

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 177

contía aparecen os funcionarios de cadros elevados e alúdese a catedráticos e a algún profesor da Normal. O grupo de funcionarios era bastante numeroso na provincia, pois viñan a ser un total de 1.565 en 1920, pero en canto á súa participación como grupo nos rexistros de matrícula feminina é baixa, pois só 24 funcionarios de cada mil teñen as súas fillas inscritas no instituto. Os que o fan probablemente estea motivado porque o requirimento dun título para o exercicio da súa profesión de funcionario facía posible que incentivaran as súas fillas a cursar máis estudos para que gozaran desas mesmas posibilidades ou para mellorar o status social.

Todos eles, como centralizan as súas funcións dentro da capital, son maiormente procedentes desta, aínda que tamén os hai que proceden das aldeas preto da capital, do resto de Galicia e España.

• *Militares*: tamén constan nos expedientes fillas de militares que poderían incluírse no grupo dos funcionarios. Trátase principalmente de altos cargos militares co rango de altos funcionarios da Administración, como gardas civís, tenentes, sarxentos, capitáns, etc. quedando totalmente á marxe os soldados rasos. Na provincia contabilizábanse un total de 771 en 1920, pero destes só unha pequena porcentaxe envía as súas fillas a estudar bacharelato, aproximadamente 40 de cada mil. Representan o 7% do total de inscritas, igual que os artesáns, e estes altos cargos, por seren un grupo influente na cidade e contorno, incitarían as súas fillas a realizar uns estudos que as enriqueceran máis e deran a altura social adecuada. A maioría destes altos cargos eran de fóra de Galicia e proviñan de diferentes lugares de España.

Entre funcionarios e militares suman un total do 16% de inscricións femininas, o que situaría a toda a categoría entre as primeiras, xunto cos liberais e propietarios. O seu peso específico ascendería a 6,4% ou, o que é mesmo, sesenta e catro funcionarios de cada mil adoitan mandar as súas fillas aos estudos secundarios, polo que sería o terceiro grupo que máis aparece nos expedientes académicos das alumnas inscritas no instituto.

• *Industriais*: finalmente o grupo menos numeroso, o 4%, son os industriais. Tamén é certo que é o menos cuantioso da provincia por ser esta eminentemente rural. En 1920 hai un 0,49% da poboación total que se dedica á industria e deste só unha pequena parte envía as súas fillas ao instituto, oito por cada mil industriais da provincia, preto da participación dos artesáns pero moi lonxe dos empregados, funcionarios, comerciantes, militares e profesións liberais, o que quere dicir que se trata de industriais pouco solventes, aínda nunha fase artesanal rudimentaria con pouca capacidade de investimento. Nas partidas non chega a ser explicativa a que tipo de industria se refire; probablemente moitos estiveran ligados ao artesanado, de aí que puidera cometerse algún erro de clasificación. Non obstante, podemos saber que na provincia existían diferentes sectores industriais, como son as industrias alimentarias (muiñeiros, panadeiros, viños, etc.), artes gráficas, como imprenta, encadernación, fotografía, etc., industria téxtil, madeira, etc. Proceden moitos de Galicia e do estranxeiro, probablemente emigrantes retornados, que se afincan na capital con miras a aproveitar o devir económico e fomentar unha maior demanda a unha sociedade cada vez máis diversificada.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 178

3.6-Rendemento académico

Acabamos de ver como as novas clientas dos estudos de bacharelato procedían dun amplo abano social onde os grupos socioprofesionais máis modestos ían suplantar as categorías máis elitistas, pero cómpre saber o grao de éxito dos estudos que realizan estas alumnas. Por iso, preguntámonos ¿en cantos cursos se matriculan as alumnas? ¿Realizan todos os cursos de bacharelato ou, pola contra, abandonan os estudos? E, se é así, ¿a que é debido? ¿Podemos pensar que os abandonos son producidos polo fracaso nos estudos ou porque estas mulleres só pretendían acadar unha cultura de adorno?, ¿que cualificacións logran as mulleres? ¿Cantas obteñen a titulación? e, finalmente, ¿depende todo isto da procedencia da condición socioeconómica?

3.6.1-Cursos que realizan

Cabe esperar que unha vez formalizada a matrícula nun centro de secundaria o obxectivo sería culminar os estudos. Pero a teor da información que nos transmiten os expedientes académicos das alumnas, púidose comprobar que non era así. Por iso, comezaremos analizando cantas destas mulleres só realizan o ingreso e que media de alumnas figuran realizando de un a seis cursos, que eran os anos que duraba o bacharelato. Os resultados son os que amosa a gráfica 8.

Gráfica 8.- Distribución do alumnado feminino de bacharelato polo número de cursos no que figura matriculado (1900-1930) (en porcentaxe)



(Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes académicos)

Na gráfica 8 podemos comprobar que aproximadamente había un 14% de mulleres que realizaron tan só o exame de ingreso sen matricularse posteriormente en ningún curso. Tratábase de ingresos superados satisfactoriamente —exceptuando unha pequenísima porcentaxe—, o cal quere dicir que a estas mulleres nada lles impedía efectuar os trámites administrativos de inscrición. Isto dá mostras de que aínda nos atopamos nunha etapa de tenteos e dúbidas que poñen en tea de xuízo a vontade das mulleres. Parece

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 179

ser que os homes tamén sufren este revés e un 12% deles só realizan o exame de ingreso pero despois non figuran en ningún curso escolar[55].

Como pode observarse no cadro 8, a dinámica é practicamente similar nos dous sexos. O maior vulto de abandonos prodúcese nos tres primeiros anos de bacharelato, aínda que é superior nas mulleres que nos homes, un 47% fronte ao 41,9%, e nos cursos posteriores a redución dos abandonos é plausible e paritario nos dous sexos. Varias poden ser as causas desta tendencia, aínda que unha das máis evidentes sería que o alumnado se conformara con realizar tan só o bacharelato elemental —cando este se implanta en 1926— sen aspiracións a encamiñarse aos estudos superiores, o que suporía un grande esforzo económico para as familias. Tratemos agora de centrarnos noutras hipóteses para comprender o porqué do abandono das alumnas do instituto.

Cadro 8.- Cursos que realiza o alumnado total do instituto provincial(1900-1930) (%)

	Homes	Mulleres
Só ingreso	12,1	14
1 curso	20,2	18
2 cursos	10,7	14
3 cursos	11	15
4 cursos	8,8	9
5 cursos	11,3	11
6 cursos	17,8	16
7 cursos	4,5	2
8 cursos	3,6	1

Fonte: os datos dos varóns foron tomados de Carmen Benso Calvo, "Los Inicios de la crisis del Bachillerato Tradicional en Galicia (1900-1930)", *Revista de Historia de la Educación,* 17, 1998, pp. 150-151. Os datos das mulleres son os resultados obtidos dos expedientes académicos das alumnas)

Como podemos observar no cadro 9 a través dos expedientes académicos, son moitas as que tramitan documentación de traslado, tanto a outros institutos de Galicia —sobre todo Pontevedra— como á Escola Normal de Ourense, onde lles serían revalidados os cursos realizados para finalmente acadar a titulación en maxisterio. A causa de que moitas mulleres optasen por continuar estudos na Escola Normal podería atoparse na Lei de 1903 no artigo 9 que indicaba que as disciplinas aprobadas nos institutos xerais e técnicos para o bacharelato serán de aboamento nas Escolas Normais para a carreira de Maxisterio[56]. Son bastantes as que plantan os estudos no terceiro ano e acadan a titula-

[55] Vid.: Carmen Benso Calvo, "Los inicios de la crisis del Bachillerato tradicional en Galicia ...,*Op.cit.*, pp. 150-151.
[56] Manuel de Guzmán, *Vida y muerte de las Escuelas Normales,* Barcelona, PPU, 1986, p. 127.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 180

ción en bacharelato elemental e, posteriormente, acceden á Escola de Mestras tanto de Ourense como doutras provincias —por exemplo, León, a onde vai un cuantioso número de mulleres. Outras obteñen o grao de bacharel, das que unha pequena parte accede aos estudos de maxisterio, outra diríxese cara á Universidade de Santiago de Compostela e a maior parte dá por finado o seu periplo de estudante. En definitiva, as porcentaxes de mulleres que desertan son moito maiores cantos menos cursos realizan, de tal xeito que no primeiro e segundo curso a maior parte das alumnas non prosegue os estudos nin neste centro nin noutros, mentres que as que fan entre tres e catro cursos tenden a encamiñarse á Escola Normal. Pero debemos seguir indagando nas razóns que empuxaron a unha porcentaxe de mulleres a abandonalos.

Cadro 9.- Distribución das alumnas por cursos que realizan con relación a se continúan ou non os estudos (en porcentaxe)

	Escola Normal	Certificados a outros centros	Tituladas	Nada	Total
1 curso	25,4	20,1		54,3	100
2 curso	35,9	16,8		47,1	100
3 cursos	42,3	10,8	18,4	28,2	100
4 cursos	22,4	15,5	41,3	20,6	100
5 cursos	12,8	7,1	62,8	17,1	100
6 cursos	4,7	8,4	74,5	12,2	100
7 cursos	7,6		92,3		100
8 cursos	25		50	25	100

(Fonte: elaboración propia a partir dos expediente académicos)

Centrémonos nas alumnas que abandonan e das que temos constancia de que non realizaron ningún trámite administrativo, como puido percibirse a maior parte delas inscríbense entre unha e cinco disciplinas —especialmente en lingua castelá, caligrafía, aritmética, xeometría, nocións de historia ou relixión—, é dicir, nin tan sequera chegan a matricularse en todas as disciplinas do curso nin a escoller as propias dese nivel, senón que fan unha escolleita de materias de varios niveis, o que dá mostras de que existe unha premeditación das materias que lles resultan máis proveitosas. A maior parte das mulleres matrícúlase en orde crecente nas materias de Historia de España, Francés, Debuxo, Xeografía de España, Lingua latina, Nocións de historia, Xeografía de Europa, Relixión, Caligrafía, Xeometría, Xeografía xeral, Aritmética e Lingua castelá. Como podemos observar, son as disciplinas que se impartían nos dous primeiros cursos de bacharelato as que supuñan unha ampliación dos saberes adquiridos na ensinanza primaria. Cobra especial interese a Xeometría, que é unha das disciplinas nas que máis se matriculan estas mulleres, así como o Debuxo, dúas aprendizaxes que poderían aplicarse nos labores. Outras materias apreciadas son o Francés, polo gusto de coñecer unha lingua estranxeira, o Latín, para achegarse á cultura clásica; a Historia e Xeografía, dúas materias de carácter humanístico xunto con materias máis básicas como a Aritmética, Caligrafía e Lingua castelá para capacitarse máis en cuestións numéricas e gramaticais, e, finalmente, a Relixión, como base esencial da formación moral, tan prezada na formación das mulleres.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 181

Os abandonos explícanse, primeiro, pola concepción de que estes estudos servían, e así o consideraban os proxenitores, para adquirir certos saberes, ampliándose un pouco a cultura xeral e, segundo, polo cambio de aspiracións académicas debido á reconsideración dos pais que antes vían estes estudos como un medio para promoverse socialmente[57], e no caso das mulleres motivado sobre todo porque socialmente non se consideraba oportuno que estas tiveran moitas pretensións intelectuais e laborais como se criticaban en certos artigos da prensa ourensá:

> "Hay una población escolar femenina desmesurada, y bien se ve estos días de exámenes y de proximidad de los cursillos de Magisterio...y es para destacarlo y para lamentarlo también. Para lamentarlo, porque Dios sabe cuántos males nos provendrán y no pocos ya a la vista, ya palpados, ya sentidos, de este extravío del mundo...
>
> Díganlo los jóvenes de ahora universitarios, que hallan a sus compañeras deliciosas, como...compañeras, pero sin que a ninguno, o a cuán pocos, se le ocurra casarse con alguna, ni hacerle siquiera el amor. Es que les falta, a tantas, a la mayoría, eso que nadie enseña, pero que en otros trabajos que no sean los del hogar se pierden irremediablemente"[58]

3.6.2-Cualificacións que obteñen as alumnas do Instituto

O rendemento académico vai ser visible nas cualificacións que acada o alumnado no seu período escolar. As mulleres que se inscriben no instituto, tanto por libre como por oficial, estarían sometidas, de igual xeito que os seus compañeiros, a unha serie de probas establecidas nos meses de abril e maio, onde verificarían a aprendizaxe acadada en cada unha das materias nas que se inscribiu. Estas probas rexíanse pola lexislación vixente do momento, dende Romanones ata Callejo. Romanones estableceu dous modelos de exame anual diferentes segundo a opción da matrícula (oficial ou libre).

As cualificacións simplificábanse ao aprobado e suspenso[59] pero podíanse efectuar outras probas para acadar notas máis elevadas —notable e sobresaliente [60]— con posibilidade de optar a premio, solicitándoo ao director do centro [61]. Agora ben, dado que existía, por parte dos tribunais, demasiada brandura e pouco rigor á hora de xulgar as probas, limitouse a porcentaxe de sobresalientes e notables que o profesor podía dar na súa materia.

---

[57] Vid.: Carmen Benso Calvo, "Los inicios de la crisis del Bachillerato tradicional en Galicia ...,*Op.cit.*, pp. 155-157.

[58] "Temas de Orense. Fuera del hogar", *La Región, 26-5-36,* p. 1

[59] Segundo o ministro Romanones, a segunda ensinanza adoecía de ser máis extensiva que intensiva e por iso indicaba a necesidade de impor maior rigor. E, dado que era habitual que se chegara a aprobar a alumnos tras suspender reiteradamente unha materia e chegara a obter o título, no artigo 21 do RD de 12 de abril de 1901 prescribe que aqueles alumnos suspensos dúas veces en xuño e outras dúas en setembro en dúas materias, ou tres veces en xuño e tres veces en setembro nunha materia, non poderían continuar os seus estudos.

[60] Segundo o artigo 20 do RD de 12 de abril de 1901, a cualificación de sobresaliente outorgada polo catedrático daba dereito á matrícula de honra nunha disciplina do curso inmediato seguinte. Esta matrícula de honra era gratuíta para os que o solicitaran. "R.D. do 12 de Abril de 1901", *La Gaceta de Madrid*, 14 de abril de 1901, pp. 200-201.

[61] Podían optar a premio na segunda quincena de xuño os alumnos e alumnas cualificados de sobresaliente. Os premios daban dereito á matrícula de honra nunha disciplina do curso normal inmediato. Artigo 20 do RD de 12 de abril de 1901, *La Gaceta de Madrid,* 14 de abril de 1901, p. 201.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 182

Vexamos cales son as cualificacións medias que obteñen. A gráfica 9 representa a súa distribución. Polo que podemos observar, un 99% das mulleres supera con éxito as materias nas que se inscribe. Destas, o 53% obtén unha cualificación suficiente e destas o 6,7% obtén un aprobado bastante baixo, pois ten materias que suspendeu e o 20% ten unha media máis elevada por presentar nalgunha disciplina algunha nota elevada. O 26% serían as alumnas que teñen no seu expediente cualificacións que van dende o aprobado ao notable (sería o que hoxe en día recoñeceriamos como ben) e destas o 16% presentan unhas cualificacións máis próximas ao notable; o 14% obteñen notable, algunhas delas presentan no expediente algunhas materias coa máxima cualificación, e o 1% do alumnado obtén sobresaliente.

Gráfica 9.- Cualificacións obtidas polas alumnas do instituto provincial (1900-1930)



(Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes académicos)

En liñas xerais, as materias onde as alumnas obteñen as mellores cualificacións son Relixión, Aritmética, Latín, Lingua castelá, Xeografía de España e Xeografía de Europa. Pero nas que a maioría acada o aprobado son en Francés, Caligrafía, Ximnasia, Fisioloxía e Hixiene e Ética e rudimentos de Dereito. Pero lonxe de ver expedientes mediocres temos exemplos de numerosas mulleres, un 9,1%, que optaron a premio nalgunha das disciplinas o que dá mostras do esforzo e interese por conseguir un expediente brillante, como por exemplo Felisa Conde Gamboa, natural de Burgos, que presenta no expediente catorce premios, ingresara no instituto no ano 1921 á idade de trece anos. Ao rematar os estudos solicitaría traslado á Universidade Central de Madrid[62]. Concepción Vázquez Feijoo, natural de Celanova e filla de nai solteira, consegue dezaseis premios pero ao obter o título de bacharel non realiza ningún trámite[63]. Encarnación Padilla, que en ingresa no 1918 con dezaseis anos, vai ter premio en dezasete disciplinas. Ao finalizar os estudos trasládase á Escola Normal[64]. Tamén habería que destacar as que teñen matrícula de honra, como é o caso de Carmen Iglesias Alaez[65] que tivo catro e Pilar Fernández García[66], once.

[62] AIOP., *Expediente académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, 350/3.
[63] AIOP., *Expediente académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, 309/2.
[64] AIOP., *Expediente académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, 244.
[65] Carmen Iglesias Alaez, nacida en Ourense, ingresa no 1926 á idade de once anos no instituto. Realiza os estudos de forma combinada e ao titularse trasládase á Escola Normal de Ourense. AIOP., *Expedientes académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, 193/2-3.
[66] Pilar Fernández García, natural de Ourense e filla dun comerciante, ingresa no instituto no ano 1927 aos trece anos de idade. Realiza os estudos de forma combinada e unha vez que se titula solicita certificado á Universidade de Santiago de Compostela.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 183

Tamén cabería facer mención das que obtiveron expediente excepcional, pois acadaron en todas ou case todas as materias a nota máxima, o que as distingue do resto das súas compañeiras. Algunhas serían as mencionadas anteriormente, ás que lles engadiriamos alumnas como Lía Río Anta, nacida en 1893 en Ourense e filla de avogado. Ingresa no centro en 1905, realiza os estudos por libre e obtén finalmente o título[67]. Blanca Vázquez Agudín, natural de Santiago, onde naceu en 1892, e filla dun profesor da Normal, ingresa no centro en 1905, onde realiza dous cursos por oficial tras os cales solicita certificado a un instituto de Oviedo[68]. María Cid López, filla dun comerciante, nace en Ourense no ano 1900. Ingresa no centro en 1912, onde permanece durante catro cursos por oficial para solicitar certificado á Escola Normal de Ourense[69]. María Brey Mariño, natural da Pobra de Trives, realiza un curso por libre no centro para trasladarse a un instituto a Bilbao, e Carme Santo Berjano, natural de Ourense, quen a partir de 1927 realiza os tres cursos de bacharelato elemental e solicita traslado á Normal[70].

3.6.3-Traxectoria das alumnas: certificados, graos e título:

En relación a todo o que anteriormente comentamos queda saber cal é a traxectoria das alumnas do instituto e facer balance dos resultados. Deste xeito daremos respostas ás seguintes preguntas: ¿cantas se trasladan e a onde se trasladan? ¿cantas non acadan a titulación?¿cantas acadan a titulación e que fan despois?¿que diferenza hai con respecto aos homes?.

Miremos o resultado na gráfica 10:

Gráfica 10.- Destino das alumnas matriculadas no instituto provincial (1900-1930)



(Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes académicos)

[67] AIOP., *Expediente académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, 273/2-3-296.
[68] AIOP., *Expediente académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, 309/2-327.
[69] AIOP., *Expediente académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, 198-214/3.
[70] AIOP., *Expediente académicos,* cartapacios ordenados alfabeticamente, 350/2 e 353/3.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 184

A gráfica repártese entre o 42% que solicita certificacións académicas para trasladarse a outros centros, o 31% que culmina os estudos e o 27% que renuncia. Un 11% vai continuar os estudos noutros institutos, preferentemente de Pontevedra (onde había estudos de comercio, opción laboral interesante para as mulleres da época), Santiago, Lugo, Oviedo, Bilbao, etc. Adoitan ser as fillas de pais con profesións flotantes, sobre todo militares e funcionarios. Unha gran parte encamíñase aos estudos de maxisterio nas Normais de Pontevedra, Lugo e León, pero sobre todo á Escola Normal de Mestras de Ourense. O 31% das alumnas vaise titular, fronte ao 27% que fracasa, posiblemente polas razóns que anteriormente comentamos. Os traslados tamén se producían entre o alumnado masculino do instituto, que tendía a encamiñarse tamén aos estudos de maxisterio, comercio ou artes industriais na provincia de Vigo.

As alumnas que finalizaron os estudos e aprobaron os exames anuais acadarían o título de bacharel. Acabamos de ver que do total de matriculadas foron un 31% as que conseguiron a titulación. ¿Que fan a continuación?.

Gráfica 11.- Destino das alumnas tituladas no instituto provincial (1900-1930)



(Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes académicos)

Como indica a gráfica 11, non todo ten que rematar cando se acada a titulación no bacharelato, aínda que para moitas o obxectivo xa estivera cumprido, como é o caso do 30% das tituladas que non teñen unha maior aspiración académica nin profesional. O restante 70% das tituladas dá continuidade á súa formación, decantándose o 58% pola Escola Normal, ben sexa a de Ourense ou ben outras próximas como a de Vigo, Pontevedra ou León. A razón de que moitas mulleres optaran por continuar na Escola Normal era porque a Lei de 1903 no artigo 9 preveía que aos que superaran todas as disciplinas e exercicios de bacharelato podería conferírselles o título de Mestre Elemental, unha vez que aprobaran as disciplinas de pedagoxía e practicaran na escola anexa á Normal ou instituto durante o tempo que considere suficiente o Mestre rexente —con anterioridade o 2 de xuño de 1868 di que estes bachareis poderían aspirar ao diploma de

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 185

aptitude para mestre, único requisito para exercer a pofesión[71]. Un 12% das tituladas accederá á Universidade de Santiago de Compostela e algunhas á Central de Madrid. Son aquelas que ambicionan unha maior formación académica, que culminará nunha titulación profesional de carácter liberal[72].

[71] Manuel de Guzmán, *Vida y muerte de las Escuelas...* Op.cit., p. 127; Ministerio de Educación y Ciencia, *Historia de la educación en España: de las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868*, Tomo II, Breviarios de Educación, Madrid, 1989, pp. 307.

[72] Algunhas destas ilustres alumnas serían Joaquina Rodríguez Caminero, Felisa Conde Gamboa, Antonia Avilés de Vega, Paz Parada Pumar, Pilar Fernández García, Paz Raimúndez Fernández, Alicia Romero Gallego, Remedios Torres Abeledo, Esperanza Trigo Gómez, María del Carmen Parada Font, Áurea González y González, Gloria Sánchez Borrajo y Encarnación Rivera Gran, María del Carmen Legido Pascual, María Eugenia Pereira Rodríguez, María Encarnación Martínez Macía, Obdulia Martínez Macía, Concepción Rocafull Usich, Esperanza Trigo Gómez, María del Pilar Pérez Guerrero e María Asunción Rionegro Bautista, María Rosa Pérez Pérez, María del Carmen Otero Pombar, Dolores Fernández Vázquez, María Pilar Vilar García e Irene Álvarez VerasAIOP, *Expedientes Académicos*, cartapacios ordenados alfabeticamente e *Memoria del curso académico 1917-1918*, Ourense, Imprenta Popular, 1918, pp.24-25; *Memoria del curso académico 1919-1920*, Ourense, Imprenta Popular, 1919, p. 31; *Memoria del curso académico 1920-1921*, Ourense, Imprenta Popular, 1920, p. 27; *Memoria del curso académico 1920-1921*, Ourense, Imprenta Popular, 1920, p. 27.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 186

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 187

ISSN: 1138 - 5863

Pedro Álvarez, mestre en Compostela: pequena historia da Academia Comercial (1944-1980)

Pedro Álvarez, a Compostela schoolteacher: a brief history of the Commercial Academy (1944-1980)

Isabel ÁLVAREZ GARCÍA

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Neste artigo dase a coñecer brevemente a vida de Pedro Álvarez, mestre en Compostela e a historia da Academia Comercial dende que entrou en funcionamento no ano 1949 ata o seu peche en 1980. Nel faise percorrido pola súa vida e estudos, así como un comentario da evolución metodolóxica e didáctica seguida nese centro educativo ó longo dos anos sinalados e que tivo marcada incidencia na vida escolar Compostelá.

PALABRAS CLAVE: Mestre, maxisterio, academia, xornada escolar, actividades extraescolares, internado, dictadura

ABSTRACT: This article briefly illustrates the life of Pedro Álvarez, a Compostela schoolteacher and the history of the Commercial Academy, from its beginnings in 1949 until it closed in 1980. A description of his life and studies is presented, in addition to a discussion of the methodological and educational evolution that took place in this center of learning over the course of these years, which had a great impact on educational life in Compostela.

KEY WORDS: Schoolteacher, teaching, academy, school day, extracurricular activity, boarding school, dictatorship

Infancia e mocedade dun mestre

Pedro Álvarez naceu o 6 de xuño do ano 1915 en Candai, unha aldea fermosísima pertencente ó municipio de Outeiro de Rei na provincia de Lugo. Candai, está na Terra Cha luguesa, unha aldea pequena no medio dunha enorme chaira, rodeada de carballos con poucas casas e poucos habitantes. Non sei agora, pero fai uns 50 anos non había máis de 40 persoas vivindo nela.

Pedro vive cos seus pais Manuel María e Casilda, e tres irmáns máis Manuel, Antonio e José. Tamén vivían con eles os abuelos paternos dedicándose todos ás labores do

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 188

campo. Pedro non quere traballar na aldea, non lle gusta, gústalle ler, escribir, estudar. Seu pai o sabe por eso, cando Pedro vai cumplir 12 anos, decide envialo a Madrid para estudar no Colexio dos Franciscanos.

Estudia en Madrid ata o ano 1934, pero ós 19 anos volta para Candai coa idea de marchar de novo, esta vez para Oviedo a traballar na casa do seu primo que tiña alí unha xoiería.

No ano 1936, cando estala a guerra, Pedro está en Oviedo traballando e decide alistarse, pero ós poucos meses é ferido no frente e declarado mutilado de guerra polo que se traslada ó Hospital Militar de Ourense. Tan pronto se recupera é enviado a fábrica de armas da Coruña onde coñece a Escravitude García que estaba estudiando no Instituto feminino.

Mentres Pedro traballa na fábrica, o seu irmán José decide matricularse na Academia Comercial de Lugo e presentarse por libre os exames da Escola de Comercio. Cando remata os estudos, o director da Academia Comercial proponlle montar unha academia en Santiago. En 1945 alquila unha casa na Rua Travesa e fala con Pedro para que lle axude na docencia. Pedro só tiña os estudios que realizara nos franciscanos en Madrid e non lle parece boa idea trasladarse a Santiago e dar clases xa que non ten o título de mestre. Tamén é certo que Pedro estaba namorado de Escravitude polo que non lle facía moita ilusión marchar para Santiago.

José tenta convencelo xa que él só non se sinte capaz de levar adiante unha academia e sobre todo tamén porque se sentía con pouca formación no tocante a área das humanidades mentres que a formación de Pedro nesta rama do saber fora máis intensa no colexio dos Franciscanos.

A academia comercial.

Os inicios

Cando chegan a Santiago o primeiro que fan é buscar un lugar onde instalarse, unha casa ou un piso para alquilar, a ser posible que lles permita dispoñer dunhas aulas para dar clase e o mesmo tempo instalar a súa vivenda. Atopan unha casa de dous pisos na Rua Travesa, non é moi ampla pero suficiente para empezar. Tampouco sabían cantos alumnos iban ter nin se os estudos que iban impartir serían moi solicitados, en fin toda unha aventura.

Pedro casara con Escravitude no 1946, xa están vivindo os dous en Santiago. A Academia ten un éxito total, tanto que un profesor que se dedicaba a dar clases de comercio, vendo o ben que lles iba a Pedro e a José, decide pasarlle todos os seus alumnos. O piso da Rua Travesa xa non daba para máis, xa non cabían todos os alumnos matriculados, así que tan pronto remata o curso 1947 buscan outro local máis grande.

A casa que alquilan é no número 13, na Praza de Cervantes, parece un pazo: catro andares comunicados por unha escaleira ancha con pasamáns de ferro e o rodapés alto de madeira de pino roxo; cada andar ten varias dependencias tan grandes como salóns

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 189

de baile nas que caben moitas mesas o que lles permitía, sen demasiados gastos de obra, habilitar as aulas rápidamente. Os dous primeiros andares cun total de 5 aulas, todas exteriores con luz natural, conforman a Academia, o 3º e o 4º para vivenda,¡qué vivenda ¡. A cociña está no 3º andar e no mesmo andar o salón no que estaba a capela dende a que se miraba a Praza de Cervantes. Só a cociña era tan grande como un piso dos de agora, o resto, habitacións e cuarto de baño, un enorme faiado con claraboia por onde entraba a luz do sol que iluminaba ás escaleiras e que servía, ó mesmo tempo, de "patio" onde xogar os 6 fillos que tiveron Pedro e Escravitude. En realidade toda a casa era como un gran lugar de recreo, sobre todo os sábados pola tarde e os domingos que era toda para os nenos. Xogaban ó escondite, a galiña cega… e a un sinfín de xogos.

Comeza a funcionar a academia no ano 1948, matricúlanse aproximadamente 30 alumnos dos que o 20% son mulleres.

Pedro, segue preocupado por non ter o título de mestre e non se sinte ben para seguir dando clases, por este motivo, no ano 1949 matricúlase, por libre, no Instituto Nacional de Enseñanza Media de Lugo para facer os estudos de bacharelato, estudos que remata no 1951. Tamén por libre, no ano 1951, inicia os de Maxisterio na Escola do Maxisterio Masculino de Lugo acadando a titulación de mestre no ano 1955.

A xornada escolar.

Configúrase o espacio físico da Academia de tal xeito que no primeiro andar impártense os estudos de comercio, tres aulas en total, unha delas para clases de mecanografía. Todas as asignaturas de comercio: cálculo, contabilidade, etc. son atendidas por José Álvarez. No 2º andar con dúas aulas, daban clase Pedro Álvarez e a súa dona Escravitude García as asignaturas de matemáticas, historia, xeografía, literatura, dibuxo, etc. Escravitude daba clases na primeira etapa, pero a partir do terceiro fillo, Manuel, xa non se poido adicar ó ensino.

O momento do recreo consistía en sair á praza e pasar o tempo cada un como quería, ata que empezaban de novo as clases. Era un patio "espectacular", a Praza de Cervantes, cunha fonte no medio, o banco Olimpio Pérez a esquerda baixo os soportais, a igrexa de San Bieito ó fondo e logo as ruas que confluían: Algalia de Arriba, a de Abaixo, o Preguntoiro, e a Caldererría. Misturábanse os xogos dos alumnos da Academia co andar dos peregrinos que pasaban cara a Catedral, a xente que ía o banco, os que ían a praza de abastos e a un sinfín de pequenas tendas de ultramarinos que había arredor da plaza. Poucos coches pasaban daquela e cando o facían os nenos deixaban de xogar e reanudaban o xogo tan pronto pasaban. En inverno eran os soportais os que os protexían da choiva.

As mesas eran corridas con bancos a ambos lados, tamén corridos. Un enorme encerado un globo terráqueo, varios mapas colgados na parede, o de España físico e político e outro dos cinco continentes configuraban o mobiliario. Espallados polas mesas había tamén libros, unha caixa con figuras xeométricas de madeira e outra con diversos minerais, tinteiros, tizas e borradores. Había tamén un enorme compás de madeira para facer figuras no encerado, unha escuadra, cartabón e regra de enormes dimensións.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 190

Como no segundo piso só había dúas aulas, a miudo misturabanse os alumnos dos distintos cursos, na mesma clase coincidían os que estaban a facer primeiro, os de segundo, etc. Mentras Pedro impartía a clase de matemáticas para un curso, o resto, estudiaba, preparaba os deberes ou cumpría o "castigo" habitual de facer copias, máis que un castigo non deixaba de ser unha maneira coma outra calquera de conseguir que estiveran calados, entretidos e facendo algo, tamén os había que andaban a argallar con calquera cousa polo que era habitual que durante a clase Pedro tivera que chamar a atención ós que estaban a facer outros labores. Cando remataba unha asignatura pasaba á seguinte, xuntaba os alumnos do mesmo curso e seguía así toda a xornada, mañá e tarde inclusive os sábados.

As clases de matemáticas e as de xeografía eran moi activas e participativas. Na clase de matemáticas Pedro Álvarez sempre estaba de pé diante do encerado escribindo os problemas a resolver, explicando detalladamente os pasos a seguir, mesmo debuxaba impecablemente as figuras xeométricas. O feito de vivir na mesma casa onde impartía as clases axudáballe a empregar outros materiais didácticos que non tiña na clase. Recordo que sendo alumna del un día que nos estaba a explicar o que era un cono esférico, subiu á cociña colleu unha pataca e cun coitelo construiu a figura xeométrica.

Nas clases de xeografía utilizaba sempre os mapas colgados da parede para que os alumnos souberan sempre de que país se estaba a falar e mesmo mandaba ós alumnos situar os ríos, os montes, os mares, etc.

Facían moitos dictados, utilizaba tamén cuadernos de caligrafía e lectura en alto de párrafos de obras dos distintos autores.

A relación cos pais ou titores dos alumnos era moi intensa. Durante o curso Pedro informaba ós pais como ían os estudos dos seus fillos, mesmo os chamaba ou se poñía en contacto con eles por carta. A maior parte deles era dos arredores de Santiago, de Santa Comba, Conxo, Vidán, Villestro… e mesmo algún deles estaba interno na Academia Comercial.

Pouco a pouco a matrícula foise incrementando chegando, cos anos, a ter máis de 200 alumnos. Unha vez que remataba o curso e cando a Escola de Comercio da Coruña facía a convocatoria para os exames dos alumnos que estudaban por libre, Pedro e José acompañaban a todos os que consideraban que estaban debidamente preparados. Pasaban alí tantos días como duraban os exames para axudarlles a resolver dudas de última hora mesmo para darlles ánimos e tranquilizalos.

Organizaban o que eles chamaban "escursións didácticas" que consisitían en visitas a lugares que consideraban de intererés para a formación dos alumnos. Desta forma coñeceron como se construían os barcos na Bazán en Ferrol, visitaron a fábrica de Porcelana Álvarez en Vigo e unha fábrica de peines en Ourense. Quedaron abraiados cando coñeceron o Salto de San Estebo de Ribas do Sil no momento en que se iniciaba a súa construcción, lugar ó que volveron cando xa estaba rematada a obra. Para estes desprazamentos utilizaron sempre a Empresa de transportes Juan Rico porque un dos fillos do dono era alumno da academia.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 191

"Actividades extraescolares"

Algúns alumnos da academia chegaron a formar un equipo de futbol e outro de baloncesto. Evidentemente a Academia non dispoñía de campos apropiados, mellor dito non tiña campos para as actividades deportivas a non ser a propia praza e as que estaban máis cerca, sobre todo a Praza da Quintana. Eles "entrenaban" fundamentalmente nas súas casas, cada un por separado, e, cando viña o bo tempo organizaban un partido, as veces entre eles e outras, contra estudantes dalgún outro colexio como foi o de a Academia Alcazar. Meu pai gardaba varios trofeos conseguidos por gañar moitos de eses partidos. Meu irmá Pedro, o maior, recorda con claridade estes partidos e a modo de anécdota cóntame que a Academia "subvencionaba" estes equipos comprándolles o balón de futbol…

Consolidación da Academia Comercial

Ata o ano 1959 a Academia segue a súa andaina. O número de alumnos matriculados oscilaba entre 200 e 250 e en Compostela adquirira xa unha certa sona porque o número de alumnos aprobados era moi alto e tanto Pedro como José eran considerados moi bós profesores.

Precisamente ese ano de 1959, José Álvarez deixa a Academia porque se traslada A Coruña. Ó marcharse él, a Academia queda sen profesor para os estudos de Comercio. Este é o momento en que Pedro queda como único responsable da mesma e este é o momento tamén en que se produce por primeira vez na historia da Comercial a contratación de profesorado. Tres profesores foron contratados: José Parga, Mejuto e Otero. Tamén tivo que contratar outra persoa para a clase de mecanografía, D. Gervasio que mentres impartía as clases de mecanografía cantando a viva voz e de memoria que dedo pulsaba cada unha das teclas, atendía e vixiaba ós alumnos que entraban e saían da Academia.

O deixar de impartir os estudos de comercio, a Academia inicia os de Enseñanza Media. Comenza a admitir alumnos para preparar o ingreso e continúa cos estudos dos cursos 1º ata 4º e revalida, por este motivo Pedro Álvarez ten que contratar varios profesores, de Latín, de Física e Química e de Francés.

O número de matriculados seguíase mantendo entre os 150 e 200. A maior parte deles eran de Santiago e dos arredores e moitos deles viñan dos Institutos da cidade donde non lograran ter demasiado éxito nos seus estudos. A Academia seguía tendo moita sona. Pedro intentaba que non suspendera ninguén nos exames por libre e esa dedicación, case exclusiva en moitos momentos con cada un dos alumnos, contribuíu a esa sona.

Iniciou tamén por esta época o que hoxe se chama a Educación de Adultos. Rematado o horario de clase de bacharelato, xa pola tardiña, tiña varios alumnos maiores que querían aprender a ler e escribir e facer algo de contas, él lles chamaba "Clases de cultura general" na que os alumnos non pretendía presentarse a ninguha proba nin examinarse, simplemente ter os coñecementos básicos.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 192

Continuaba realizando tamén as escursións didácticas: Nesta época foron ó Salto de Belesar, ó matadoiro de Lugo, visitas ás conserveiras e a as pesqueiras do río Ulla ó seu paso por Padrón, etc.

A Academia continuaba ofrecendo catro prazas para alumnos internos que viñan de fora e vivían con nós, e mesmo nos anos 60 viuse incrementada coa chegada de 5 sobriñas de Pedro Álvarez fillas de Manuel, seu irmá, que vivían en Candai. Viñan a Santiago co fin de facer o Bachillerato. Tamén se sumaron tres sobriños máis, por parte de Escravitude para facer as súas carreiras respectivas. Unha gran familia vivindo en Cervantes, unha casa sempre chea de xente a todas as horas do día e da noite, a porta da casa sempre aberta, nin tan siquera había que chamar ó timbre.

Última etapa

No ano 1969 a Academia deixa de impartir os estudos de comercio, debido a que ás universidades absorberan esas titulacións a través das Facultades de Ciencias Económicas. Pedro Álvarez vese na obriga de extinguir o contrato de todos os profesores das asignaturas de comercio exceptuando o que daba clases de mecanografía, D. Gervasio, pois aínda había xente que tiña interese en aprender a escribir a máquina.

Por outra parte, Pedro, José Luis, Manolo, Isabel, Antonio y Ana, fillos de Pedro e Escravitude empezaron a sustituir ós profesores contratados de, física e química, latín e francés ó mesmo ritmo que cada un deles iniciaba o 5º curso, matriculados nos institutos compostelanos, comenzaban así a súa experiecia docente titorizada en todo momento por Pedro Álvarez o noso mestre. Comenzou Pedro ós 16 anos impartindo Física e Química, José Luis, o segundo non participou nesta etapa xa que unha vez rematado o bacharelato foi a Coruña a facer os estudos de comercio. Manuel, tan pronto cumpliu os 16 anos empezou a dar as clases de francés. A mesma idade Isabel daba latín. Antonio xa non chegou a impartir clases e Ana, a mais pequena continuou coas clases de mecanografía. Por certo Ana foi a única dos fillos que se fixo mestra.

A Academia seguíu funcionando ata o ano 1980 cando Pedro Álvarez se xubila. Pero foi a lei General de Educación de Villar Palasí do ano 1970 que propón a obrigatoriedade e gratuidade da Educación Xeral Básica así como a necesidade de crear centros coa dotación de medios adecuados para poder desenvolvela, a que marcou progresivamente o fin da Academia Comercial. A creación de novos centros educativos na cidade, con instalacions axeitadas e a titulación que todo o profesorado tiña obligatoriamente que ter e dado que ningún dos fillos de Pedro Álvarez quería adicarse ó ensino desembocou no peche da Academia.

Pedro Álvarez e Escavitude García seguiron vivindo na mesma casa de Cervantes 13, pero os primeiros pisos quedaron valeiros. Xa non había alumnos e alumnas subindo e baixando polas escaleiras, nin dentro das clases, nin había barullo. A porta de entrada fechouse e dende aquela sí foi necesario utilizar o timbre.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 193

ISSN: 1138 - 5863

Asociacionismo de base e concellos: unha lectura diacrónica (1964-2005)[1]

Basic associationism and city halls: a diachronic interpretation (1964-2005).

Manuel PÉREZ RÚA

Concello de Moaña

Héctor M. POSE PORTO

Universidade da Coruña

RESUMO: Os profundos cambios nas dinámicas sociais en Galicia provocaron, con certeza, outras tantas mutacións nas formas de participar socialmente. As representatividades, tipoloxías, actividades e os canles de interacción das entidades asociativas co resto dos axentes da comunidade, coas súas problemáticas e incertezas, esixen unha análise que os autores esbozan co fin de propor o debate, a partir do estudo duns períodos determinados da nosa andaina predemocrática e máis actual.

PALABRAS CHAVE: cambio social e político, municipio, asociación, crise de modelo.

ABSTRACT: The far-reaching changes in social dynamics in Galicia most certainly brought about other changes in the way people participated socially. Representative groups, typologies, activities and channels through which associative organizations interact with other community agents, along with their problems and uncertainties, require an analysis which the authors present here -for the purpose of triggering debate-, on the basis of a study of specific time periods ranging from pre-democratic to more current times.

KEY WORDS: Political and social change, municipality, association, model crisis

O século XX foi unha época de grandes cambios políticos e sociais, en que se ensaiaron ideoloxías en confrontación que deron lugar a organizacións políticas totalitarias ou

[1] Unha versión resumida deste artigo foi publicado en Pérez Rúa, M.; Caballo Villar, Mª B. e Montero Souto, P. (coords.) (2006): *Asociacionismo e participación cidadá: análise e perspectivas*. A Coruña, Deputación da Coruña.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 194

democráticas que, ata mediados do período, utilizaron intensamente o ideario da estruturación, a organización social e as grandes mobilizacións de masas. Foi o tempo do conflito social aberto, a loita de clases, o mito das masas organizadas e cultivadas como factor determinante para cambios revolucionarios ou a dependencia sociopolítica.

Parte deste imaxinario foi transformado en asociacionismo. Un dos enfoques-marco das entidades sen ánimo de lucro ou de base, dende comezos do s. XX, é –na linguaxe da época- o da "organización das masas" en agrupacións representativas para conseguir determinados fins sociais, sindicais e políticos. Isto deu lugar a unha mitificación e intensificación do proceso asociativo, creando xermolos do que sería, a partir de mediados do século XX, o Estado de Benestar, así como agrupacións sindicais, de solidariedade, lecer, educativas, culturais, deportivas, etc., ao abeiro, entre outras, da Declaración dos Dereitos Humanos e, nomeadamente, os de reunión e expresión como fundamentais.

O período de estabilidade e crecemento económico que experimentaron as sociedades occidentais europeas despois da II Guerra Mundial co pleno emprego de grandes masas asalariadas, o ascenso das novas clases medias, os avances do modelo de Estado de Benestar cos dereitos estendidos a amplas capas da poboación, son todos factores que contribúen a democratizar a sociedade e o acceso á cultura, tendo unha das vías principais na participación social e o asociacionismo. É nesa altura cando en 1964, en plena España franquista, aparece a Lei de asociacións, orixe da normativa que seguiu vixente –coas adaptacións á Constitución de 1978- na súa estrutura fundamental ata a nova lei reguladora do dereito de asociación de 2002.

Naceron daquela, a partir de mediados de 1960, a maior parte das asociacións que serían determinantes na vida social, cultural, educativa, etc., dos nosos concellos. Renacía, a un tempo, a primeira sociedade civil propiamente dita dende a II República, como un movemento articulado, reivindicativo e alternativo, porque estas asociacións cumpriron un papel funcional en canto á vehiculización de demandas sectoriais (pais de alumnos, veciños ou culturais) pero tamén foron, á vez, transmisoras das novas ideas e organizacións que se asentarían coa nova democracia, que arribou a partir de 1976.

1. O capital social

Na sociedade posindustrial do último cuarto do s. XX -contrariamente ós indicadores que se viñan utilizando dende a Revolución Industrial, onde a riqueza das nacións dependía en primeiro lugar dos recursos materiais dispoñibles e particularmente das materias primas- o primeiro recurso pasou a ser o capital humano, cuxo principal indicativo son os importantes niveis educativos que favorecen o desenvolvemento e xestión da complexidade. Diversos autores, J. S. Coleman en particular, engaden ó capital material e humano, o capital social definido como a densidade de redes ou interaccións entre o capital humano.

De forma esquemática, unha definición operativa de capital social sería a que fai referencia "*os recursos, tales como expectativas de reciprocidade ou información, derivados*

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 195

da participación do individuo nunha rede social. (...) Emprégase a densidade asociativa como un dos indicadores de capital social"[2].

O asociacionismo voluntario e as súas redes son, segundo esta teoría, importantes factores de desenvolvemento sociocultural e económico dunha comunidade posto que a facilidade de articulación social significa que a sociedade-rede ten máis posibilidades de avanzar a través de organismos cooperativos, mancomunados e socialmente representativos, que a través de accións individualizadas e isoladas.

As entidades xeradoras de capital social dan lugar ao chamado *terceiro sector* por seren mediadoras entre gobernantes e gobernados, independentes tanto do Estado como do mercado. A capacidade de crear confianza social é seu o grande activo, un factor que crea relacións horizontais (cidadáns con cidadáns) e verticais (cidadáns coas institucións públicas).

Diversos autores analizan como o Estado de Benestar favorece a creación de asociacións promovendo e incentivando a participación mediante subcontratación, delegación de funcións, apoio organizativo, financeiro (a través de transferencias, convenios, subvencións...), exencións fiscais, locais públicos etc. En países con políticas de benestar consolidadas (programas sociais, desemprego, seguridade social, educativos, sanitarios, igualdade de xénero etc.), algúns investigadores calculan que estes programas teñen beneficiado directamente á metade do electorado.

No debate do capital social hai posturas que inciden en que a rede asociativa crea círculos virtuosos fronte aos que defenden que crea dependencia e redes clientelares. Así mesmo, hai unha liña entre asociacións que perseguen fins privados e públicos:

> "As asociacións de bolos, as peñas de fútbol, os orfeóns, as sociedades gastronómicas, son todas asociacións que perseguen bens privados: se non se é membro desa asociación, non se pode participar na liga de bolos local ou nos festivais de habaneras. As asociacións ecoloxistas, feministas ou os sindicatos son grupos que perseguen bens públicos. Aínda que non se sexa membro desa asociación, pódese gozar dos beneficios da súa actividade: a declaración dunha zona como parque natural, a aprobación duna lei de discriminación positiva ou unha subida salarial"[3]

Dende este punto de vista, distinguindo os niveis de confianza ou desconfianza social creadas, algunhas redes asociativas poden ser positivas ou negativas, dándose o paradoxo de crear grupos con cohesión social no seu interior ou no sector que representan (endogrupo/nós) e destrutivas cara á fóra (exogrupo/eles) ou cara a entidades, territorios ou intereses en competencia.

2. Fidelización, clientelismo político e ideolóxico

O último enfoque teórico e de contexto trata dun dos fenómenos máis debatidos en Galicia: o das redes clientelares formadas para a consecución de determinados fins socio-

[2] Herreros, F. e Criado, H. (2001), p. 201.
[3] Herreros, F. e Criado, H. (2001). p. 212.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 196

políticos ou ideolóxicos, e tamén da proximidade ou interpenetración entre poder político-ideolóxico e sociedade, sobre a autonomía ou aliñación das asociacións.

Aínda hoxe, adoita poñerse como exemplo de clientelismo a Galicia interior, como sociedade dunha maior desarticulación e dependencia social fronte á Galicia que se estende pola liña de influencia da A-9 ata o litoral, entendida como sociedade de cultura máis complexa, aberta, urbana e articulada social e politicamente. É este un debate que vén cando menos dende o século XIX e que chega á transición política entre a ditadura e a democracia actual, formando un dos vectores que explica a dinámica dunha parte importante da sociedade e tamén do asociacionismo en Galicia.

Ampliando o concepto das redes tradicionais de dependencia sociopolítica e económica, Villares[4] centra o debate sobre o estas tramas clientelares entre redes de procedencia "descendente" ou de arriba a abaixo (o poder crea a súa propia clientela), defendida por Vicente Risco, e o enfoque de Castelao de ser a estrutura social galega (caciques, comunidades e intereses locais) quen crea e propicia a dependencia política, sendo este un enfoque de redes clientelares "ascendentes", ou de abaixo a arriba.

O asociacionismo que veremos ten -dende a súa creación- unha liña de pertenza e dependencia ideolóxica, primeiro de asociacións políticas e relixiosas, durante os últimos anos do franquismo e, xa na democracia -segundo a súa opción política se situase na proximidade ao poder local/autonómico ou na oposición- as súas liñas de actuación serán completamente diferentes, marcando nuns casos unha acción colaboradora, de retroalientación ou domesticación entre asociacionismo e poder, ou, polo contrario, de enfrontamento e conflito social aberto.

3. Obxecto de estudo

Estudaremos e analizaremos entidades que consideramos chave na traxectoria asociativa, como o asociacionismo veciñal e cultural, por seren ambos representativos para entender grupos con características e tipoloxías que teñen un longo percorrido no noso país e que chegan ata o día de hoxe coa suficiente representatividade como para considerarlos modelos ou tipos a través dos que tentaremos explicar a evolución do asociacionismo.

Incluímos, a partir de 1980, o asociacionismo de mulleres e de persoas maiores, nos perfís propios deste traballo: a similitude de estrutura organizativa, liderados, proximidade ou autonomía do poder, adaptación á situación social, coas asociacións veciñais e culturais. Ambos grupos de asociacións (veciñais/culturais, mulleres/maiores) teñen o seu contrapunto, reflexo, resposta, contexto e fondo de análise na actividade da Administración Local que en todo este tempo -en relación cos movementos sociais asociativos locais- afronta cambios decisivos (sobre todo, entre 1979-2005) e forma a outra póla do noso artigo.

[4] Villares, R. (2004). p. 288-9.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 197

A) Período 1964-1978

• Asociacionismo

Unha parte da Igrexa católica –época de *aggiornamento* post Concilio Vaticano II- abre os locais parroquiais a novas actividades e crea a rede de teleclubes. O nacente Opus Dei impulsa a creación da rede de ateneos populares e outras, intentando dar resposta a un cambio socioeconómico que non cabe nunha normativa de prohibición dos dereitos de reunión, expresión, asociación etc.

As posibilidades de utilización de locais e novos espazos de encontro e debate, acelera o nacemento de asociacións culturais e veciñais ao abeiro da mentada lei de 1964. Estes grupos, xunto co movemento estudantil e xuvenil procedentes do ensino secundario e universitario, así como a creación das primeiras asociacións de pais de alumnos, forman o orixinario movemento asociativo organizado e legalizado. O asociacionismo ten unha compoñente interclasista, formado por segmentos sociais das novas clases medias emerxentes na época: profesións liberais, sectores do movemento obreiro, comercial etc., e o seu liderado é unha mestura de militancia sociopolítica, voluntariado, compromiso e activismo no cambio social.

En pouco tempo, o movemento asociativo é unha realidade con influencia potencial e cualitativa sobre amplas áreas da sociedade, comezando a difundir conferencias, libros e actividades sobre temas de cambio social, sexualidade, cine, música etc., que rachan coa dinámica da cultura na ditadura e socializan a moita mocidade en contacto con novos formatos de expresión cultural como a reivindicación da música de raíz, cine-clube, lectura etc. As asociacións de veciños fanse cun espazo social nunha época con carencias de planeamento urbanístico e vivenda, esixencia de creación e mellora de servizos públicos básicos: redes de auga, luz, saneamento etc. Na mesma liña, as –naquel entón- APAS xogaron tamén un papel importante na difusión dos hábitos democráticos de reunión e expresión, aínda tutelados e censurados a aquela altura.

Gráfica nº 1. Principais accións e actores da época

ACCIÓNS	ACTORES
Nacemento e medre exponencial do asociacionismo	1. Igrexa, Estado 2. Organizacións políticas clandestinas (Partido Comunista, nacionalismo galego)
Creación de *plataformas* para a acción sociocultural	1. Igrexa/Estado (rede de ateneos populares, teleclubes, locais parroquiais, etc.) 2. Organizacións políticas (mobilizan Apas, asociacións culturais, veciñais, etc.)
Actividade sociocultural e asociativa impregnada de arelas de formación, comunicación, información, encontro social e cambio sociopolítico.	Asociacións de pais Asociacións culturais Asociacións de veciños
Aprendizaxe e formación sociocultural en hábitos democráticos, lecer compartido, etc.	Cadros das asociacións Primeira rede democrática de animadores culturais
Eleccións democráticas (sindicais)	Cadros das asociacións: militancia compartida

Fonte: Elaboración propia

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 198

Este é un período no que as entidades teñen gran lexitimidade social pola falta de liberdades, a represión social, cultural e política e presentan as súas credenciais ao abeiro do desconcerto e a maior tolerancia do remate do franquismo. O movemento asociativo formaba o fermento do cambio político que se aceleraría definitivamente a partir de 1975. Este Terceiro sector comeza a dar présa á súa actividade social e conta cun tecido asociativo cuantitativa e cualitativamente importante e influinte. Os seus cadros forman parte da primeira xeración de animadores socioculturais amadores cunha formación e acción social que será un importante *know-how* cara ás grandes transformacións que estaban en marcha na sociedade.

• Administración Local

A actividade sociocultural nas corporacións locais seguía a estela antidemocrática do período: cultura oficialista, fastos pretendidamente culturais, seudointelectuais pro-réxime político, actividades monolingües en castelán, folclore andaluz como nacional-español, presenza hexemónica e tutelar da Igrexa Católica, concepción da cultura como a guinda do pastel para certas elites, administrada masivamente en forma de televisión única, festas parroquiais e fútbol.

As mobilizacións de pais de alumnos reivindicando novos centros de ensino e melloras na participación social na educación, as asociacións culturais que fan do idioma galego a clave de comunicación de tal forma que os actos asociativos pasan a ser monolingües cando o galego aínda era considerado oficialmente como un dialecto, etc., e as reivindicacións veciñais a prol de melloras na súa calidade de vida diaria, fan que a administración local entre en crise ata que cheguen as primeiras eleccións democráticas. Presentamos unha gráfica onde se explica a dinámica entre acción social (as demandas presentadas polas organizacións) e a reacción dos concellos.

Gráfica nº 2. A Administración local ante os retos da sociedade organizada

ACCIÓN SOCIAL	ADMINISTRACIÓN LOCAL
Demandas sociais organizadas (educativas, socioculturais, servizos públicos básicos, etc.)	Ineficiencia, burocracia administrativa
Demanda de participación social e política	Falta de liberdade, crise, transición política
Pro recuperación do idioma galego	Toda a actividade institucional en castelán
Programación sociocultural aberta, participativa, alternativa, teatro, música de raíz, cine, etc.	Programación: coros-danzas, festas patronais, fútbol.

Fonte: Elaboración propia

B) Período 1979-2005

Establecemos o límite temporal en 1979 por tratarse do ano de constitución das primeiras corporacións locais democráticas, un corte profundo sobre a situación anterior e que afectou ás dúas partes do noso estudo, tanto ás entidades de base como á Administración Local. Engadiremos na evolución deste período, como adiantáramos, ade-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 199

máis das consideradas asociacións-tipo (veciñais e culturais), as de mulleres e persoas maiores.

• Asociacións

Este período caracterízase por un crecemento cuantitativo importante entre os anos 1979-1995, e cunha regresión posterior no intervalo temporal 1996-2005. A influencia da natalidade, sendo positiva nos anos 60-70, derivou en negativa a partir de 1975.

A actividade sociocultural é marcadamente interxeracional, abranguendo intencionadamente a todos os sectores poboacionais. Dase, así mesmo,unha evidente diversificación da actividade cultural asociativa: folclore evoluído, teatro, audiovisual, rock, obradoiros etc., e onde o idioma galego é o vehículo de comunicación hexemónico. Ao fío, prodúcese unha refundación do asociacionismo ligado ás comunidades educativas: as célebres APAS van paseniñamente denominándose ANPAS, nun exemplo máis do politicamente correcto na linguaxe. A eclosión deste fenómeno sociolóxico acorde aos novos tempos é paralelo á emerxencia de entidades representativas de certos sectores poboacionais e de idade: as asocacións de mulleres (amas de casa, nomeadamente) e de persoas maiores. Por último, o ciclo e dinámica do asociacionismo veciñal e cultural nestes intres resulta do proceso: crecemento-crise- desaparición/reconversión.

• Administración Local

A evolución foi moi desemellante. Non se pode establecer unha tendencia que sirva para toda Galicia nin sequera establecer similitudes en canto a grupos de concellos por tamaño, xa que tanto grandes como pequenos e medianos teñen comportamentos distintos en canto á participación social e ao asociacionismo. Foron algúns dos municipios grandes e medianos, así como os de dinámicas máis urbanas de entre os pequenos, os que estableceron as características máis salientables, que podemos distinguir en dúas etapas:

1. Período de creación, asentamento e normalización da democracia local: caracterizado por certo activismo político diante da necesidade de visibilizar o cambio nas corporacións locais e “facer cousas”. Ao compás, ante o baixo nivel formativo nos concelleiros, o descoñecemento legal e burocrático da Administración Pública, enténdese a precariedade dos cadros laborais e téndese a unha profesionalización da administración local con cambios tecnolóxicos, funcionais, capital humano etc.

É a época febril da creación de equipamentos socioculturais de proximidade con pouco criterio: centralizados, descentralizados, monofuncionais, polifuncionais, con propiedade/xestión por parte dos propios municipios e moi poucos concedidos á xestión asociativa. Así mesmo, avánzase na profesionalización das figuras de técnicos de cultura, educación, xuventude etc., e dase unha diferenciación de funcións entre o xestor/programador sociocultural (actividade institucional) e o animador sociocultural (actividade asociativa).

A maneira de tratar institucionalmente o asociacionismo por parte municipal deveu en dúas basicamente: concellos con relacións normalizadas coas asociacións e aquelesoutros municipios sen relación algunha ou mesmo belixerantes co seu tecido asociativo. Nos primeiros, visualízase tal actitude coa posta en marcha de concellarías de relacións cida-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 200

dás, cultura, educación, xuventude etc. Un proceder este que é parello a un incremento substancial, sobre a etapa anterior, nos orzamentos de cultura, educación ou de relacións cidadás, así como un palpable aumento e unha diversificación da oferta sociocultural e socioeducativa.

2. Modernizada a administración local e cun nivel de infraestruturas e equipamentos importante, os poucos concellos que marcan as diferenzas en aspectos de participación e asociacionismo, afrontan o seu futuro botando man de ferramentas tales como o planeamento estratéxico.

A modernización na xestión corre parella á vontade de institucionalizar a participación, transparencia e gobernanza en colaboración coa cidadanía e as asociacións con iniciativas de:

- Recoñecemento da capacidade asociativa de representatividade, iniciativa, interlocución e negociación.
- Elaboración de regulamentos de participación cidadá organizada: consellos consultivos territoriais (barrio, parroquia) e sectoriais (educación, cultura, xuventude etc.)
- Deseño de Planos comunitarios.
- Propostas de regulación do voluntariado.

Insistimos en que non se pode xeneralizar, nin moito menos, á maioría dos concellos de Galicia senón que tratamos de establecer trazos diferenciais dun e outro período en canto ás características máis avanzadas do labor dunha presa de administracións locais galegas que marcaron ou están a marcar as diferenzas con políticas máis avanzadas en relación coa participación social e o mundo asociativo. Por suposto, cómpre engadir que abunda tamén o modelo de concello inerte e clientelar, que crea, domestica e/ou fideliza un tipo de movemento asociativo que acaba resultando funcional para a retroalimentación do propio poder local.

4. Análise comparativa do asociacionismo-tipo

a) Asociacionismo socioeducativo

As antigas APAS, transformadas en asociacións de nais e pais de alumnos (ANPAS), perderon a función sociopolítica e complementaria que tiveran na súa orixe e son hoxe asociacións dedicadas á actividade dentro de cada centro educativo ou á relación deste co seu contorno socioeducativo, a administración pública, para a xestión de actividades, do voluntariado etc.

b) Asociacionismo veciñal

Salientamos unha serie de características do seu tránsito ata a situación actual:

1. Coa normalización democrática, os seus líderes vanse desdobrando (compartindo militancia política, veciñal, sindical etc.) ou pasando de forma definitiva aos campos político ou sindical o que significa unha mingua da capacidade organizativa das asociacións.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 201

2. A dobre militancia (política e asociativa), significou contradicións e conflitos: se o grupo político que inspira ou apoia á asociación está na oposición municipal, incentívase o nivel reivindicativo daquela e a confrontación sociopolítica. Porén, se o partido político afín pasa a gobernar, a asociación devala a formulación reivindicativa e adoita ser máis partícipe ou defensora da política municipal.

Esta dobre dinámica tende a deslexitimar á asociación aos ollos da cidadanía, producíndose inhibición participativa, hibernación, cando non a morte orgánica da entidade.

3. Crise de lexitimidade e representatividade: é a asociación a lexítima e única representante dos intereses do barrio/parroquia ou da vila? É quen unha asociación de elección non directa por parte de todo o vecindario, de representar, negociar ou xestionar intereses comúns?

4. Efecto localista e centrífugo: cada asociación demanda para un ámbito (aldea, lugar, barrio, parroquia...) difuso na organización territorial socialmente operativa, en detrimento dunha concepción xeral do social, o que dá lugar á negociación do orzamento municipal como xogo de actores con gran capacidade de veto, manifestado este na potencia de mobilización veciñal. Esto provoca unha dinámica pouco sustentable (hai parroquias e barrios con varias asociacións), facendo que unha demanda cidadán se multiplique en interlocutores e xestións ante a mesma Administración Pública.

5. Difusa delimitación da concepción de servizo público e privado: certos “obradoiros” veciñais ou culturais que compiten dende locais públicos coa oferta privada, son de interese público?

6. O xogo acción-reacción propio da dinámica sociopolítica dos anos 70-80 foi evoluíndo por camiños máis cooperativos e as asociacións tenden a ser na actualidade máis proactivas que reactivas. A dinámica de buscar consensos ten avanzado moito, en detrimento do conflito social e o enfrontamento aberto.

c) Asociacionismo cultural

A entrada de xeracións novas ven a escenificar o cambio social, unha maior educación formal, un menor activismo, unha mellor situación de democracia e liberdades e mesmo estilos de vida distintos. Do igual xeito, percébense fenómenos tales como un incremento da mobilidade social, desprazamentos extramunicipais, unha competencia de oferta sociocultural intermunicipal e unha ampliación e ruptura da ecuación cultura igual a proximidade. As isocronas de 30 e 60 minutos de tempo en desprazamentos para asistir a actividades culturais son asumidas como hábitos sociais e crean un novo *territorio de uso sociocultural* amplo e supramunicipal.

A esto cabe engadir a perda de incidencia do local como imaxinario-identidade, a crise de formas tradicionais de expresión e acción cultural visualizados en certo declive de festas tradicionais e patronais, o incremento de grandes festivais folk, pop, teatro, grandes exposicións de plástica, fotografía, danza etc.

Por último, son características definitorias deste período e tipoloxía de asociacionismo, o tránsito dunha maior necesidade de actividades cooperativas, grupais, de cambio social

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 202

como horizonte etc., á postmodernidade de opción máis individual, influencia das tecnoloxías da información/comunicación, cultivo de hobbies, actividades menos gremiais e máis minoritarias, etc.: crise e sostida substitución do modelo asociativo dos anos 60-80, de forte compromiso político-social.

d) Asociacionismo contemporáneo de mulleres e de persoas maiores

Cremos que son dous dos grupos sociais máis importantes en canto á súa emerxencia social a partir dos anos 80 e explican outra parte do importante cambio social, económico e de hábitos experimentado en Galicia no longo período que estamos a analizar.

Non é que non existise un asociacionismo feminino ou de maiores anteriormente, pero tanto un como outro tiñan a súa representación en organizacións tuteladas, limitadas a certos ámbitos (caridade, beneficencia social e familiar no caso das mulleres, clubes de xubilados pechados para os maiores) e cunha dinámica de pouca autonomía grupal. Interésanos as asociacións femininas e de maiores que xorden nos anos 80 e 90 baixo a estrutura asociativa e funcional de calquera das entidades que estamos a analizar neste traballo.

Dáse o paradoxo de seren dous grupos emerxentes asumindo dinámicas e roles maduros en canto á súa acción social, actividades socioculturais, liderados etc. Son visibles socialmente cando a demografía do país comeza a reflectir os efectos do brusco descenso da natalidade experimentado a partir de mediados da década dos 70, e prodúcese o seu ascenso social cando debalan as cohortes do *baby boom* dos anos 60 e tamén cando se comeza a falar de cultura do ocio ou dunha maior esperanza de vida. No modelo cultural anterior (muller como eixo familiar, ética do deber, persoas maiores con tarefas agrícolas ou complementarias na familia) sería imposible entender a estes dous grupos ligados á actividade sociocultural pública.

Falando en termos xenéricos, como estudo de asociacións-tipo, a maior parte do asociacionismo feminino nado en Galicia a partir dos anos 90, sendo formalmente novo, segue a dinámica das asociacións que xurden entre 1964-78: creación, apoio ou pulo por parte de poderes fácticos ou das institucións ideolóxicas e políticas. Despois dunha primeira xeira de crecemento societario importante, con actividades de formación, concienciación, autoaxuda etc., a etapa actual –sen deixar de organizar actividades de lecer e cultura- caracterízase pola súa proxección social, participando de forma significativa en actos de masas como o entroido, festas gastronómicas, cabalgatas de Reis etc.

Existe controversia sobre o papel actual do asociacionismo feminino no sentido de acabar sendo subsidiario ou continuador dunhas funcións e formas –aínda que contemporáneas- asociadas aos roles tradicionais da muller, pero hai que ter en conta tamén a situación de partida en Galicia e valorar debidamente a acción de crear asociacións -sobre todo, en concellos pequenos e medianos, por outra banda, a inmensa maioría dos concellos galegos- que sacasen o feminino do rol e os hábitos arraigados no ámbito privado para fomentar a súa autonomía, formación social, lecer e visibilidade no eido público.

Pola consideración e respecto social que esperta o sector da terceira idade, hai unha aproximación intensa entre as asociacións e o poder local e autonómico. Esta aliñación ou

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 203

falta de autonomía leva a que as asociacións reproduzan un esquema semellante ás institucións públicas: o mellor xestor é o mellor conseguidor. Existe tamén nestes grupos unha dificultade xeracional para asumir o cambio social: hábitos socioeducativos arraigados, carencia de cultura de grupo, falta de diálogo, formas por veces autoritarias (incapacidade na resolución de conflitos por vía proactiva e consensuada etc.), que levan á asociación a dinámicas de crise, ruptura e tutela pública.

Así mesmo, reproducen -nun modelo arraigado sobre unhas formas tradicionais de sentir o territorio- o esquema localista, dando lugar ao nacemento de gran número de asociacións en competencia e solapamento nun ámbito territorial reducido, aspirando cada unha á autonomía funcional e a un espazo propio, cedido pola administración local ou autonómica. Porén, o cambio de paradigma experimentado por este grupo de idade que se encontra ante unha situación de intenso cambio social, familiar ou de rol, fai valorar a achega asociativa como integración social e solidariedade interxeracional, factores ambos para superar a soidade e a falta de función das persoas maiores na cultura actual.

5. Algunhas conclusións finais

As asociacións que analizamos tipoloxicamente –con mínimas reconversións- teñen un modelo organizativo e funcional que está a debate, cando non en crise aberta, como se pode ver na desaparición dun importante número de entidades con longa e importante traxectoria ou, cando menos, no seu estado de aletargamento. O asociacionismo cultural e o veciñal que atravesou con gran éxito social o período 1970-1980, amosa dende aquela dificultades de adaptación a unha sociedade cambiada, complexa, con novas formas de vivir o social, o cultural, o lecer, o territorio, a individualidade e a vida privada, a participación.

O modelo organizativo aínda vixente en Galicia non é homologable na súa meirande parte coas teorías recibidas no debate sociocultural destes anos, procedente sobre todo da animación sociocultural francesa, nin co asociacionismo anglosaxón no que se basea a maior parte do debate teórico cando falamos de participación ou de capital social. Actualmente, o asociacionismo analizado, non fomenta tanto sociedade civil como, polo contrario, a aliñación co poder, nin crea círculos virtuosos de capital social senón círculos viciosos e clientelismo político. Hai unha ligazón directa entre a crise dunha determinada forma de facer política e a crise do asociacionismo, e esta é tamén unha das explicacións sobre o desinterese social da cidadanía, nomeadamente a máis moza, por este tipo de entidades.

O asociacionismo que vimos de analizar significa tamén a ruptura do mito da participación social, o número de entidades e de asociados etc., como indicadores de maior calidade cívica e social. No seu día foron entidades funcionais con gran dinamismo social pero non foron quen de se adaptar ás dúas últimas décadas do século pasado. Este asociacionismo clásico -sobrevalorado polos seus creadores e mantedores ideolóxicos e políticos- contrasta coa falta de lexitimidade social que experimentan as súas organizacións, sobre todo, no campo veciñal onde máis que atender á sustentabilidade que adoitan colocar como portal reivindicativo, fomentan un neolocalismo froito da inadaptabilidade -funcional, ideolóxica, de estrutura e liderados- a unha sociedade de novos públicos.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 204

A emerxencia de asociacións máis febles cuantitativamente, con vocación de autonomía dos ámbitos do poder ou das institucións, ligadas a proxectos que responden a inquedanzas persoais pero de utilidade social, como se pode ver nos grupos de apoio á lectura, náutica tradicional e contemporánea, formas de plástica minoritarias, novas músicas etc., son parte dunha nova cidadanía organizada con respecto ao poder como consumidores críticos ou co-creadores de servizos públicos, rachando as costuras dos modelos asociativos citados.

Estimamos, a súa vez, que parte da crise do modelo asociativo clásico ou tradicional está na normalización democrática, tanto da sociedade como nas súas institucións. A extensión dos dereitos no Estado de Benestar a través da implementación dos servizos sociais, cultura, educación, emprego etc., atende demandas sociais de forma positiva e establece unha competencia co asociacionismo resolta a favor das institucións públicas.

Neste sentido, e aínda que os concellos tampouco foron quen de definir aínda un modelo ou traza xeral en equipamentos socioculturais de proximidade ou nas relacións coas asociacións (Alguacil, 2003), sendo certa a descoordinación entre departamentos con incidencia no campo da participación social, por contra –en parte derivado da presión social e asociativa-, temos por vez primeira na historia unha consolidación institucional destas áreas e servizos. Estos, debidamente mellorados, son unha opción a medio e longo prazo para que unha sociedade como a galega -aínda en cambio socioeconómico estrutural, con problemas de identidade e asentamento- vaia recibindo unha cultura dialogante e aberta, identificada cara á dentro do país e en relación co exterior, uns servizos públicos básicos para a calidade de vida cidadá (Axenda 21 da Cultura, 2004), un planeamento urbanístico ou medioambiental que vaia desbrozando no inverno para evitar os incendios no verán etc.

A necesaria confianza entre a sociedade civil, e entre esta e as institucións públicas, terá que vir dun diálogo propiciado por un novo asociacionismo que vai pouco a pouco ocupando parcelas sociais de responsabilidade. Un asociacionismo que, sendo necesariamente crítico e autónomo, promove e coparticipa na mellora da sociedade civil, dos servizos e institucións ou na eliminación das redes clientelares existentes para que o sistema político local reciba doses de democracia participativa que axuden a paliar a gran desconfianza que as enquisas amosan entre a sociedade e a política, nomeadamente os cargos públicos.

Referencias bibliográficas:

Alguacil, J. (edit.) (2003): *Ciudadanía, ciudadanos y democracia participativa*. Fundación César Manrique, Lanzarote.

Axenda 21 da Cultura (2004): *interea visual* 02. A Coruña, Deputación da Coruña. Separata.

Coleman, James S. (2001): “Capital social y creación de capital humano”, en Herreros, F e de Francisco, A.: *Capital social*, Zona Abierta nº 94/95.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 205

Herreros, F. e Criado, H. (2001): "El problema de la creación del capital social. Estado, asociaciones voluntarias y confianza generalizada", en Herreros, F. e de Francisco, A.: *Capital social*, Zona Abierta nº 94/95.

Pérez Rúa, M.; Caballo Villar , Mª Belén e Montero Souto, P. (coords.) (2006): *Asociacionismo e participación cidadá: análise e propostas*. Deputación da Coruña, A Coruña.

Villares, R. (2004): *Historia de Galicia*.Galaxia, Vigo.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 206

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 207

ISSN: 1138 - 5863

Quen habita aos educadores sociais? Escenografías dos profesionais da axuda

Who qualifies social educators? An overview of assistance providers

Pablo MONTERO SOUTO

Dpto de Tª da Educación, Hª da Educación e Pedagoxía Social

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: O obxecto deste artigo é contribuír ao quefacer de reflectir arredor da historiografía da acción sociopedagóxica moderna, a partir dalgunhas das achegas postfoucaultianas á cuestión do saber técnico-profesional conquistado por expertos (expertise) e reservado para un determinado corpus disciplinar das ciencias sociais, en xeral, e das ciencias da educación, en particular. A andaina proposta no seu contido remite cara un itinerario xenealóxico por algunhas escenografías daquelo que, no pasado, puido estar na base de certas configuracións profesionais que, na actualidade, atopan a súa manifestación máis desfigurada nas prácticas asistencialistas e caritativas aínda non desterradas da identidade que habita a moitos dos pseudo-profesionais que actúan en nome da Educación Social.

PALABRAS CHAVE: educación social, profesionalización, asistencialismo, xenealoxía, Foucault

ABSTRACT: This article reflects on the historiography of modern socio-pedagogical action on the basis of post-Foucaultian approaches to the issue of technical and professional knowledge appropriated by the experts (expertise) and restricted to a specific corpus of disciplines related to the social sciences in general and educational sciences in particular. This overview takes us on a genealogical tour of certain scenarios, which in the past, may have been at the foundation of some professional configurations which are currently faced with their most distorted manifestation in social services and public assistance and which have not yet been banished from the identity that serves to qualify many of the pseudo-professionals acting in the name of Social Education.

KEY WORDS: Social education, professionalism, assistance providing, genealogy, Foucault

A presente ollada cara a acción socioeducativa, dende unha perspectiva historiográfica e cun certo atrevemento intelectual, pretende situarnos nas condicións escenográficas que nos permitan indagar cómo, ao longo do século XIX, os relixiosos e filántropos que se ocupaban de encerrar no interior das institucións aos delincuentes, levaron a cabo unha

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 208

serie de medidas de corrección, readaptación e reinserción que converteu a arte de castigar no oficio de curar. De tal xeito que un reformismo que comezou tendo unha función caritativa e benéfica tornouse progresivamente no quefacer oficioso dos chamados profesionais da axuda: uns *terapeutas da alma* que viven e actúan coa convicción de que a súa misión consiste en redimir aos inadaptados[1].

Para achegarnos ao modo no que apareceron estes profesionais que aínda hoxe encontramos no presente, teño dado a palabra a Michel Foucault, un pensador escéptico e incómodo[2], aínda mal comprendido por aqueles investigadores da educación[3] que ata o de agora non procuraron descubrir a radical natureza do seu pensamento[4]. Pese a que no ámbito da educación, aínda continúa a ser notable a grande ausencia de traballos post-foucaultianos, este é un deses autores "externos a un quefacer pedagóxico-social directo" pero "claves nas súas lecturas políticas, antropolóxicas, filosóficas, psicolóxicas…". Razón de máis para que a historia da educación social, de recente percorrido temporal aínda que de longo pasado cronolóxico, tome en consideración aquelas achegas foucaultianas que nos permitan xerar "un discurso historiográfico propio, singularizado nos modos de coñecer e interpretar aos autores, iniciativas e realizacións"[5].

A inauguración dun novo asistencialismo

Acostúmase a situar a xeneralización das prácticas asistencialistas no momento de aparicion dun corpus pseudoprofesional da asistencia social que comezou a atender non só aos individuos e colectivos minoritarios, senón á toda a poboación. Sen embargo, o asistencialismo ten unha historia diferente e, polo menos dende o século XVIII, os suxeitos da pobreza e da miseria non foron os primeiros destinatarios da beneficencia, senón os últimos. En realidade, o pobre tan só se converteu en obxecto de asistencialización a partir do segundo terzo do século XIX. De feito, ata entón non existía unha auténtica preocupación polas poboacións que vivían na pobreza. Pois, na verdade, lonxe de ser un perigo, á súa maneira, eran bastante útiles.

> "Os pobres dunha cidade, de feito, desempeñaban toda unha serie de tarefas, repartían o correo, recollían o lixo, retiraban da cidade mobles, roupas e farrapos vellos que logo redistribuían ou vendían… polo tanto, formaban parte da vida urbana. Nesta época as casas non estaban numeradas nin había servizo postal, e ninguén mellor que os pobres para realizar toda unha serie de funcións urbanas fundamentais, como o transporte da auga ou a eliminación dos desfeitos."[6]

---

[1] Thomas S. Popkewitz, "A Administração Da Liberdade: a cultura redentora das ciências educacionais", Mirian Jorge Warde (org.) *Novas políticas educacionais: críticas e perspectivas*, Programa de Estudos Pós-Graduados em Educação História e Filosofia da Educação, São Paulo, PUC/SP, 1998.

[2] Didier Eribon, *Michel Foucault y sus contemporáneos*, Buenos Aires, Ediciones Nueva Visión (*Cultura y sociedad*), 1995.

[3] Thomas S. Popkewitz y Marie Brennan (compiladores), *El desafío de Foucault, Discurso, conocimiento y poder en la educación*, Barcelona, Pomares-Corredor (*Educación y conocimiento*), 2000, p. 11-14.

[4] Stephen J. Ball (compilador), *Foucault y la educación. Disciplinas y saber*, Madrid, Morata (*Educación crítica*), 1993.

[5] José Antonio Caride, *Las fronteras de la Pedagogía Social*, Barcelona, Gedisa (*Pedagogía Social y Trabajo Social*), 2005, pp. 122-123.

[6] Michel Foucault, *Estrategias de poder*, Barcelona, Paidós (*Paidós Básica 101*), 1999, p. 380.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 209

Algo debeu acontecer no devir do século XIX para que a convivencia entre ricos e pobres nun mesmo espazo social e xeográfico pasara a ser un perigo sanitario de grande calado, que levou aos gobernos das cidades a comezar a súa particular persecución contra as persoas indixentes e famentas. Neste momento, co gallo de garantir a saúde pública, para acabar coas epidemias que puñan en risco o funcionamento social, estendeuse un cordón sanitario que someteu a tódolos habitantes a controis médicos e campañas de vacinación; de tal modo que os sistemas da asistencia social impuxeron un particular modo de vida ao cal estaban suxeitos non só os pobres senón tódolos individuos[7]. O obxectivo desta intervención, dende logo, non foi curar as enfermidades duns seres en particular, senón protexerse ante calquera posible contaxio virulento que puidesen causar os proscritos na e da pobreza[8].

A medida que a asistencia social deixou de ser unha práctica individual, os reformadores levaron a cabo unha intervención a gran escala en toda unha serie de campos que ata entón lle eran alleos. En efecto, antes do século XIX, o movemento asistencialista tiña un campo de intervención limitado e aínda era posible concibir a existencia dun conxunto de prácticas que escapan ao seu control. Pero, xa a finais do XVIII, as *tecnoloxías de administración social* descubriron que as prácticas da asistencia social permitían aumentar a vixilancia non só sobre os pobres senón tamén sobre o resto da poboación. De modo que cada nova intervención sobre a pobreza desenvolvida para gobernar os espazos converteuse simultaneamente nunha estratexia para actuar sobre os habitantes das cidades. E cantos máis mecanismos asistenciais foron despregados, menos vidas ficaron fóra dun control omnipresente que actuaba sen necesidade de facer uso da represión, por medio dun discurso salvífico e protector.

A noción de *poboación de risco*, que designaba a aquelas poboacións que foron convertidas nun perigo permanente para a saúde pública, apareceu xustamente para xustificar o funcionamento de calquera medida de *prevención*. Tal prevención non é máis que un dispositivo para xestionar, a través de distintas "artes manipulativas", o que de antemán foi establecido como perigoso. Mais perigoso non propiamente para os individuos afectados senón para o resto.

> "Por iso prevenir é vixiar, isto é, poñerse nun lugar social que permita anticipar a emerxencia de acontecementos supostamente indesexables (enfermidades, anomalías diversas, condutas desviadas, actos delictivos, etc.) en poboacións estatisticamente definidas como portadoras deses riscos. Habilítase desta forma (tórnase necesario, lexítimo) o peinado sistemático dos barrios (prazas, rúas, incluso os bares…) desas poboacións de risco. O renacemento, nestes momentos, da figura do educador de rúa non é alleo a estas cuestións."[9]

---

[7] Michel Foucault, *Politics, philosophy, culture: interviews and other writings of Michel Foucault, 1977-1984*, New York, Routledge (Edited with and Introduction by Lawrence D. Kritzman), 1990, pp. 164-165.

[8] Robert Castel, *Las metamorfosis de la cuestión social*, Barcelona, Paidós, 1997.

[9] Violeta Núñez, "Entre la tecnociencia y el tecnopoder: el desafío de mantener abierta la pregunta acerca de las condiciones de producción de la Pedagogía Social y sus efectos", *Revista Interuniversitaria Pedagogía Social*, 10, Segunda Época, Diciembre 2003, p. 116.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 210

A redistribución urbana e as institucións disciplinares

Tal preocupación polo saneamento das cidades comezou a funcionar, sen dúbida, para facer da asistencialización unha instancia de regulación social capaz de establecer unha orde colectiva que permitise xestionar as aglomeracións das multitudes. Neste sentido, a situación das institucións, a edificación dos establecementos, a distribución das poboacións e a reclusión de focos infecciosos non foi máis que o arranque dunha *tecnoloxía do poder* que, en nome da saúde e da hixiene, comezou a fiar o urbanismo cos problemas de control da poboación.

Para asistir *in situ* ao nacemento destes dispositivos de control hai que retroceder ata o século XVIII. Naquela época, cando aparecía un caso de lepra, o *leproso* era inmediatamente encerrado para evitar o contaxio; seguindo así un *modelo de internamento* que obedecía a regras de confinamento que separaban aos enfermos e aos criminais do resto dos individuos.

Esta especie de expulsión dos infectados deixou de funcionar a finais do XVIII. A partir de entón, cando se declaraba a peste, o *apestado* xa non era o único en ser recluído, senón que se distribuía aos individuos de tal xeito que se podía controlar o seu estado de saúde tan só con vixialos. Ao tempo que toda a cidade era posta en corentena, a chegada dunha norma de saúde fixo funcionar un *modelo de vixilancia* que permitía redistribuír ás poboacións nos espazos urbanos.

O proxecto consistía en fixar aos individuos nun determinado lugar, dividir os espazos, xeneralizar a vixilancia e desinfectar casa por casa calquera foco de contaminación. Os vixiantes tiñan que desinfectar as rúas dúas veces por día, deterse fronte a cada casa e comprobar que cada individuo asomaba a cabeza pola xanela. Do contrario, entendíase que estaba na cama, e se estaba deitado era porque estaba doente. Nada debía quedar sen vixiar e todo o observado mediante esa especie de exame visual tiña unha finalidade de ordenar os lugares.

Existiu pois un combate contra a *lepra* que consistiu en desinfectar a cidade mediante a exclusión; e existiu outro, o que se librou contra a *peste*, que pretendeu poñer a cadaquén no seu lugar. Un modelo de *purificación*, polo tanto, relixioso; e un modelo de *revisión*, logo, militar[10].

> "A reacción á lepra é unha reacción negativa; una reacción de exclusión. A reacción á peste é unha reacción positiva; unha reacción de inclusión, observación, formación de saber, multiplicación dos efectos de poder a partir da acumulación da observación e o saber. Pasamos pois dunha tecnoloxía de poder que expulsa, exclúe, prohibe, marxina e reprime, a un poder que é por fin un poder positivo, un poder que fabrica, que observa, un poder que sabe y se multiplica a partir dos seus propios efectos."[11]

[10] Michel Foucault, *Estrategias de poder*, Barcelona, Paidós (*Paidós Básica 101*), 1999.
[11] Michel Foucault, *Los anormales. Curso del Collège de France (1974-1975)*, Madrid, Akal (*Akal universitaria 217*), 2001, p. 53.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 211

Tal preocupación por ordenar os espazos que ata entón tiñan permanecido indiferenciados xa existía incluso antes de que a arquitectura dos establecementos fixera funcionar a observación permanente e a vixiancia continua sobre cada un dos internos. Poren, xunto cas *tecnoloxías positivas de poder* xurdiron ademais outras técnicas de control que permitiron localizar a cada individuo en prol do seu propio *benestar*, é dicir, "estar ben situado".

Pero será o *principio do panóptico*, sen embargo, o que resolverá definitivamente tódolos problemas de control das poboacións numerosas. O panóptico é un edificio que permite que algo se faga sen necesidade de alguén, pondo a centenas de individuos baixo a inspección dun só. Nel, os internos senten que unha mirada os vixía, incluso cando non hai ningún vixiante do outro lado. Así, o vixiante, unha vez simbolizado, instálase na conciencia do vixiado e, deste modo, cada suxeito interioriza a omnipresencia da vixiancia ata o punto de vixiarse a si mesmo[12].

Atribúeselle a un dos irmáns Bentham a descoberta deste invento da arquitectura funcional ao visitar unha escola militar; pois parece que un destes primeiros modelos de encerro tiña sido posto en práctica nos dormitorios da Escola militar de París en 1755, onde cada un dos alumnos debía dispor dun cuarto con cristaleira a través da que podía ser controlado sen ter ningún tipo de contacto co exterior.

Posteriormente, será Foucault quen redescubra neste tipo de "establecementos nos que un único home está encargado do coidado de moitos"[13] a inauguración do modelo reeducador da *sociedade disciplinaria*: unha sociedade que xa non só se proporá separar aos individuos perigosos para impedirlles que cometan crimes de sangue, senón que tentará reformar as súas actitudes e os seus comportamentos morais. Antes que castigar as infraccións, o obxectivo da idade da *ortopedia social* será corrixir aos individuos a través dun tipo de sociedade disciplinaria oposta ás sociedades propiamente penais que coñecemos con anterioridade[14].

Na sociedade disciplinaria o principio de clausura deixa de ser indispensable[15], porque nela "resulta máis económico vixiar que castigar, é dicir, domesticar, normalizar e facer produtivos aos suxeitos en vez de segregalos ou eliminalos"[16]. De feito, o sistema carcerario tradicionalmente punitivo e represor, é agora inserido nun sistema disciplinario moito máis vasto onde todos son castigados e sometidos por todo un exército de gardiáns encargados de custodiar aos individuos en institucións como a escola, o orfanato, a casa de corrección, o psiquiátrico, o manicomio, o hospital, o cárcere, etc.

Un sistema que fai das institucións educativas un piar fundamental para o desenvolvemento das novas formas de goberno mediante aplicación dos modernos dispositivos de

[12] Jeremias Bentham, *El panóptico*, Madrid, La Piqueta (*Genealogía del poder*), 2ª edición, 1989, p. 132.
[13] Jeremias Bentham, *El panóptico*, Madrid, La Piqueta (*Genealogía del poder*), 2ª edición, 1989, p. 74.
[14] Michel Foucault, *Estrategias de poder*, Barcelona, Paidós (*Paidós Básica 101*), 1999, p. 227.
[15] Gilles Deleuze, *Foucault*, Barcelona, Paidós (*Paidós Studio*), 1987.
[16] Jorge Larrosa (editor), *Escuela, poder y subjetivación*, Madrid, La Piqueta (*Genealogía del Poder 26*), 1995, p. 163.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 212

control e disciplina "que non deixan de acompañar certos ámbitos e prácticas dos nosos días; especialmente os ligados á chamada *educación social especializada*"[17].

Nestas pedagoxías os educadores terán que someter aos individuos ao escrutinio dos sentimentos máis íntimos e dos pensamentos máis inconfesables para constituír a alma do suxeito. O papel do educador social neste escenario é, por tanto, procurar reeducar ao individuo para corrixir as súas disposicións, mediante unha pedagoxía da suxestión que controle o espírito dos suxeitos e moldee as súas vontades, a fin de que desexen educarse conforme á súa suposta natureza inducida[18].

Foi mediante este dispositivo instaurado ao longo do século XIX como os profesionais da axuda conseguiron disciplinar a alma dos suxeitos e moldear a súa individualidade por medio da supervisión e da vixilancia. Neses espazos institucionais, neses laboratorios de observación, todo se organizou a partir dunha óptica psicolóxica baseada en tecnoloxías que implican unha relación que fai aos suxeitos tanto máis dependentes e manipulables canto máis liberados se crean, é dicir, canto máis comunicativos, creativos e expresivos, tanto máis automonitorizados, autocorrectores e autodisciplinados[19].

Unha vez máis, a autoridade se inscribe a partir dun apelo á liberdade, tal como a disciplina se inscribe como parte do discurso da autonomía, e viceversa. É a fusión destes dous conceptos -control e autoregulación-, e non a súa contraposición, a que permite lanzar un ollar diferente sobre as pedagoxías da liberdade e, dese modo, chegar a comprender o modo no que *educar* e *educarse* convertéronse nun xesto único e idéntico[20].

Panorámicas asistenciais galegas entre 1850 e 1950

As vilas e aldeas galegas de entre séculos servirannos de caso histórico para ilustrar o modo de funcionamento este mecanismo disciplinador instaurado en derredor do quefacer socio-asistencial. Tal como salvagarda o arquivo histórico de Compostela, na Galicia de mediados de século XIX, ouleadas de crianzas sen abeiro eran "candidatas á mendicidade cando non ao crime". Urxía pór fin á "invasión dun crecido número de indixentes que percorren diariamente as rúas e as prazas implorando caridade", para que "baixo ningún concepto vaguen pola cidade individuos que poden perturbar aos demais". De aí que toda unha serie de institucións apareceran para facer funcionar unha tecnoloxía de internamento que non só tiña finalidades asistenciais e benéficas, senón que tamén procuraba reformar e corrixir aos internos para tornalos dóciles e útiles[21].

---

[17] José García Molina, "Genealogía de la mirada institucional", *Revista Interuniversitaria Pedagogía Social*, 9, Segunda época, Diciembre 2002, p. 261.

[18] Thomas S. Popkewitz y Marie Brennan (compiladores), *El desafío de Foucault, Discurso, conocimiento y poder en la educación*, Barcelona, Pomares-Corredor (*Educación y conocimiento*), 2000, p. 75.

[19] Jorge Larrosa (editor), *Escuela, poder y subjetivación*, Madrid, La Piqueta (*Genealogía del Poder 26*), 1995, p. 184.

[20] António Nóvoa, *Evidentemente. Histórias da Educação*, Porto, ASA Editores, 2005.

[21] Asilos, hospitais, reformatorios, casas pía, hospicios, orfanatos e casas de expósitos como, por exemplo, o Gran Hospital de Santiago e a Casa de Expósitos anexa ao mesmo, a Obra da Santa Infancia, a Casa-asilo de mendicidade ou o Asilo de Nosa Señora da Piedade, tamén de Santiago; o Asilo de Anciáns Desamparados ou a Casa da Caridade de Vigo; a Casa Provincial de Maternidade e Expósitos de Lugo, etc.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 213

Institucións nas que botou a andar unha política de encerro que procuraba facer posible o *utilitarismo* da pobreza. De facto, as poboacións eran obxecto de diferentes tipos de intervención segundo foran ou non capaces de traballar, e en función desa condición eran tratadas de maneiras totalmente distintas[22], porque o medio para a reforma destes individuos era o traballo manual nos obradoiros de artes e oficios; obradoiros que tiñan o obxectivo de facer de cadaquén un individuo útil para a sociedade.

Aos empregados destas institucións lles estaba confiada pois unha misión caritativa e benéfica: dar alimento e vestido aos pobres, dispensar aluguer aos indixentes e socorrer a infancia desamparada. O fundamental desta encomenda consistía en coidar da educación física, intelectual e moral-espiritual de tódolos internos; pero, para levala a cabo, estes individuos tiñan a potestade de sancionar as faltas cometidas e os comportamentos que estiveran fóra da norma. Estas faltas eran reprendidas polos "educadores" da institución mediante castigos proporcionados ás infraccións cometidas polos internos.

Roubar, blasfemar, desobedecer e estar en posesión de armas e licores considerábanse *faltas graves*. Mentres que a vagancia no traballo, a falta de hixiene e erguerse antes da hora considerábanse *faltas leves*. Segundo a súa intensidade, estas faltas eran punidas mediante *castigos morais* ou *corporais*. Os *castigos morais* supoñían unha "reprensión severa", e os *corporais* podían implicar penalidades como a obriga de traballar en horas de descanso, a incomunicación mediante o encerro e a privación dunha parte de ración. Cando o interno non se emendase de ningunha destas formas, os reformadores prevían castigos de maior escala, como a expulsión dos establecementos ou a entrega aos tribunais.

A medida do grado de punición das infraccións pasou a ser fundamental para impartir xustiza. Poren, para operar con eficacia, o aparato administrativo do Estado precisaba dun saber concreto, específico e medible. "As demandas de información sobre a poboación requirían o desenvolvemento dun sistema de métodos empíricos para planear, organizar e supervisar as actividades sociais."[23] Era necesario empadroar aos vagabundos en censos de información caritativa, polo que todas as faltas cometidas eran rexistradas nun "libro de moralidade" xunto ao nome do individuo que as cometía e o castigo que se lle impuña. Tratábase dun tipo de "centros de clasificación" onde os desamparados eran minuciosamente censados que non se empregaban a penas para "favorecer a adopción e o amparo dos menores", senón sobre todo para determinar cales debían ser tratados, cales tiñan que ser apartados do resto e a cales había que internar nas institucións.

E foi a partir deste mecanismo destinado a acumular toda unha serie de observacións sobre as poboacións como tomou forma a *estatística asistencial*: unha ciencia encargada de abastecer os ficheiros do Estado de toda unha serie de datos que puideran axudar a individualizar aos suxeitos para poder regular a súa conduta, facela previsible e predicible.

---

[22] Robert Castel, *Las metamorfosis de la cuestión social*, Barcelona, Paidós, 1997.

[23] Thomas S. Popkewitz, *Sociología política de las reformas educativas. El poder/saber en la enseñanza, la formación del profesorado y la investigación*, Madrid, Morata (*Educación crítica*), 1994, p. 53.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 214

Así, grazas a este tipo de saber cada vez máis "científico", foi posible xustificar tanto as intervencións asistenciais como a recruta dos profesionais da axuda para a solución dos problemas do benestar.

As autoridades asistenciais

Os propósitos destes primeiros reformadores sociais que iniciaron a era da estatística asistencial nas institucións disciplinarias eran de tipo misional. Todos eles partillaban unha obriga moral de axudar aos menos afortunados e, ademais, un mesmo discurso redentor que os convertía en portavoces do progreso. A súa profecía consistía en facer posible o control das poboacións e a súa reforma mediante a caridade da beneficencia[24].

As primeiras institucións que se dedicaron á formación destes primeiros "profesionais da axuda" denomináronse seminarios: institucións que tiñan como finalidade a formación dos seminaristas que posteriormente terían que ocuparse da custodia da infancia retida nos orfanatos e da reforma espiritual dos recluídos nas casas de corrección[25]. Posteriormente, para promover o cumprimento das políticas socioasistenciais, a inicios do século XX, foron organizados "cursos destinados ao estudo das cuestións sociais referentes á beneficencia, asistencia pública, delincuencia xuvenil, colonias de reforma…". Nas facultades de medicina de Compostela, por exemplo, impartíanse ensinanzas puericultoras, utilizando xornais, carteis e ata proxeccións para mostrar a forma de evitar a mortalidade infantil. E un labor semellante era levado a cabo nas facultade de dereito da universidade santiaguesa, onde eran divulgadas as formas de aplicar os regulamentos das institucións de caridade.

O resultado da progresiva profesionalización deste tipo de intervencións ten sido a instalación de toda unha serie de tecnoloxías de regulación social destinadas a controlar os efectos da educación social, unha vez que o exercicio do asistencialismo se converteu nun instrumento enormemente útil para o facer funcionar a sociedade. De feito, a profesionalización destes educadores non representa máis que a inclusión dentro do aparato da sociedade disciplinaria de todos aqueles efectivos que permiten regular e disciplinar a alma dos individuos. Pois "a historia destas profesións non é a evolución dun altruísmo desinteresado"[26], senón o desenvolvemento dunha certa autoridade que ten a misión de promover o cambio sen alterar a orde[27], xa que "tais profesións sociais non existirían sen aquilo que queren ou pretenden erradicar"[28].

---

[24] Thomas S. Popkewitz, "A Administração Da Liberdade: a cultura redentora das ciências educacionais", Mirian Jorge Warde (org.) *Novas políticas educacionais: críticas e perspectivas*, Programa de Estudos Pós-Graduados em Educação História e Filosofia da Educação, São Paulo, PUC/SP, 1998, p. 152.

[25] Michel Foucault, *Los anormales. Curso del Collège de France (1974-1975)*, Madrid, Akal (*Akal universitaria 217*), 2001, p. 179.

[26] Thomas S. Popkewitz, "Profesionalización y formación del profesorado", *Cuadernos de pedagogía*, 184, 1990, p. 106.

[27] Julia Varela y Fernando Álvarez-Uría, *Arqueología de la escuela*, Madrid, La Piqueta (*Genealogía del poder 20*), 1991.

[28] Juan Sáez Carreras y José García Molina (2003) "Emergencia de las profesiones sociales: de la dimensión discursiva a la dimensión política, ética y práctica", *Revista Interuniversitaria Pedagogía Social*, 10, Segunda Época, Diciembre 2003, p. 202.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 215

É por iso nalgúns países europeos presenciamos a aparición dunha nova forma de traballo social que, no parecer de Bourdieu (2001: 58-59), estimula unha especie de "automistificación colectiva" e unha crenza no universo de sucedáneos baseados nunha "filosofía social" caritativa e nunha "socioloxía soft", que se cre comprensiva e que, desexando adoitar o punto de vista dos suxeitos, "está condenada a reproducir a visión mistificada e mistificadora do traballo social".

É verdade que xa pasou tempo dende que apareceron e desapareceron algúns destes dispositivos. Non obstante, historiar algunhas destas propostas pode ser unha escusa para reflexionar acerca do papel que desempeñan na actualidade os axentes profesionais do ámbito socioeducativo. Facer esta historiografía permitiría trazar os albores de todas estas profesións -das que encontramos pegadas xa a finais do XVIII e principios do XIX- e "axudaríanos a saber algo máis das nosas orixes, non para descubrir o que somos como pedagogos senón para, de algunha forma, poder rexeitalo"[29]. É dicir, para fuxir deses espazos intelectuais estériles onde triúnfa o mesianismo, mediante un exercicio de deconstrución que nos permita facer familiar o que nos é estraño e pór en dúbida a inxenuidade das evidencias. Porque, en educación, todo son falsas evidencias. *Evidentemente*, o que é evidente, minte[30].

Referencias bibliográficas

Ball, Stephen J. (compilador), *Foucault y la educación. Disciplinas y saber*, Madrid, Morata (*Educación crítica*), 1993.

Bourdieu, Pierre, *Contrafuegos 2: por un movimiento social europeo*, Barcelona, Anagrama, 2001.

Bentham, Jeremias, *El panóptico*, Madrid, La Piqueta (*Genealogía del poder*), 2ª edición, 1989.

Caride, José Antonio, *Las fronteras de la Pedagogía Social*, Barcelona, Gedisa (*Pedagogía Social y Trabajo Social*), 2005.

Carreras, Juan Sáez y José García Molina (2003) "Emergencia de las profesiones sociales: de la dimensión discursiva a la dimensión política, ética y práctica", *Revista Interuniversitaria Pedagogía Social*, 10, Segunda Época, Diciembre 2003, 195-219.

Castel, Robert, *Las metamorfosis de la cuestión social*, Barcelona, Paidós, 1997.

Castilla Vallejo, José Luis, *Analisis del poder en Michel Foucault: consecuencias para la sociología de la educación*, La Laguna, Servicio de Publicaciones Universidad de La Laguna (*Sociología 2*), 1999.

[29] José García Molina, "Genealogía de la mirada institucional", *Revista Interuniversitaria Pedagogía Social*, 9, Segunda época, Diciembre 2002, pp. 273-274.
[30] António Nóvoa, *Evidentemente. Histórias da Educação*, Porto, ASA Editores, 2005.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 216

Deleuze, Gilles, *Foucault*, Barcelona, Paidós (*Paidós Studio*), 1987.

Eribon, Didier, *Michel Foucault y sus contemporáneos*, Buenos Aires, Ediciones Nueva Visión (*Cultura y sociedad*), 1995.

Foucault, Michel, *Estrategias de poder*, Barcelona, Paidós (*Paidós Básica 101*), 1999.

Foucault, Michel, *Los anormales. Curso del Collège de France (1974-1975)*, Madrid, Akal (*Akal universitaria 217*), 2001.

Foucault, Michel, *Politics, philosophy, culture: interviews and other writings of Michel Foucault, 1977-1984*, New York, Routledge (Edited with and Introduction by Lawrence D. Kritzman), 1990.

García Molina, José, "Genealogía de la mirada institucional", *Revista Interuniversitaria Pedagogía Social*, 9, Segunda época, Diciembre 2002, 261-275.

Larrosa, Jorge (editor), *Escuela, poder y subjetivación*, Madrid, La Piqueta (*Genealogía del Poder 26*), 1995.

Nóvoa, António, *Evidentemente. Histórias da Educação*, Porto, ASA Editores, 2005.

Núñez, Violeta, "Entre la tecnociencia y el tecnopoder: el desafío de mantener abierta la pregunta acerca de las condiciones de producción de la Pedagogía Social y sus efectos", *Revista Interuniversitaria Pedagogía Social*, 10, Segunda Época, Diciembre 2003, 111-122.

Popkewitz, Thomas S. y Marie Brennan (compiladores), *El desafío de Foucault, Discurso, conocimiento y poder en la educación*, Barcelona, Pomares-Corredor (*Educación y conocimiento*), 2000.

Popkewitz, Thomas S., "A Administração Da Liberdade: a cultura redentora das ciências educacionais", Mirian Jorge Warde (org.) *Novas políticas educacionais: críticas e perspectivas*, Programa de Estudos Pós-Graduados em Educação História e Filosofia da Educação, São Paulo, PUC/SP, 1998.

Popkewitz, Thomas S., "Profesionalización y formación del profesorado", *Cuadernos de pedagogía*, 184, 1990, 105-110.

Popkewitz, Thomas S., *Sociología política de las reformas educativas. El poder/saber en la enseñanza, la formación del profesorado y la investigación*, Madrid, Morata (*Educación crítica*), 1994.

Silva, Tomaz Tadeu da (org.), *Liberdades reguladas: a pedagogia construtivista e outras formas de governo do eu*, Petrópolis, Editora Vozes, 1998.

Varela, Julia y Fernando Álvarez-Uría, *Arqueología de la escuela*, Madrid, La Piqueta (*Genealogía del poder 20*), 1991.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 217

Documentos

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 218

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 219

ISSN: 1138 - 5863

Mestres de España (III)

Víctor M. JUAN BORROY
Universidad de Zaragoza
J. Luís IGLESIAS SALVADO
Universidade da Coruña

O retrato dunha época

Seguimos a presentar, dentro desta sección, biografías de mestres e mestras que apareceran na publicación quincenal *Los Maestros de España. Biográfias y estudios estadísticos* que se editaba en Pontevedra e da que eran redactores Emilio Álvarez Jiménez, Vicente Alcañiz, Severiano González Regueral e Victoriano Encinas. Todos os biografiados, nove en total, que presentamos nesta terceira escolma desenvolven a súa profesión en diversos lugares da xeografía española, a diferencia dos que conformaban as duas entregas anteriores que comprendían unicamente mestres –galegos ou non– que exercían en Galicia[1]. En calquera caso, son mestres que salientaron sobre a *honrada medianía* que para eles parecía reservada en forma dun máis que previsible destino, consecuencia da mesquiña, por escasa, formación que recibiran e da propia concepción que o Estado tiña desta profesión, que de modo tan evidente se poñía de manifesto no Decreto de creación das Escolas Normais de Mestres[2] .Non era necesario formar intelectuais. Abondaba con saber ler e escribir, coñecer a Historia Sagrada e poder ensinar, no caso das mestras, *os labores propios do seu sexo*. Ainda así, estes mestres superaron o anonimato, o silencio que a historia tíñalles reservado, grazas ao cronista que decidíu relatar nunha revista profesional os seus principais méritos e os máis significativos fitos da súa vida profesional e persoal. Por iso estes profesionais son unha especie de heroes que contra todo pronóstico conseguiron rachar e traspasar o estreito cerco no que había de transcorrer a súa existencia. Podemos dicir que conseguiron desbotar unha profecía, aquela que reserváballes unha vida anónima, chea de estreitezas e afastada das miradas dos seus contemporáneos.

---

[1] Véxase *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, números 8 e 9, sección Documentos, pp. 173-204 e 131-170 respectivamente.
[2] Paulí Dávila Balsera, *La honrada medianía. Génesis y formación del Magisterio español*, Barcelona, PPU, 1994.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 220

Entre os biografiados que presentamos nesta ocasíon non hai mulleres. Esta historia repetirase case sempre con independencia das circunstancias: un colectivo profesional en proceso de feminización, no que sempre sobrancean os homes sobre as mulleres. Algúns deles teñen moitos anos de servizo, outros só uns poucos. En calquera caso, o cronista consegue sempre –pretendendoo ou non, consciente ou inconscientemente–, facer un retrato dunha profesión, da sociedade, dunha época e da escola como unha institución chamada a formar parte da vida de todos os individuos. Aínda que habería que esperar unhas décadas máis para que o tempo escolar se convertése nun tempo compartido por toda a poboación.

Todos os biografiados son mestres normalistas. Algúns estudaron durante os primeiros anos de funcionamento das Escolas Normais. Parece posible pensar logo que estes profesionais comparten un título que, en principio, failles participar tamén dunha visión da súa profesión. Ao fin e á corda esta era un dos principais obxectivos das Escolas Normais: establecer a "norma", é dicir, transmitir aquilo que debía ser común para todos os que quixesen desempeñar esta profesión, tentando acabar coa heteroxeneidade na formación que caracterizou á etapa precedente, e ainda, por moito tempo, ás seguintes..

Máis alá dos datos e das circunstancias persoais, nestas crónicas ofrécense elementos suficientes para entender o que foi a educación. Estes textos son unha imaxe conxelada que permítenos imaxinar con precisión os trazos definitorios e as principais características de quen acudían ás escolas e de quen nelas traballaban. Tamén abórdanse algunhas das circunstancias que caracterizaron a escola española durante décadas: o absentismo escolar, a ausencia de inspectores, a escasa formación dos mestres e mestras, a pouca dignidade dos edificios, a escaseza do material, a pobreza que todo o presidía. O abandono que caracterizou a escola e a educación en España apréciase claramente se se considera que desde 1856, cando se publica a Lei que asinou Claudio Moyano, ata a Lei Xeral de Educación de 1970 mantívose o mesmo marco lexislativo xeral. Se cadra, non hai un dato máis elocuente que demostre a nula importancia que tivo a educación e a escola, unha institución que non cumpría para a maior parte da poboación unha función importante, unha institución que nin sequera era determinante para a socialización dos nenos en determinados valores. Este abandono, xa que logo, podería explicarse pola forte presenza da igrexa católica na sociedade española. A tarima das escolas e a cátedra do espírito santo das igrexas eran os lugares privilexiados a partir dos que se podían introducir os valores, as ideas, os discursos e, en definitiva, unha maneira determinada de entender o mundo e a orde na sociedade. Esta influencia era evidente no medio rural onde moitas veces non existían máis espazos para a difusión da ideoloxía que as igrexas e as escolas. O Estado non precisaba dun sólido aparello escolar que procurase a socialización dos individuos porque esta función a desempeñaba con total eficacia a igrexa, unha institución que acompañaba ao individuo a partir do seu nacemento ata a morte, unha institución que marcaba os momentos máis importantes da vida das persoas. Esta circunstancia explica de xeito claro que a escola primaria se artellase tan lentamente e moitas veces dun modo tan deficiente na España rural e mesmo xustifica as altas cifras de analfabetismo que amosan as enquisas oficiais na España de principios do século XX, ou incluso nas portas da proclamación da II República. O mesmo cabería dicir do fenómeno do absentismo escolar. Era común que os nenos non asistisen senón esporadicamente á escola, sobre todo en épocas de traba-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 221

llo no campo. Ao pensar naquelas escolas vennos á mente o certeiro diagnóstico que facía Manuel Bartolomé Cossío:

> "(...) fan ben eses dous millóns e medio de nenos (que non teñen praza escolar) en non ir á escola, e os seus pais obran con moito siso ao non envialos. Porque se un día se lles ocorrese obedecer as nosas sabias leis, perderían o tempo e, o que é máis grave, a saúde, como perden xa ambalas duas cousas gran parte dos seus aplicados compañeiros. Perderían o tempo, porque non hai en España nin escolas en que metelos, aínda que fosen almacenados, nin suficiente número de mestres para educalos de verdade; e perderían a saúde, porque os que malamente coubesen, irían a envelenarse no pestífero ambiente duns locais infectos, onde hoxe mesmo están xa amoreados os nenos que asisten; e co tempo e a saúde perderían tamén a alegría e a esperta curiosidade que, nestas condicións, non tardan en cambiarse en rutina servil e en arrepío á escola".[3]

Esta visión pesimista non era exclusiva de Cossío ou dos intelectuais independentes, alleos á Administración. Tamén persoas que tiveron grandes responsabilidades no ámbito oficial coinciden na denuncia de abandonos e desidias que padecían as escolas. Este é o caso, por exemplo, de Amelio Gimeno, Ministro de Instrución Pública e Belas Artes en 1906, quen describía o pésimo estado das locais escolares nestes termos:

> "A (escola) rural, substituta en moitos casos da bufarda ou do celeiro; utilizando a casucha ruinosa con cuxo aluguer soña o cacique; xunto á corte as veces, moi poucas feitas de planta. A urbana, nunha casa de veciñanza, coa casa xunto ó cuarto e non lonxe da cociña, arrendada a bo prezo para saír do paso, e a falta de cousa mellor: todas pequenas, fedentas a causa do aire de tan rumiado irrespirable, non sobradas de luz, de cubicación escasa, feas, nada limpas, aínda contra a vontade do mestre, dispostas a propósito para deixar no neno lembranza perdurable de noxo".[4]

Polo que fai referencia ao maxisterio, durante o século XIX resulta fácil constatar o desprestixio social que o feito de ser mestre implicaba. Andrés Manjón en *Cosas de antaño, contadas hogaño* ofrecía unha clara descrición de todas as carencias que adornaban ó seu mestre: "quen sabía facer letras, pero sen ortografía; ler, pero sen gusto, e calcular, pero en abstracto, e só con números enteiros, ata dividir por máis dunha cifra... O señor mestre (...) conversaba con cantos viñan a pasar o tempo, saía a tomar o sol e o aire á rúa". Con frecuencia "empuñaba as disciplinas e a todos zurraba ata poñerlles as orellas encarnadas". Como a dotación era escasa, a mestre reunía varios cargos e oficios: "Sancristán, Cantor, Campaneiro, Reloxeiro, Barbeiro, Carpinteiro, Cazador, Mariñeiro, Secretario, Amanuense e Lector de familias e soldados, e o Factotum do pobo, todo con letras maiúsculas e minúsculas retribucións".[5]

---

[3] Manuel B. Cossío, "La reforma escolar", artículo publicado en *Revista Nacional*, 31 de octubre de 1899, pp. 321-323. Tomamos esta referencia de Manuel de Puelles Benítez, *Historia de la Educación en España (III). De la Restauración a la II República. Textos y Documentos*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1989, p. 349. A tradución é nosa.

[4] Amalio Gimeno (1906), *Discurso leído en la Universidad Central. Apertura del curso académico de 1906 a 1907*, Madrid, Imprenta de la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico, p. 9. A tradución é nosa.

[5] Andrés Manjón, "Cosas de Antaño" en *Edición Nacional de las obras selectas de Don Andrés Manjón*, Madrid, Patronato de las Escuelas del Ave María, 1955, pp. 321-323.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 222

Tamén resulta moi esclarecedor o testemuño dun dos pensadores rexeneracionistas, Ricardo Macías Picavea, quen describíu con extremada dureza na súa obra *El problema nacional* (1899) como eran os mestres e do que implicaba ser mestre en España:

> "O mestre é en España un ser horriblemente formado; mellor dito, deformado. Nas Normais, nada se lle ensina; pero en cambio gábanlle a natural intelixencia, o bo sentido e o san xuízo das cousas. Ata onde non é popular en España a pobre, a baleira e ideolóxica pedantería destes malpocados, que parecen aquí formados para o rigor de todas as desgracias?
>
> (...) na época de "tanto vales canto tes" se lles sitia por fame (...)
>
> Mestres ignorantes, cuasi esmoleiros, desprovistos de todo prestixio ou influencia social, desconsiderados pola plebe e maltratados polos caciques (...) non saben nada de nada, porque ninguén lles ten ensinado e logo vense asistidos con estes instrumentos de traballo; calcúlense os milagres que poderán colgárselles".[6]

Diante destas declaracións podemos pensar que en España houbo a clase de mestre que se pretendeu. Non diremos o mestre que o país merecía porque cremos que, evidentemente, merecíase outra cousa. Unha vez máis só poden entenderse as claves da construción desta profesión se se analíza a sociedade que a impulsaba Se se considera este aspecto, facilmente chégase á conclusión de que a ninguén lle importaba realmente a educación dos súbditos. En 1933 Rodolfo Llopis en *La revolución en la escuela* diría que para ser súbditos xa abondaba con aquel tipo de escola, que a monarquía, os oligarcas e os caciques vivían ben rodeados de ignorantes[7]. E é unha boa hipótese.

Nalgúns casos, os mestres biografiados que presentamos nesta ocasión, fixéronse cargo de escolas sen contar máis que con 14 ou 15 anos e sen ter cursado outros estudos que os da escola primaria. Por moito que queira xustificarse este feito a partir da intelixencia, o traballo, as abundantes lecturas ou o celo deses xovencísimos mestres resulta a todas luces desaxeitado encargar unha institución –supostamente importante– a alguén sen experiencia, sen formación e sen tempo para ter conquistado prestixio e autoridade entre a poboación. Elías Arias Camisón, por exemplo, fíxose cargo da escola de nenos de Villasbuenas con tan só 13 anos:

> "Aos 13 anos de idade encargóullese interinamente a administración de Correos do devandito pobo, e ó pouco tempo a Escola de nenos de Villasbuenas por enfermidade do Mestre, merecendo que as autoridades locais lle tributasen grandes eloxios polo bó desempeño da súa comisión. Un neno de trece anos rexentando unha Escola, a satisfacción dos interesados, revela dotes non comúns de instrución, de formalidade, e aínda tal vez de talento. Que o tiña o noso biografiado, verémolo ben pronto".

---

[6] Ricardo Macías Picavea, *El problema nacional (Hechos, causas y remedios)*, Madrid, 1899, p. 61. A tradución é nosa.

[7] Rodolfo Llopis, *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección General de Primera Enseñanza*, Edición de Antonio Molero Pintado, Madrid, Biblioteca Nueva, 2006.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 223

Estanislao Martínez Esquivias axudaba ao seu pai na escola desde que cumpriu os 17 anos. Tamén é sorprendente o caso de Esteban Oca e Meiriño [Morales. Logroño, 1851], quen foi mestre cando contaba 15 anos:

> "Escribía cunha letra moi clara e intelixible, lía con fácil e limpa pronunciación, e coñecía suficientemente ata o modo de ensinar, sen telo aprendido en ningún libro nin terllo oído ó seu mestre. Ao seu espírito observador e a unha especialísima intuición debía sen dúbida tal vantaxe.

Só así concíbese que á curta idade de 15 anos se lle nomease Mestre interino da Escola do seu pobo, a cal rexentou durante trece meses, a satisfacción dos pais de familia e con gran contento del."

Algunhas circunstancias repítense nas biografías destas mestres: son fillos de mestres, (Gerardo García Blázquez, Gregorio Herrainz (Seganiel, Cuenca, 1842), José María Ortega); proceden maioritariamente de zonas rurais; só podían permitirse estudos curtos –en ocasións simultaneábanos con algún traballo–; varios deles son ex-seminaristas [Antonio Andrés del Villar, Torrellas, Zaragoza, 1843, José María Ortega].

Elías Arias Camisón rematou sendo mestre porque na súa vida se xuntaron unha serie de circunstancias adversas. Pero tamén pasou polo seminario antes de ingresar na Escola Normal:

> "Aos nove anos comezou o estudo da lingua latina baixo a acertada dirección do Arcipreste Don Isidro Simón, continuando o da música, ensinanza que empezara a recibir de seu cariñosísimo pai, cun profesor acreditado. Un ano despois fixo oposición a unha media bolsa vacante no Seminario de Coria, e nos seus exercicios mereceu a cualificación de Meritíssimus.
>
> Cónstanos que non pensaba seguir a carreira da Igrexa, senón a de Leis, e só ingresara no Seminario para adquirir coñecementos preparatorios a tal fin. Pero aínda así non puido continuar no devandito establecemento os seus estudos, porque tivo a inmensa desgraza de que o seu virtuoso e ilustrado pai falecese".

En varias ocasiones o cronista afirma que os personaxes son mestres a pesar de si mesmos, mestres que non quixerann selo pero que terminan aceptando este feito e comprométense co traballo e coa tarefa que lles fora encomendada:

> "Hei aquí un novo Mestre, a quen circunstancias da vida obrigaron a seguir unha carreira para a que non se sentía con vocación, nin sequera coa menor inclinación. E sen embargo, é un dos mellores Mestres da provincia de Salamanca e aínda tal vez de España". [Elías Arias Camisón, Hoyos, Cáceres, 1846].

Tamén no caso de Estanislao Martínez Esquivias (Valera de Abajo, Cuenca, 1847) recoñécese expresamente que cursase outra carreira:

> "Ata a idade de 17 anos axudou aos seus pais nas tarefas escolares, e non podendo seguir outra carreira, dedicóse á do Maxisterio de primeiro ensino na Escola Normal de Cuenca. Terminouna en 1867 con lucimento, distinguíndose entre os seus discípulos no derradeiro curso, razón pola cal mereceu que o Director da referida Escola lle encargase a substitución da súa cátedra en varias ocasiones".

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 224

Na biografía do mestre José María Ortega [Bustares, Guadalajara, 1818] atopamos algunhas elocuentes valoracións sobre o prestixio e o tipo de persoas que seguían os estudos de mestre para dedicarse a dar clases nas escolas.

> "Se unha verdadeira e decidida vocación ten impelido e impele a algúns a seguir a carreira do Maxisterio de primeiro ensino, houbo non poucos, como vimos e aínda veremos, a quen varias circunstancias da vida e principalmente a necesidade, ou sexa a escaseza de recursos pecuniarios obrigaron a dedicarse a devandita profesión, que se é nobre e ao home dignifica, non ofrece certamente atractivos e encantos. Por iso admira o ver a moitos que se están alentados pola esperanza de achar posición desafogada, emprenden sen embargo con resolución a carreira do Maxisterio e ao fin chegan a amala e a conseguir nela notables triunfos (…) tamén gran número de mozos obrigados por unha non menos severa lei seguen diferente rumbo do que desexarían e acadan por fin na milicia docente non pouco prestixio, defendendo os foros da ciencia e da virtude".

Noutras ocasiones era a única carreira que podían seguir, ben pola brevidade dos estudos, ben pola proximidade da Escola Normal do domicilio da aspirante a mestre. Este é o caso de José Morte (Córdoba, 1858) a quen o seu pai, "empregado como era de pouco soldo non podía dar ao seu fillo outra que esixese grandes gastos". Estas biografías corroboran o argumento sostido en varias ocasiones por Joaquín Costa "Non hai verdadeiros mestres en España porque só o son os que non poden ser outra cousa?". Estaban estes mestres –pola súa procedencia socioeconómica ou incluso xeográfica– en condicións de cursar outros estudos que os que podían seguirse nas Escolas Normais e que os capacitaban para exercer a docencia? Tiñan outra alternativa?

O prestixio dos mestres sempre está relacionado co cultivo de parcelas e ámbitos que van máis alá da escola. Así atopamos mestres que son autores de libros ou académicos (José Morte, quen ademais escribiu unha zarzuela dun acto), que participan na Sociedade Económica de Amigos do País (José Morte), xornalistas, conferenciantes

O discurso que cinguíu a construción deste corpo profesional está caracterizado por ter unha linguaxe pouco transparente que contribúe a ocultar a realidade máis que a mostrala. O celo, a abnegación, a vocación, etc. Conceptos tan abstractos como falsos. Os epítetos rimbombantes: "Poderá habelos como el tan intelixentes, tan celosos cumplidores dos seus deberes, tan probos, tan amantes dos Mestres e do público ensino, tan asiduos ao traballo, pero moi poucos se terán contado tan perseverantes nos seus propósitos e tan instruidos. A súa carreira literaria é unha serie non interrompida de triunfos, e a súa folla de servizos unha historia brillante onde pode aprender o pouco avisado ou o apático así como o de sás intencións e bós designios" (Antonio Andrés del Villar).

Cada unha destas biografías permítenos asomarnos á escola e á profesión de mestre a partir dunha perspectiva sociolóxica ou antropológica. Máis alá das declaracións grandilocuentes, das palabras baleiras, completariamos este cadro persoal-profesional se puidésemos reunir información sobre algúns aspectos como os que a seguir sinalamos:

Como eran os pobos nos que traballaban? Sería moi interesante poder acceder á información que nos brínda o Madoz: ocupacións da poboación, riqueza da localidade, comercio, funcionarios municipais, medios de comunicación, médicos, curas, veces que chegaba o correo por semana, casas de comidas, fondas, etc.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 225

Como eran as casas destes funcionarios públicos?, de que comodidades gozaban? de que medios culturais dispoñían?, que lerían aqueles profesionais da educación?, onde pasarían as súas vacacións se é que as tiñan?, a onde viaxarían?, cantos libros tiñan na casa?, como eran os edificios escolares nos que traballaban?, a que clase social pertencían os nenos que acudían ás aulas?, cantas cartas escribían?, cantos periódicos lían?, cantas veces acudían a algún espectáculo cultural?

Sabemos que moitos deles publicaron libros didácticos ou de lectura para os escolares e mesmo dirixían ou colaboraban asiduamente en publicacións de carácter xeral e profesional. Tamén sabemos das súas angurias económicas e mesmo da precariedade laboral, da submisión ó cacique de turno, e dun incerto e continuo ir e vir por escolas e pobos. A inestabilidade laboral e a precariedade económica serán, ó cabo, os elementos que mellor definen a realidade dunha profesión que, por outra parte, estaba chamada a dignificar o país no seu conxunto a pesares dos atrancos que atopaban. En calquera caso a súa realidade profesional e persoal era moito máis complexa e difícil do que cabería esperar

> "Dirixe, ademais, un xornal desde Abril de 1882, non para soliviantar, non para facer rebeldes e protestantes ós Mestres, non para afondar as súas diferencias con Autoridades e Corporacións locais; si para defendelos, ilustralos, poñelos ao tanto do que deben coñecer e observar". [Gregorio Herrainz]

Mestres ocupados exclusivamente dos "seus deberes como mestres", afastados dos problemas reais das comunidades nas que viven e exercen. Esta circunstancia destácase especialmente na biografía de Juan Álvarez e Sánchez (Aguda, Asturias):

> "Consagrado principalmente a cumprir os seus deberes como Mestre, fuxiu noso biografiado con senlleiro empeño de mesturarse en asuntos políticos e noutra clase de asuntos que se axitan nas pequenas localidades, razón pola que todo o mundo, sen excepción de clases, condicións e cores políticos lle ten aprecio, porque tamén a todos fixo ben cando e como puido.
>
> Polos méritos e servizos que enumeramos, áchase a señor Álvarez e Sánchez condecorado coa cruz de Cabaleiro da Orde de Isabel a Católica e ocupa un lugar na escala de Mestres da provincia de Oviedo, fai oito anos, contando 27 dedicados ao ensino".

Agora ben, cando se recoñece o traballo dos mestres tamén se recorre a procedementos retóricos que tiñan escasa ou nula repercusión real no traballo que estes profesionais realizaban. Así eran frecuentes os agradecementos, os votos de grazas, as mencións honoríficas, os diplomas de honor, as cruces de cabaleiro da Real e distinguida Orde de Isabel a Católica, os diplomas de mérito, os oficios laudatorios, a ponderación das autoridades, etc.

A imaxe que frecuentemente se repite para comparar ao mestre é a do sacerdote: vocación, abnegación, servizo, chamada, desprendemento, misión que cumprir, etc. Tamén recórrese frecuentemente á imaxe do soldado: disciplina, corpo, batalla contra a ignorancia, as hostes do saber, etc. O exército da ilustración que tiña que librar desigual batalla contra a ignorancia, o caciquismo, a estreiteza mental das xentes da España rural. "Os Mestres son os soldados do saber" –afirma o biógrafo no comentario que dedica a Gerardo García Blázquez [Macotera, Salamanca, 1866]–. Estas duas comparacións repítense varias veces nas biografías dos mestres que seleccionamos. Así atopá-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 226

monos con mestres que parecen rozar a santidade ou mestres que, segundo o biógrafo, terían desenvolvido unha brillante carreira militar. En calquera caso, e recoñecendo as simplificacións que da realidade fan este tipo de biografías, son unha boa maneira de achegarnos a unha realidade, a do maxisterio e o ensino público no último tercio do século XIX, que transcende á retórica dos cronistas, de aí o valor deste tipo de documentos.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 227

Don Antonio Andrés del Villar.

Con suma diligencia y cuidado y movidos por gran interés hemos ido recogiendo datos y noticias referentes a este Profesor, porque deseábamos que en su biografía no faltase ni la menor circunstancia importante, dado que de él teníamos un alto concepto por informes fidedignos y por hechos por nosotros mismos comprobados.

Joven es aún, y ya ocupa entre los Inspectores, a cuyo cuerpo ha tiempo pertenece; un puesto distinguido y ganado por sus especiales dotes para el difícil y delicado cargo que desempeña. Podrá haberlos como él tan inteligentes, tan celosos cumplidores de sus deberes, tan probos, tan amantes de los Maestros y de la pública enseñanza, tan asiduos al trabajo, pero muy pocos se contaran tan perseverantes en sus propósitos y tan instruidos. Su carrera literaria es una serie no interrumpida de triunfos, y su hoja de servicios una historia brillante donde puede aprender el poco avisado o el apático así como el de sanas intenciones y buenos designios.

Consuela el ánimo el ver que a pesar de la indiferencia de algunos y de la oposición de otros que más obligados están a favorecer los intereses de la enseñanza, hay quienes con toda fe y amor trabajan y luchan por ponerlos a salvo o para desenvolverlos y darles vigor. Son almas puras, consagradas a misión civilizadora, espíritus fuertes que tanto desprecian alardes de poder mal entendido, pero al fin resistente, como desdenes y acaso ofensas contra el bien que acarician.

Quien sabe todos los secretos, todos los misterios que encierra esa lucha es el que puede apreciar cuan dignos de elogio son esos funcionarios celosos que en su cargo de Inspectores trabajan con miras tan levantadas.

Y cuenta que nosotros nos inspiramos tan solo en un sentimiento de justicia al rendir a sus nobilísimos esfuerzos el debido tributo. Ni la adulación, agena (sic) de nuestro carácter, ni el pago de deudas para con ellos que no tenemos bajo el punto de vista material, ni otros fines interesados mueven nuestra pluma. Les debemos a la mayor parte consideración y aprecio, alientos para nuestra empresa, consejos para seguir bien en nuestro camino, esperanzas y halagos; pero nada más, absolutamente nada más.

He aquí por tanto como nuestros elogios nacen del corazón, de la pura conciencia, de la razón libre de todo interés pequeño y mezquino que empañar pudiera su hermosa luz.

D. Antonio Andrés del Villar, actual Inspector de primera enseñanza de Logroño es pues, como hemos indicado, uno de esos funcionarios que mejor historia tienen y la cual vamos a tener el gusto de trazar.

Nació en Torrellas -provincia de Zaragoza- el día 30 de Octubre de 1843, siendo su padre Maestro de la Escuela elemental de aquella villa, cuyo cargo había ganado por oposición. Poseía el matrimonio regulares bienes de fortu-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:37 Página 228

na lo mismo en el término de Torrellas como en la provincia de Soria y además era el Maestro administrador del duque de Villahermosa.

Estudió nuestro biografiado con su padre la primera enseñanza e inútil es decir cuan bien quedaría instruido, dado que ningún discípulo podía inspirarle tanto cariño y a ninguno debiera enseñar con tanto interés, agregándose a ello el natural talento del niño para aprovechar las lecciones de su padre.

Así es que, aun no cumplidos diez años de edad, pudo ingresar en el Seminario Conciliar de Tarazona perfectamente preparado en conocimientos para poder brillar es sus estudios. Cursó pues, en dicho Establecimiento la Latinidad y Humanidades, tres años de Filosofía y el 1.º de Teología, alcanzando en todas las asignaturas la nota de Meritissimus, que, como la mayor parte de nuestros lectores debe saber, equivale a la de *Sobresaliente*.

Pero llegada la edad en que la razón empieza a manifestar su poder y brotan en el alma sentimientos avasalladores, edad de los dorados sueños y halagadoras esperanzas, los padres de nuestro biografiado comprendieron que tal vez este mas bien por obediencia que por inclinación, mas bien oyendo sus indicaciones que la voz del corazón continuaría estudiando la carrera de Teología y con prudencia suma consultaron el parecer del joven seminarista.

Pensó éste en el asunto, oyó la opinión de algunos sacerdotes y otras personas ilustradas, y pesando inconvenientes y ventajas y no sintiéndose realmente inclinado a abrazar el estado eclesiástico, dejo el Seminario por la Escuela Normal.

Pero es de advertir que primeramente tuvo el pensamiento de estudiar las asignaturas de la Facultad de Ciencias con el ánimo de dedicarse a la carrera de Magisterio de segunda enseñanza o de Universidades; mas habiéndose enterado de que para terminarla necesitaba emplear lo menos diez años periodo en verdad largo para sus deseos- resolvió seguir la del profesorado de primera enseñanza con el intento de aspirar a una plaza en las Escuelas Normales. Así, pues, curso en las de Zaragoza y Madrid las asignaturas exigidas por la ley para optar al titulo de Maestro Normal, habiendo obtenido en los exámenes en todas aquellas la calificación de *sobresaliente*.

Durante el cuarto año de su carrera, en su deseo de adquirir conocimientos y títulos útiles y honrosos, estudió las asignaturas para hacerse Maestro de sordo-mudos y ciegos, como así lo logro en Junio de 1864 en el Real Colegio establecido en Madrid.

d) Examinar o panorama español da museoloxía da educación na actualidade, os seus antecedentes próximos e a súa prospectiva.

e) Estudar as potencialidades que ofrecen os museos e as coleccións de carácter educativo nas esferas expositiva, investigadora, formativa e do desenvolvemento cultural comunitario.

f) Coñecer e percorrer de forma presencial diversos enclaves académicos, culturais e patrimoniais de interese para os especialistas e estudosos da museoloxía da educación.

ACTIVIDADES

As sesións científicas deron comezo na tarde do 11 de maio, trala inauguración ofi-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 300

cial das Xornadas por parte do Secretario Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en representación do Conselleiro do mesmo Departamento. A continuación os participantes tiveron a oportunidade de asistir á proxección do vídeo estreado con motivo da apertura do MUPEGA e que leva por título *O ensino: unha viaxe no tempo*. De seguido, o coordinador científico do MUPEGA, Dr. Vicente Peña Saavedra, pronunciou a conferencia inaugural, que versou sobre o tema "O Museo Pedagóxico de Galicia: un proxecto feito realidade", ditándoa a medida que ía facendo unha visita guiada para os concorrentes polo novo establecemento. As actividades dese día remataron cunha reunión da Xunta Directiva da SEPHE, na que se debateron algunhas propostas e se adoptaron algúns acordos que logo foron ratificados polos asistentes e incorporadas ás conclusións xerais que se aprobaron como peche da actividade congresual.

Nos dous días seguintes, as sesións de traballo xiraron en torno a tres enunciados que aparecían formulados no programa nos seguintes termos, atendendo ao estado que presenta a museoloxía da educación en España na actualidade:

1. Centros museográficos en activo en España. Experiencias e proxectos.

2. Iniciativas museísticas en proceso de xestación en España.

3. Outras experiencias de recuperación e posta en valor do patrimonio educativo e da infancia.

Ademais das sesións científicas, onde se expuxeron un total de 13 relatorios e se mantiveron amplos debates arredor dos mesmos, os asistentes realizaron unha visita guiada ao patrimonio histórico-artístico da Universidade de Santiago de Compostela e ás instalacións da futura Cidade da Cultura de Galicia, en Monte Gaias. Ámbalas dúas entidades anfitrioas figuraban como colaboradoras do evento.

No acto de clausura estivo presente o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen lles dirixiu unhas breves palabras aos concorrentes, expresando o seu desexo de que o MUPEGA puidese servir de modelo para a implantación de contado de Museos Pedagóxicos noutras Comunidades Autónomas.

CONCLUSIÓNS

Ao cabo de tres días de presentación de iniciativas e de sostemento de interesantes coloquios, nos que houbo unha fluída e crecente participación de cantos asistiron a estas Xornadas científicas, quedaron aprobadas por unanimidade as conclusións que de seguido se detallan:

1. O panorama do museísmo da educación en España actualmente é prometedor, se ben require un maior compromiso e unha meirande participación das administracións públicas e dos organismos privados para que os centros en activo e as iniciativas en fase de desenvolvemento cheguen a consolidarse oportunamente, tanto na súa vertente física como virtual.

2. O *Museo Pedagóxico de Galicia* (MUPEGA) constitúe un referente idóneo para a posta en marcha doutras iniciativas análogas, aínda que con identidade propia, nas diferentes Comunidades Autónomas de España, que poidan contar co patrocinio institucional das respectivas Administracións territoriais e a cooperación directa na esfera científica das Universidades con presenza en cada área xeográfica.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 301

3. Mentres no sexa posible a fundación de novos museos, haberá que proceder desde os centros académicos dos diferentes niveis do sistema educativo, e mesmo desde outras instancias alleas ao ámbito da educación regulada, a evitar a perda, a destrución ou o extravío dun conxunto de útiles e testemuños que forman parte da historia material e ideacional da educación e, en particular, da cultura da escola e da xenealoxía da infancia, os cales no futuro poderán conformar o acervo patrimonial dos espazos museolóxicos emerxentes.

4. O horizonte alentador que parece debuxarse para a museoloxía da educación, non debe cegarnos como falso espellismo perante as numerosas carencias e o encomiable voluntarismo con que moitas iniciativas deste ámbito se están desenvolvendo nos momentos actuais. Estas son as sombras que en medio das luces escurecen parcialmente unha paisaxe que debe resplandecer sen dilación de forma meridiana. Do contrario estaremos asistindo con certa desidia á perda dun *corpus* cultural que lle confire á sociedade na que se obxectiva unha pegada identitaria propia e xenuína.

5. Faise necesario dar continuidade a estas *Primeiras Xornadas* coa celebración de futuros encontros periódicos que contribúan a cohesionar aos profesionais e estudosos da museoloxía da educación e da infancia, e posibiliten o intercambio de coñecementos entre eles acerca das temáticas e problemas de interese común. Suxírese que as Xornadas teñan no sucesivo unha periodicidade bienal. A segunda edición das mesmas fixarase na asemblea xeral que a SEPHE celebrará o próximo mes de decembro.

6. Considérase indispensable fortalecer e afianzar a *Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico-Educativo* por medio da captación de novos socios a título individual e institucional que enriquezan coas súas ideas esta nova entidade e promovan a difusión da museoloxía pedagóxica por todo o ámbito territorial que a mesma abrangue. Deste xeito será factible, ademais, acadar a indispensable difusión e proxección social do labor que de forma illada se vén realizando. A consecución destas metas requirirá recadar os apoios externos precisos e recorrer ao soporte das novas tecnoloxías da información e da comunicación polas cuantiosas potencialidades que ofrecen.

7. Os museos pedagóxicos ou da educación constitúen axencias fundamentais para a recuperación e posta en valor do patrimonio histórico-educativo e, ao mesmo tempo, entidades de primeira orde no proceso de desenvolvemento socio-cultural comunitario.

Estímase de grande importancia facer partícipes das accións promovidas desde os museos e as colecções especializadas en materia educativa, que se encontran abertas ao público, á comunidade escolar, en particular, e á sociedade, en xeral, tratando de que ámbalas dúas tomen conciencia do labor que estas entidades realizan en canto á recuperación, posta en valor e explotación intelectual dos seus acervos materiais e inmateriais, con fins investigadores, formativos, expositivos e deleitables, contribuíndo deste modo ao desenvolvemento sociocultural comunitario do contorno onde se asentan.

Así é ratificado por todos os asistentes ás *I Jornadas de la Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico-Educativo*, en Santiago de Compostela a trece de maio de dous mil cinco.

Vicente PEÑA SAAVEDRA

Coordinador Científico do MUPEGA

Profesor da USC

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 302

NOTAS DE ACTUALIDADE

A conmemoración na Universidade de Santiago dos *100 anos da creación*, por primeira vez en España, *dunha cátedra Universitaria de Pedagoxía* (na Universidade de Madrid en 1904), foi motivo de revisión do estado das Ciencias da Educación. Unha revisión articulada no ciclo "Cen anos de Pedagoxía. Pasado, presente e futuro das Ciencias da Educación", no que interviñeron Uxío Otero Urtaza, Antonio Viñao Frago, Gonzalo Vázquez Gómez, José Ortega, Rodríguez Diéguez, Santos Guerra, Rodríguez Espinar e Javier Tejedor. A través de relatorios de síntese foron analizados os diversos campos académicos, baixo a coordinación do profesor Felipe Trillo Alonso, Decano da Facultade de Ciencias da Educación. A edición posterior desta documentación pode verse en: TRILLO, F. (ed.), *Las Ciencias de la Educación del Ayer al Mañana*, Santiago, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 2005.

O *Museo Pedagóxico de Galicia* (MUPEGA) seguiu coas súas actividades museísticas, documentais e de difusión editorial. Nas súas instalacións acolléronse igualmente actividades académicas, sociais e científicas de indudable interese. Entre as publicacións hai que sinalar a nova edición do calendario de mesa (2006), que é sempre unha fonte de suxerencias e unha pequena casa para imaxes, textos e referencias sobre a escola en Galicia; a edición do Libro que garda a memoria documental da creación e inauguración do MUPEGA (2004), nunha cuidadosa edición; a edición en DVD e CD. *Jornadas Científicas de la Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico-Educativo. Actas, Documentos y Testimonios* (PEÑA SAAVEDRA, V., dir.), que incorpora en arquivo de audio as intervencións realizadas por un variado número de profesores de toda España participantes nestas Xornadas Científicas celebradas no propio MUPEGA; e tamén este Museo se puido sumar á conmemoración do Quixote ao descubrirse un novo e ata o de agora descoñecido *Quijote* escolar, que fóra editado en Sarria en 1945 (ou 1947). Considerou o MUPEGA que sería oportuno facer unha edición facsimilar, acompañada dun estudo introductorio: SACO, J.V., *Miguel de Cervantes Saavedra. Primer manuscrito extractado de El Quijote* (edición fascimilar e estudo introductorio de V. Peña Saavedra; MUPEGA/Xunta de Galicia, Santiago, 2005, LXXI+121 pp). Foi o profesor de escola primaria de Sarria, Jesús Vázquez Gallego, quen emprendeu a edición deste "primeiro manuscrito" para nenos, composto por dezaseis extractos ou capítulos abreviados ou refundidos dos textos cervantinos mantendo, polo xeral o fío argumental do orixinal. Preséntase esta edición manuscrita cosida en espiral de aramio, como na edición orixinal, cun total de 121 páxinas e 23 ilustracións, e cun coidado estudo introductorio.

As instalacións acolleron igualmente a homenaxe realizada polo Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega no mes de febreiro do 2006 ao profesorado republicano morto arredor de 1936, un antecedente do gran acto colectivo e institucionalmente respaldado pola Xunta de Galicia de homenaxe a tal profesorado, celebrado o 21 de xuño do 2006, coa presencia, entre outros, dos mestres Avelino Pousa Antelo e Herminio Barreiro Calvete, de 92 e 96 anos respectivamente, e co visionado do film *La Escuela Fusilada.*

O MUPEGA lanzou, por fín, na primavera de 2006 a iniciativa dun Congreso

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 303

Iberoamericano de Museismo Pedagóxico a celebrar en Santiago no 2008, que está gozando dunha notable acollida.

Da educación republicana a escola franquista. Dentro dos actos conmemorativos do oficialmente nominado como *Ano da Memoria Histórica* en relación co tempo da República e co inicio do franquismo están a ter lugar diversos actos na xeografía galega centrados, en particular, nas cuestións educativas.

Unha Comisión organizadora composta polos profesores Víctor Santidrán, Manolo Dios Diz e Antón Costa Rico, entre outros, e no nome dun amplo conxunto de organizacións socio-profesionais, procedeu a celebrar un acto en Santiago de Compostela en recordo e homenaxe ao profesorado vitimado. De aí derivaron outros actos celebrados en Vigo, Pontevedra, A Coruña e Ferrol, que se suman a outras iniciativas emprendidas en lugares como Boiro, Fene ou Valdoviño. Se en Santiago se puido ver a película *La escuela fusilada*, logo tomou o relevo a de Xan Pérez Leira, titulada *Crónicas de pizarra e xiz,* feita arredor da mesma conmemoración.

Está convocado o XIV Coloquio Español de Historia da Educación que se celebrará no próximo mes de xuño do 2007 na localidade de Guadalupe (Badajoz), arredor da temática *"Relaciones internacionales de la historia de la educación. Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907-2007)*", tomando en consideración o papel renovador e internacionalizador da educación en España xogado pola "Junta de Ampliación de Estudios", organismo do que se conmemoran os 100 anos.

A Sociedade Española (SEDHE) ven editando en colaboración coa Editorial Biblioteca Nueva de Madrid, baixo a coordinación do profesor Escolano Benito, a colección "Clásicos de la Educación", que conta neste momento con 10 volumes editados. En colaboración co Ministerio de Educación vanse editar próximamemte 13 obras baixo o epígrafe "Los pensionados de la JAE y su contexto pedagógico", como contribución conmemorativa ao Centenario de creación da JAE.

A SEDHE ven de organizar, en setembro deste mesmo ano en Sevilla, e en colaboración coa Sección de Historia da Sociedade Portuguesa de Ciências da Educaçâo, o *VI Encontro Hispano-Portugués* de Historia da Educación, con relatorios e comunicacións relacionadas co estudo da literatura como fonte na investigación histórico-educativa e coa presenza da educación na literatura.

A Universidade de Hamburgo en Alemania acollerá a fins de xullo/2007 a celebración da *ISCHE 29* (29th Session of the International Standing Conference for the History of Education), coa temática "Children and Youth at Risk. Approaches in the History of Education". www.erzwiss.uni-hamburg.de/ische2ª/index.html.

Unha maior información sobre as diversas sociedades científicas de historia da educación e as súas actividades poderase obter a través da consulta da Paxina Web da SEDHE: www.sc.ehu.es/sfwsedhe/

A.C.R.

NOTAS DE LECTURA

EGU (Enciclopedia Galega Universal), Ir Indo Edicións, Vigo. 16 Vol.

Un dos maiores esforzos editoriais emprendidos desde a cultura galega chegou exitosamente a súa coroación.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 304

Referímonos á culminación da edición da obra *Enciclopedia Galega Universal,* con 16 tomos e un importante equipo de redacción. Un logro de Edicións Ir Indo e do seu director Bieito Ledo. É de salientar o importante número de entradas relacionadas coa educación e coa pedagoxía, e, en particular, coa Historia da Educación, tanto a escala internacional, como a escala galega. A este proxecto vinculáronse os profesores Anxo Porto Ucha, José L. Iglesias Salvado e Antón Costa Rico, entre algúns outros profesores.

VIEITES, M. F., *Creación dramática, Educación Popular e Construcción Nacional. Galicia (1882-1936)*, Editorial Tris-Tram, Lugo, 2006, 370 pp.

A presente contribución, que nunha redacción algo máis extensa formou parte anteriormente dunha tese de doutoramento na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, preséntase como un traballo de investigación histórica no que se procura explorar as interaccións entre os textos dramáticos construídos en clave galeguista, a educación popular e a construcción nacional en Galicia, entre os finais do século XIX e 1936. Componse un lúcido ensaio histórico de interpretación dos textos dramáticos editados e ás veces tamén da súa posta en escea, en relación cos que podían ser considerados problemas maiores de orde política e social na Galicia da época: o caciquismo, a emigración, os conflictos lingüísticos, o estado mesmo da educación, e outras problemáticas sociais, poñendo particular atención a como a creación dramática quería ser un instrumento ou mediación de loita ideolóxica e de contribución á educación popular.

RIVERA VÁZQUEZ, *El sorprendente Colegio de Monterrei,* Madrid, 2006, 145 pp.

O Padre Evaristo Rivera, o grande historiador da presencia educadora dos xesuitas na Galicia do Antigo Réxime, entre os mediados do século XVI e o momento da súa expulsión (1767), ofrece aquí unha nova contribución. Cun sabio dominio da erudición, agochada nunha escrita case de reportaxe periodístico, tivo D. Evaristo a amabilidade de escribir de novo a "sorprendente historia do Colexio Xesuita de Monterrei", actualmente destragado e presentes as súas pedras nas beirasrrúas, casas e no solado da igrexa central de Verín. Pero o Colexio, sito no outeiro de Monterrei, para o que mesmo se matinou a súa conversión en Colexio-Universidade, foi un dos ilustres da Orde Xesuita, e tamén un dos grandes en canto a modalidades de estudo, cursos e alumnado matriculado; un alumnado que en tempo de máis de 200 anos ten oscilado entre os 200 e os máis de 1000. Por motivo de cumprirse os 450 anos da súa creación e formando parte de tal conmemoración eis hoxe aquí esta pequena monografía. Un galano.

MALHEIRO GUTIERREZ, X. M., *Os lalinenses en América. Proxectos educativos e organización escolar*, Colección Deza, Concello de Lalín, 2005, 170 pp., e *Herdanza da emigración ultramarina. Catálogo fotográfico da arquitectura escolar indiana na provincia de Pontevedra*, Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2005, 230 pp.

Xosé M. Malheiro Gutiérrez, quen ven centrando a súa preocupación investigadora na contribución dos emigrantes "americanos" ao desenvolvemento educativo en Galicia, ofrece nestas dúas monografías, senllas mostras acaídas de tal preocupación.

No primeiro caso, a súa análise céntrase na intervención escolar nas terras de Deza e Trasdeza, que son o cerne xeográ-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 305

fico do país. Unha intervención realizada por catro sociedades que tiñan presente un proxecto de rexeneración social, o que as levou, en parte, a promover desde o laicismo escolar ata as interconexións co movemento agrario e redentorista. Esta monografía presenta unha singular recuperación gráfica e nos anexos unha notable recuperación documental, sen dúbida, valiosas.

No segundo caso estamos diante dun cuidadoso catálogo fotográfico, que é bastante máis que iso. É un catálogo que nos permite ir vendo comarca a comarca da provincia de Pontevedra o que foron as escolas e centros de instrucción creados tanto polos indianos, como polas sociedades de instrucción, con fotografías sempre acompañadas dunha básica e suficiente información escrita en cada caso. Inclúense, asemade, textos escolleitos escritos nos medios de prensa da emigración referidos ao valor da educación e á importancia das escolas. E hai tamén unha posta ao día referida ás fontes e bibliografía de máis interese.

PARDO BAZÁN, E., *La Educación del hombre y la de la mujer,* Sotelo Blanco, Santiago, 2006.

A Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia ven de re-editar en colaboración con Sotelo Blanco, un corto máis significativo ensaio sobre a educación das mulleres, que Dona Emilia Pardo Bazán presentou como conferencia no Congreso Pedagóxico celebrado en Madrid en 1892. O texto foi logo impreso no contexto das Actas de aquel Congreso, estando actualmente, sen embargo, en circunstancias de reducido coñecemento social e académico. Agora recuperouse nunha edición que incorpora outros textos literarios da autora, antecedidos por un texto introductorio elaborado con mestría por Marina Mayoral (pp. 13-80), no que se dan cumpridas referencias bio-bibliográficas e relativa ás edicións das obras de Pardo Bazán.

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA, *30 anos de sindicalismo nacionalista no ensino*, Comercial Gráfica Nós, Vigo, 2004, e FETE-UGT DE GALICIA, *1980-2005.Crónica de 25 anos*, Fundación Luís Tilve, Santiago, 2005.

A conmemoración recente de varias décadas de traballo sindical no ensino, nun caso, por parte da CIG-Ensino, e no outro, por parte da FETE de Galicia, foron ocasión para a elaboración e edición de dous respectivos informes do traballo e da acción sindical desenvolvida desde finais dos anos setenta, de tal modo que ambas edicións veñen converterse en instrumentos de traballo e materiais precisos para a análise do acontecer educativo neste período á luz destas dúas perspectivas de organización dos profesores en Galicia, cousa que é de agradecer e que é preciso anotar.

VILAR PONTE, R., *Nicomedes Pastor Díaz, unha existencia exemplar;* edición de X. Blanco Echaurí *et alii,* Fundación Caixa Galicia, Lugo, 2006.

Non debera pasar desapercibida esta recuperación crítica dun texto elaborado hai máis de 50 anos por Ramón Villar Ponte e relativo á figura do recoñecido Nicomedes Pastor Díaz. Nicomedes Pastor, un dos grandes escritores do romanticismo español, saído do solar viveirés e do Colexio de Humanidades da Cidade, sería logo en Madrid unha prestixiosa personalidade literaria, pero tamén política. En calidade de tal foi partícipe da construcción primeira do sistema educativo liberal, abordada desde os últimos anos trinta do século XIX, chegando mesmo,

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 306

ben que por tempo moi breve, a ser o Ministro responsable dos asuntos educativos xusto nos mediados do século XIX.

COMAS RUBÍ, F., MOTILLA SALAS, X. (Coords.), *Historia / Històries de la lectura. Actes de les XXIV Jornades d'Estudis Histories Locals / XVII Jornades d' Història de l'Educació dels Països de la Llengua Catalana*, Institut d'Estudis Balearics, Palma de Mallorca, 2005, 493 pp.

A activa "Societat d'Historia de l'Educació dels Països de Llengua Catalana", que ten como presidente ao profesor Salomó Marqués, celebrou en 2005 as súas XVII Xornadas de Historia da Educación, un acontecemento que nesta edición atendeu a examinar os múltiples aspectos que concita a lectura na infancia e no tempo escolar.

Aspectos como o ensino e a aprendizaxe da lectura en diversas institucións, a alfabetización dos emigrantes, o ensino en catalán, o fomento da lectura como mediación de educación social, o lugar das Bibliotecas populares, a imaxe das mulleres nos libros decimonómicos de lectura, o tratamento de xénero na literatura infantil e xuvenil catalana (un texto moi elaborado, que atende ao periodo 1939-1985), as políticas de fomento da lectura, os modos de ler, o papel da prensa obreira na difusión da lectura, as ciencias da natureza nos libros de lectura, ou o aproveitamento didáctico dos contos, entre alguns outros, nun total de 40 achegas, conforman o material destas Actas, case sempre ligado como é natural ao espazo lingüístico catalán, aínda que tamén se inclúen valiosos textos elaborados desde outras procedencias peninsualares.

BASSA Y MARTÍN, R. (Comp.), *Lectura i escola. Els llibres escolars de lectura dels mestres padrins. Una mostra antologica 1900-1950*, Institut d'Estudis Balearics, Palma de Mallorca, 2005.

Acompañanando á celebración das XVII "Jornades d'Història de l'Educació", estivo aberta ao público maiorquino unha fermosa exposición e mostra antolóxica dos libros de lectura editados nos *países* de lingua catalana entre 1900 e 1950, tanto en castelán, como en catalán. Unha edición en formato apaisado, que recorda ás vellas libretas escolares, recolle agora o seu contido. Cun diseño moi cuidadoso e con reproduccións gráficas de extrema calidade se presenta esta edición. Libros de lectura, textos de materias, e enciclopedias. Ramón Bassa, Antoni Colom, Bernat Sureda, Francisca Comas e Xavier Matilla, achéganse con medidos ensaios aos libros escolares de lectura, aos creadores maiorquinos de libros escolares (Porcel i Riera, …) e á renovación educativa ofrecéndonos igualmente unha selecta bibliografía temática e unha pertinente cronoloxía da edición de libros escolares de lectura.

GÓMEZ GARCÍA, Mª. N., CORTS GINER, Mª (Dirs.), *Historia de la Educación en Andalucía. Primeras Jornadas,* Fundación El Monte, Sevilla, 2005, 320+344 pp.

Andalucía hai tempo que ven dando mostras de preocupación polo estudo do seu pasado educativo. Ao respeito, podemos sinalar como granada mostra a obra colectiva dirixida por Mª Nieves Gómez García *Ciudad y Saber. Sevilla en la Historia de la Educación* (Gihus/Kronos, Sevilla, 2002), onde, como obra colectiva, se presentan facetas da Universidade de Sevilla (1900-1923, e 1929-1950), e do Instituto de Segundo Ensino Oficial (1845-1868), xunto a eruditas calas en relación co saber das mulleres, co teatro escolar de

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 307

postguerra e con retratos da infancia sevillana a principios do século XX.

Agora, e como consecuencia destas primeiras Xornadas Andaluzas, edítanse os maís de 50 textos presentados polos participantes, a modo de relatorios nalgúns casos e case sempre como comunicacións, articulándose o conxunto en catro seccións de amplio espectro temporal: as institucións educativas na historia de Andalucía (19 textos), a investigación histórico-educativa, o pensamento pedagóxico na historia de Andalucía e as mulleres e a educación.

Un variado panorama de estudios que, a pesar da desigual feitura, conforman un adecuado punto de referencia en pro do coñecemento histórico-educativo en Andalucía.

ESCOLANO BENITO, A. (ed.), *Currículum editado y Sociedad de Conocimiento. Texto, multimedialidad y cultura de la escuela*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2006, 358 pp.

Un selecto elenco de profesores de diversas universidades hispanas (e de Francia e Italia en senllos casos) se dan cita nesta obra abordando desde distintos, pero complementarios, puntos de vista e escenarios, importantes aspectos referidos á cultura escolar e, en particular, aos libros de texto, en circunstancias nas que a "sociedade do coñecemento" impón unha seria revisión dos tradicionais e impresos manuais escolares. Os manuais, que conteñen os *currícula* editados, convertéronse nunha fonte esencial para a historiografía da escola, desde os enfoques etnográficos e hermenéuticos. O libro escolar cabe consideralo como *Magister*, isto é, unha mediación que ensina e educa non só aos alumnos senón tamén aos profesores e demais usuarios. Ademais dos textos de A. Escolano, señalamos algunhas das contribucións: sobre as consecuencias da sociedade do coñecemento, reflexionan Antoni Colom e Antonio Castillo; sobre a multimedialidade e as novas linguaxes, faino a profesora italiana Anita Gramigna; Antonio Viñao ofrécenos curiosos datos sobre as orixes históricas dos primeiros libros de texto europeos; sobre os manuais escolares escribe J. L. Guereña; Raimundo Cuesta, membro de Fedicaria, reflexiona sobre saber e poder a través dos libros de texto; e sobre os usos dos manuais e a cultura docente, fanno Mª Nieves Gómez, Cristina Yanes e Clara Revuelta.

ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, V., *La escuela del paternalismo industrial asturiano, 1880-1936*, E. Trea, Gijón, 2006, 345 pp.

Como escribiu Aida Terrón, prologuista deste texto, o presente estudo é unha suxerente análise sobre o modelo de intervención educativa que promove a importantísima patronal mineira asturiana nas primeiras décadas do século XX nas poboacións que conformaban a cuenca mineira, examinando a funcionalidade que tal empresariado lle outorgou a un ensino que foi impartido por distintas ordes e congregacións relixiosas, expresamente contratadas como as educadoras máis idóneas dos fillos dos seus traballadores.

Violeta Álvarez examina todo o alcance social da rede escolar creada, os rasgos pedagóxicos que son expresión da experiencia previamente acadada por este ensino relixioso congregacionista, e tamén o despregue da súa influencia moralizadora, a través de sistemáticas intervencións no tempo "non escolar" da infancia e de "non traballo" dos adultos. Realiza, así, un estudo da doble dimensión –formal e non formal- da intervención educativa, dos seus

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 308

modos, manifestacións e incidencia, e da súa fundamentación ideolóxica e práctica –como siñala a mesma Aida Terrón-, que ten o seu sustento en novas perspectivas historiográficas e sociolóxicas post-estructuralistas e aínda nas construccións conceptuais derivadas da análise do discurso.

A autora fala así da "escola do paternalismo industrial" e da funcionalidade disciplinante, moralizadora e profundamente ideolóxica conservadora de tal intervención escolar. Sen dúbida, unha vigorosa investigación.

ESCAMILLA, A., LAGARES, A.R., GARCÍA FRAILE, A., *La LOE: Perspectiva pedagóxica e histórica. Glosario de términos esenciales*, Graó, Barcelona, 2006, 152 pp.

Unha sintética monografía situada entre a política educativa actual e a historia. É clarificadora con respecto a actual LOE: ordenación, alcance, obxectivos, implicacións, eixes de preocupación e significado dos conceptos centrais que a articulan (un total de 35 seleccionados). Ten a virtude de situar a presente ordenación nun escenario de modificacións históricas, ao facer un sintético percorrido pola Lei Moyano, a LXE (1970), a LOGSE e a LOCE. Unha información básica ben planteada.

PINTASSILGO, J., CEZAR DE FREITAS, M., MOGARRO, Mª J., e CHAGAS DE CARBALHO, M.M., *Història da Escola en Portugal e no Brasil. Circulaçâo e apropiaçâo de modelos culturais,* Ediçôes Colibrí, Lisboa, 2006, 429 pp.

Dase conta aquí dos traballos de investigación realizados por un amplo equipo de profesores brasileños e portugueses na procura e indagación da posible circulación e apropiación de modelos culturais en relación co ensino e cos dous países tan fortemente entrelazados, coa finalidade de comprender como se desenvolveron en ambos casos os procesos concomitantes de construcción dun modelo escolar de educación e de afirmación da cultura escolar, en aspectos fundamentais do modelo escolar.

Unha investigación que se realiza no contexto temporal dunha ampla delimitación, entre os fins do XVIII e os mediados do século XX, para a mellor captación do proceso xenealóxico de construcción dese modelo escolar. Todo iso no amplo marco cultural e social de construcción política do Estado-Nación e da "civilización dos costumes".

Os modelos culturais e as formas de apropiación por parte dos diversos actores sociais implicados, no doble plano teórico-práctico, son pois os motivos centrais de análise e de interpretación. A través de dezaseis contributos: a secularización e laicidade ante a educación, a "cultura mental dos analfabetos", a circulación de ideas pedagóxicas, a pedagoxía científica e a alquimia do maxisterio, os libros e revistas para profesores, os manuais de pedagoxía situados entre a tradición e a innovación, as bibliotecas particulares e os saberes pedagóxicos, a imprensa operaria e a formación da clase traballadora, ou as prácticas e os discursos da inspección, configuran o fundamental da atención desenvolvida neste valioso proxecto investigador, que agora se difunde.

A.C.R

COSTA RICO, A: Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX). Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2004, 1245 pp.

Cando promediaba a década de 1970, Antón Costa Rico estaba iniciándose na

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 309

investigación da historia da educación en Galicia. Facíao con entusiasmo e con conciencia de estar contribuíndo a facer país. Este entusiasmo comunicábao aos seus alumnos, ou polo menos a min, que figuraba entre eles. Aínda lembro as súas primeiras cronoloxías histórico-educativas, que nos permitían comprobar que en Galicia se celebraron congresos pedagóxicos, se editaron revistas, se publicaron libros, se reivindicou a galeguización do ensino, houbo experiencias escolares laicas, asociacións e sindicatos promovidos polo profesorado e sucederon outras moitas cousas merecedoras de seren contadas e coñecidas. Para min, que xa me iniciara nalgúns destes temas na biblioteca do Instituto Padre Sarmiento cando cursaba estudos de Dereito, estes datos que Antón nos comunicaba resultaron moi esclarecedores, e contribuíron, xunto coas clases de historia da educación do profesor Herminio Barreiro, a orientar a miña futura liña de investigación.

A traxectoria de Antón Costa como investigador compaxínase coa súa militancia nos movementos de renovación pedagóxica, dos que será un dos principais impulsores. A súa figura e a súa man foron fundamentais para crear asociacións como *Nova Escola Galega*, editar revistas como *As Roladas* ou a *Revista Galega de Educación*, organizar congresos, xornadas e encontros, elaborar informes e circulares e promover debates.

Froito das súas pescudas foron os sucesivos libros que foi publicando: *O Ensino en Galicia* (1980), editado por Luis Mariño; *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República* (1989), a súa tese de doutoramento; *Historia do ensino no Reino de Galiza (Anos 414-1483)* (1995); *A reforma da educación (1900-1936). X. V. Viqueira e a historia da Psicopedagoxía en Galicia* (1996); *Sarmiento. Vida e obra* (2002), así como diversos libros colectivos e multiples artigos en revistas especializadas e de divulgación. Unha parte destes traballos e datos reaparecen, con variacións, no libro que comentamos, que non obstante contén numerosas achegas inéditas, resultado das investigacións arquivísticas e bibliográficas realizadas para a ocasión.

O libro ten en Galicia —nas suas sucesivas configuracións espaciais— o seu principal foco de atención, e pretende contribuír á afirmación da súa identidade, poñendo de manifesto os proxectos e realizacións dos galegos e das galegas no ámbito educativo e cultural. Mais unha Galicia en diálogo co resto de España e de Europa, pois unha boa parte do que ocorre entré nós resulta inexplicable sen termos en conta o que acontece noutros lugares e algo do que sucede fóra das nosas frontei-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 310

ras tén que ver con iniciativas que dalgunha maneira teñen as súas orixes en Galicia. De modo que, segundo o seu propio autor, o contido desta obra "permitiría afirmar, en certo modo, que é tamén unha historia da educación e da cultura europea e hispana, con Galicia dentro, ocupando un apreciábel protagonismo, que corrixe textos que se presentan como historia da educación española, ou europea, estando ausentes as referencias galegas. Faise notar que mesmo naqueles capítulos e apartados que se concentran no espazo europeo ou no xeral hispano, aparecen, con algunha frecuencia, datos e referencias con singular valor erudito, ollado desde Galicia."

O tempo histórico abranguido é moi dilatado, pois comprende dende o seculo IV ata practicamente a actualidade. O esforzo realizado polo autor para reconstruir a evolución dos procesos educativos e culturais en épocas tan diversas foi certamente importante e inédito na nosa historiografía educativa. Reunir nun só libro tal cantidade de información convérteo nun referente inexcusable para a historiografía galega, como sinala no limiar Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Os temas abordados sobardan o educativo para adentrárense nas fronteiras, un tanto difusas, diso que convimos en denominar cultura. Analízanse as ideas pedagóxicas, os proxectos educativos, as institucións e as prácticas escolares e algúns dos principais ingredientes da cultura intelectual.

Ao longo das 1245 páxinas van pasando diante nosa os grandes e non tan grandes pensadores, as correntes filosóficas, relixiosas, pedagóxicas, artísticas e científicas, as escolas monásticas e catedralicias, as universidades, os seminarios e os noviciados, as escolas de gramática, a escola primaria nas súas diversas modalidades, a evolución dos niveis de alfabetización, os institutos e os colexios das ordes relixiosas, as escolas de maxisterio e outros centros de formación técnica e profesional, mais tamén os manuscritos e os libros impresos, as lecturas, os lectores e os autores, as bibliotecas e os laboratorios, a emigración e os seus proxectos e realizacións no eido escolar ou a evolución do idioma galego e a reivindicación da galeguización do ensino.

Todo isto enmarcado no seu contexto histórico, ao que se presta unha especial atención, pois a comprensión dos fenómenos educativos e culturais, tal como nos ensinou a historia social, resulta inseparable do marco en que se insiren. Como nos di Antón Costa, o seu propósito foi "realizar unha elaboración intelectual, de carácter científico, mediante a que procuramos construír narrativamente unha visión global do pasado (unha unidade de sentido) relativa á historia educativa e cultural de Galicia, isto é, unha concreción do coñecemento histórico, a través do que se describen e explican feitos históricos (acontecementos, que acotamos), situándoos nunha trama interrelacionada de fenómenos e procesos sociais máis complexos, na que interveñen antecedentes e causas diversas e que teñen consecuencias dinámicas que poden movilizar o cambio social."

O libro estrutúrase en dez capítulos, que se suceden por orde cronolóxica: "O espertar cultural (séculos IV-XI)"; "Cultura escrita e educación na Baixa Idade Media europea: tradición e nova mentalidade cultural"; "Educación e cultura literaria durante a Baixa Idade Media (séculos XII-XV)"; "A Europa Moderna. Un mundo novo"; "A educación na Europa Moderna e no contexto

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 311

hispano"; "O século XVIII: un tempo europeo de crise, de rupturas e de luces"; "Sociedade e cultura na Galicia do Antigo Réxime"; "Educación e formación no tempo do Antigo Réxime"; "Sociedade e educación no século XIX"; e "Sociedade e educación no século XX".

A obra, prologada polos profesores Xosé Ramón Barreiro Fernández e Agustín Escolano Benito, complétase cunha interesante escolma de 46 textos, unha bibiografía seleccionada e cinco índices, ademais do xeral e do sumario: analítico, de institucións educativas, de obras citadas, onomástico e toponímico.

Só me resta felicitar ao autor polo traballo realizado, no que me consta que investiu moito tempo, esforzos e ilusións. Un traballo que polo demais tivo un importante recoñecemento en forma de premios (dos Editores, Losada Diéguez e da Crítica), noticias de prensa e reseñas en revistas especializadas.

Narciso de Gabriel

ESCOLANO BENITO, Agustín (dir.): Historia ilustrada de la escuela en España. Dos siglos de perspectiva histórica. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, colección Biblioteca del Libro, 2006, 510 pp.

No transcurso dos anos de entreséculos veu agromando, até chegar a tomar carta de natureza de maneira plena e dar froitos xa copiosos e ben sazonados, unha nova corrente no ámbito disciplinar da historia da educación que, sustentándose nas estratexias pescudadoras de raizame etnolóxica e recorrendo aos procedementos analíticos de enfoque micro-retrospectivo, centra o seu campo de indagación nun fecundo construto que comunmente, se ben con lixeiras variacións, se veu rotulando como *cultura da escola* ou *cultura escolar*. Expresado de maneira concisa, este núcleo conceptual parte do recoñecemento de que as institucións educativas responsabilizadas de dispensar o ensino formalizado constitúen elas mesmas factorías e xacementos de creación cultural con identidade de seu e non unicamente axencias reprodutoras de realizacións que proveñen doutras instancias xeradoras externas aos establecementos académicos. Nesta órbita de tratamento, coa complexidade que lle é inherente, insírese a obra que, realizada baixo a dirección do profesor Agustín Escolano Benito, nos dispoñemos a presentar.



A finalidade da mesma, como salienta o seu director na introdución que con acerto titula "La invención de la escuela", consiste ante todo en someter a exame en clave hermenéutica a "cultura de la intraescuela";

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 312

e dicir en esculcar "las prácticas y los discursos en los que se han ido codificando los modos de entender, de representar y de poner en acción la educación institucional", en claro contrapunto coa maneira de proceder da historiografía pedagóxica tradicional e aínda tamén coas directrices dalgunhas das correntes historiográficas vixentes nas últimas décadas que viñeron guiando o groso da produción investigadora dos especialistas na parcela de coñecemento á que se adscribe o traballo que agora reclama a nosa atención. De acordo con esta liña argumental, e tendo en conta o carácter colectivo do libro, preténdese compilar nel "las contribuciones hechas por distintos especialistas a la reconstrucción de las estructuras, los significados, los actores y los contenidos en que se materializa la cultura escolar a lo largo de los dos últimos siglos"(p. 14).

Como punto de partida, o profesor Escolano adiántalle ao lector –enfatizando a óptica que preside a publicación– que, "la cultura de la escuela puede sin duda estar condicionada por los modos de producción y por los usos sociales, pero ella misma ha inducido, desde sus específicos condicionamientos, algunos patrones básicos de organización social" (p. 15).

En continuidade coa anterior liña argumental e referíndose aos axentes primordiais do proceso educativo, o director da obra sostén que "además de los alumnos, los profesores, como individuos y como gremio, son también formaciones sociohistóricas, es decir, construcciones culturales que se afirman en las reglas que inventan y transmiten ellos mismos como memoria y como *ethos* profesional y en la peculiar apropiación que los enseñantes prácticos hacen de las culturas científica y política, con las que lógicamente también interaccionan" (p.16). E ampliando o campo de cobertura deste prisma analítico, engade máis adiante: "también son creaciones de la cultura escolar las disciplinas que forman parte del currículum que las instituciones transmiten, es decir, las vulgatas en que se materializan los saberes y las formas y diplomas de acreditación que legalizan los grados académicos cursados en el interior de los sistemas pedagógicos"(17). Para concluír logo o seu discurso recalcando: "la escuela no es sólo una institución que reproduce y utiliza recursos de la civilización que la envuelve y nutre, sino también creación, cultura, invención" (17), tal e como xa adiantábamos ao principio.

Unha vez feitas estas consideracións preliminares explicítase a finalidade cardinal do traballo que consiste en "desentrañar los códigos, escritos y no escritos, que rigen esta tradición, reconstruir la memoria discursiva y etnográfica del pasado de las instituciones docentes y constituir con los mimbres que forman la trama del texto una imagen interpretativa de la historia de la escuela" (17-18).

A obra aparece estruturada en dúas partes, que se corresponden coas dúas etapas do treito temporal que abranguen os seus contidos. A primeira, de longa duración, cubre a singradura do liberalismo, desde a súa irrupción nos albores do século XIX até o seu derrubamento co estalido da Guerra Civil. E a segunda, de moito máis curto percorrido, esténdese desde os escuros e regresivos anos da posguerra até a modernización que arrancando dos estertores da ditadura franquista desemboca nos nosos días. Un conxunto de dez achegas danlle cobertura a cada unha delas, sendo catorce o número total de colaboradores, todos eles docentes universitarios vinculados a algún dos trece

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 313

centros de estudos superiores españois aquí representados, o cal patentiza a pluralidade de procedencias das contribucións e nos permite xa intuír o grao de especialización que acadan os temas específicos abordados polos distintos especialistas en cada un dos capítulos que elaboran.

Os referentes examinados na primeira parte responden aos seguintes epígrafes: "La cultura de la escuela en el sistema educativo liberal" (A. Escolano), "Los espacios de la escuela y la arquitectura escolar" (A. Viñao), "Almanaques y horarios para la escuela" (A. Escolano), "El alumno como construcción pedagógica" (J. Mª Hernández), "El oficio de maestro en la sociedad liberal" (J. Ruiz Berrio), "El currículo y su acreditación" (A. Terrón), "Formas de enseñar y modos de aprender en la escuela tradicional" (N. de Gabriel), "El ajuar de la escuela" (A. Costa), La codificación de la primera manualística" (A. Escolano) e "La escuela como organización" (Mª del M. del Pozo).

Pola súa banda, os núcleos de contido da segunda xiran en torno a estoutros enunciados: "Las culturas escolares en el último medio siglo" (A. Escolano), "El espacio escolar: viejas cuestiones, nuevos escenarios" (A. Viñao), "El orden del tiempo y los ritmos escolares" (M. Beas), "La infancia escolarizada: un proceso contradictorio" (Mª N. Gómez), "Los enseñantes y su cultura profesional" (A. Molero), "Viejos y nuevos programas" (A. Tiana), "Tradición y renovación en los métodos de enseñanza" (C. Benso), "El utillaje escolar" (R. López), "La modernización de la manualística escolar" e "La organización de la escuela" (A. Escolano).

Como compoñente substantivo que o lector experto nestes mesteres e tamén o leigo saberán agradecer, a obra incorpora un elenco de máis de 400 imaxes ben selectas e axeitadas, a maioría a toda cor e moitas delas exhumadas do arcaz dos inéditos. Xuntas, estas ilustracións, a carón dos pés descritivos ou interpretativos que as acompañan, veñen a conformar un fermoso e suxerente álbum gráfico-literario da memoria escolar. Este, non só complementa e adorna con grande calidade estética o corpo narrativo do traballo, senón que ademais xera un novo discurso verboicónico de carácter paratextual que posibilita unha lectura máis viva e intuitiva do propio libro. Cómpre agregar asemade que cerca de 30 persoas e entidades posibilitaron a recompilación deste fluído manancial de instantáneas, o que lle confire á publicación unha dimensión máis diversificada e participativa, que equivale a dicir máis rica.

O informe complétase cunha extensa bibliografía, xenerosamente espigada do aparato crítico no que se sustentan os diferentes traballos e outras referencias documentais útiles do ámbito histórico-educativo. Inclúese así mesmo un sempre práctico índice analítico que facilita o emprego e a consulta da publicación.

Subscribimos na súa integridade as palabras do profesor Escolano cando a piques de poñer fin ao pórtico do libro, exprésase nestes termos: "La lectura de los textos que aquí se ofrecen, escritos desde una perspectiva estrictamente historiográfica, puede favorecer, en los públicos que la lleven a cabo –y no sólo en los especialistas–, la búsqueda de las raíces de nuestra común formación o, lo que es lo mismo, el encuentro con las huellas de la memoria cultural [...]" (p.19). Pola nosa parte, temos a certeza de que esta exemplar realización científica, resultado dun esforzo a un tempo conxunto e individualizado, canda esa virtualidade da procura e

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 314

do encontro do que no pasado nos identifica, posúe cando menos outro atributo non menos importante como é o de abrir novos vieiros para recuperar no futuro memorias do mundo escolar e, en xeral, do universo educativo, que fican latentes, cando non amortecidas, mentres non chega a elas a claridade do mediodía da man do investigador. Quen antes ou despois acometa esta apaixonante tarefa, atopara na obra que aquí nos ocupa ferramentas instrumentais, modelos operativos e temáticas suxestivas para facerlle máis lixeiro e calmo o camiño.

Non poderíamos rematar este sucinto comentario sen subliñar de maneira expresa o esmero e a pulcritude con que se coidou a edición dos orixinais que chegaron ao prelo para saír á luz por medio desta obra, revestíndoa así dun apreciable valor engadido que calquera sabe estimar e moito máis aínda cantos sen ser bibliófilos de oficio nin de nación gústanos recoñecernos como entusiastas dos libros nos que a calidade dos soportes se encontra en sintonía coa dos seus contidos. Algo ao que, por fortuna, xa nos ten afeitos desde hai ben tempo a Fundación Germán Sánchez Ruipérez e do que constitúen probas fidedignas outras producións dirixidas polo propio profesor Escolano que no seu día se encargou de difundir a mesma institución. Estamos convencidos de que é unha estratexia inmellorable para axudar a dignificar no presente e proxectar cara o futuro a cultura pedagóxica do país, a cal, como é ben sabido, codifícase, fíxase e dótase de permanencia no imaxinario do porvir na mesma medida en que acaba por callar en libro.

Vicente Peña Saavedra

TORRES SANTOMÉ, Jurjo., La desmotivación del profesorado. Madrid, Ed. Morata, 2006, 127 pp.

O profesorado está desmotivado. Esta é a certeza da que parte o profesor Jurjo Torres no seu novo libro. Pero, sen embargo, desde as primeiras liñas caemos na conta que é unha certeza inestable porque o autor o que pretende, e o consigue, é que o lector ou lectora deixe cada pouco o libro e pense, reflexione, critique e disinta.



Á tese de partida chégase no penúltimo capítulo do libro, nos dous anteriores é onde se empeza a extender o fío co se van tecendo argumentacións, dúbidas, reflexións, as olladas ao pasado e ao futuro e, porque non, os nós que as veces custa tanto desfacer.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 315

Non é este un libro voluminoso en páxinas pero si, esto é o máis importante, en ideas e reflexións, en palabras clave. Educación pública, democracia e ciudadanía son as palabras que eu escollín para construir o mapa que me serviu de guía para poder seguir o fío co que o autor vai tecendo a súa obra. Escollínas porque creo que nelas está a esencia do pensamento do autor cando escribía este libro.

Son palabras que escoitamos tantas veces que xa parece que non sabemos ben o que significan, cál é o seu valor, cál foi o seu pasado e porqué custa tanto, aínda hoxe, poder mantélas no noso vocabulario sen que xurdan recelos.

Iso nós pero eles e elas, moitos deles e delas, non saben o que significan porque nunca se lles dou a oportunidade sequer de nomeálas.

Falo da inmigranción, dos emigrantes, dos extranxeiros que o politólogo e sociólogo Sami Naïr no seu libro *Y vendrán… Las migraciones en tiempos hostiles* (Bronce, Barcelona, 2006) define como palabras "perfomativas", convertidas en prexuizo polo único feito de seren pronunciadas, froito amargo dun tempo despiadado no que se pensa que da patera á longa sombra de Bin Ladem vai só un islámico salto.

Jurjo Torres neste e en varios dos seus libros e artigos define aos inmigrantes como voces negadas e silenciadas, tanto na vida social como nas institucións educativas. Sería o que Kapuscinski denomina o "silencio da pobreza". Un silencio que se identifica coa falta de esperanza.

Os centros educativos teñen a obriga de axudar a abrir novos camiños ás persoas que sofriron, en moitos casos, dous naufraxios: o da pobreza e o das pateras. A educación, xunto co pan e a libertade, debe ser a visa, o permiso, "os papeis" que eviten que unha persoa poida ser, na mesma praia, un turista bronceándose ao sol ou un cadáver devolto polo mar: "Europa no quiere noirs muertos en sus playas ¿eh? Mejor noirs muertos ici" dí nas ruas de Nuadibú un senegalés de 60 anos (El Pais, abril, 2006).

O profesor Torres cre que o aumento de inmigrantes é froito da globalización. Opinión que comparte Manuel Castells no seu libro: *Observatorio global. Crónicas de principio de siglo* (Libros de vanguardia, 2006) cando indica que a revolución das comunicacións produce o "efecto chamada" incluso no "continente desconectado" que é Africa. A imaxe dun Occidente "insultantemente" rico exerce un fenómeno de "hipnose colectiva". A globalización, aínda que destrue as fronteiras comerciais e naturais, prefire a circulación de bens á de persoas. Créase unha carreira de obstáculos para que só os máis aptos, nunha especie de darwinismo social e laboral, alcancen a meta.

Jurjo Torres, opina que as posibilidades de subsanar estas inxustizas e desaxustes, teñen máis ocasións de remediarse nun mundo globalizado rexido pola democracia e valores como a fraternidade e a xustiza social. As institucións educativas entran en crise nun mundo globalizado porque as súas "verdades" póñense en cuestión con máis facilidade.

No capítulo titulado: Dificultades para analizar o presente, o autor fai unha análise dalgúns dos acontecementos máis destacables no escenario social, político, cultural e económico do século XX. Destaca o recoñecemento dos Dereitos Humanos e os Dereitos dos Pobos, os avances nos dereitos das mulleres, dos nenos e nenas, e das persoas discapacitadas así como as

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 316

propostas de coeducación, de Educación Infantil, a escola inclusiva e a educación antirracista.

Como el mesmo confesa, opta por destacar o positivo aínda sendo consciente que non todas as metas de auténtica igualdade de dereitos están xa logradas. Todas estas conquistas teñen a súa repercusión no sistema educativo, aínda que o profesorado moitas veces non é consciente de cómo afectan ao seu traballo . En opinión do autor, estes avances supuxeron un paso adiante na loita polos valores da democracia. Non obstante, a caida do muro de Berlín o 9 de novembro de 1989 puxo un importante freo xa que, desde os sectores da dereita neoliberal, aproveitouse para promocionar as súas ideoloxías e facer ver ao mundo que non existían xa posibles alternativas. Neste punto aproveito para recomendar o visionado da película *Good Bye, Lenin*! Do director Wolfgang Becker, onde se reflexan os cambios nas vidas das persoas despois da caída do muro de Berlín.

A partir dese momento as ideoloxías neoliberais, utilizando os medios de comunicación de masas, van poñer todo o seu esforzo en conseguir que o consumo e o diñeiro sexan as motivacións principias na vida das persoas.

O escritor norteamericano Jonathan Franzen no libro*: La otra América. Conversaciones con 21 voces de la disidencia* (Global Rhythm Press, 2006) reflexa esta realidade: "La libertad del individuo se ahoga en el mar de la pseudoinformación, bajo el bombardeo de imágenes capaces de crear objetos de deseo, de despertar apetitos que nunca serán saciados…"

Aínda así, nese momento, o mundo era, en palabras do xa citado Manuel Castells previsiblemente razoable e razoablemente previsible ata o 11 de setembro de 2001, data que marca o verdadeiro inicio do século XXI. Nese día constrúese un novo escenario: a guerra. A partir dese momento os estados e, en maior medida, os EEUU aproveitan a guerra contra o terror e o terror da guerra para crear un control sobre a cidadanía e gañar posicións de poder sobre os outros. Este proceso de cambio é multidimensional e a súa velocidade e profundidade alteran as relacións de poder existentes tamén nos tradicionais axentes socializadores como a familia, a escola e a igrexia.

No capítulo II Jurjo Torres opina que o sistema educativo e outros servicios públicos están sufrindo as consecuencias das políticas economicistas neoliberais que propuganan a reducción, cando non a desaparición, do ensino público a favor dos colexios privados e concertados nos que predominan os discursos educativos con conceptos como "calidade", "competitividade" e "excelencia".

A escola pública seguindo o ideal democrático debe ser como un "oasis da biodiversidade social". Pola contra, as políticas neoliberais e, en concreto, a "libertade de ensinanza" que propugnan están a covertela nun novo "aparthei social". "A educación é un sistema inútil porque non fai nada polos ricos, o mesmo que a sanidade", di Noam Chomsky no seu libro recentemente publicado: *Ambiciones Imperiales. El mundo después del 11-S* (Península, 2006).

Esta nova paisaxe histórica é vista polo profesorado con moita incertidume. Esta é a tese de partida do autor e o punto de chegada. No capítulo IV preséntanse as

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 317

dezaseis razóns que para o autor son as responsábeis da desmotivación do profesorado. De cada unha delas fai unha análise pormenorizada.

Durante a lectura deste libro fíxenme moitas preguntas e cando remato dígome: E o alumnado? Tamén está desmotivado?. Eu diría que está pedindo axuda para desenvolverse nun mundo cada vez máis inhóspito e difícil para todos aqueles e aquelas que buscan un lugar que non sexa "a terra de ninguén" ou o "envés escuro deste mundo global". Cada estudiante debe ser libre de perderse ou de atoparse. E en calquer caso, de buscar as súas inestables certezas.

Sabela Rivas Barrós

O EMILIO DE ROUSSEAU EN GALEGO

ROUSSEAU, J. J., *Emilio ou da Educación*. Estudo introductorio de Herminio Barreiro. Traducción de Enrique Harguindey , Fundación BBVA e Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, Santiago de Compostela, 2006, 735 pp

Chegou á madureza da infancia, viviu a vida dun rapaz; non obtivo a súa perfección a expensas da súa felicidade: polo contrario, unha complementou á outra. Ao adquirir todo o razoamento da súa idade foi todo o feliz e libre que a súa constitución lle permitía selo. Se a fatal gadaña ven segar nel a flor das nosas esperanzas non teremos que chorar a un tempo a súa vida e a súa morte, non habemos agrear as nosas dores coa lembranza das que lle teñamos causado. Habémonos dicir: "Cando menos, gozou da súa infancia, non lle fixemos perder nada do que a natureza lle dera"(libro 2º, p. 255)



Así soa en galego o que Rousseau escribira e editara en 1762. Por fin, en 2006 podemos ler en galego este memorable texto.Traducido por Henrique Harguindey, auxiliado por Maruja Barrio, e con prólogo introdutorio disposto por Herminio Barreiro, apareceu editado polo Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, formando parte da prestixiosa colección universitaria "Clásicos do Pensamento Universal" (nº 8), nun volume de 746 páxinas, con encuadernación de tapa dura, con sobrecuberta en papel vexetal e incluíndo a reprodución en interiores da portada da primeira edición de Ámsterdam e o retrato realizado por Mauriel-Quentin de la Tour en 1753.

A cuidada traducción permítenos unha fermosa lectura en lingua galega, que supera mesmo por momentos ás traduccións casteláns, como a de Mauro Armiño (Alianza, 1990), mentres que o prólogo (pp. 9-48), preparado por quen é entre nós o

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 318

máximo coñecedor da obra de Rousseau, isto é Herminio Barreiro, sitúa algúns dos rasgos e contextos socio-culturais claves, para a mellor comprensión e entendemento do autor, Jean Jacques Rousseau, da obra, *Émile*, e do seu contexto de escrita. Rousseau, un pensador ilustrado singular, coa obra *Émile* formulou o discurso psicopedagóxico de fundamentación dunha nova educación, abrindo con iso un roteiro, que pronto irían empedrando Pestalozzi, Froebel e tantos outros, ata chegar ao tempo decimónico e finisecular no que se abre camiño vigoroso o movemento internacional da Escola Nova.

Algúns clásicos greco-latinos, Boecio, Erasmus, Freinet, o propio Rousseau (*O contrato social)* contaban xa con algúns textos editados en galego, máis o Emilio é, sen dúbida, simbólicamente unha traducción *Major.* Recoñecemento, pois.

A.C.R.

TILDEN, Freeman, La interpretación de nuestro patrimonio, Asociación para la Interpretación del Patrimonio, Sevilla, 2006, 176 pp.

Este foi, no seu dia -e xa van cincuenta anos-, o primeiro manual escrito sobre Interpretación do patrimonio. Sen embargo ainda hoxe resulta de absoluta vixencia. Nel concrétanse de xeito claro os principios, as orientacións e as técnicas de aquelo que o autor califica como "arte" de comunicar. "*La interpretación de nuestro patrimonio*" é a primeira traducción en castelán dun libro "de culto", referencia obrigada neste ámbito científico, e xérmolo das múltiples publicacións que xurdirian ao longo destes anos.

A obra presenta unha proposta de comunicación estratéxica aplicada ao ámbito da difusión do patrimonio natural e cultural. O seu fin é convertir a divulgación nun elemento chave da conservación e xestión dos recursos. Propón como ofrecer unha información veraz do lugar que se visita e de como adaptar os contidos a un público heteroxéneo, de forma que desperte a súa curiosidade polos recursos e poida establecer lazos (afectivos) por un patrimonio ata agora alleo e case sempre descoñecido. O obxectivo é non perder o carácter científico da información, facendo especial fincapé en que sexa atractiva, comprensible e interesente para quen a recibe.



Dicir esto na actualidade case resulta unha obviedade, mais a primeira persona que foi capaz de sintetizar os criterios que

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 319

viñan utilizando centos de guías durante máis de 50 anos, traballando coas personas que visitaban os Parques Nacionais de Norteamérica, foi Freeman Tilden. Este libro supuxo, xa que logo, un importante salto cualitativo que permitíu pasar dunha práctica-profesional máis ou menos divulgada e institucionalizada á concreción dun "corpus" teórico que lle permitirá ser considerada como unha disciplina de interese científico.

Este manual, froito das investigacións do autor, non adopta a forma dun tratado denso e complexo; está escrito de forma amena e directa, con profusión de exemplos axeitados e clarificadores, resultado dun laborioso traballo de investigación (estudo de casos, entrevistas, análise de contidos…), a partir do cal, Tilden establece unha serie de principios orientadores que seguen a estar vixentes na práctica actual.

Toda a súa proposta teórica pode resumirse en seis grandes principios. Así o autor presenta a disciplina no primeiro capítulo do libro e adica os seis seguintes a abordar polo miudo cada un dos principios. A segunda parte da obra convértese nunha guía metodolóxica para facer interpretación, sempre baseada no traballo dos profesionais.

O contexto da análise é fundamentalmente o traballo dos guías do Servizo de Parques Nacionais norteamericano, que durante máis de 5 décadas, desenvolveron o seu traballo de forma intuitiva e cun forte compromiso pola conservación do medio; máis tamén estúdase o traballo das persoas responsables de divulgar sitios de interese histórico, museos, xacigos arqueolóxicos, coleccións privadas e outros espazos de interese natural. Todos eles teñen en común a experimentación de diferentes formas de comunicarse cos visitantes, de presentar a información en paneis ou audiovisuais, de iluminar os espazos, de recrear a realidade, de facer maquetas e dioramas, etc. A súa parendizaxe foi un claro exemplo de ensaio-erro.

Na segunda parte do libro, Tilden é capaz de "inventar" unha teoría a través da práctica que veñen desenvolvendo as persoas que guían aos visitantes: dase conta que moitos e moitas utilizan métodos similares, froito dunha práctica crítica. Así sintetiza das aportacións individuais aquelas formas de facer similares, dándolle un "corpus teórico" e, polo tanto, presenta por primeira vez a Interpretación do Patrimonio como unha disciplina, na que presenta moitos dos recursos e metodoloxías que considera exitosas.

O libro é unha "guia didáctica" de cómo facer boa interpretación. O punto de partida é a práctica, a intuición, as reflexións dos guías: o resultado dunha serie de propostas razoadas de cómo manexar a información, de forma oral ou escrita, para que resulte relevante ás persoas que se achegan no seu tempo libre aos espazos de interese patrimonial, sin maior expectativa que pasar un rato agradable e, de paso, se non esixe moito esforzo, coñecer algo del.

Máis tamén adicalle un capitulo ao traballo con escolares, cuestionando algunhas das normas ou criterios que ata entón se viñan defendendo, e facendo propostas de adaptación dos criterios da interpretación a este singular colectivo, con características diferenciadas do resto de grupos de visitantes (normalmente estos grupos persiguen obxectivos educativos nas suas visitas).

A interpretación, para o autor, é unha estratexia para conseguir a educación permanente e contínua dos adultos: espazos de aprendizaxe fora da aula, en contacto coa realidade e máis alá da idade de esco-

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 320

larización. Trátase de experiencias gratificantes e de aprendizaxes significativas, con sectores de poboación que normalmente rexeitarían participar en actividades formativas regulamentadas. Por esta razón, dende o punto de vista social, trátase dunha interesante estratexia de acción, que fomenta a participación e o compromiso.

Dende o punto de vista do profesional, tamén hai unha aportación cualitativa de grande importancia: presenta aos interpretes non só como guías, cun traballo monótono e repetitivo, senón como verdadeiros investigadores, críticos coa súa práctica, buscadores de información multidisciplinar do seu obxecto de comunicación, capaces de afondar nas características do seu público e ir adaptando a información aos diferentes visitantes. Profesionais que van crecendo e nutríndose da reflexión sobre a súa práctica.

Recoñece como moi importantes algunhas habilidades coas que debería contar un intérprete –"a paixón necesaria, moito máis que un ingredinte" ou a "arte" de comunicar "non os nomes das cosas, senón revelando a alma das cosas"– máis, cauto, recoñece que estas habilidades ou valores son difícilmente "ensinables" o que, en certo modo levaría á trampa de pensar que ou se nace con isas virtudes ou non se pode traballar neste ámbito. No libro preséntanse uns principios básicos para realizar un bo traballo; ainda que certas habilidades non acompañen, considera viable aprender a ser un bo profesional, sen renunciar á faceta artística coa que contan moitos guías.

Mais o autor non é un mero relator de feitos; aínda que se mantén nunha postura de observador externo, presenta resultados e apreciacións de forma comprometida, emitindo xuizos de valor que nos permiten entender –e no seu caso compartir– a súa análise e aportacións. Todo isto consígueo a través da presentación de numerosos exemplos, que resultan definitivos e moi clarificadores das ideas que expón.

En definitiva, trátase dun libro valente, onde o autor atrévese a definir e acoutar conceptos. É un texto provocador, de revisión e de introspección do propio traballo. Pode definirse como a síntese do "sentidiño": recolle formas de traballar e prácticas ás que, de forma autónoma, chegaron moitos profesionais e ofreceas como recomendacións. A súa aportación é racionalizar, sintetizar e exponer todos esos "lugares comúns" das prácticas exitosas para presentar unha teoría. Moi recomendable para calquera persoa que estea a traballar con grupos. Ofrece unha oportunidade para mellorar os procesos de comunicación. E, ainda que teña cinco décadas, segue a ser un libro revelador e innovador.

Araceli Serantes Pazos

Universidade da Coruña

DE GABRIEL, Narciso: Ler e escribir en Galicia. A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2006, 405 pp.

Teño nas miñas mans o coidado e minucioso libro de Narciso de Gabriel *Ler e escribir en Galicia*, un verdadeiro agasallo neste verán de 2006. O propósito da obra é analizar a evolución do nivel de alfabetización básico da sociedade galega durante o período contemporáneo. O acotamento temporal queda nidiamente reflectido no subtítulo da obra: *A alfabetización dos galegos e das galegas durante os séculos XIX e XX*. Moi axeitada a portada, polo seu valor simbólico.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 321

Mentres me deleito na lectura para elaborar estas notas, o solpor cheira a fume. Cando aínda no se apagaron os ecos do *Prestige,* arde o monte galego. Eu non sei se entre as múltiples causas que se aventuran -de tipo natural, sociocultural, económico, técnico ou incluso político-, cadaquén porfiando en facer valer a súa, poderían acharse, na investigación que estamos a tratar, claves para entender o noso propio drama. O meu berro vai contra o divorcio, contra a fractura entre o rural e o urbano.



Narciso de Gabriel, catedrático de Teoría e Historia da Educación na Universidade da Coruña, conta no seu haber cunha ampla experiencia no tratamento destes temas. Dende que o coñecín no seu labor de orfebre, coincidindo con el nos arquivos galegos hai máis de vintecinco anos, confeccionando, artesanal e pacientemente, táboas cuantitativas sobre os procesos de alfabetización en Galicia, tiña a seguranza de que iamos contar no futuro con ferramentas precisas da súa man para explicar a nosa realidade histórica escolar. Sen ser eu especialista nin estudoso nesta liña de investigación, como pertecente á Area de Didáctica e Organización Escolar resúltame moi familiar toda esta temática, que valoro altamente.

Galicia está presente na obra de Narciso de Gabriel, dende os primeiros traballos, "Emigración e alfabetización en Galicia" (1985) ou *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural* (1989). Produto da súa tese de doutoramento, viría un libro fundamental, *Leer y escribir en Galicia 1875-1900* (1990), dedicado ao estudo da escola. En colaboración, publicaba no nº 1 da Revista *Sarmiento* "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991). Aí están tamén as achegas sobre o fenómeno da Revolución Francesa, da influencia dos *rapports* nos inicios do noso sistema educativo, non só de Condorcet, senón de Talleyrand (un verdadeiro descubrimento, que pasou silandeiro, moi en consonancia co talante de N. de Gabriel), amais dos estudos sobre os xacobinos con Le Pelletier. Editou, xunto a Antonio Viñao, o importante libro colectivo de carácter metodolóxico *La investigación histórico-educativa. Tendencias actuales* (1997). En 2005 aparecía "La historiografía regional en España". Narciso de Gabriel foi tamén un adiantado neste actual Ano da Memoria, co seu fermoso traballo sobre Arximiro Rico Trabada, "Vida e morte dun mestre republicano" (2000), que recupera do silencio a memoria do mestre nado en San Bernabé (Baleira, Lugo) vilmente asasinado na loucura da [in]civil guerra do 36. Pero é a partir de 2001, con *Escolantes e escolas de ferrado* cando comezan a chegar os premios da Crítica, Losada Diéguez e María Barbeito, así como o Concepción

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 322

Arenal, pola investigación que agora se publica. Estamos, pois, como non podía ser doutra maneira, diante dun autor e dunha obra importante.

O obxectivo deste traballo, como se di na introducción, consiste en analizar o nivel de alfabetización da sociedade galega no período contemporáneo, tomando como base principal os datos censuais, diferenciando sistematicamente os valores acadados para homes e mulleres, con grandes distancias entre eles na sociedade do seu tempo.

O libro comprende seis grandes apartados ou capítulos, ademais da bibliografía e anexo estatístico. A descrición dos cinco primeiros capítulos tórnase explicativa no sexto. No primeiro, de carácter metodolóxico, defínese o que se entende por alfabetización, revísase a súa historiografía, preséntanse fontes, problematízase o seu nivel de fiabilidade e exponse o tipo de análise á que se someten os datos. O segundo trata da evolución das taxas de alfabetización en lectura e escritura. Os valores rexistrados polas taxas netas permiten analizar o tránsito dende unha alfabetización restrinxida a outra que tende a xeneralizarse. Ofrécese, ademais, o nivel de instrución doutros grupos sociais como son os concelleiros, electores e recrutas, contrastando estes datos cos dos censos xerais de poboación.

O terceiro capítulo, se ben ofrece unha visión retrospectiva dende 1887, comprende o período 1900-1940. Por esixencia metodolóxica da análise de cohortes, restrínxese o período a estes anos. A explicación pon de manifesto a incidencia dos factores relacionados coa idade, o tempo e a cohorte no dominio da lectura e da escritura. Tense en conta tamén a influencia de variables como a mortalidade e a emigración. Ao meu modesto parecer, a análise rigurosa de cohortes, entendidas como conxunto de individuos "pertencentes a unha poboación delimitada xeograficamente ou dalgún outro modo, que experimentaron o mesmo acontecemento vital significativo dentro dun período de tempo determinado" (N.D. Glenn, *Cohort Analysis*, 1988), moi raras veces tomada en consideración na investigación sobre o dominio da lectura e da escritura, significa un dos principales valores a ter en conta nesta publicación.

O cuarto capítulo resérvase aos anos de escolarización, polo que supón a escola como principal responsable da difusión social da lectura e da escritura. Determínanse, ano a ano, as taxas de alfabetización, entre os seis e os dez anos ou por anos agrupados, as taxas de escolarización e o contraste posterior entre ambas as dúas, na procura do estudo da eficacia alfabetizadora da escola. No quinto capítulo vaise máis alá da provincia como unidade básica de análise, para adentrármonos na xeografía da alfabetización por comarcas, partidos xudiciais e municipios. O protagonismo dos cadros estatísticos anteriores dá paso agora aos mapas, magnificamente presentados, coa utilización de distintas cores, diferenciando as zonas de alfabetismo e analfabetismo.

O sexto capítulo, de carácter explicativo, pon de manifesto, en boca do propio autor, a dificultade de encontrar explicacións para a distribución xeográfica da alfabetización; mentres unhas zonas se axustan a patróns ao uso, outras apártanse abertamente deles. Fronte a estas dificultades, aspírase a ofrecer algunhas claves interpretativas. Como condicionantes da alfabetización, aparecen, claro está, cuestións referidas á institución escolar. Pero -como se afirma- habería que ir máis alá,

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 323

especificando os factores externos que condicionaron o nivel de escolarización e da alfabetización. Hai factores físicos como a orografía e as formas do asentamento da poboación no territorio (altitudes, densidade, ruralidade e dispersión). O tipo de ocupación laboral é outro dos factores, xunto coa estrutura socioeconómica e o nivel de renda. Está, ademais, o fenómeno migratorio, tan importante na Galicia finisecular e primeiros anos do século XX, máis acusado no caso dos homes. A pesar de que os datos non alcanzan nin en moito aos anteriores, habería que furgar tamén na incidencia dos factores relixiosos, como foi o caso do protestantismo en Galicia, presente nas investigacións de Benito González Raposo. Moitísimo máis importante se nos amosa o factor idiomático. Case toda a poboación rural e unha boa parte da urbana tiña como lingua propia o galego, realidade esta que a escola non tivo en consideración até datas ben recentes. Está, finalmente, o que De Gabriel engloba baixo a denominación de "entre o azar e a necesidade", poñendo de manifesto cómo unhas circunstancias favorecen máis que outras a difusión social de lectura e da escritura, anque ningunha constitúa unha condición necesaria; como nos recorda o autor, a dificultade de explicar a distribución xeográfica da alfabetización galega en virtude dunha causalide xenérica foi xa subliñada pola historiadora Ofelia Rey Castelao. Segundo N. de Gabriel, habería que realizar estudos en profundidade sobre espazos xeográficos máis reducidos, como os municipios que ofrecen sistematicamente as máis altas e más baixas taxas de alfabetización. Quedamos, pois, á espera de futuras aportacións do autor sobre este tema.

Ademais da Bibliografía, como Anexo Estatístico ofrécense tres substanciosos apéndices de carácter cuantitativo. No primeiro, en 30 cadros por grupos de idade, rexístrase a poboación, alfabetización e analfabetismo a nivel provincial, para Galicia e para o conxunto de España. No segundo anexo, os datos son por partidos xudiciais, entre 1860 e 1940. No terceiro van ordenados por concellos, tomando como referencia, ao igual que na meirande parte dos anteriores, os anos 1860, 1877, 1887, 1900, 1910, 1920, 1930 e 1940.

Estamos, xa que logo, diante dun traballo moi coidado, moi meticuloso, saturado de datos numéricos. Pero ademais dos números, o contido de carácter social, os datos sobre a alfabetización, a escolarización e a súa incidencia en fenómenos como a emigración, convírteno nun manual básico, un libro que abre un camiño, que senta unhas bases metodolóxicas de obrigada consulta, tanto no ámbito galego como dende unha perspectiva máis ampla. É de eloxiar nese sentido, a utilización do galego como lingua vehicular.

Permítanme, para rematar, a referencia ás circunstancias difíciles en que foi elaborado este texto. O acceso á lectura e á escritura é un momento máxico na vida dun neno. O libro vai dedicado a David Ricardo, seu fillo, "que xa sabía ler e escribir". Grazas, Fina e Narciso, benqueridos amigos, pola vosa fortaleza e continuada lección de vida.

Anxo Serafín Porto Ucha

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 324

Como peche deste número presentamos o Índice onomástico de autores que teñen colaborado en *Sarmiento* nas seccións de Estudos e Documentos, nos dez números publicados.

ÁLVAREZ GARCÍA, ISABEL, "A escola do Sistallo", nº 6, Documentos, 2002, páxs. 165-184.

_____ , "Pedro Álvarez, mestre en Compostela: pequena historia da Academia Comercial", nº 10, Estudos, 2006, páxs.187-192.

ÁLVAREZ LIRES, MARIA et alii, "A metodoloxía para o estudio, o ensino e a investigación científica en Frei Martín Sarmiento". Estudos, nº 2, 1998, páxs. 93-123.

_____ et alii, "O papel das matemáticas na obra de Frei Martín Sarmiento", nº 6, Estudos, 2002, páxs. 41-67.

ÁLVAREZ URÍA, FERNANDO, "La educación jesuítica en la génesis de la modernidad. En torno a las tésis de Max Weber", nº4, Estudos, 2000, páxs. 201-229.

ASCOLANI, ADRIÁN, "Historiadores e Historia educacional Argentina. Una mirada retrospectiva de su estado actual", nº 2, Estudos, 1998, páxs. 217-226.

BARREIRO RODRÍGUEZ, HERMINIO, "Sobre as orixes da educación pública contemporánea. De JJ. Rousseau a Napoleón Bonaparte: ideoloxía, nación e estado", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 181-196.

_____ , "Ideas para una reforma constitucional de la educación pública. Lorenzo Luzuriaga (1931)", nº 2, Documentos, 1998, páxs. 229-235.

_____ , "Educación popular, sistema social, sistema político", nº 3, Estudos, 1999, páxs. 7-23.

_____ , "A Institución libre de enseñanza, unha política da pedagoxía", nº 5, Estudos, 2001, páxs. 7-20.

_____ , "Unha crítica da escola desde a Universidade. Testemuños de protagonistas", nº 8, Estudos, 2004, páxs. 79-89.

_____ , "Educación pública republicana", nº 9, Estudos, 2005, páxs. 7-14.

_____ , "O fío da memoria: unha escola daquel tempo", nº 10, Estudos, 2006, páxs. 9-23.

BENSO CALVO, CARMEN, "El libro en los inicios del sistema escolar contemporáneo", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 77-109.

_____ , "Expediente de apertura de la escuela laica neutral de Orense (E.N.L.O)", nº 2, Documentos, 1998, páxs. 237-251.

_____ , "La educación popular en la obra de Eduardo Moreno López", nº 3, Estudos, 1999, páxs. 65-91.

_____ , "Notas acerca de las universidades populares en la obra de Eduardo Moreno López", nº 3, Documentos, 1999, páxs. 257-263.

_____ , "Profesores y textos en la Enseñanza Secundaria del siglo XIX", nº 5, Estudos, 2001, páxs. 99-120.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 325

_____ et alii, “A oferta escolar privada da provincia de Ourense no primeiro tercio do século XX”, nº 8, Estudos, 2004, páxs. 43-77.

_____ , “Regulamentos das escolas privadas na provincia de Ourense a principios do século XX”, nº 8, Documentos, 2004, páxs. 205-209.

_____ et alii, “A participación das mulleres ourensás no ensino secundario (1900-1930)”, nº 10, Estudos, 2006, páxs. 147-185.

_____ et alii, “Jose Ramón Fernádez-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por duas escolas galegas”, nº 10, Documentos, 2006, páxs. 271-287.

BERMEJO, MANUEL et alii, “A metodoloxía para o estudio, o ensino e a investigación científica en Frei Martín Sarmiento”. Estudos, nº 2 , 1998, páxs. 93-123.

BORRAJO, GENA, “A Escola de Doloriñas: presencia, latexo e memoria dun tempo escolar”, nº 10, Estudos, 2006, páxs. 101-111.

BUGALLO RODRÍGUEZ, ANXELA, “O ensino da historia natural no Instituto de Santiago (1850-1903). Profesorado e recursos, dependencias e influencias”, nº 3, Estudos, 1999, páxs. 205-221.

CAPELÁN REY, ANTÓN, “Contribucións a unha historia da Universidad Popular da Coruña”, nº 3, Estudos 1999, páxs. 25-64.

CID GALANTE, ROSA Mª, “A oferta escolar privada da provincia de Ourense no primeiro tercio do século XX”, nº 8, Estudos, 2004, páxs 43-77.

_____ et alii, “A participación das mulleres ourensás no ensino secundario (1900-1930)”, nº 10, Estudos, 2006, páxs. 147-185.

COSTA RICO, ANTÓN et alii, ”O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)”, nº 1, Estudos, 1997, páxs. 11-40.

_____ et alii, “O ensino primario en Ourense. Memoria anual do inspector de ensino primario Salvador de Juan y Ponsada (1904)”, nº 1, Documentos, 1997, páxs. 215-229.

_____ , “Educación e cultura literaria en Galiza (414-1483)”, nº 4, Estudos, 2000, páxs. 153-200.

_____ et alii, “Historiografía educativa de Galicia (1750-2000)”, nº 5, Estudos, 2001, páxs. 147-202.

_____ , “As ideas pedagóxicas de Martín Sarmiento como expresión do discurso educativo da Ilustración Europea”, nº 6, Estudos, 2002, páxs. 9-39.

_____ , “A ‘legalidade’ dos franquistas: os procesos de depuración. O caso do mestre Victor Fráiz Villanueva”, nº 10, Documentos, 2006, páxs. 289-296.

COTELO GUERRA, Mª DOLORES, “Apuntes para unha historia da educación de xordomudos en España”, nº 1, Estudos, 1997, páxs. 145-168.

_____ , “María Luisa Navarro de Luzuriaga. Una vida anónima en el exilio europeo (1936-1939”, nº 4, Estudos, 2000, páxs. 49-81.

CUCUZZA, HECTOR R., “Ruptura Hegemónica. Ruptura Pedagógica: “La razón de mi vida” como texto escolar durante el primer peronismo”, nº 2, Estudos, 1998, páxs. 153-179.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 326

DÁVILA BALSERA, PAULÍ, "La renovación pedagógica en el País Vasco. Segunda mitad del siglo XX", nº 9, Estudos, 2005, páxs. 85-103.

DE GABRIEL FERNÁNDEZ, NARCISO et alii, "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 11-40.

_____ et alii, "Guías e libros do mestre en España(1850-1936)", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 111-125.

_____ et alii, "O ensino primario en Ourense. Memoria anual do inspector de ensino primario Salvador de Juan y Ponsada (1904)", nº 1, Documentos, 1997, páxs. 215-229.

_____ , "Escolantes e Escolas de ferrado", nº 3, Estudos,1999, páxs. 93-132.

_____ , "Arximiro Rico : vida e morte dun mestre republicano", nº 4, Estudos, 2000, páxs. 9-38.

_____ , et alii., "Historiografía educativa de Galicia (1750-2000)", nº 5, Estudos, 2001, páxs. 147-202.

_____ , "Os Mestres de España (I)", nº 8, Documentos, 2004, páxs. 173-204.

_____ , "A historia da educación en tempos posmodernos", Sartmiento, nº 9, Estudos, 2005, páxs. 105-127.

_____ et alii, "Mestres de España (II)", nº 9, Documentos, 2005, páxs. 131-170.

DELGADO, BUENAVENTURA, "Vives, y Comenio", nº 8, Estudos, 2004, páxs. 91-102.

DIEGO PÉREZ, CARMEN, "La escuela primaria en Asturias (1937-1939)", nº 7, Estudos, 2003, páxs. 129-151.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, XOSÉ et alii, "Jose Ramón Fernádez-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por duas escolas galegas", nº 10, Documentos, 2006, páxs. 271-287.

FERNÁNDEZ SORIA, JUAN MANUEL, "Usos y dimensión moral de la memoria y el olvido en la historia de la educación", nº 10, Estudos, 2006, páxs. 25-58.

FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, JOSÉ RAMÓN, "Algúns aspectos históricos sobre a incorporación feminina á educación regulada e a normalización do formato escolar mixto en Galicia", nº 7, Estudos, páxs. 81-98.

FEU i GELIS, JORDI, "L'evolució de l'escola rural i perspectives de futur. Una panorámica sobre la política educativa", nº 4, Estudos, 2000, páxs. 83-97.

FLECHA GARCÍA, CONSUELO, "A historia da educación das mulleres no contexto dos "Estudios das Mulleres", nº 7, Estudos, 2003, páxs. 7-34.

FRAGA FERNÁNDEZ, X.A. et alii, "Os libros de texto de Ciencias Naturais(Historia Natural e Fisioloxía)utilizados en educación secundaria na segunda metade do século XIX en Galicia", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 127-144.

GARCÍA SALMERÓN, Mª DEL PILAR, "La educación durante la IIª República a la luz de los estudios de historia local (balance historiográfico)", nº 8, Estudos, 2004, páxs. 103-125.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 327

GARCÍA SUÁREZ, XENARO et alii, "O papel das matemáticas na obra de Frei Martín Sarmiento", nº 6, Estudos, 2002, páxs. 41-67.

GONZÁLEZ RAPOSO, Mª et alii, "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 11-40.

GÓMEZ VILABELLA, XOSÉ Mª, "Memoria da escola", nº 5, Documentos, páxs. 225-233.

GRADAÍLLE PERNAS, RITA, "A educación das mulleres na Galicia rural a través do testemuño de tres xeracións", nº 8, Estudos, 2004, páxs. 147-169.

IGLESIAS GALDO, ANA, "Xustiza xuvenil e perigosidade social. Unha historia do presente", nº 9, Estudos, 2005, páxs. 37-49.

IGLESIAS SALVADO, J. LUIS et alii, "Guías e libros do mestre en España(1850-1936)", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 111-125.

_____ et alii, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", nº 10, Estudos, 2006, páxs. 113-146.

_____ et alii, "Mestres de España (III)", nº 10, Documentos, 2006, páxs. 219-270.

JAMIL CURY, CARLOS R., "Ensino escolar brasileiro: desafíos e perspectivas", nº 5, Estudos, 2001, páxs. 65-75.

JUAN BORROY, VICTOR M., "Manuel Bartolomé Cossío y la cátedra de Pedagogía Superior del doctorado", nº 2, Estudos, 1998, páxs. 69-92.

_____ et alii, "Mestres de España (III)", nº 10, Documentos, 2006, páxs. 219-270.

MALHEIRO GUTIÉRREZ, XOSÉ, "As escolas de emigrantes en Galicia durante o primeiro tercio do século XX", nº 8, Estudos, 2004, páxs. 21-41.

MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, BLANCA, "A transición da alfabetización en Galicia", nº 7, Estudos, 2003, páxs. 153-175.

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, SUSANA, "Alfabetización, formación técnica e crecemento económico. Reflexións sobre a variable capital humano na obra de Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)", nº 6, Estudos, 2002, páxs. 113-133.

MONTERO SOUTO, PABLO, "Quen habita aos educadores sociais? Escenografías dos profesionais da axuda", nº 10, Estudos, 2006, páxs. 207-216.

MONTES MORENO, SOLEDAD, "Aproximación biobibliográfica y profesional a la figura de Gerardo Rodríguez García, impulsor del asociacionismo del Magisterio", nº 3, Estudos, 1999, páxs. 183-204.

NEGRÍN FAJARDO, OLEGARIO, "La depuración franquista del profesorado en los Institutos de Segunda Enseñanza de España (1937-1943). Estudio cuantitativo para Galicia", nº 10, Estudos, 2006, páxs 59-99.

NÚÑEZ MAYÁN, TERESA, "Educación especial: xénese e cuestionamento dunha doble rede educativa", nº 4, Estudos, 2000, páxs. 99-117.

OTERO URTAZA, EUGENIO, "Discurso de Victoriano Encinas no Congreso Pedagóxico de Pontevedra (1887)", nº 1, Documentos, 1997, páxs. 199-214.

_____ , "Actualidade do pensamento educativo de Manuel Bartolomé Cossío", nº 2, Estudos, 1998, páxs. 39-67.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 328

PALACIO LIS, IRENE, "Consejos a las madres": autoridad, ciencia e ideología en la construcción de la función materna. Una mirada al pasado", nº 7, Estudos, 2003, páxs. 61-79.

PARICIO TATO, Mª SILVINA, "O ensino do francés a partir dos anos setenta", nº 4, Estudos, 2000, páxs. 119-151.

PÉREZ RÚA, MANUEL et alii, "Asociacionismo de base e concellos: unha lectura diacrónica (1964-2005)", nº 10, Estudos, 2006, páxs. 193-205.

PORTO UCHA, ANGEL S., "Sobre Krausismo e institucionismo. A Universidade de Santiago, Galicia e os comezos de Institución Libre de Enseñanza", nº 2, Estudos, 1998, páxs. 7-38.

_____ , "A temática do ensino na Ilustración galega: O Plan y Método de Educación, de D. Manuel Lameyro y García", nº 7, Documentos, 2003, páxs. 207-231.

_____ , "De rexeitados a olvidados. O exilio interior dos mestres e mestras galegos depurados polo franquismo", nº 9, Estudos, 2005, páxs. 15-36.

_____ et alii, "Mestres de España (II)", nº 9, Documentos, 2005, páxs. 131-170.

_____ et alii, "Dous modelos educativos, duas escolas enfrontadas: a escola republicana e a escola nacional-católica", nº 10, Estudos, 2006, páxs. 113-146.

POSE PORTO, HECTOR M. et alii, "Asociacionismo de base e concellos: unha lectura diacrónica (1964-2005)", nº 10, Estudos, 2006, páxs. 193-205.

POZO ANDRÉS, Mª M. del, "El cine como medio de alfabetización y de educación popular. Primeras experiencias", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 59-75.

RAMOS ZAMORA, SARA, "La educación de la mujer durante la guera civil en diferentes contextos geográficos rurales y urbanos", nº 7, Estudos, 2003, páxs. 99-127.

RIVAS BARRÓS, SABELA, "A educación e a galeguización da sociedade (1900-1936)", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 169-180.

_____ et alii, "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 11-40.

_____ , "A situación da lingua galega no ensino no primeiro tercio do século XX", nº 2, Estudos, 1998, páxs. 203-215.

_____ , et alii., "Historiografía educativa de Galicia (1750-2000)", nº 5, Estudos, 2001, páxs. 147-202.

RUIVO, JOÃO, "O Ensino Superior Politécnico em Portugal nos textos: historia de uma revoluçao tranquila", nº 7, Estudos, 2003, páxs. 177-204.

RUÍZ BERRIO, JULIO, "Maestro de niños. El empleo más difícil de la República", nº 6, Estudos, 2002, páxs. 97-111.

RUMBO ARCA, BEGOÑA, "Política y Didáctica de la Educación de Adultos (1821-1939)", nº 2, Estudos, 1998, páxs. 181-202.

SAMPEDRO GARRIDO, ANA, "A pedagoxía Freinet en España nos tempos da II República", nº 3, Estudos, 1999, páxs. 133-156.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 329

_____ , "A construcción dunha orientación renovadora para a educación en España", nº 9, Estudos, 2005, páxs. 61-83.

SÁNCHEZ BELLO, ANA, "En defensa de las mujeres. Dicurso filosófico y económico-político sobre la capacidad o incapacidad natural de las mujeres para las ciencias y las artes.Vicente de el Seixo (1747-1802", nº 3, Documentos, 1999, páxs. 265-295.

SANTOS PUERTO, JOSÉ, "Una Bio-biblografía actualizada de Martín Sarmiento: Catálogo de los pliegos (...) sobre diferentes asuntos.", nº 6, Estudos, 2002, páxs. 69-95.

SANTOS RODRÍGUEZ, RAMÓN et alii, "Escolarización e alfabetización no medio rural galego. Rianxo 1900-1931", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 41-57.

SARILLE, XOSÉ MANUEL, "Arximiro Rico, luz dos humildes", nº 4, Estudos, 2000, páxs. 39-47.

SERANTES PAZOS, ARACELI, "Na búsqueda dunha xenealoxía dos Equipamentos para a Educación Ambiental de Galiza", nº 8, Estudos, 2004, páxs 7-20.

SISTO EDREIRA, RAFAEL, "As Academias literarias de Universidade de Santiago e a Academia Médica de Emulación no período 1847-1850", nº 2, Estudos, 1998, páxs. 125-152.

_____ , "As cátedras de Química e Mecánica aplicadas ás artes (Santiago,1834-1846)", nº 5, Documentos, 2001, páxs. 205-224.

SOMOZA RODRÍGUEZ, X. M. et alii, "Escolarización e alfabetización no medio rural galego. Rianxo 1900-1931", nº 1, Estudos, 1997, páxs. 41-57.

TERRÓN BAÑUELOS, AIDA, "Cien años de defensa colectiva: la dinámica societaria y sindical del magisterio español", nº 3, Estudos, 1999, páxs. 157-182.

TOJO, JOSÉ, et alii, "A metodoloxía para o estudio, o ensino e a investigación científica en Frei Martín Sarmiento", nº 2, Estudos, 1998, páxs. 93-123.

VARA COOMONTE, ANTONIO, "Karl Mannheim: La educación cívica", nº 5, Estudos, 2001, páxs. 77-98.

VARELA, JULIA, "A crise da civilización labrega. Sistema escolar e despoboación no mundo rural galego", nº 9, Estudos, 2005, páxs. 51-60.

VARGAS CALLEJAS, GERMÁN, "Memorias de los Andes. Notas sobre la educación en la cultura Inca", nº 5, Estudos, 2001, páxs. 45-64.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, ALEJANDRO, "La alfabetización de los emigrantes gallegos a América (1850-1960): luces y sombras", nº 6, Estudos, páxs. 135-161.

VIEITES GARCÍA, MANUEL F., "Procesos educativos, socialización e teatro nas culturas sen tradición escrita. Algunhas consideracións para a seu estudio", nº 5, Estudos, 2001, páxs. 121-145.

VILANOU TORRANO, CONRAD, "La recepció pedagògica de Hölderlin", nº 5, Estudos, 2001, páxs. 21-43.

VIÑAO FRAGO, ANTONIO, "Las autobiografías, memorias y diarios como fuente histórico-educativa: tipología y usos", nº 3, Estudos, 1999, páxs. 223-253.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 330

_____ , “La educación en la obra de Josefa Amar y Borbón”, nº 7, Estudos, 2003, páxs. 35-60.

YANES CABRERA, CRISTINA, “La práctica docente en los primeros institutos oficiales de segunda enseñanza”, nº 8, Estudos, 2004, páxs. 127-145.

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 331

NORMAS DE PUBLICACION

1. Os autores enviarán os seus traballos á Secretaría de Redacción, quen acusará recibo dos mesmos. A súa publicación dependerá do criterio do Consello Editor e do resultado da avaliación externa á que serán sometidos.

2. Os orixinais deberán presentarse necesariamente en soporte informático, especificándose o programa e versión do procesador de texto (preferiblemente en formato RTF, aínda que excepcionalmente tamén se poden enviar en Microsof Word 97 ou versións anteriores). Deberá adxuntarse tamén unha copia impresa con letra New York tamaño 12, con interlineado de 1,5 debidamente numerada.

3. Os autores remitirán en folla aparte os seguintes datos: nome e apelidos, enderezo completo, teléfono e, no seu caso, correo electrónico.

4. Na cabeceira de cada traballo deberán figurar os seguintes datos: título, nome e apelidos do autor/a e centro de traballo. Cando se trate dun Estudio, figurará a continuación un resumo do traballo realizado no idioma en que se redacte o texto e outro en inglés, cunha extensión máxima de 150 palabras.

5. A extensión non excederá de trinta páxinas nos Estudios, quince nos Documentos e cinco nas Novas.

6. Normalmente utilizarase o sistema cita-nota, aínda que cando a natureza do traballo o requira poderá empregarse o de autor-data. No primeiro caso as notas serán correlativas e irán a pe de páxina.

7. As referencias bibliográficas, cando se utilice o sistema cita-nota, adoptarán a seguinte forma:

   Libros: nome e apelidos do autor (por esta orde e en minúscula); título (cursiva); lugar de edición; editorial; ano de publicación; e, no seu caso, a páxina ou páxinas. Cada un destes datos separarase mediante comas.

   Artigos: nome e apelidos do autor (por esta orde e en minúscula); título (entre comiñas); denominación da revista (cursiva); volume e/ou número; ano; e páxinas. Cada un destes datos separarase mediante comas.

8. Os cadros, gráficos e ilustracións presentaranse nun arquivo específico e numeraranse correlativamente, indicándo no texto o lugar onde deben inserirse.

9. A Revista publicarase preferentemente en lingua galega, aínda que tamén está aberta a colaboracións en castelán, catalán e portugués.

10. Cada autor recibirá un exemplar da Revista e no caso dos Estudios e Documentos entregaránselle ademais vinte separatas da súa colaboración.

11. Os orixinais remitiranse ao seguinte enderezo:

    Revista Sarmiento

    Departamento de Pedagoxía e Didáctica das Ciencias Experimentais

    Facultade de Ciencias da Educación

    Campus de Elviña

    15071 A Coruña

6010268-SARMIENTO 10 INT 22/1/07 22:38 Página 132